

CURSO DE GALEGO

Margarita Chamorro
Ivonete da Silva
Xaquín Núñez

Aula de Galego 4



XUNTA DE GALICIA

Aula de Galego 4



Aula de Galego 4

Edita
XUNTA DE GALICIA. PRESIDENCIA. Secretaría Xeral de Política Lingüística

Autores
Margarita Chamorro, Ivonete da Silva, Xaquín Núñez

Coordinación editorial
Jaime Corpas

Coordinación pedagóxica e edición
Pablo Garrido

Corrección
Dina Moreira e Celia Rozas

Deseño
Enric Font

Documentación
Olga Mias

Estudio de gravación
Soundub (Santiago de Compostela), CYO Studios (Barcelona)

Locutores
Carlos Caneda, M.ª Rosa Fernández, José García, Pablo Garrido, Dina Moreira, Celia Rozas, Inmaculada Seage.

Ilustracións
Roger Zanni excepto páx. 13, 52, Óscar Domenech; páx. 17, 30, 49 (act. 4), Javier Andrada; páx. 49 (act. 3), David Revilla; páx. 101, Caraman/Dreamstime.

© Fotografías
Cuberta: Carmen Sedano/Alamy/ACI; **Unidade 1** páx. 9 Juanma Rivera Martínez; páx. 10 Mohamed Azibou, Fotógrafos Gayo, PATRICK HERTZOG/AFP/Getty Images; páx. 11 Juanma Rivera Martínez; páx. 12 papinou47/flickr; páx. 13 Xabier Martínez/flickr, ROBY FERRARI/flickr; páx. 16 Jelenko, José Antonio Gil Martínez/flickr; páx. 18 Thomas Picard/sxc.hu, Xavi Llinares/flickr, Jo Simon/flickr; páx. 19 Real Academia Galega. Arquivo; páx. 20 José Manuel Casal/La Voz de Galicia; **Unidade 2** páx. 21 Xurxo Lobato; páx. 22 Regina Gispert, Pavel Losevsky/Dreamstime, Dreamstime Agency/Dreamstime, Ron Chapple Studios/Dreamstime, Andrei Calangiu/Dreamstime, Kati Neudert/Dreamstime, Sai.chan/Dreamstime; páx. 23 Dimitrii/Dreamstime, Rafa Irusta/Dreamstime; páx. 25 Ivonete da Silva; páx. 28 Sefton Billington, Lisa Turay/Dreamstime, Chris Hodgson, Dreamstime, Yang Xiaofeng/Fotolia; páx. 29 Xurxo Lobato, Dario Alvarez/flickr; páx. 31 Javier Albertos/www.vigoenfotos.com, dorfun/flickr, www.viajeporindia.com/fickr, TURGALICIA (Castro Caldelas, Combarro, Corcubión, Muros, Pontedeume e Tui), Xurxo Lobato, José Antonio Gil Martínez/flickr, TeamGeist/flickr, Ismael Valladolid Torres/flickr; páx. 32 Albert Galiza; **Unidade 3** páx. 33 Ghislain & Marie David de Lossy/Taxi/Getty Images; páx. 34 e 35 MARCO/Enrique Touriño; páx. 36 e 37 pipo; páx. 42 Juliana Restrepo/flickr, Matt Riggott/flickr, Richard Thorp/Dreamstime, Picter, Hernan Herrero/sxc.hu, Desyree Valdiviezo/sxc.hu, Brith-Marie Warn/sxc.hu, Pam Roth/sxc.hu; páx. 43 Fundación Luis Seoane; páx. 44 Edicións Xerais de Galicia; **Unidade 4** páx. 45 Centro Dramático Galego/AGADIC; páx. 46 Luis Rosendo/Getty Images, Ediciós do Castro; páx. 47 Real Academia Galega. Arquivo; páx. 48 Editorial Galaxia, Editorial Illa Nova, A nosa terra; páx. 52 Mira Pavlakovic, Charles Blakechica, Bob Smith, Rhphoto/Fotolia; páx. 53 Edicións Xerais de Galicia/IGAEM. Xunta de Galicia; páx. 54 Editorial Galaxia, Real Academia Galega. Arquivo; páx. 55 Xurxo Lobato; páx. 56 Alalá/CRTVG; **Unidade 5** páx. 57 Alberto Paredes/Alamy/ACI; páx. 58 TURGALICIA; páx. 59 Alfonso Fontan/flickr, Damir Karan/Dreamstime, Anirudh Koul/flickr; páx. 64 Xurxo Lobato, Ginaellen/Fotolia, Guillaume Duris/Fotolia, Peter Skadberg, Danijel Micka/Dreamstime, Tomasz Trojanowski/Dreamstime; páx. 65 Roxana Gonzalez/Dreamstime, Svilen Milev; páx 67 CRTVG; páx. 68 Drx/Dreamstime.com, Fundación Carlos Casares; **Unidade 6** páx. 69 Robert Harding Picture Library Ltd/Alamy/ACI; páx. 70 Arturo Nikolai/flickr; páx. 71 Consellería de Medio Ambiente/Xunta de Galicia; páx. 72 Consellería de Medio Ambiente/Xunta de Galicia, José Antonio Gil Martínez/flickr; páx. 73 Pedro Simões/flickr; páx. 76 Dantadd; páx. 77 Dario Alvarez/flickr, Fotogranada-Jose Manuel/flickr; páx. 78 Gabriel Millos/flickr, TURGALICIA, Jason Rogers/flickr, iheup/flickr, João Alves/flickr, Luis Argerich/flickr, Hank LeClair/flickr; páx. 79 TURGALICIA, Lorena PLS/flickr; páx. 80 Editorial Galaxia, Real Academia Galega. Arquivo; **Unidade 7** páx. 81 Dorfun/flickr; páx. 82 Frederic Fahraeus/Dreamstime, Alfonso Fontan/flickr; páx. 83 Bill Davenport; páx. 84 Xabier Martínez/flickr; páx. 89 Henk Leerssen (wwwpsysom.nl), Jorge Felix Costa/Dreamstime, Stuart Gray, Raul Comino Caballero/Fotolia; páx. 90 Juan Freire/flickr, J. Alberto/flickr, Cristina/flickr; páx. 91 Carlos Puga/Adega Condes de Albarei; páx. 92 Rafa Villar, Henrique Neira, William Warby/flickr; **Unidade 8** páx. 93 Chris Craymer/Stone +/Getty Images; páx. 94 Dreamstime, Jesús Lista Neira, Marcelo Brito Filho, Edward Webb/flickr; páx. 95 Nara Vieira da Silva Osga, Tanya Weliky/Dreamstime, Jose Antonio Nicoli/Dreamstime, Flavia Bottazzini/ Dreamstime; páx. 96 Christy Thompson (justmacros.com); páx. 100 Andrés Rodríguez/Dreamstime, William Stall; páx. 102 Zsolt Nyulaszi/Dreamstime; páx. 103 Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Xurxo Lobato; páx. 104 Editorial Galaxia, Xurxo Lobato; **Máis exercicios** páx. 105 Bryan Gosline/flickr; páx. 107 Juanma Rivera Martínez; páx. 112 MARCO/Enrique Touriño; páx. 113 Elena Elisseeva/Dreamstime, Olga Abolinya, Phil Date/Dreamstime, Tadija Savic/Dreamstime, Rui Vale de Sousa/Dreamstime, Martin Garnham/Dreamstime, Andres Rodriguez/Dreamstime, Jason Stitt/Dreamstime, James Blanco/sxc.hu, Vinicius Tupinamba/Dreamstime, Dreamstime; páx. 126 Rob Marmion/Dreamstime, Miroslav Tomasovic/Dreamstime; páx. 128 Christy Thompson (justmacros.com); **Resumo gramatical** páx. 129 Ivonete da Silva; páx. 153 Margarita Chamorro; **Nivel C1 en lingua galega** páx. 161 pipo; **Transcricións** páx. 165 fffriendly/flickr.

Agradecementos
Javier Albertos/www.vigoenfotos.com; Marilar Aleixandre; Celia Alegre Maceira; Carlos Alonso; Arquivo Histórico Provincial de Lugo; Manuel Bragado Rodríguez/Edicións Xerais de Galicia; Carlos Caneda; Mar Carnero, Margarita Álvarez, Diario Cultural/CRTVG; Centro Cultural de Valadares; Jorge Corcuera; Nélida Cosme/Real Academia Galega (RAG); Cursos Internacionais da Universidade de Santiago de Compostela; Isaac Díaz Pardo; M.ª Carmen Domínguez; Galería Sargadelos Barcelona; Marcos García; Ánxeles González Porto; Elisa Gómez; Marta Horjales/Asociación de Actores e Actrices de Galicia; María Lema e Soly Patricio/*La Voz de Galicia*; Juan Carlos González; Jesús Lista Neira; Marisol López Martínez; Francisco Juan Martínez Sagredo; Carmela Montero/Fundación Luis Seoane; Xosé Neira Vilas; Cándido Pazos/TURGALICIA; Helena Núñez; María Victoria Penas Murias; Carmen Rodríguez Pérez; Ana Rosales/AGADIC; M.ª Cristina Rubal González; Euloxio Ruibal; José Sabarís Casal; Xan Sabarís Sardón; Pilar Sampil e Alba Pernas/Editorial Galaxia; Inmaculada Seage Freire; Nuria de la Torre Sayáns/Adega Condes de Albarei; Marta Viana/MARCO; Xosé Luís Vila Fariña; Rafa Villar.

Este curso está baseado nunha concepción didáctica e metodolóxica da perspectiva orientada á acción, desenvolvida polos creadores do manual AULA de Difusión, Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L.

ISBN: 978-84-453-4666-2
Depósito legal: B-47250-08
Impreso en España por Novoprint



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

difusión
Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S. L.



CURSO DE GALEGO

Margarita Chamorro
Ivonete da Silva
Xaquín Núñez

Aula de Galego 4



O Proxecto **Aula de galego** nace da constatación de que non existe ningún material que responda adecuadamente ás necesidades expostas nos distintos cursos de galego que se levan a cabo na actualidade dentro e fóra de Galicia: tanto os preparatorios para os distintos niveis do Celga como os que ofrecen as distintas universidades do mundo onde hai un lectorado de galego.

O resultado desta falta de materiais específicos motivou ata agora unha situación que todos coñecemos: en cada centro ou curso os profesores foron sorteando as dificultades da carencia dun bo manual con materiais propios ou con material adaptado. Ningunha das solucións contenta o alumnado nin o profesorado, os cales, cando se lles pregunta, declaran abertamente que prefiren a coherencia e seguridade que confire un manual ben deseñado.

Desta situación xorde a idea de publicar **Aula de galego**. Un equipo de autores, con ampla experiencia no deseño de materiais didácticos, asesorados por expertos e colegas de diversos ámbitos do ensino da lingua que lles axudaron a ter unha visión de conxunto das características e das necesidades dos cursos de galego, abordaron a elaboración de **Aula de galego** co obxectivo de lles dar resposta ás esixencias deste sector, en particular atendendo aos seguintes aspectos:

Desde o punto de vista da organización do material

– En moitos casos, debido á oficialidade dos certificados e a non obrigatoriedade na asistencia ás clases, permítese a incorporación de novos alumnos cando xa se realizaron algunhas sesións, de forma que non todos os alumnos permanecen o mesmo número de semanas no curso.

– Na maioría dos manuais para a aprendizaxe do galego existentes ata agora, as unidades didácticas teñen un enfoque basicamente estrutural e abordan un contido pouco variado, tanto dende o punto de vista lingüístico, como do temático e do cultural.

– O material debe estar estruturado de tal maneira que facilite o labor de coordinación dos diferentes profesores a cargo dun mesmo curso.

– O material **Aula de galego** procura contribuír como un elemento normalizador do galego estándar, sen por iso sacrificar o emprego de materiais auténticos, adaptados ás necesidades comunicativas do alumnado.

Respecto á programación

Como en calquera contexto de aprendizaxe, nas distintas modalidades dos cursos de galego a presentación e a exercitación de novos contidos debe adecuarse ás expectativas e ás necesidades do alumnado. O material debe, polo tanto, articularse para gardar un coidado equilibrio entre as propostas novas que presenta cada unidade así como o reforzo e afianzamento de aspectos lingüísticos e comunicativos xa abordados en unidades ou niveis anteriores.

De igual xeito, a orientación das unidades pretende ser funcional para o heteroxéneo grupo de alumnos que van utilizar **Aula de galego**: tanto para aqueles que se encontran en situación de inmersión, como para os que acceden a través dun curso fóra de Galicia e, asemade, para os que teñen o galego como lingua propia ou ambiental. Pártese, polo tanto, do coñecemento da realidade sociolingüística do galego e da pretensión de lles dar resposta tamén ás necesidades daqueles galegos que queren consolidar a súa competencia lingüística no uso do galego estándar.

Respecto ás características metodolóxicas do material

– Nos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga, máis que en calquera outro tipo de cursos, precísase un traballo especialmente compensado entre a práctica de destrezas comunicativas e a reflexión gramatical.

– Unha carga horaria como a dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga reclama, ademais, un material que teña moi en conta a inevitable tensión que viven profesorado e alumnado neste tipo de cursos: as actividades deben ser moi variadas tanto nos seus contidos como nas dinámicas de aula que propician. As destrezas implicadas en cada actividade e os procesos cognitivos que impulsan deben estar habilmente combinados para que cada día de traballo resulte un todo coherente e equilibrado: debe haber momentos para o lúdico e tempo para a reflexión, actividades en grupos e tarefas individuais, atención a aspectos formais e interacción significativa entre os membros do grupo, tempo para o estudo e para a práctica da lingua, e materiais para o descubrimento da cultura.

Aula de galego concibiuse como un material axustado á estrutura horaria dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga e ás expectativas e ás necesidades dun alumnado que realiza estancias breves en Galicia, podendo aínda adaptarse perfectamente aos diversos contextos e realidades do alumnado que estuda galego a través dos programas de lectorado.

Cada nivel cobre arredor de 75 horas lectivas (incluíndo actividades complementarias e avaliacións) e preséntase en forma dun só volume, cunha serie de unidades didácticas estruturadas do seguinte modo:




portadiña

Na primeira páxina de cada unidade atópanse o título desta e unha imaxe que gardan relación cos contidos que se van aprender. Eses dous elementos permiten realizar actividades introdutorias para mobilizar os coñecementos previos dos estudantes. Ademais, indícase cal vai ser a tarefa final da unidade, así como os contidos lingüísticos necesarios para levala a cabo.



comprender

Preséntanse textos e documentos moi variados que contextualizan os contidos lingüísticos e comunicativos básicos da unidade, fronte aos que os alumnos desenvolven fundamentalmente actividades de comprensión.




explorar e reflectir

No segundo bloque o alumnado realiza un traballo de observación da lingua a partir de novas mostras ou de pequenos corpus. Trátase de ofrecer un novo soporte para a tradicional clase de gramática, co que os alumnos, dirixidos polo material e polo profesor, descobren de modo indutivo o funcionamento da lingua nos seus diversos niveis (morfolóxico, léxico, sintáctico, funcional, discursivo…). É dicir, trátase de ofrecer ferramentas alternativas para potenciar e para activar o coñecemento explícito de regras.



consultar

Ofrécense dúas páxinas nas que se presentan esquemas gramaticais e funcionais a modo de cadros de consulta. Con eles, perseguiuse ante todo a claridade, sen renunciar a unha aproximación comunicativa e de uso á gramática.





practicar e comunicar

Este bloque está dedicado á práctica lingüística e comunicativa. Inclúe propostas de traballo moi variadas, pero que sempre consideran a significatividade e a implicación do alumno no seu uso da lingua.

Nunha primeira parte, o obxectivo é experimentar o funcionamento de regras en actividades que focalizan unha ou outra forma lingüística no que poderiamos chamar “microtarefas comunicativas”.

Na segunda parte desta sección, propóñense tarefas cuxo obxectivo é exercitar verdadeiros procesos de comunicación no seo do grupo, que implican diversas destrezas e que se concretan nun produto final escrito ou oral (unha escenificación, un póster, a resolución negociada a un problema etc.).

Cabe resaltar as novas propostas comunicativas que encontramos nesta parte do manual, baseadas na experiencia do alumno nun contexto galego-falante: as súas observacións, a súa percepción do contorno convértense en material de reflexión intercultural e nun potente estímulo para a interacción comunicativa dentro do grupo-clase.







cultura

Inclúe materiais (textos informativos, imaxes…) que lle axudan ao alumno a achegarse e comprender mellor a realidade cotiá e cultural galega. Dentro desta sección, na última páxina de cada unidade, ofrécense polo xeral textos de diferentes épocas cos que se pretende achegar o estudantado á produción literaria* en galego.

* Os textos literarios reproducidos nesta sección (e noutras do libro na que puntualmente aparecen) non sempre reflicten a normativa actual do galego. Só nos casos de *A fiestra valdeira* (Rafael Dieste) e *Zardigot* (Euloxio R. Ruibal) se realizou unha adaptación ás normas actuais.





Alén diso, o libro complétase coas seguintes seccións:


máis exercicios

UNIDADE 6

Lugares con encanto

Máis exercicios

Propóñense novas actividades de práctica formal que estimulan a reflexión e a fixación dos aspectos lingüísticos presentados na unidade, deseñadas de modo que o alumnado as poida realizar de forma autónoma, aínda que tamén poden ser utilizadas na clase a modo de recapitulación de aspectos gramaticais e léxicos da secuencia.


resumo gramatical


resumo gramatical

Conxugación verbal

Resumo gramatical

Ademais da sección de gramática incluída en cada unidade, o libro conta cunha sección que aborda brevemente, pero de forma máis detallada, os contidos gramaticais das diferentes unidades, aínda que se poida precisar do apoio do profesor para aclarar algúns aspectos.


Nivel C1 en lingua galega

Habilidades e contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

Nivel C1 en lingua galega

Ofrécese unha descrición por competencias do nivel C1, segundo o establecido no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponde coas esixencias do Celga 4.


transcricións

UNIDADE 1

E foi así como cho conto...

2. UNHA MARCA NEGRA

6. QUE EXPERIENCIA!

Transcricións

Por último, proporciónanse as transcricións de todo o material auditivo que se atopa no CD que acompaña o libro.

Con **Aula de galego** pretendemos encher un baleiro evidente cun material dúctil pero coherente; actual dende o punto de vista das novas tendencias metodolóxicas, pero, ao mesmo tempo fácil de usar e rico, pero non complexo. É un material que lles dedicamos a todos os colegas que realizan esa apaixonante, e ás veces non sempre suficientemente valorada, tarefa de ensinar a lingua galega dentro e fóra de Galicia.

índice



UNIDADE 1

E foi así como cho conto…

Nesta unidade imos escribir a crónica dun acontecemento. Para iso, imos aprender:

◆ *marcadores e construcións temporais: **xusto nese momento**/**estar a punto de**/**entón*** ◆ *o copretérito xornalístico* ◆ *usos do imperfecto de subxuntivo* ◆ *a combinar tempos do pasado* ◆ *a comprender e referir eventos pasados* ◆ *a transmitir peticións e advertencias* ◆ *a colocación do adxectivo* ◆ *vocabulario do ámbito das crónicas (musicais, deportivas, xornalísticas, de sociedade...) nos medios de comunicación*

1. CRÓNICAS

A. Mira as fotografías que acompañan os seguintes textos aparecidos hai uns anos en diferentes tipos de prensa. Coñeces as persoas que aparecen? En grupos de tres, poñede en común a información que tendes.

- O xogador do Depor é Makaay. Aínda me lembro de ver ese partido pola televisión...

O gaiteiro Xosé Manuel Budiño abarrotou onte pola noite o teatro Bambalinas de Bos Aires e deleitou, cos seus éxitos máis coñecidos e coas composicións do seu último disco, *Zume de terra*, a colectividade galega de Arxentina que se congregou no teatro porteño. Máis de 600 persoas conmemoraron o Día das Letras Galegas e para Budiño, segundo declarou, foi unha noite especial por poder tocar diante da súa familia emigrada.

O músico do Morrazo deleitou coa fusión de sons e coa súa innovadora proposta musical: a gaita, a pandeireta, o ordenador, o baixo e a percusión electrónica uníronse para ofrecer a súa atractiva proposta da música tradicional, mesturada con achegas de sons de todo o mundo, como Cabo Verde, Brasil ou Escocia.

Pero a noite deparou tamén grandes emocións, xa que entre os asistentes estaba o octoxenario gaiteiro Cesáreo Rodríguez Varela, un padronés que foi profesor da meirande parte dos músicos galegos de Bos Aires. Un emocionado Rodríguez Varela recibiu o merecido recoñecemento e, malia as bágoas, non deixou de tocar a dúo co moañés a "Muiñeira de Chantada". O auditorio, para entón, xa estaba entregado e rematou bailando o certame a son de muiñeira.



....



A Coruña foi testemuña da XII edición dos premios de teatro galego María Casares do 2008, nunha cerimonia moi especial, xa que, ademais, se conmemorou o 30.º aniversario do teatro profesional galego. O espectáculo comezou ás portas do Teatro Rosalía de Castro: cunha escenografía hollywoodiense, por unha alfombra vermella pasaban os candidatos aos premios, que foron chegando en pequenos grupos e a bordo dunha quilométrica limusina branca, mentres unha charanga amenizaba o percorrido.

Dentro da maxia teatral da noite, a obra *Noite de Reis. Ou o que queirades*, representada polo Centro Dramático Galego (CDG), acaparou gran parte da atención, xa que conseguiu catro premios: mellor escenografía, mellor espectáculo, mellor director e mellor actor secundario. O seu director, Quico Cadaval, días antes da cerimonia xa adiantara, ante a posibilidade de seren premiados, a ilusión por ser este un recoñecemento que proviña dos propios profesionais do teatro.

Foron precisamente os profesionais do teatro os grandes protagonistas da noite. "O teatro galego está maduro, está vivo", proclamou a actriz Mabel Rivera durante a gala, con continuas homenaxes a todos os oficios das artes escénicas, con pequenas representacións de danza, canto e música en directo, entre as que houbo amais oco para mensaxes reivindicativas como a morte do teatro en Palestina, unha das máis aplaudidas de toda a noite.

O escritor Suso de Toro, autor do manifesto co gallo do 30.º aniversario do teatro galego profesional, puxo un colofón de ouro, reivindicando a dignidade da profesión: "Non deixedes nunca de brincar como rapaces, de anoxar os malvados e de usar as máscaras para desenmascarar os impostores".

Deportivo 4
PSG 3



As noites máxicas e heroicas volveron a Riazor e o Deportivo engrandeceu de novo a lenda deste estadio. O Depor remontou onte un 0-3 que o deixaba fóra da Liga de Campións, tirando de orgullo e liderado por un maxistral Pandiani. Comezou o partido segundo o guión previsto e, así, o PSG fixo o xogo que máis lle conviña: con tres contragolpes conseguiu outros tres tantos na portaría coruñesa. O Dépor non daba crédito e tampouco merecía este castigo, xa que desde o primeiro minuto impuxera o seu dominio. Pero nin o xogo de bandas nin as ocasións de Víctor, Makaay e Fran obtiveron os froitos esperados. O PSG defendía con todo e saía rapidamente á contra. Así chegou o primeiro gol, nun disparo do nixeriano Okocha dende lonxe. E logo Leroy aínda perforaría dúas veces máis a meta de Molina. Pero desde o banco local chegou a revolución e a solución do Dépor, cando máis baixos estaban os ánimos. Entrou Pandiani e púxolle fin ao dominio estéril do equipo local. Por fin o balón quixo entrar cando o uruguaio cabeceou maxistralmente un centro de Manuel Pablo, que fixo que as bancadas comezasen a soñar. Deseguido, case sen dar tempo a sacar de centro, Tristán facía o propio e enviaba o balón á rede, tamén cun remate coa testa. O Dépor finalmente comezou a crer no milagre e o PSG a asustarse, temendo o que podía pasar. De xeito que o bombardeo seguiu polas bandas e o *Rifle* Pandiani, facendo honra ao seu alcume, conseguiu dous tantos máis, o último case co partido a piques de finalizar. O charrúa logrou a fazaña de inverter o resultado, Riazor toleou e o Dépor lograba unha remontada decisiva e inesquecible.

B. Lede as crónicas e, en parellas, inventade un posible titular para cada unha.

C. Decide cal das seguintes frases podería cerrar cada un dos textos anteriores.


- ☐ 1. Noite festiva, noite reivindicativa.
- ☐ 2. Un auténtico colofón de ouro, un regalo impagable.
- ☐ 3. Emoción e espectáculo ata o final.

2. UNHA MAREA NEGRA

A. Lembras algún desastre ecolóxico? Que pasou? Cando ocorreu? Entre varios compañeiros, comentade os feitos.

- *Eu lembro o afundimento do Casón nas costas de Fisterra...*

B. A que asocias o termo "marea negra"? Le estas dúas crónicas relacionadas co naufraxio do petroleiro *Prestige* en 2002 e subliña as informacións clave.



DESASTRE ECOLÓXICO EN GALICIA

O litoral galego contaminado por máis de 70 000 toneladas de chapapote tras o naufraxio do Prestige

Os galegos lembran cada 19 de novembro con enorme tristeza, pois aquel día afundiuse un petroleiro, o *Prestige*, nas difíciles augas da Costa da Morte. Naquela xornada, despois de sete días de navegación errática, o buque desapareceu baixo as augas e nese punto comezou un drama ecolóxico considerado como a maior catástrofe sucedida en Galicia.

O petroleiro, máis longo que dous campos de fútbol, transportaba 77 000 toneladas de chapapote pesado desde San Petersburgo ata un destino sen determinar, porque a carga fora vendida. Era un buque vello, de dubidosa reputación, con propietarios pouco claros. O *Prestige* era, polo tanto, unha curiosa mestura das moitas deficiencias que se dan no transporte marítimo.

O barco atopouse cunha tormenta cerca das costas de Fisterra e ás 15:15 do mércores 13 de novembro saltaron as alarmas: o capitán lanzou un SOS cando, tras escoitar un golpe, o barco comezou a inclinarse rapidamente. A partir dese momento puxéronse en marcha todos os mecanismos para a acción de salvamento. Non obstante, o accidente converteuse nun desastre.

A decisión das autoridades foi inmediata e non admitiu réplica: o buque debía ser afastado cara a dentro do mar para evitar a ameaza da marea negra. Non se tomou en conta outra posible decisión. Nun principio, o capitán resistiuse a que o buque fose remolcado, pero finalmente conseguiron arrancar de novo as máquinas e entre varios remolcadores e un helicóptero levárono cara a dentro do mar. Mentres se afastaba, deixaba tras si unha enorme estela de fuel. Afastado e, posteriormente, afundido, o Goberno creu despexado todo o perigo de contaminación. Pero non foi así. As costas galegas apareceron manchadas de chapapote e xurdiu a ira popular. Circularon por todo o mundo as escenas dos pescadores que loitaban contra a marea negra coas súas propias mans, unha imaxe impropia dun país industrializado. A costa ficou tinxida de negro.

A MAREA BRANCA

Limpeza. A "onda branca" estendeuse por todo o litoral galego

De súpeto, as praias e as rochas escurecéronse pola substancia escura vertida polo petroleiro. E con ela a conciencia internacional, pola ampla dimensión mediática que o desastre estaba a ter e, por suposto, o ánimo dos galegos que vían como o fuel óleo, coñecido popularmente como "chapapote", pasaba a ser un macabro compañeiro de viaxe da flora e fauna galegas. Pero fronte ao desánimo e á marea negra xurdiu a "marea branca", que é como se denominou a onda de solidariedade de todos os voluntarios que acudiron a limpar as costas galegas. Así chamada pola cor do uniforme branco que lles proporcionaron aos centos e centos de voluntarios, a marea branca foi o principal dique contra a contaminación. Os voluntarios foron chegando dende os lugares máis diversos: dende os concellos limítrofes ata os puntos xeográficos máis insospeitados, e contribuíron nos labores de limpeza man a man cos mariñeiros galegos. A campaña foi un éxito, tanto que se recuperaron as zonas afectadas, incluso de mareas anteriores, e un ano máis tarde Galicia contaba xa con máis bandeiras azuis nas súas praias que antes.

Nun principio o goberno calculou que só se verteran 17.000 toneladas de fuel óleo e que o resto se conxelaría no fondo do mar. Pero as previsións fallaron e a perda de combustible foi constante, calcúlase que o 80% das 77.000 toneladas que tiña o buque chegaron á costa galega. A tardanza das autoridades en adoptar decisións e o erro nas previsións motivaron as protestas cidadás e a aparición da plataforma Nunca Máis, creada para pedir responsabilidades políticas.

Pero, pouco a pouco, Galicia foi saíndo do pesadelo grazas á marea branca, que neutralizou a negra e quedou inmortalizada na memoria colectiva como un exemplo de solidariedade e de conciencia ecolóxica.





C. Escoita as testemuñas de dúas persoas que viviron de cerca a catástrofe: un xornalista e unha voluntaria. Que nova información engaden que che pareza relevante?

D. Con todos os datos que tes, que opinas ti da catástrofe? E da reacción dos voluntarios? Participaches nas tarefas de limpeza das costas galegas ou nalgunha outra acción de recuperación dunha zona devastada?

- *Eu teño colaborado a miúdo en apagar os lumes preto da casa onde vivo...*

3. FESTA MARÍTIMA

A. A partir do seguinte texto sobre a Festa Marítima de Brest vas coñecer algunhas das semellanzas entre Galicia e a Bretaña francesa. Antes de lelo, en que cres que consisten? Coñeces algunha información sobre a cidade de Brest?

B. A crónica sobre a Festa Marítima Internacional de Brest foi redactada por un xornalista novo sen experiencia. O redactor xefe subliñoulle algúns aspectos que necesitaban ser modificados. En grupos, discutide os criterios que levaron o redactor xefe a subliñar as palabras.

Festa marítima do noroeste europeo



Barcos croatas, irlandeses, bretóns e, como non, galegos déronse cita na Festa Martítima Internacional de Brest. Na Festa Marítima Internacional de Brest citáronse máis de 2.000 barcos de 30 países e 15.000 mariñeiros, alí houbo tamén 25 barcos galegos. O día da tripulación galega foi o 16 de xullo, día do Carme, patroa do mar. Este festival amosa a conexión entre as terras bretoas e galegas polos lazos mariñeiros e históricos que unen a Galicia e Bretaña: unha lingua propia, a actividade mariñeira e as dúas fisterras que integran Galicia e Bretaña son algúns dos elementos que comparten.

En definitiva, Brest foi centro de confluencia da cultura marítima galega, dos mariñeiros máis novos cos máis veteranos, os cales ergueron unha dorna que un carpinteiro de ribeira construíu no "Village Galicia": un espazo de 1.500 metros cadrados, cinco carpas e dúas oficinas que o festival reservou para a delegación galega. **Nin que dicir ten** que a presentación da dorna foi un dos feitos máis aplaudidos en terras bretoas.

Pero o acontecido neste festival non pretendía ser un acontecemento illado, **senón que** a Consellería de Cultura e a Federación Galega pola Cultura Marítima puxeron en marcha un programa de colaboración **para** promover o noso patrimonio marítimo mediante a presenza de Galicia no festival.

Pero as persoas que non se desprazaron ata Brest tamén puideron ver as actividades que se desenvolveron alí, xa que o Museo do Mar de Galicia en Vigo acolleu en días previos ao Festival de Brest un adianto das actividades que ían representar a Galicia, ademais dunha presentación das tripulacións propias do noso país. O Museo do Mar de Galicia ofreceu, **por tanto**, un repaso pola historia marítima de Galicia dende o século XVI ata os nosos días: as artes de pesca, os sistemas de extracción, as embarcacións e as técnicas de conservación e comercialización. **Pero** o museo pretende presentar o mar como unha fonte de vida e de riqueza**, xa que** o que se pretende en Brest non é presentar un patrimonio morto, senón dinámico e vivo, **de maneira que** a pesca tradicional en Galicia se perciba como un elemento vivo da nosa cultura, **xa que** nunca chegou a desaparecer.

C. Tenta agora refacelo substituíndo os elementos subliñados polas expresións do seguinte cadro.

a cidade bretoa	no certame
mostrar	aclamados
a exposición	navíos
encontro	das mostras
tenta	entre os cales
embarcacións do noso país	da nosa terra
a organización	ambos os territorios
reuníronse	evento

D. Fíxate tamén nas palabras que están en grosa e que serven para enlazar as ideas do texto. Tenta de novo substituílas polas seguintes.

por suposto	pois
co fin de	de xeito que
así e todo	dado que
porén	por conseguinte
posto que	non obstante
en suma	

4. MENSAXES NUNHA BOTELLA

A. Hai dúas semanas, os concursantes do programa *A illa* enviaron unha serie de mensaxes nas que pedían algunhas cousas para afrontar os tres meses que van pasar nunha illa deserta. Onte chegou todo o que pediran. En parellas, mirade a ilustración e escribide nun papel tres das peticións razoadas. Empregade verbos como **mandar**, **traer**, **enviar**...

Por favor, traédenos unha placa solar, que así poderemos utilizar algún aparello eléctrico...



B. Agora, pasádelle o papel a outra parella, que lle contará ao resto da clase as peticións e as razóns que argumentastes. Todos pensastes as mesmas?

- *Pediron que lles levasen unha placa solar para poder utilizar aparellos eléctricos.*

C. E ti? Que pedirías nesa situación? Envíalle tres mensaxes a un compañeiro, que llas referirá ao resto da clase.

5. A ESAS ALTURAS

Nos textos que narran acontecementos, xeralmente empréganse expresións para referirse á data ou ao momento no que sucederon. Nos seguintes textos, subliña os elementos que fan referencia a momentos xa mencionados.



O 30 de xullo, sobre as 18 h, o corpo de bombeiros de Santiago recibiu unha chamada de alarma: minutos antes detectárase un incendio nunha localidade veciña. Os bombeiros forestais chegaron ao lugar en menos dunha hora, pero, a esas alturas, o lume xa alcanzara a zona de eucaliptos da ladeira sur. A partir dese momento, todas as tentativas de veciños e brigadas antiincendios por controlar o lume foron inútiles e as chamas continuaron estendéndose imparables pola rexión durante todo o día.



O 15 novembro converteuse nun día inesquecible para a xente daquela vila. Aquel día produciuse un dos maiores espectáculos pirotécnicos xamais vistos e todos estaban contentos e orgullosos da comisión de festas. Daquela, aínda vivía alí don Sebastián Varela, que subiu ao escenario para congratular os organizadores. O vento e a chuvia, característicos dese período, non foron suficientes para impedir que os moradores de Paradela deixasen a súa casa e gozasen daquela xornada de festa.

O imperfecto de subxuntivo

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	andase	bebese	vivise
(ti)	andases	bebeses	vivises
(el/ela/vostede)	andase	bebese	vivise
(nós)	andásemos	bebésemos	vivísemos
(vós)	andásedes	bebésedes	vivísedes
(eles/elas/vostedes)	andasen	bebesen	vivisen

Algúns verbos irregulares:

ESTAR	DICIR	FACER	IR/SER	PÓR/POÑER
estivese	dixese	fixese	fose	puxese
estiveses	dixeses	fixeses	foses	puxeses
estivese	dixese	fixese	fose	puxese
estivésemos	dixésemos	fixésemos	fósemos	puxésemos
estivésedes	dixésedes	fixésedes	fósedes	puxésedes
estivesen	dixesen	fixesen	fosen	puxesen

Discurso referido

Nas narracións de sucesos, con frecuencia incluímos frases que dixeron as persoas relacionadas cos feitos.

- *Perdéronse pola montaña, pero, por sorte, conseguiron chamar polo móbil* ***e pediron que*** *os* ***fosen*** *rescatar.*

Nos relatos de feitos pasados, as peticións, instrucións, invitacións etc. adoitan referirse en imperfecto de subxuntivo.

- *Atención: desaloxen o edificio inmediatamente.*
  ➔ *A xefa da brigada de bombeiros* ***ordenou que se desaloxase*** *o edificio.*

- *Queremos que se respecten os horarios pactados.*
  ➔ *Os traballadores* ***reclamaron que se respectasen*** *os horarios pactados.*

Tamén utilizamos o imperfecto de subxuntivo no estilo indirecto para referir accións pasadas que no seu momento estaban nun plano futuro.

- *Protestarei ata que se* ***resolva*** *esta situación.*
- *Ameazou que protestaría ata que se* ***resolvese*** *a situación.*

❗ As desinencias do imperfecto do subxuntivo son -**ase**, -**ese** e -**ise**, para as conxugacións -**ar**, -**er** e -**ir**, respectivamente. As formas terminadas en -**ara**, -**era** e -**ira** corresponden ás conxugacións do antepretérito de indicativo e tamén se empregan no discurso indirecto, pero non nos contextos mencionados anteriormente para o imperfecto de subxuntivo.

- *Non fun seleccionado para a obra.*
  ➔ *Pedro* ***dixo que non fora*** *seleccionado para a obra.*

Cando transmitimos o dito por alguén, non adoitamos repetir exactamente as súas mesmas palabras, senón que comunicamos o esencial da mensaxe.

Enunciado orixinal	Discurso referido
• Cómprasme o xornal?	
• Podes comprarme o xornal?	Pediume **que**
• Cómprame o xornal, por favor.	lle **comprase**
• Necesito que me compres o xornal.	o xornal.
• Importaríache comprarme o xornal?	



Nos máis diversos textos, para introducir as palabras doutras persoas, adóitanse empregar diferentes verbos para evitar a repetición do verbo **dicir**.

expoñer	afirmar	insistir	recoñecer
precisar	declarar	expresar	rexeitar
manifestar	destacar	negar	asegurar

- *O director da empresa afirmou que* ***tiveran*** *uns resultados excelentes.*

Numerosos elementos deben cambiar cando o contexto espazo-temporal é diferente do momento no que se dixo o texto orixinal.

- ***Vinde*** *sobre as nove e media.*
- ○ *Pediunos que* ***fósemos*** *sobre as nove e media.*
- ***Traede*** *algo para beber.* ***Eu poño*** *a sobremesa.*
- ○ *Pediunos que* ***levásemos*** *as bebidas, que* ***el poñería/puña*** *a sobremesa.*
- *Gústache vivir* ***aquí****?*
- ○ *Preguntoulle se lle gustaba vivir* ***alí****.*

O copretérito xornalístico

O copretérito xornalístico consiste nun emprego dese tempo con accións que normalmente se expresarían en pretérito. A intención do xornalista ao empregalo é a de mostrar o feito dende unha perspectiva máis próxima, mostrándolle ao interlocutor o transcurso do feito que describe, como se o puidese ver.

- *No minuto 78 Nelinho* ***marcaba*** *o gol que aseguraba a vitoria do seu equipo.*

O mesmo feito podería ser descrito co pretérito, pero así xa non habería a implicación de aproximar o interlocutor ao proceso do feito descrito, senón que sería presentado desde fóra, como algo acabado e completo.

- *No minuto 78 Neliño **marcou** o gol que aseguraba a vitoria do seu equipo.*

Colocación dos adxectivos

Os adxectivos poden colocarse antes ou despois do substantivo. Cando aparecen despois, teñen unha función especificativa, é dicir, serven para diferenciar un substantivo doutro.

- *A condesa levaba unha saia negra.*
  (= non levaba unha saia vermella nin branca...)

Nun rexistro culto, é frecuente colocar adxectivos cualificativos antes do substantivo.

Un **excelente gol** de Raúl
O **exquisito gusto** da deseñadora venezolana
A súa **impresionante forza** no escenario

Algúns adxectivos non poden colocarse antes dun substantivo.

un dicionario **bilingüe** ~~un **bilingüe** dicionario~~
(referímonos a un tipo de dicionario)
a auga **mineral** ~~a **mineral** auga~~
(referímonos a un tipo de auga)

Os adxectivos que indican orixe ou procedencia tampouco poden antepoñerse ao substantivo.

un escritor **español** ~~un **español** escritor~~
o queixo **manchego** ~~o **manchego** queixo~~

Algúns adxectivos teñen significados distintos segundo se coloquen antes ou despois do substantivo.

*o **pobre** home* (= desgrazado)
*o home **pobre*** (= sen cartos)
*unha **boa** amiga* (= moi amiga)
*unha amiga **boa*** (= boa persoa)

Algúns adxectivos cambian de forma segundo a súa posición respecto ao substantivo:

Antes	Despois
gran*	**grande**
mal	**malo**

* Só diante de substantivos en singular que comezan por consoante.


un gran queixo


un queixo grande

Seica e disque

Son elementos moi característicos do discurso oral. Xeralmente empréganse cando o falante enuncia unha información sen responsabilizarse dela, presentándoa como algo referido por outros.

***Disque** este ano van subir os impostos municipais.*
***Seica** o deixou a muller.*

Precisar cando sucede unha acción

Xusto naquel momento/Xusto ese día...
Xusto ofrécelles un sentido de maior precisión a outros indicadores de tempo.

- *Deime de conta de que non tiña as chaves.*
- *Naquel momento deime de conta de que non tiña as chaves.*
- ***Xusto** naquel momento deime de conta de que non tiña as chaves.*

Ás veces, **xusto** engade un matiz de oportunidade (positivo ou negativo).

- *O outro día, no traballo, saín un momento e **xusto** cando non estaba veu a inspectora. Que rabia!* (= non era un momento oportuno)

Estar a punto de/a piques de + infinitivo
Indican a inmediatez ou a inminencia dunha acción. **A punto de** e **a piques de** teñen o mesmo significado, pero a segunda achega un matiz máis coloquial cá primeira.

- ***Estou a punto de acabar** un informe. Agora vou.*
- ***Estaba a piques de saír** cando chegou Alberte.*

Referencias a momentos xa mencionados

- **Aquel día** foi inesquecible.
- Todo o mundo recordará **aquela xornada histórica**.
- **Nesa ocasión**, o vencedor foi o equipo arxentino.
- **Naquel intre/momento**, chegou Xulio e descubriuno todo.
- **A partir daquel instante**, todo cambiou entre nós.
- **Ata ese día**, non souben que a quería tanto.
- **A esas alturas**, xa non había solución para o noso.

Entón

- Estabamos comendo tan tranquilos e, **entón**, entrou Marcos berrando coma un tolo. (Valor temporal)
- Carme e eu traballabamos xuntos e levabámonos moi ben. E, **entón**, un día decidín invitala ao cine e comezamos a saír. (Valor temporal e consecutivo)

Ás veces, **entón** só establece unha relación consecutiva e non temporal: engade unha nova información que é consecuencia da anterior.

- *Os pais dedican moi pouco tempo aos seus fillos e, **entón**, quéixanse de que están maleducados.*

6. QUE EXPERIENCIA!



A. Escoita a conversa na que Natalia conta a súa experiencia na última carreira pedestre na que participou. Cres que vai gardar un bo recordo dela? Anota os feitos principais que refire.



B. Agora, cos datos que tes da actividade A, escribe un texto xornalístico no que se dea conta do acontecido no maratón.

C. Comparade entre os compañeiros os textos que escribistes e comentade co voso profesor as semellanzas e diferenzas que atopades nas vosas producións.

7. EVENTOS

A. Hai algún evento ao que fuches e que recordes por algunha razón? Poderías relatalo como unha crónica? O seguinte cadro pódeche axudar.



Un partido
Unha voda
Un concerto
Unha manifestación
Unha festa
...

Cando: data, época do ano...
Onde: detalles do lugar, os asistentes, a roupa...
Que pasou: acontecementos
Declaracións
Valoracións
Conclusión

B. Agora,cóntallo a un compañeiro, que pode facerche preguntas para que a crónica sexa máis completa.

- *Unha vez, cando estaba na praia, vin caer unha avioneta ao mar. Foi horrible porque todo mundo empezou a berrar...*
- *Pero foi moi cerca da praia?*
- *Pois si, víase bastante ben e...*

8. DECLARACIÓNS

A. Onte viviuse unha xornada caótica neste aeroporto, debido a unha protesta dos controladores aéreos e a un temporal de neve. Mira o debuxo, localiza as seguintes persoas e escribe cada número no seu lugar correspondente.

Pilotos	☐	Mozos de pista	☐
Auxiliares de voo	☐	Persoal de terra	☐
Persoal de limpeza	☐	Camareiros	☐
Pasaxeiros	☐	Xornalistas	☐
Controladores aéreos	☐		



B. Estes dous textos falan das declaracións realizadas por algunhas das persoas que aparecen no debuxo. Por quen?

> "Os ...., que quedaron incomunicados dentro do avión, desesperados pola longa espera, esixiron que lles devolvesen o importe do billete."

> "Os .... insistiron en que esgotaran as reservas de comida para tanta xente e solicitaron que lles levasen máis caixas de alimentos de primeira necesidade."

C. En parellas, escribide nun papel cinco textos como os anteriores que refiran o que puideron dicir persoas de diferentes colectivos. Non poñades quen o dixo! Despois, pasádelle o papel a outra parella, que intentará adiviñar a quen pertencen as declaracións.

Os .... declararon que ....

D. Agora, utilizando os verbos que serven para introducir as palabras doutras persoas, transformade os vosos textos, de maneira que poidades incluílos nunha crónica que empeza do seguinte modo.

Caos no aeroporto
Onte viviuse un día nefasto no aeroporto de...



9. EXCURSIONISTAS PERDIDOS

A. Na sección **C**, ides escribir unha crónica periodística baseada na información que obteredes nas seccións **A** e **B.** Lede o seguinte titular e respondede as preguntas que aparecen debaixo. Comentade as respostas en grupos de tres. Podedes utilizar o dicionario se o precisades.

Tres excursionistas perdidos no Courel

Segundo os rumores, atopáronse unhas estrañas pegadas na neve que poderían ser dalgún animal de grandes dimensións.

– Practicaches montañismo algunha vez?

– Viches/Liches algunha nova sobre algún rescate?

– Que palabras e información relevante cres que pode aparecer nunha crónica deste tipo?

● *Como se di cando cae moita neve?*
○ *Iso é unha nevarada, non si?*



B. Vas escoitar dúas persoas implicadas no suceso. Toma nota dos datos relevantes que creas necesario incluír na crónica.

Que aconteceu? Cando
Por que? En que circunstancias?

C. Para finalizar, compara as túas notas coas dos teus compañeiros de grupo. Poñédevos de acordo na información que queredes contar e inventade un final para o suceso. Logo, escribide a crónica como se fose aparecer nun xornal (200 palabras).

Na crónica debedes engadir:
– os feitos máis relevantes,
– as circunstancias nas que aconteceron,
– as declaracións dos implicados,
– valoracións,
– unha conclusión.





10. CULTURA CELTA

A. Que saberías dicir acerca da cultura celta? Oíches falar algunha vez do parladoiro da *Cova Céltica*? No seguinte texto encontrarás informacións relativa a este grupo e á historiografía da cultura celta en Galicia.

A COVA CÉLTICA

A *Cova Céltica* foi o termo que denominou o grupo de intelectuais rexionalistas da Coruña, de finais do século XIX, que tiñan un parladoiro na Librería Regional de Eugenio Carré. Entre os asistentes figuraban nomes importantes da cultura galega como Eduardo Pondal, Manuel Lugrís Freire e, sobre todo, Manuel Murguía, o ideólogo do grupo.

O nome da *Cova Céltica* tivo inicialmente unha orixe irónica, xa que con este alcume tentaban ridiculizar as ideas propagadas polo grupo, pero terminou por impoñerse como nome definidor, unha vez que abandonou o seu ton sarcástico.



O parladoiro que se reunía no número 30 da rúa Real da cidade herculina asentou as bases teórico-ideolóxicas do galeguismo. Fixaban a orixe da nación galega nos asentamentos celtas e, polo tanto, o elemento celta era o definidor do pobo galego como tal, xa que caracterizaba unha alma colectiva propia. O poeta Eduardo Pondal foi o bardo encargado de incorporar a épica que a empresa esixía, e, por iso, non é de estrañar que o seu poema "Os Pinos" terminase converténdose na letra do himno galego. Nas últimas verbas do poema que constitúen o himno define a Galicia como fogar de Breogán, aludindo ao rei celta ao que miticamente se lle atribúe a fundación do pobo galego.

A ideoloxía rexionalista do grupo non ficou só reducida ao ámbito dos encontros na Librería Regional, senón que, entre 1895 e 1907, publicaron a *Revista Gallega* –dirixida por Galo Salinas– para que servise de canle de difusión das innovadoras ideas do grupo.

B. No texto menciónanse figuras importantes da intelectualidade galega do século XIX e de comezos do XX. Sabes algo deles? En grupos, podedes buscar información sobre a súa vida e obra e tamén sobre a orixe celta da cultura galega. Despois das vosas investigacións, discutide o que hai de verdade e de mito no celtismo de Galicia.

C. A cultura celta en Galicia foi motivo de vínculo entre galegos, irlandeses, escoceses ou bretóns por compartiren tradicións semellantes ou expresións artísticas comúns. Unha mostra desta conexión celta é o Festival Intercéltico de Moaña. Oíches falar del?

FESTIVAL INTERCÉLTICO DE MOAÑA

A península do Morrazo convértese durante os mesos de xullo e agosto no centro da música celta, pois durante unha semana, no Paseo Marítimo de Moaña, danse cita grupos musicais galegos, irlandeses, escoceses ou bretóns no Festival Intercéltico. Cando se está case a cumprir un cuarto de século desde o inicio do certame, o festival estase a consolidar como un dos eventos máis importantes de encontro celta.

O 15 de agosto de 1985, pouco sospeitaban os organizadores do I Festival Nocturno Celta do Morrazo que a súa iniciativa sería o alicerce dun certame de maior envergadura e amplitude. Sen dúbida que os motivos iniciais da súa primeira edición foron máis modestos. A Escola de Gaitas Semente Nova de Moaña organizou o festival co obxectivo de dar a coñecer a actividade da escola e de financiar unha viaxe a Lorient, na Bretaña francesa, para poder participaren no seu festival. A este primeiro encontro acudiron grupos senlleiros do folk galego, como Muxicas, Lembranzas Galegas ou Milladoiro.

Nos seus inicios a organización do festival corría a cargo da escola e reducíase a unha fin de semana, pero máis tarde o Concello de Moaña pasou a ser o responsable de realizalo e ampliouno a dez días, aínda que nos últimos anos se ten reducido a duración do evento.

Con todo, o paso do anos non fixo máis que consolidar a entusiasta iniciativa da escola de gaitas e situar a Moaña como un dos núcleos de referencia de encontro intercéltico, no que tanto teñen que dicir as expresións artísticas e musicais galegas.

D. Coñeces outras iniciativas musicais semellantes? De ser así, compárteas cos teus compañeiros.

11. RIANXO: ENTRE O MAR E A LITERATURA

A. Que sabes da vila de Rianxo? Coméntao cos teus compañeiros.

- Pois Rianxo é moi coñecido por...

B. Seguro que comentastes que Rianxo é o berce dalgúns dos escritores máis celebrados das letras galegas. Un deles é Manuel Antonio. Le "SÓS", extraído do seu libro *De catro a catro*, e tenta comprender cal é o sentimento que predomina ao longo do poema.

C. No poema están subliñadas as palabras que non se encadran na normativa actual do galego. Busca, coa axuda de dicionarios ou do teu profesor, a correspondencia correcta no galego contemporáneo.

D. Os textos relacionados co mar continúan a ser fonte de inspiración da literatura actual. Le a biografía ficticia dun mariñeiro que o escritor Xosé Neira Vilas elaborou para a sección "A lombos do Atlántico", do xornal electrónico *Vieiros*.

SÓS

Fomos ficando sós
o Mar o barco e mais nós.

Roubáronnos o Sol
O paquebote esmaltado
que cosía con liñas de fume
áxiles cadros sen marco

Roubáronos o vento
Aquel veleiro que se evadiu
pola corda frouxa do horizonte

Este océano desatracou das costas
e os ventos da Roseta
orientáronse ao esquenzo
As nosas soedades
veñen de tan lonxe
como as horas do reloxe
Pero tamén sabemos a manobra
dos navíos que fondean
a sotavento dunha singradura

No cuadrante estantío das estrelas
ficou parada esta hora:
O cadáver do mar
fixo do barco un cadaleito

Fume de pipa Saudade
Noite Silencio Frío
E ficamos nós sos
Sen Mar e sen o barco
nós.

Eu son home de mar

Eu nacín en Ares, e mira ti, desde cativo xa botei a rede de cerco. Pero un día, con só trece anos, marchei a Cuba con meu tío Samuel, que viñera dar unha volta. Asentei na Habana Vella e enroleime nun viveiro, eses barcos de vela que tiñan un estanque no medio e o peixe chegaba vivo porque a auga do mar entraba e saía por uns furados.

Andei pescando cherna e pargo alá polas augas de Iucatán e da Florida, e paseinas cabronas, gañando primeiro media parte e pasado un tempo xa era un mariñeiro coma todos, aturando os abusos dos armadores, e aturando os ciclóns que aparecían cada tanto e viñamos todos na cuberta, a todo dar, sobre montañas de auga, amarrados ós paus e tendo á man as machetas de abordaxe por se había que derrubar o velame.

Podería contarche... de Lourenzo, analfabeto que coñecía o Golfo metro a metro e déronlle o diploma de patrón; de Otero, que foi xuíz popular cando chegou a Revolución do ano 59; de Desiderio, de Pontedeume, que era boxeador e gañoulle a un capitán da Marina e uns soldadiños queríano mallar por ter vencido ó seu xefe; de Rosendo, o mariñeiro que levaba cans e gatos no barco e xulgábaos cando se portaban mal e disparáballes un tiro ou guindábaos ó mar.


Tantas cousas... Folgas, ciclóns, naufraxios. Pero o compañeirismo era total. Todos para todos. Un día xubileime, vivía só, púxenme mal, e miña irmá arre con que viñese, e aquí estou. Contento á beira dela, pero fáltame o mar. Un día levåronme a Noia, e vino pero sóubome a pouco. Terei que afacerme ós piñeiros, ás leiras...

E. E a ti, gústache o mar? Asócialo con algúns dos sentimentos ou vivencias descritos nos dous textos? Elabora un pequeno texto no cal expreses as túas sensacións.



Manuel Antonio Pérez Sánchez (Rianxo 1899 – 1930). Naceu en Rianxo, aínda que aos dous anos foi vivir a Padrón, por causa da enfermidade e morte de seu pai, o cal motivou que se criase coa avoa materna. Estudou bacharelato en Compostela, onde entrou en contacto co republicanismo e iniciou a súa militancia galeguista. Nas súas estadías en Rianxo afianzou a súa amizade con Rafael Dieste e ambos consolidaron a súa vocación literaria e as súas inquedanzas políticas. Comezou tamén a carreira de Filosofía e Letras, pero abandonouna para estudar na Escola Náutica de Vigo.

A actividade política acompañou sempre o seu interese pola literatura. Da man de Vicente Risco coñeceu os movementos de vangarda europeos, os cales aplicaría á súa propia obra. En 1922, xunto co debuxante Álvaro Cebreiro, asinou o manifesto *Máis alá!*, onde reivindicaban a autonomía do sistema literario galego respecto do español. Morreu moi cedo e, polo tanto, non puido deixar unha abundante produción literaria. O seu único libro publicado en vida foi *De catro a catro* (1928). A título póstumo García Sabell reuniría os seus escritos inéditos.



Xosé Neira Vilas naceu en Gres, Vila de Cruces, o 3 de novembro de 1928, pero moi cedo, en 1949, emigrou a Bos Aires, onde entrou en contacto coa intelectualidade galega e mantivo unha intensa actividade cultural e política. En 1959 casa coa cubana Anisia Miranda e, dous anos máis tarde, trasládanse á Habana, onde fixo xornalismo literario, investigou sobre a emigración galega en América e lle deu un importante pulo ao seu labor literario. En 1994 regresou a Galicia, á súa aldea natal, Gres.

En canto á súa produción literaria cómpre salientar a publicación en 1961 de *Memorias dun neno labrego*, que se converteu no libro máis lido en literatura galega. Con *Cartas a Lelo* (1971) e *Aqueles anos do Moncho* (1977) completaba a triloxía sobre a temática infantil e rural. Cultivou tamén o relato curto na colección de contos *Xente no rodicio* (1967).



UNIDADE 2

E ti, que opinas?

Nesta unidade imos levar a cabo unha asemblea popular.
Para iso, imos aprender:

◆ *a dar a nosa opinión:* ***creo que*** *+ indicativo,* ***non creo que*** *+ subxuntivo* ◆ *a valorar diversas opcións:* ***é unha tolaría****/****é impensable****... + infinitivo/****que*** *+ subxuntivo* ◆ *a poñer condicións:* ***(só) se****/****sempre que****...* ◆ *a expresar acordo ou desacordo* ◆ *o infinitivo conxugado* ◆ *a argumentar opinións* ◆ *a aludir a temas ou a intervencións doutras persoas:* ***iso de...*** ◆ *a secuenciar argumentos:* ***en primeiro****/****segundo****/****... lugar, por último...*** ◆ *vocabulario para falar do modo de vida, do ocio, do turismo e das características de cidades e vilas*

1. PROBLEMAS DE ESPAZO

A. En xeral estás conforme coa túa vivenda? Adáptase ao teu modo de vida? Que calidades che gustaría que tivese?

- *Eu, desde que casei, preferiría que fose un pouco máis ampla...*

B. Aquí tes unha serie de anuncios. Que tipo de vivenda cres que teñen as persoas ás que van dirixidos? Fai hipóteses sobre o modo de vida que levan e o tipo de produtos que pretenden.

BRICOFOGAR



Visítenos e compre os mobles máis confortables e que mellor optimizan o seu espazo. Fáciles de montar. Durante o mes de xuño, SEMANA FÁCIL, con grandes descontos.

CINTA ANDADORA

MODELO SR-6653

– SISTEMA DE INCLINACIÓN DE DÚAS POSICIÓNS
– 6 PROGRAMAS DIFERENTES
– SELECTOR DE VELOCIDADE
– VENTILADOR INCORPORADO
– PANTALLA DE PLASMA CON CONEXIÓN PARA DVD

A CINTA IDEAL PARA TODA A FAMILIA

Señora de mediana idade ofrécese para servizo de limpeza por horas. De luns a venres.

989 471 958
989 471 958
989 471 958
989 471 958

Viveiros "As Cortiñas"

Todo para o seu xardín ou a súa horta:
- produtos de mantemento
- sistema de regadío
- sementes
- fertilizantes

Contacte connosco e contrate tamén o mantemento do seu xardín para todo o ano.

Máis información: www.ascortinas.com

FISTERRA SOLAR

APÚNTESE ÁS ENERXÍAS RENOVABLES!

Instalación de placas solares.
Asesoría técnica.
Mantemento.
Electrodomésticos.


Visite a nosa páxina web
www.fisterrasolar.com
ou contacte connosco no 902 824 119



C. A continuación vas escoitar algunhas opinións respecto dos anuncios anteriores. Coincides con algunha delas?



1. Anxo e Adela



2. María



3. Fermín e Eva



4. Paco



5. Celia

- *Eu creo que Celia non ten razón. A cinta andadora é un aburrimento e, ao final, non a usas nunca.*

2. VIVENDAS SUSTENTABLES, VIDAS SUSTENTABLES

A. Nestas entrevistas, dúas persoas expoñen as súas opinións sobre os modelos de vivenda. A metade da clase lerá o texto da esquerda e a outra metade, o da dereita. Cales son as ideas principais das entrevistas?



(DE)CONSTRUÍR O MEDIO

O último libro de Olga Moares

A activista ecolóxica Olga Moares ofrécenos o seu punto de vista sobre a incidencia do urbanismo no medio e a habitabilidade das vivendas.

Parécelle que a habitabilidade das vivendas e a harmonía co medio preocupan cada vez máis a sociedade galega?

Sen dúbida. É unha cuestión que atinxe a toda a sociedade. Cómpre que comecemos por apostar por vivendas integradas na paisaxe, xa que esta non só debe estar reducida ao contorno natural, como os montes, o mar, os prados etc., senón tamén ao espazo habitable que, dende logo, debe ser moi respectuoso co medio. En Galicia non podemos derrubar a riqueza natural que temos, senón conservala. Non estou falando, tampouco, da conservación do medio como dun paraíso perdido, senón de algo tan sinxelo como que as actuacións urbanísticas sexan harmónicas co seu contorno, algo que a construción, en ocasións especulativa, non sempre respectou.

No seu libro tamén critica o abandono de hábitos de salubridade nos novos tipos de vivenda.

Efectivamente. A miúdo o encarecemento do solo urbanístico impón unhas restricións de espazo que acaban determinando a aptitude da vivenda para unha vida sa, xa que con frecuencia se constrúe sen unha adecuada ventilación dos cuartos e sen unha axeitada orientación solar que permita a recepción de luz natural. En fin, que son eivas que non axudan a contribuír á saúde física e psíquica. Unha casa ben osixenada e soleada axuda enormemente a que teñamos unha vida saudable e tamén, non esquezamos a súa importancia, a poder realizar un aforro enerxético considerable. Creo, por todo isto, que debería haber unha maior intervención e vixilancia das administracións na habitabilidade das vivendas que se constrúen.

Tamén fala de que sexan habitables para quen sofre discapacidades, non?

Claro. A aptitude dos espazos para quen sofre unha discapacidade non debe estar regulada só no ámbito público. Creo que se terminou o tempo no que unha persoa con discapacidades, así sexa no seu fogar, tiña que estar confinada no seu cuarto, ou imporlle limitacións que lle poden facer máis difícil o seu día a día. Na medida do posible, as vivendas deben prever estas situacións, por exemplo, con corredores nos que poida pasar facilmente unha cadeira de rodas, portas largas e cuartos de baño apropiados para situacións deste tipo. Non esquezamos, ademais, que un dos grandes retos da sociedade galega é facerlles fronte ás doenzas que proveñen dunha poboación envellecida como é a nosa. Garantirlles unha boa calidade de vida tamén é responsabilidade de todos.



Entrevista coa arquitecta **Asunción Cercas**, autora do libro *Solucións de habitabilidade para o futuro: as vivendas unipersoais*.

A tese do seu libro foi acollida con división de opinións. Son os minipisos a solución para o problema da vivenda?

É unha pregunta de difícil resposta. Obviamente, os minipisos non van resolver o problema da vivenda, que é crecente e complexo, pero si creo que poden axudar. Tampouco é algo tan innovador, xa que se ten experimentado noutros países, o problema é valorar como e para que se fan. En todo caso, e para non parecer que me evado da resposta, moitos arquitectos non estamos, de ningún modo, contra este tipo de vivendas.

Minipisos e calidade de vida non son conceptos antagónicos?

Por suposto que non. É certo que o aumento da calidade da vida vai acompañado da superficie habitacional da que dispón cada cidadán. Pero por iso dicía na anterior pregunta que temos que ter claro o obxectivo dos minipisos, xa que, cos parámetros de superficie media que temos, 30 m^2 é unha superficie máis que razoable para un fogar unipersoal.

Estamos abocados, entón, a vivendas unipersoais?

O que si é certo é que estamos nunha sociedade, sobre todo nas cidades, constituída por fogares unipersoais. Ben porque cambiaron os hábitos de vida, ben porque se valora máis a independencia, o certo é que existe unha demanda crecente, que non se pode ignorar, a menos que esquezamos as necesidades reais dunha franxa importante da poboación. Os prezos das vivendas e o modelo urbanístico actual non lle dan moita marxe de acción a, por exemplo, un mozo que se quere emancipar.

Vostede fala tamén de mudar os hábitos de consumo habitacionais?

Si, isto ten que ir acompañado dunha nova mentalidade por parte do consumidor e tamén dunhas iniciativas máis decididas por parte da Administración. En principio, cando unha persoa decide vivir soa, esa decisión non ten porque ser inmutable, senón temporal e, para iso, como dicía, unha vivenda de 30 m^2 satisfai as súas necesidades. Agora ben, isto non implica ser o propietario, senón dispor temporalmente dela e por iso sería importante que as administracións incentivasen unha bolsa de vivendas deste tipo en alugamento, que desen resposta a unha necesidade temporal, pero básica, nas demandas da sociedade actual.

B. Faille un resumo do texto que liches a un compañeiro que leu o outro, comentándolle as principais ideas expostas na entrevista.

C. Buscade as ideas dos textos coas que esteades os dous de acordo. Podedes engadir argumentos para reforzar cada unha delas?

- A min paréceme ben o de fomentar os minipisos; cando fun vivir só tiven dificultades para atopar vivenda...

3. QUE CONSTE EN ACTA

A. Sabes cando e para que se adoita escribir unha acta? Escribiches algunha vez un texto deste tipo? Se agora tiveses que escribir a acta dalgunha reunión ou xuntanza na que participases, serías capaz de facelo? Comenta cos compañeiros como o farías.

B. Le agora este modelo de acta. Contén elementos similares aos que dixestes no punto anterior? Subliña no texto aqueles (palabras, construcións, fórmulas…) que che parezan propios deste tipo de documento.

Acta da Xunta Directiva de Propietarios

En Padrón, cando son as 18:00 horas do día 14 de abril de 2008, no local social do edificio Cavinsa, da rúa de Martínez Alba, nº 40, reunidos os membros da Xunta Directiva de Propietarios, baixo a presidencia de D. Leandro Gómez Xusto e actuando como secretario D. Álvaro Vélez García, desenvolveuse a reunión, segundo o previsto na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
2. Estudadas as ofertas de reparación, acordouse, por unanimidade, renovar os ascensores e solicitarlle un orzamento á compañía que ofreceu a mellor relación calidade-prezo.
3. Oídos os argumentos do interesado, desestimouse a petición de D. Marcelino Arias Louxo de ampliar nun andar os edificios da rúa Marcelle.
4. Acordouse, por maioría, instalar calefacción centralizada e redistribuír os gastos proporcionalmente, en función do tamaño das vivendas.
5. Decidiuse someter á consideración do gabinete xurídico a posibilidade de habilitar ventás nos áticos e levar a súa aprobación á Asemblea Xeral de Propietarios.

Fóra da orde do día, foron deliberados os seguintes puntos:

6. Dada a quebra da empresa que se dedicaba á limpeza dos garaxes, aprobouse pedir orzamentos a outras compañías coa máxima urxencia, para que xa se poida levar a cabo o mantemento dos garaxes do mes de maio.
7. Propúxose para cada vivenda unha cota de 20 € para festexar o San Xoán.
8. Nomeouse a D. Xosé Méndez Díez como organizador dos preparativos da festa.

Ao non haber máis asuntos para tratar, e lidos os acordos tomados, asinan os asistentes e levántase a sesión ás 20:00 horas.

O presidente,

O secretario,

XUNTA DIRECTIVA DE PROPIETARIOS

Padrón, 14 de abril de 2008.

4. NEGOCIAMOS?


CD 11

A. A varias persoas que traballan na mesma empresa propuxéronlles a posibilidade de deixar de traballar en horario partido (de 9 a 14 h e de 16 a 19 h) para pasar a traballar en horario flexible. Escoita a conversa e di cal é a postura da maioría. Que vantaxes e inconvenientes encontran en cada opción?


CD 11

B. Escoita outra vez e fíxate nos recursos que usan as persoas para tomar a quenda de palabra. Anótaos.



5. ISO QUE DIS...

E ti, que opinas sobre as afirmacións que seguen? En parellas, discutide o tema para expresar cada un a súa opinión. Podedes empregar as expresións do cadro de abaixo.

- Agosto é o mellor mes do ano para ir de vacacións.
- O extremado uso de Internet só nos serve para complicar máis a vida.
- Sen deixar lugar a dúbidas, o cine europeo é o que ten mellor calidade.

– Eu **iso** non o vexo así... – **Niso** estou/non estou de acordo...	– **Iso** (que dis) é unha tolaría... – **Iso** tamén é certo...

6. CON CONDICIÓNS

A. Logo dunha longa negociación sobre condicións laborais, o comité de traballadores dunha empresa estableceu algunhas condicións. Le a lista e observa as estruturas que usan.

- **De** nos <u>**pagaren**</u> o transporte, aceptaremos o traslado ao novo edificio.
- Asinaremos o novo convenio **só se** a empresa **se compromete** a revisar os salarios anualmente.
- Faremos o curso de informática avanzada que propón a dirección, **a condición de que** non **sexa** durante a fin de semana.
- Negámonos a traballar os sábados pola mañá, **a non ser que** a empresa o **compense** con algún día libre entre semana.
- Renunciariamos ao bono de comidas **só no caso de que** a empresa **instalase** un restaurante autoservizo e cubrise os gastos dos menús dos traballadores.
- **Caso de** <u>**facermos**</u> horas extras, cobrarémolas inmediatamente.

B. Fíxate nas formas verbais subliñadas na actividade **A**. En que modo e tempo están? Saberías dicir por que e cando se empregan? Coméntao co teu compañeiro e logo aclarádeo co voso profesor.

C. Agora, decide que estruturas poden completar as condicións das seguintes frases. Compáraas logo coas que seleccionou o teu compañeiro e comentade todas as alternativas válidas.

Fariamos gardas de noite .... nos **pagasen** un suplemento.
Faremos gardas de noite ....nos **pagaren** un suplemento.
Faremos gardas de noite .... nos **pagan** un suplemento.
Faremos gardas de noite .... nos **paguen** un suplemento.
Non faremos gardas de noite ..... nos **pagasen** un suplemento.
Asistiremos ao congreso .... nos **cubran** todos os gastos.
Asistiriamos ao congreso .... nos **cubrisen** todos os gastos.
Non **asistiremos** ao congreso .... non nos **cubran** todos os gastos.
Asistiremos ao congreso .... nos **cubriren** todos os gastos.

A oración participio

Consiste na asociación dun participio e un substantivo, ou dun pronome que o substitúa. Neste caso o participio concorda co substantivo en xénero e número, xa que funciona como un adxectivo, e sempre o precede.

- ***Aclarada a situación**, todos volveron aos seus quefaceres.*
- ***Finalizado o prazo**, decidiron facer a protesta.*
- ***Respondidas as preguntas**, cerrouse a reunión.*
- ***Analizados os expedientes**, pasouse á votación do tribunal.*

O infinitivo conxugado

andar	beber	partir
andar	beber	partir
andares	beberes	partires
andar	beber	partir
andarmos	bebermos	partirmos
andardes	beberdes	partirdes
andaren	beberen	partiren

A flexión do infinitivo non ten un emprego obrigatorio, pero recoméndase o seu uso principalmente nos seguintes casos:

– cando a forma de infinitivo ten un suxeito distinto ao do verbo principal:
- *De **aceptaren**(eles) as nosas condicións, asinaremos(nós) o contrato cando queiran.*

– cando, malia teren o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, a oración de infinitivo vai anteposta:
- *Para **facermos**(nós) máis rapidamente este traballo, necesitamos(nós) unhas ferramentas máis axeitadas.*

– cando, coa oración de infinitivo posposta e tendo o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, o infinitivo vai distanciado do verbo principal:
- *Temos que ler moi ben as instrucións que acompañan estes mobles para **podermos** montalos.*

Valorar

Cando valoramos unha situación xeral que afecta a todos, incluíndo o que emite a opinión na oración principal, na oración subordinada emprégase o infinitivo.

- Paréceme mal **ter** que madrugar tanto.
  (a min) (calquera)
- A Virxinia parécelle mal **ter** que madrugar tanto.
  (a ela) (ela)

Cando valoramos unha situación que afecta a outra ou outras persoas diferentes do falante, na oración subordinada emprégase o subxuntivo.


- A Virxinia parécelle mal que o seu home **madrugue** tanto.
  (a ela) (el)

Facer propostas

- **O que propoño é discutir** (INFINITIVO) o tema cos outros socios.
  (eu) (todos)
- **O que propoño é que** nos **reciba** (SUBXUNTIVO) o director.
  (eu) (el)

Poñer condicións para negociar

Irei á cea	**(só) se**	+ INDICATIVO me **convidan**.
	sempre que **sempre e cando** **(só) no caso de que** **a condición de que** **con tal de que** **a non ser que**	+ SUBXUNTIVO me **conviden**.
	caso de **de**	+ INFINITIVO CONXUGADO me **convidaren**.



Aludir a temas ou a opinións: iso (de)

Usamos a forma neutra **iso** (**de**) para presentar unha situación ou un feito xa coñecidos.

- **Iso de** que apracen a viaxe non é xusto.
  (= xa se dixo que aprazan a viaxe)
- N**iso de** facer só todo o traballo, non estou de acordo.

Para aludir ao que alguén dixo.

- A arte contemporánea non ten ningún interese.
- **Iso** paréceme unha tolaría.

- Eu creo que é mellor que lle contemos a verdade.
- N**iso** non estou de acordo. Vaino tomar moi mal.

Xestionar as quendas de fala

Cederlle a quenda a outra persoa

Para permitirlle a outra persoa a entrada nunha conversa, dispomos de diferentes recursos.

- **Ti, que opinas**, Maruxa?
- **E a ti**, Maruxa, **que che parece** todo iso?
- **Parécelles** (a vostedes) **ben** esta proposta?
- **Ti, como o ves?**
- **Como vedes** o que propón Pedro?
- **Que pensan/opinan** (vostedes) **sobre** isto?
- **E ti, estás de acordo?**

Iniciar unha quenda de fala

É frecuente iniciar unha intervención con algunha das seguintes expresións.

• **Eu quero/quería dicir unha cousa** • **Gustaríame engadir algo** • **Teño algo que engadir** • **Eu teño unha proposta** • **En relación con isto que dixeches** • **Respecto a iso que acabas de dicir**	+ OPINIÓN

Polo xeral, as expresións anteriores van acompañadas dun ton de voz decidido (máis alto, máis rápido...) e dalgún xesto de entrada á discusión.

En galego, cando se discute, é frecuente "roubarlle a quenda" ao interlocutor, é dicir, interrompelo antes de que finalice a súa intervención. Aínda que isto non se considera unha descortesía, recoméndase evitalo nas situacións de máis formalidade.

- Pois eu creo que deberiamos falar con eles e...
- Nada, nada... o que hai que facer é conseguir un avogado e xa está.

Organizadores da argumentación e conectores

Introducir unha opinión persoal

Na miña opinión, **Para min,** **Tal como o vexo eu,** **Estou convencido/a de que**	esta é a mellor proposta.

En ocasións, podemos inverter a orde no modo de dar as opinións.

Iso é unha grande inxustiza,	**tal como o vexo eu.** **para min.** **estou convencido/a.** **na miña opinión.**

Dar unha información sen responsabilizarnos da súa veracidade

Segundo din, **Din que** **Segundo parece,** **Oín que** **Seica/Disque**	van comezar as obras do novo hospital.

Engadir argumentos ou insistir nun aspecto da nosa argumentación

No fondo, **A verdade é que** **O certo é que** **Á fin de contas,**	todos estaban de acordo coa súa decisión.

Engadir unha nova información negativa

E para cúmulo, **E enriba** **E por se fose pouco,** **E o que faltaba,**	converteron a rúa nun paseo peonil.

Para resumir e concluír

En resumo, **Total, que** **En fin, que**	tivemos que deixarlles o coche uns días máis.

Ordenar a información

En primeiro lugar, **Por unha banda,** **Por un lado,**	o espazo dispoñible é insuficiente para instalar un ascensor.
En segundo (lugar), **Por outra (banda),** **Por outro (lado),**	a comunidade de veciños non podería asumir un gasto tan alto neste momento.
(E) por último, **E ademais,**	a maioría dos veciños non o ven necesario.

Apoiar/Rexeitar unha proposta

Eu subscribo/apoio a vosa proposta.
Eu estou a favor do que propuxo o alcalde.
Eu véxoo coma ti.

Eu non subscribo/apoio a vosa proposta.
Eu estou en contra do/non estou a favor do que propuxo o alcalde.
Eu non o vexo coma ti.

7. DEFENDER OPINIÓNS

En grupos de catro, ides facer unha cadea de opinións. Cada un de vós ten que expresar unha das seguintes. Os demais teñen que reaccionar mostrando acordo ou desacordo. Non vale repetir o mesmo tipo de respostas.



Os videoxogos son cada vez máis violentos, cómpre prohibilos.



A piratería é un delito, deberiamos comprar todo orixinal.



Deberían subir o prezo da auga, a xente non a valora. Seguro que consumiriamos moito menos.



Deberiamos impulsar o teletraballo; perdemos unha chea de horas e de enerxía desprazándonos ao lugar de traballo.



Estaría ben que houbese máis redes de intercambio, de roupa, de libros, de CD etc. e que se creasen bancos de tempo, onde invistes co que sabes facer e podes obter outro tipo de axuda a cambio.

- Deberiamos impulsar o teletraballo, perdemos unha chea de horas e de enerxía desprazándonos ao lugar de traballo.
- Pois a min non me parece unha boa idea, necesitamos relacionarnos cos demais.
- Eu tampouco o vexo claro, a verdade...

8. SÓ SE ANDAS AO XEITO

Pensa nunha ou dúas cousas ás que lles teñas un aprecio especial. Despois, ti e os teus compañeirosirédeslas ao voso profesor, que as anotará no encerado xunto co nome do propietario. Cada un poderá escoller un obxecto que lle interese e pedirllo ao seu dono. Este emprestarallo, pero poñendo condicións.

- A min interésame a bici de Xabier. Déixasma para a fin de semana?
- Vale, pero só se andas ao xeito e non te metes polo monte.


...se...
...só se...
...só se me prometes que...
...só a condición de que...
...a cambio de que...

9. FEÍSMO

A. A que pensas que se refire o termo **feísmo urbano**? Podes dar exemplos concretos? Pensas que é algo que só se dá en Galicia?

B. Agora le este texto e coméntao cos compañeiros.

Feo!



O feísmo enténdese como un conxunto de accións no ámbito da vivenda e do patrimonio que degradan dalgún xeito o contorno no que se realizan. O termo non fai referencia só a construcións habitables, senón que tamén engloba outro tipo de obras humanas, como as verteduras ilegais de lixo, a colocación descontrolada de antenas de televisión e de telefonía móbil, os cables polas paredes dos edificios, as fábricas enclavadas entre a vila e o rural ou as pontes nas que importa máis a forma e a estética que a función que cumpren.

Desgraciadamente é doado atopar numerosas mostras de feísmo en Galicia. Unha das que máis chama a atención é a manifesta presenza de dúas clases de edificios: os que carecen de acabado exterior, deixando á vista ladrillo ou bloque, e os que, aínda que están rematados no seu exterior, non teñen cabida no lugar de edificación nin pola súa forma, nin pola composición, nin polo tratamento dos seus elementos exteriores.

O feísmo iníciase na etapa preindustrial (primeira metade do séc. XX), momento no que xorde un urbanismo de proporcións desmesuradas e desordenadas sobre o que as autoridades non exercen ningún control: os promotores e construtores poden construír como lles cadra, e son cómplices e partícipes da deterioración do noso medio xunto con arquitectos, aparelladores, técnicos, entidades municipais e propietarios.


Dada a importancia deste fenómeno e en prol de buscar solucións dende varias frontes, naceu o Foro do Feísmo, do que ata o momento xa se levan realizadas dúas edicións. O resultado da primeira, levada a cabo en Ourense en 2004, foi o libro *Feísmo? Destruír un país*, un extenso material de reflexión e documentación fotográfica. O lema da segunda, que tivo lugar en 2007, foi "Construír un país: a rehumanización do territorio". Dende o foro, sinálase que o feísmo non é un problema só da nosa terra, xa que pode considerarse que estamos ante unha consecuencia sistémica, non autóctona, que presenta características similares en todo o mundo.

C. En parellas, pensade en catro medidas que se deberían ter en conta dende diferentes ámbitos sociais, institucionais ou empresariais para evitar que o feísmo siga medrando.

D. Entre toda a clase ides facer unha exposición das vosas ideas e tedes que redactar un decálogo contra o feísmo.

10. VILARIZ: UNHA VILA DE CULTURA E TRADICIÓN

A. Aquí tes un fragmento de información turística sobre Vilariz, unha vila ficticia galega. Le o texto. Recórdache algunha outra vila que coñezas? Ten cousas en común co lugar onde vives?



O concello de Vilariz atópase na metade occidental da provincia de Ourense e ocupa unha extensión de 56 km^2. En 1971 foi declarado Conxunto Histórico Artístico. A súa zona histórica ofrece un bo estado de conservación, grazas ao esforzo rehabilitador dos últimos anos, traballo que se viu recompensado co Premio Europeo de Urbanismo polo Proxecto de recuperación integral do conxunto histórico artístico e do seu río en 1997. Isto fai que a visita ao núcleo urbano sexa unha cita imprescindible.

Facer referencia a un só monumento non é posible en Vilariz; toda ela en por si é un monumento que merece ser paseado. Nel existe unha conxunción admirable de elementos militares, relixiosos e civís. Aínda hoxe se conserva a esencia do seu carácter nos monumentos e nas rúas de trazado medieval. Un paseo por esta vila dá conta da súa beleza. Achegarse ao Convento de Santa Elvira, o barrio xudeu, o campo da Xesta, o Penedo da Fraga e o castelo, que é unha atalaia natural no antigo asentamento cunha preciosa vista panorámica, son algúns dos moitos lugares que se poden visitar en Vilariz.

O Parque Etnográfico está composto por tres interesantes infraestruturas que son: o Muíño do Crechas, o Museo do Tecido "O Fiadoiro" e o Museo da Curtiduría. Todos eles evidencian o que nun tempo significou o modo de vida e a economía desta zona, claramente ligada ao río que baña as súas terras.

Entre as festas máis importantes da vila cabe destacar a Festa da Besta, que se celebra dende o século XIV, e que ten na súa orixe a disputa entre cristiáns e xudeus; a Festa de San Bieito, que celebra as festas patronais no mes de xullo.

Vilariz dispón dunha ampla variedade de ocio, dende a visita aos museos ou ao núcleo histórico, ata o gozo das amplas zonas verdes, praias fluviais, piscinas, onde, ademais do encanto do baño, se pode practicar piragüismo ou dar agradables paseos en barca, dende o embarcadoiro situado na Alameda. Un paseo pola riqueza natural que posúe, a través dalgunha das rutas de sendeirismo, mostra outras posibilidades de gozo tan impresionantes en beleza como as da súa zona histórica.



B. Agora escoita a nova que a radio local de Vilariz difundiu hoxe. Anota os datos máis relevantes: que?, cando?, quen? Cales son os grupos máis enfrontados? Que argumentos expoñen?



11. A ASEMBLEA

A. Estas son algunhas das persoas que viven en Vilariz e que asisten á asemblea. Quen cres que se posicionará a favor e quen en contra? Quen dubidará? Por que? Tende en conta o texto informativo repartido ao comezo da asemblea.

- **Álvaro Ramos:** o construtor.
- **Nita Pereiro:** a alcaldesa.
- **O presidente** da asociación de Amigos do Castelo.
- **Adriana**: venezolana, ve moi ben a posibilidade de que haxa traballo na vila.
- **Bieito**: ecoloxista.
- **Algúns veciños**: ven a posibilidade de vender algunhas das súas terras.
- **Outros veciños:** non queren vender as súas terras.
- **Miguel:** un veciño no paro.
- **Nuno Castro da Silva**: o dono dunha axencia de viaxes con sucursal en Portugal.
- Outros...

Información para os asistentes á asemblea

Penedo da Fraga e castelo: atalaia natural no antigo asentamento do castelo, dende onde se pode gozar dunha fermosa vista panorámica. Comezou a construción do castelo entre 1072 e 1078. Entre finais do XIV e principios do XV sufriu unha forte reconstrución. Tiña unha planta rectangular, división interior en dous cadros, correspondentes posiblemente coas dúas plataformas actuais. Catro torres circulares, unha en cada esquina. Xa en moi mal estado dende tempo atrás, o castelo desaparece a mediados do XIX por efecto da desamortización de Madoz. O século XIX comeza coa ocupación das tropas napoleónicas e segue coa desamortización de mediados do século que supuxo o desmonte do castelo e acabou coa desaparición dunha ponte e boa parte dos tramos amurallados. En 1900 Vilariz vive momentos de prosperidade, chegando a ter 10.000 habitantes.



B. Entre todos, decidide que personaxe ides adoptar cada un de vós na asemblea. Formade grupos coas persoas que van defender a mesma postura (a favor, en contra e indecisos) e preparade os vosos argumentos.

C. Realizade a asemblea e votade ao final dela se se vai permitir a construción do hotel. Expoñede os vosos argumentos e recordade que vai haber un grupo de veciños indecisos que deberán tomar parte ao final da votación.

- *Pois a nós parécenos inconcibible que se faga unha cousa así na nosa vila, porque, en primeiro lugar....*

D. Para rematar, escribide a acta da asemblea, segundo o modelo visto na actividade 3, para recoller os principais acordos aos que chegastes.


12. PATRIMONIO HISTÓRICO

A. Unha reportaxe xornalística analizou a situación da zona antiga de diversas vilas galegas. Le e comenta co compañeiro se coñeces algunha das seguintes vilas e o estado da súa zona histórica.

Baiona
O enclave turístico galego, alén dos encantos marítimos, ten un grande atractivo arquitectónico, xa que foi declarado Conxunto Histórico Artístico. Carece dun plan especial para a súa protección e iso ocasiona que non todas as construcións gocen de boa saúde. A zona histórica acolle fundamentalmente negocios relacionados coa hostalaría, pois o comercio mudou a outros barrios da vila.



Betanzos
É unha das vilas máis entregas de Galicia e posúe unha das zonas históricas máis visitadas. A pesar de que conta con inmobles en mal estado, é unha zona bastante dinámica, con abundante vida comercial, especialmente de hostalaría.



Cambados
Conserva intacta a parte máis antiga da vila mariñeira que é. A protección urbanística do núcleo urbano permitiulle conservar a zona histórica e hoxe é un dos lugares máis atractivo das Rías Baixas, onde abundan os locais nos que se pode degustar un bo albariño.



Castro Caldelas
A zona histórica xira en torno ao castelo, cuxas obras de restauración promoveron a recuperación de inmobles. Porén, a caída demográfica dificulta a recuperación da zona e implica que aínda haxa moitas construcións en mal estado.



Combarro
É unha das xoias da costa galega. A combinación do mar coa agricultura, que simboliza a ringleira de hórreos fronte ao mar, fai de Combarro un lugar de grande atractivo turístico. Este espazo tivo varias fases de rehabilitación, o que motivou unha estimable mellora do núcleo.




Corcubión
Da Costa da Morte é a vila que conserva un maior patrimonio histórico. Conta cun plan especial de protección e, aínda que perde poboación e a vida comercial é escasa neste núcleo, foi mellorando considerablemente o seu aspecto.




Mondoñedo
A cidade episcopal é unha das que maior historia agocha. O seu núcleo histórico sofre as consecuencias da decadencia, que non deixan de darlle certo encanto, malia que se agradecería unha maior actuación na recuperación dos inmobles máis antigos.




Muros
É unha das fachadas atlánticas máis fermosa da costa galega e mellor conservada, grazas ao plan de protección que ten dende o ano 1966. De todos os xeitos, non pasa polo período económico máis puxante, o que impide unha rehabilitación máis ambiciosa.



Pontedeume
Os soportais e as galerías fan de Pontedeume unha das estampas máis recoñecibles da paisaxe galega. Está bastante ben conservada e é un espazo bastante dinámico grazas ao asentamento da hostalaría. Con todo, presenta zonas susceptibles de ser melloradas.



Ribadavia
O atractivo cultural de Ribadavia vai paralelo ao seu encanto histórico. Os plans de protección motivaron a conservación e beleza do seu patrimonio arquitectónico. De todos os xeitos, bótase en falta unha maior actividade no núcleo xa que presenta escasa poboación e carece practicamente de vida comercial. Por causa disto, algúns edificios mantéñense en mal estado.



Ribadeo
É unha das pedras angulares do Cantábrico, pola súa situación xeográfica, na fronteira con Asturias. Ten prohibida as edificacións no núcleo histórico. A densidade de poboación e a crecente vida comercial na zona histórica, ademais dos plans de protección, manteñen a parte máis antiga da vila en bo estado.



Sarria
É unha da vilas importantes do Camiño de Santiago. A pesar de conservar bastante o seu patrimonio histórico, este é apenas un reflexo do que foi, xa que foi desaparecendo pouco a pouco. De feito, hoxe en día a vida da vila transcorre nos seus barrios máis novos.



Tui
O paso a Portugal esixe parada obrigatoria en Tui. A histórica vila conserva o seu patrimonio arquitectónico en bastante bo estado. Ten, ademais, unha vida comercial e social moi intensa, aínda que a afluencia de locais de hostalaría ás veces ocasiona queixas polos ruídos nocturnos.



B. Tendo en conta o que acabades de ler e a vosa propia opinión, que características pensades que debe ter a zona histórica ideal. Faládeo en pequenos grupos e logo discutídeo entre todos.

C. A partir do que acabades de discutir, e do voso modelo de zona histórica ideal, tendes algunha idea para mellorar a situación dalgunha das vilas do texto?

13. O MISTERIO DAS GRANDES CONSTRUCIÓNS



Suso de Toro naceu en 1956 en Santiago de Compostela. É coñecido fundamentalmente polo seu labor como novelista, aínda que colabora frecuentemente en radio e prensa escrita e cultivou o ensaio. *Polaroid* (1986), *Calzados Lola* (1997), *Trece badaladas* (2002) e, a máis recente, *Home sen nome* (2006) son algúns dos seus principais fitos narrativos, aínda que a que máis proxección exterior tivo foi *Trece badaladas* (2002) que obtivo un ano máis tarde o Premio Nacional de Narrativa. Escribiu tamén libros de xornalismo e ensaio como *Españois todos* (2004), *Outra idea de España* (2005) ou *Madeira de Zapatero. Retrato dun presidente* (2007).

A. As catedrais constitúen un dos principais atractivos arquitectónicos, culturais e relixiosos dunha cidade. Se estás de viaxe nunha cidade e hai unha catedral, adoitas visitala? Que motivos te animan a facelo? Poderías expor as sensacións que tiveches durante unha visita a unha catedral?

B. Le o seguinte fragmento de *Trece badaladas*, de Suso de Toro. Como poderás comprobar, hai moitas referencias a elementos da Catedral de Santiago. Coñécelos todos? Coméntao cos compañeiros e co profesor.

Fóra daquela igrexa en obras de restauración, fóra daquel espacio baleiro, parecía que os ruídos da vida se reanudaran, o zumbido do tráfico, unha voz pola rúa, os seus propios pasos sobre as lousas. Camiñou cara á catedral, sentíase ben, recuperaríase de todo e o seu corpo respondía con vivacidade. Os seus pasos eran cada vez máis lixeiros, guiados por unha ansia de coñecer o fin daquel soño que a tragara naqueles días.

Xa era a noitiña e brillaban as lousas da Quintana dos vivos, luídas e húmidas. Dirixiuse á porta das Praterías, entrou no portal, atenta a calquera pegada do paso de algo extraordinario, Mais todo estaba igual, a basílica resplandecía alumada nas bóvedas por potentes focos, o brillo do altar, currunchos en penumbra, algunhas mulleres sentadas nos bancos. Cheiro a cerrado, ás suores dos centos de persoas que pasaran por alí aquel día, ao alento do húmido. Camiñou cara ao Pórtico da Gloria, os confesionarios cerrados. E o Pórtico sen xente, escuridade, figuras en penumbra, nada. Non había ninguén. Todo estaba en orde.

Sentiu unhas voces, as dunha muller e mais un home, que se achegaban falando baixo. Ela era da limpeza, vestía un mandilón azul e levaba unha vasoira nunha man e un recolledor na outra. O home que a acompañaba vestía traxe escuro, cun galón dourado na manga. O home indicáballe algo en dirección ao pé do piar central do Pórtico, xunto á estatua do santo dos Croques. Ela achegouse ao sitio cando xa chegaban eles tamén; no chan, unha moreíña de algo como cal, ou cemento.

-Mira ti, o que veñen botar aquí... –e a muller con movementos precisos e compasados empurrou o po coa vasoira no recolledor–. Pois acababa de varrer. Isto foi alguén que veu aquí á última hora deixar a cagada, dispensando.

Ela atreveuse a suxerir:

-¿E logo iso, que é? Parece cemento...

O home do traxe escuro ollouna e non contestou nada; a muller da limpeza acabou de pasar a vasoira.

-Pois é como fariña. Fariña non é, parece como unha borralla moi miúda ou pedra moída... –dixo e deu volta cargando con aquilo no recolledor–. Isto xa vai polo váter, que é miúdo. Tiro pola cadea e, ala, xa marcha polo Sar abaixo. Ao mar. –Xa marchaban os dous.

-¿Pero quen tiraría iso aquí...? –insistiu en voz alta cara a eles.

O home do traxe escuro deu volta e animouse a contestar:

-Antes vin pasar alguén cara aquí, pareceume algo raro e vin atrás del. Cando cheguei, xa non o vin, pero aí estaba esa miseria. Debeu tirar iso aí e marchar pola porta do Obradoiro.

A estatua do santo dos Croques axeonllado ollaba para o altar maior, que refulxía en pan de ouro. Ela parouse ao seu carón, de par daquela figura con face xuvenil, case infantil, intentado ver o que aqueles ollos estarían vendo, mais só contemplou a altura daquel espacio, o esplendor do altar, persoas espalladas polos bancos en silencio. Algún home maior, mulleres de distintas idades, o chuvasqueiro brillante dun peregrino.

Unha hora común, un momento cotián na catedral. Supuxo que logo habían ser as nove e fecharía a basílica. E saíu daquel lugar onde se sentía allea.

Ela non tiña un lugar así ao que agarrarse, só tiña a súa vida, unha vida que entón lle pareceu insignificante. Foi sen ánimo para a súa casa.

Trece badaladas, Suso de Toro.

C. A continuación tes o argumento de *Trece badaladas*; despois de lelo, discute co teu compañeiro en que parte do argumento cres que se pode encontrar este fragmento. Cres que pode ser unha novela interesante? Animaríaste a lela?

Xacobe, un produtor de cine, recibe a visita de Celia, unha escritora que lle vén presentar un guión. Malia á frialdade inicial de Xacobe, unha vez que le a historia comeza a se interesar por ela. A razón é que o relato se parece moito á súa vida e, sobre todo, aos misterios que lle están a suceder ultimamente. Celia termina achegándose a Xacobe e aos seus problemas, que parece que teñen que ver co son de trece badaladas que a campá da Berenguela dá na "hora do demo", relacionada con misteriosos ritos pagáns.

Xacobe, mentres xanta con Celia, recibe unha nota e é invitado a unha misteriosa cita ás doce na Alameda. A treboada, o forte vento e o medo fan que Xacobe e Celia terminen deitándose xuntos. Celia fica durmida e cando esperta ve que Xacobe xa non está, vai de présa para o lugar da cita e contempla a discusión entre o seu amigo e o misterioso home, pero antes de reaccionar cae fulminada por un mal agoiro. É rescatada por Miguel Ramírez, un prateiro membro da Confraría do Apóstolo que seguía o protagonista, xa que este expresara o seu desexo de entrar na Confraría. Ramírez pretendía observar se Xacobe respondía aos parámetros de conduta que se esixían para ingresar, pero descobre que algo misterioso agocha Xacobe, cando repara que naceu o mesmo día que morrera un irmán seu, campaneiro da Berenguela, trinta anos atrás.

Celia xa nunca máis verá a Xacobe, pero non se detén ata topar resposta aos misterios que xuntos viviron nas últimas semanas. Visita ao cóengo da catedral e indícalle que a situación de Xacobe ten que ver cunha relixión pagá vinculada ao gremio dos escultores de pedra. Por fin Celia comeza a recompor o quebracabezas, cuxa explicación ten que ver co que lle conta o cóengo e cunha sorprendente historia arredor do mestre Mateo e a súa vinganza pola negativa dun bispo a enterrar na catedral o seu fillo primoxénito morto en accidente. Todo iso planea sobre o desenlace dunha novela repleta de intriga, misterio e terror.



UNIDADE 3

Valorarase a experiencia

Nesta unidade imos establecer as condicións para unha convocatoria. Para iso, imos aprender:

◆ *usos de* ***se*** *en oracións impersoais:* ***valorarase...*** ◆ *construcións relativas:* ***quen****,* ***aqueles que****,* ***todo aquel que****,* ***o/a/os/as que...*** ◆ *a expresar condicións:* ***é imprescindible*** *+ infinitivo/****que*** *+ subxuntivo* ◆ *algúns usos das oracións pasivas* ◆ *a establecer condicións e requisitos* ◆ *algúns usos do futuro de subxuntivo* ◆ *valores de* ***ter*** *+ participio* ◆ *algunhas diferenzas entre a lingua oral e a escrita* ◆ ***unicamente****,* ***exclusivamente****,* ***necesariamente*** ◆ *vocabulario do ámbito das convocatorias e da arte*

1. ARTE CONTEMPORÁNEA

A. Le esta información sobre a inauguración dun museo en Galicia. Gustaríache visitalo? Existen museos deste tipo na túa cidade ou na túa rexión?

Inaugúrase o Museo de Arte Contemporánea de Vigo cunha mostra do grupo que creou en Galicia a arte contemporánea

Foi un cárcere, símbolo da represión, do castigo, das constricións, pero desde hoxe é un exemplo de liberdade, de creatividade e de imaxinación. O MARCO abre as súas portas cunha exposición sobre o seu cambio e sobre a xeración que inaugurou a arte contemporánea en Galicia.



Cando se consume a visita técnica e oficial, a cidade de Vigo pasará unha páxina na súa historia. Acaba de dar un paso máis e definitivo no seu interese por constituírse nun lugar de parada e non de paso da arte. Coa apertura do MARCO, a cidade de Vigo vaise convertendo pouco a pouco nun incuestionable referente cultural. A Casa das Palabras, aínda en proxecto, o recentemente inaugurado Museo do Mar, a remodelación e o cambio de orientación do Teatro Fraga e, en vías de construción, a sede olívica da Fundación Barrié, converten Vigo en referencia obrigada. Toda unha nova oferta que se suma á xa existente: o Pazo Quiñones de León e a Casa das Artes. Pero Vigo precisaba ter un espazo que levase ao mundo da arte o que xa se iniciara noutros campos, é dicir, trasladar ao mundo creativo realidades como ser a cidade máis nova e industrializada de Galicia. E decidiron facerse un oco na fachada da arte atlántica que comezaba en Santiago, no Centro Galego de Arte Contemporánea, e remataba no Museo Serralves de Porto. E o resultado foi o MARCO.

A idea do MARCO non é nova. O proxecto acariñouse na década dos noventa e foise amasando pouco a pouco en xornadas de debates e pequenos foros de análise. Pero as circunstancias non sopraron a favor ata decembro de 2000, cando o proxecto foi tomando corpo, se expuxo e se lle deu a coñecer á opinión pública. Desde entón os prazos fóronse apurando ata dar lugar á presentación técnica de hoxe, aínda que o museo non se regularizará como tal ata o venres, que é cando abre as súas portas ao público. Un museo que nace como iniciativa do Concello de Vigo, a Deputación de Pontevedra, a Xunta de Galicia e Caixanova.

O MARCO constitúe en si mesmo toda unha obra de arte, asentándose nun dos vértices do Vigo cultural, artístico e social. A remodelación dos antigos xulgados e cárcere municipal (construídos arredor do 1880), sitos na céntrica rúa Príncipe constitúe un exemplo de meta-arte, é dicir, en si mesmo é unha obra de arte. O seu proceso de remodelación encargado a un equipo formado por Quijada, Fraga e Portolés, recrea unha estrutura panóptica moi efectista, o que quere dicir que toda a súa estrutura interior se pode ver desde un único punto. Non en van esta mutación e transformación do concepto e uso do edificio dá orixe a unha das primeiras mostras coas que abre o museo, "Cardinales". Comisariada por Bartomeu Marí e Dirk Snauwert, recrea o cambio arquitectónico para dar conta do novo uso do edificio e dos conceptos de museo e de espazo de exhibición e liberdade. Unha mostra de carácter internacional, que xunto cunha homenaxe á xeración Atlántica serven para inaugurar este novo centro. Con Atlántica réndeselle un recoñecemento dobre ao proxecto deste museo, que é o de fomentar e divulgar a arte contemporánea (as producións artísticas máis recentes) e establecer unhas liñas de investigación e recuperación de movementos históricos. E Atlántica cumpre estes requisitos. Por unha banda, porque o movemento de "Atlántica" foi o dun colectivo de artistas e intelectuais unidos por unha vontade común de renovación, que traballaban cun enfoque creativo radicalmente innovador e integrador co resto do mundo. E, por outra, porque, segundo a directora do museo, Carlota Álvarez Bassó, "é unha exposición que estivemos investigando en arquivos privados de coleccionistas e de particulares desde hai un ano".

Aínda que a programación do museo está pechada para o ano 2003, existen lagoas conforme ao proxecto museístico que é. De feito, a directora do museo, escollida por concurso de méritos, clarifica que "primeiro teremos que existir, e logo xa comezaremos a desenvolver os proxectos". O museo presentarase cos únicos cadros que mercou en ARCO este mes de febreiro, cando se presentou oficialmente ao público. Logo de anunciarse que os fondos do Quiñones de León pasarían ao novo museo, información desmentida a escasas catro semanas da inauguración, o MARCO abre as súas portas entre a dicotomía de centro de arte e de museo, é dicir, entre produción e exposición. Carlota Álvarez é clara ao respecto "fundamentalmente os primeiros anos traballará como centro de arte, porque o que queremos é crear unha dinámica e crear unha liña de programación que invite os cidadáns a ir ao museo e crear un hábito. E así, pouco a pouco faremos unha colección, aínda que ata dentro de catro ou cinco anos non se poderá desenvolver ese corpo expositivo".

E nese interese de educar os cidadáns, engádense unha política de prezos reducidos (que van desde 1 ata 3 euros) e algúns programas específicos de pedagoxía museística, dirixidos a nenos e familias para fins de semana.



B. Escoita dúas persoas que comentan a noticia anterior. De que aspectos da información que aparece no artigo falan? Márcaos no texto. Que opinión teñen esas persoas respecto deses temas?

C. E ti, tes algunha idea formada ao respecto? Coméntaa cos teus compañeiros.

- *E a min, a verdade é que non me parece...*



2. UNHA EXPOSICIÓN

A. Sabes cal é o papel dun comisario nunha exposición de arte? Le esta entrevista realizada a un comisario e resume coas túas palabras cal é a función destas persoas na organización deste tipo de evento.

Urbanitas

Entrevista con Iñaki Martínez Antelo

Graffitis, intervencións urbanas, fotografía, vídeo, escultura, instalacións plásticas e sonoras, pintura. Os artistas galegos nados despois de 1970, e que centran o seu traballo nas cidades, posúen unha ampla gama de propostas expresivas. Por vez primeira no noso país esta xeración reúnese no Museo de Arte Contemporánea de Vigo, nunha heteroxénea mostra de creatividade bautizada como "Urbanitas". Iñaki Martínez Antelo, director do centro e un dos comisarios da mostra, fálanos desta exposición.

De onde parte a idea de tratar a arte urbana combinando artistas de rúa con artistas consolidados?
A idea xurdiu a partir das visitas a galerías e centros de arte, da consulta de informes, das conversas con profesorado e alumnado de Belas Artes, do que acontecía na rúa, e do que se reflectía nos medios de comunicación. Tiven a sensación de que era necesario sacar á luz moito do traballo que estaban a facer estes novos creadores. Porén, cómpre salientar que estes artistas non están incluídos na exposición por seren galegos, senón porque están a desenvolver un traballo interesante.

Cal é o aspecto artístico da exposición que máis salientaría?
O proxecto fai fincapé no aquí e no agora: o seu principal compoñente é a inmediatez, tanto espacial como temporal. "Urbanitas" tómalle o pulso ao contexto máis inmediato e a un momento no que se dan as condicións para que, como xa se dixo, a carón de artistas cunha traxectoria sólida, xurdan novas xeracións de creadores que empezan a desenvolver un traballo continuado dentro e fóra de Galicia.

Achégase esta exposición á idea de museo que vostede ten?
Por suposto. Un aspecto fundamental é a idea do museo ou centro de arte como lugar de encontro, que esta exposición está a potenciar: tanto na fase de preparación como na de montaxe, favorece o encontro e o intercambio. Moitos dos artistas optaron por desenvolver creacións exclusivas para a mostra; moitas das pezas fóronse creando paralelamente ao deseño e á execución da montaxe, un traballo en proceso durante o que artistas e obras invaden as salas de exposición e os espazos de tránsito de visitantes: vestíbulo, tenda-libraría e rúas adxacentes.

Tentouse certa harmonía, entón, entre o museo e a propia exposición?
Sen dúbida, moitas das obras inciden sobre a propia función do museo, a arquitectura do centro ou o propio mundo das artes. Dentro das nosas posibilidades orzamentarias, intentouse que tivesen a posibilidade de desenvolver proxectos que serían difíciles de levar a cabo noutras condicións ou circunstancias.

Apostan, ademais, por integrar formatos diversos, non?
Así é. Establécense tres ámbitos separados para a iniciativa. Alén do espazo dedicado á exposición principal, o Espazo Anexo do MARCO acolle, de xeito paralelo, "Videourbanitas", unha mostra de traballos desenvolvidos en formato audiovisual. Pola súa banda, o patio da planta baixa deste centro é o escenario de "Urbanitas a escena", un exemplo de accións, concertos e performances que se desenvolverá unha vez ao mes. O grupo Telémaco de Lugo, xunto co Dj Ningunos, abrirá este espazo o mesmo día da inauguración. A eles seguiranos os grupos O Fillo Pausado e mais Jiménez del Oso, acompañados de DJ Dose. Por se fose pouco, unha das sesións do Festival de Inverno Sinsal desenvolverase tamén neste patio, co que se completa un panorama multidisciplinar.

Representa, en consecuencia, esta mostra o rumbo que se lle quere dar ao MARCO?
Un centro de arte contemporánea ten a obriga de estar atento ao que acontece na creación do seu tempo e do seu contexto, de investigar e mostrar o que está a suceder aquí e agora, de asumir riscos, de encher certos baleiros na percepción, no coñecemento ou na difusión da obra de artistas emerxentes. Por iso, en breve, convocaremos un certame para novos comisarios, prestando así atención a outros ámbitos non estritamente creativos do mundo artístico.

Iso implica que a formación terá cabida na futura programación do centro.
A miña intención é facer máis talleres de artistas, que son un bo soporte para futuros creadores e unha oportunidade para o contacto directo con profesionais. Continuaremos coa liña de programación do Espazo Anexo, ao que quero darlle máis proxección. Ademais, o Proxecto_Edición, que acaba de se pór en marcha en colaboración co CGAC e coa Fundación Luís Seoane, é outro dos avances das futuras liñas de programación do centro.

Por último, está a satisfacer as expectativas dos comisarios a exposición?
Teño que dicir que a mostra está suscitando un enorme interese dentro e fóra de Galicia. Xa son moitos os comisarios, directores doutros museos e galeristas que amosan o seu interese e que pensan achegarse ao MARCO para ver a exposición. É de agardar que o eco desta actividade permita ademáis que moitos destes creadores se dean a coñecer tamén no exterior.

B. Interésache a arte contemporánea? Na entrevista coméntanse varias cuestións relacionadas coa arte. Localiza no texto onde se tratan e resume o que se di ao respecto.

– Os temas e preocupacións dos que tratan da arte.
– En que se debe centrar a arte contemporánea.
– Como deben ser os museos.
– Os formatos e os materiais utilizados para facer obras de arte.

3. CANDIDATOS

A. Unha empresa de telecomunicacións galega puxo en marcha un programa de intercambio cunha empresa uruguaia. Aquí tes algúns fragmentos da convocatoria. As formas verbais subliñadas están no futuro de subxuntivo. Recoñécelas? Poderías mencionar algún exemplo do seu emprego en contextos similares?

- O programa vai dirixido a persoas de idades comprendidas entre 30 e 45 anos e daráselles preferencia ás que nunca traballaron no estranxeiro.
- O candidato deberá achegar toda a documentación acreditativa dos cursos e congresos aos que asistiu.
- Pasarán á segunda fase da selección unicamente aquelas persoas que demostraren coñecementos e/ou experiencia na área das telecomunicacións.
- Valorarase a participación en proxectos internacionais (principalmente en América Latina).
- O programa está dirixido exclusivamente ás persoas que teñan estudos superiores.
- Valorarase o coñecemento doutros idiomas, pero darase preferencia aos candidatos que tiveren un nivel máis avanzado de inglés.

B. Observa agora os perfís de Xoana e de Antón. En parellas, decidide cal dos dous pasará máis facilmente a selección. Por que?

Xoana Álvarez Álvarez

30 anos

É enxeñeira de telecomunicacións.

Nunca colaborou en proxectos internacionais.

Fala alemán (B2), inglés (C1) e italiano (B1).

Nunca traballou no estranxeiro.

Asistiu a oito congresos relacionados coa materia e impartiu un minicurso.

Antón Varela Díaz

39 anos

Participou nun proxecto en Arxentina.

Asistiu a cinco congresos relacionados co tema.

Nunca traballou no estranxeiro.

Fala inglés (B2) e un pouco de francés.

Licenciouse en Enxeñaría de Telecomunicacións.

C. Este é o informe do proceso e do resultado da selección dos candidatos á convocatoria. Coincide coa vosa opinión?

Alfonso Huarte López
Director de Recursos Humanos
TECnitel

Asunto: selección de candidatos para programa de intercambio.

O pasado día 3 de setembro na Sala de Reunións de TECnitel tivo lugar a selección dos candidatos finalistas para o programa de intercambio con Uruguai. Os currículos seleccionados foron os de dona Xoana Álvarez Álvarez e de don Antón Varela Díaz. Logo do proceso de análise e valoración dos perfís académicos e laborais, obtívose como resultado a selección final de dona Xoana Álvarez Álvarez.

Malia que non resultou fácil a decisión final, os motivos que levaron a preferir a candidata seleccionada radicaron, fundamentalmente, na súa idade e na súa interesante traxectoria académica.

É certo, no que á experiencia laboral se refire, que don Antón Varela Díaz amosa unha interesante credencial, xa que participara nun importante proxecto en Arxentina. Tendo en conta que coñecerá de preto a realidade empresarial de Latinoamérica, a súa participación podería ser de interese para a nosa empresa, toda vez que a outra candidata carece de experiencia en proxectos internacionais.

Con todo, decidiuse obviar este aspecto, dado que, no tocante á formación académica, a de dona Xoana Álvarez Álvarez é moi superior. Alén de ser enxeñeira na área de telecomunicacións, continuou a se formar dentro do seu ámbito de estudos e presenta un alto grao de coñecemento de inglés, considerablemente superior ao do outro candidato. Como a firma uruguaia é filial dunha internacional americana, presenta un perfil interesante para garantir as relacións a diversos niveis e entre diferentes países.

O outro motivo aducido, a idade, ten que ver co plano estratéxico da empresa. Aínda que don Antón Varela Díaz se encontra dentro dos requisitos establecidos na convocatoria, decidiuse darlle prioridade á maior xuventude da candidata, pois o programa pretende desenvolverse en dous anos e establecer dúas prórrogas de dous anos cada unha, ata un máximo de seis. Se dona Xoana Álvarez Álvarez amosa un desempeño correcto ata o final do total das prórrogas, estaría nunha idade interesante para incorporarse ao cadro de persoal da nosa compañía.

Porén, e como observacións finais, recoméndase ter en conta o currículo de don Antón Varela Díaz para vindeiros proxectos, xa que presenta un perfil interesante que, nun futuro, pode resultar de proveito para a empresa. Asemade, cómpre rexistrar que dona Xoana Álvarez Álvarez non certificou todos os méritos que alega e, polo tanto, tal como se comprometeu cando lle foi comentada a situación, deberá completar toda a documentación nos prazos estipulados. De modo que, cando o proceso estiver completo, enviaráselle a información ao director xeral de TECnitel, quen deberá validar oficialmente a decisión tomada. Feito isto, iniciaranse os contactos coa persoa seleccionada para ultimar as condicións da súa integración en TECnitel.

Ferrol, 7 de setembro de 2008
Alfonso Huarte López

D. Volve ler o texto e identifica en que partes se mencionan os puntos da convocatoria.

E. Un informe non posúe unha ríxida estrutura textual, senón que adoita axustarse á finalidade do que se desexa informar. Tenta, co teu compañeiro, deducir cales son as distintas partes das que consta este informe e logo comproba se se axusta á que che presentamos.

Remitente

Asunto:

1. Introdución e motivación do informe.
2. Organización da información.
    2.1. 1.º argumento: méritos do candidato: experiencia en proxectos.
    2.2. 2.º argumento: vantaxes da candidata: formación e idiomas.
    2.3. 3.º argumento: vantaxes da candidata: idade.
3. Observacións/peche.

Lugar e data.
Sinatura.

F. No texto faise referencia, como argumentos, á experiencia laboral, formación académica e idade. Como se introducen estes elementos temáticos? Sublíñaos. Ocórrenseche outras maneiras semellantes de introducilos?

4. DIFERENTES FORMAS DE DICIR O MESMO

A. Unha cadea hoteleira publicou na prensa un anuncio no que se ofrecen varias prazas de animador de tempo libre. Dos seguintes pares de frases, cal cres que corresponde a un fragmento do anuncio e cal a unha conversa informal que tiveron dúas persoas sobre este?

*1. "Non poderán presentarse a concurso **aquelas persoas que** non teñan carné de conducir."*
*2. "**Os que** non teñan carné de conducir non van poder presentarse."*

*3. "Só poden presentarse **os que** acabaron o primeiro curso de animador."*
*4. "**Será requisito indispensable** ter rematado o primeiro ano de animador de tempo libre."*

*5. "**Serán seleccionados unicamente os candidatos que** fixeron prácticas nalgún establecemento hoteleiro."*
*6. "**Tes que** ter feitas prácticas nalgún hotel."*

*7. "**Admitirán** solicitudes só ata o 25."*
*8. "**Serán admitidas** unicamente as solicitudes recibidas antes do 25 de febreiro deste ano."*

*9. "**Serán considerados méritos** os coñecementos de alemán ou francés.*
*10. "**Danche máis puntos** se falas alemán ou francés."*





B. Escoita a conversa entre dúas persoas que comentan a convocatoria e comproba se acertaches.



C. Volve á actividade **A** e fíxate nas palabras e nas estruturas destacadas. A elección dunhas e doutras está determinada polo tipo de texto no que aparecen. Que diferenzas atopas?



Futuro de subxuntivo

Verbos regulares

ANDAR	BEBER	PARTIR
andar	beber	partir
andares	beberes	partires
andar	beber	partir
andarmos	bebermos	partirmos
andardes	beberdes	partirdes
andaren	beberen	partiren

Algúns verbos irregulares

DICIR	ESTAR	FACER	IR/SER	SABER
dixer	estiver	fixer	for	souber
dixeres	estiveres	fixeres	fores	souberes
dixer	estiver	fixer	for	souber
dixermos	estivermos	fixermos	formos	soubermos
dixerdes	estiverdes	fixerdes	fordes	souberdes
dixeren	estiveren	fixeren	foren	souberen

O futuro do subxuntivo utilízase na maioría das veces en oracións temporais e condicionais, xeralmente para falar de hipóteses ou de previsións relacionadas co futuro. É máis común na lingua escrita, principalmente na literaria e nalgúns rexistros formais, como a documentación xurídica e administrativa.

*Cando as pedras **deren** gritos*
*e o sol **parar** de andar*
*e o mar non **tiver** auga*
heime de ti apartar

- *Cando **souberen** o que fixen, xa non me irán axudar.*
- *Só poderán solicitar a axuda os que **foren** residentes na comarca.*

❗ Repara que a conxugación dos verbos regulares no futuro do subxuntivo é idéntica á do infinitivo conxugado.

Construcións pasivas e impersoais en futuro

Nun rexistro culto (convocatorias, normativas, programas etc.) é habitual o uso de oracións pasivas en futuro.

SER + PARTICIPIO

- O resultado das eleccións **será publicado** no boletín da empresa.
- Todos os candidatos **serán entrevistados** polo xefe de recursos humanos.
- A relación dos gañadores **será publicada** no panel electrónico da entrada principal.
- As decisións dos directores da empresa **serán anunciadas** na próxima reunión.

Recorda que, nas construcións pasivas, o participio concorda en xénero e número co suxeito.

O resultado... será publicad**o**
A relación... será publicad**a**
Os candidatos serán entrevistad**os**
As decisións... serán anunciad**as**

VERBO EN FUTURO EN 3.ª PERSOA + SE

- **Valorarase** a experiencia.
- **Premiaranse** as obras inéditas.
- Non **se admitirán** as persoas que non leven gravata.



Ter + participio

Empregamos **ter** + participio nalgunhas construcións para falar de feitos rematados anteriormente a algún momento mencionado. Ter neste caso mantén un significado semellante ao de "posuír" e o participio concorda en xénero e número co complemento directo.

- Para presentarte a estas oposicións, xa debes **ter** a carreira universitaria **rematada**.
- Os candidatos deberán **ter** os seus estudos **realizados** nalgunha universidade europea.
- Para conseguir un posto nese hospital, tes que **ter feita** a especialidade.
- Antes de comezar a reunión, debes **ter preparadas** as túas intervencións.

Estas construcións danse tamén co verbo **ter** flexionado.

- *Xa **teño lidas** 30 páxinas do libro.*
- *Cando volvas xa **teremos terminados** os relatorios.*

Cando **ter** aparece como verbo auxiliar dun **participio** inmobilizado (que non se flexiona), constitúe con el unha perífrase verbal que expresa a repetición da acción indicada.

- *Xeralmente éntrase pola porta de diante, pero **temos entrado** algunhas veces pola lateral.*

Expresar condicións indispensables

USO EXCLUSIVO PARA SOCIOS

- **Se non** resides na Coruña, non podes presentarte a esa praza.
- **Unicamente/soamente** terán acceso ao recinto os nenos acompañados por adultos.
- Uso **exclusivo** para socios.
- **É imprescindible que traiades** chándal para as clases de ioga.
- Os candidatos **terán que** pasar **necesariamente** cinco probas eliminatorias.
- Os candidatos **deberán** achegar toda a documentación antes do 30 de xuño deste ano.
- Para presentarse a ese posto é **imprescindible** ter experiencia de dous anos na área.

Uso de pronomes relativos

Existen diferentes construcións de relativo para aludir a persoas. A elección dunhas ou doutras dependerá do tipo de texto no que aparezan.

O/A/OS/AS QUE

- **O que** non acabou de facer os deberes non pode saír xogar.
- De entre todas as candidatas, escollerán **a que** teña o mellor currículo.
- **Os que** estean acreditados poden pasar; **os que** non, diríxanse á saída, por favor.
- De entre todas as cidades que se presentaron, seleccionaron **as que** nunca acolleran unhas olimpíadas.


QUEN

- Para a admisión á primeira fase do concurso darase preferencia a **quen** teña unha carreira universitaria.
- Non poderá presentarse á proba final **quen** non supere a entrevista persoal.

AQUEL/AQUELA/AQUELES/AQUELAS QUE

- **Aquelas persoas que** desexaren recibir un diploma acreditativo poderán solicitalo nas nosas oficinas centrais.
- Soamente intervirán no ensaio xeral **aqueles que** superen as tres primeiras audicións.
- **Todo aquel que** non cumpra a normativa interna do club será sancionado.

As construcións con **quen** e **aquel/aquela... que** son as preferidas en textos formais, orais e escritos, de tipo administrativo, científico, académico, xurídico etc.



Os que remataron o exame xa poden marchar.

Quen é unha partícula invariable. Como relativo, só se emprega con antecedentes e verbos en singular.
- *Fala con **quen** poida aclarar as dúbidas que teñas.*
- *Onte vin a Luís, **quen** me contou sobre o concurso.*

Non obstante, en interrogativas, aínda que se manteña invariable, **quen** admite formas verbais en plural, pero só co verbo **ser**.
- *Quen **sodes** vós para dicirme isto?*
- *Quen **eran** estes que preguntaban por ti?*

É tamén moi frecuente na lingua o emprego da expresión **ser quen de** co valor **de ser capaz de**.
- *Pois aquí están os paquetes que deixaron. A ver se **es quen de** levalos só.*

Calquera

Empregamos **calquera** para referirnos a un individuo indeterminado dun grupo ou dunha categoría, acompañando un substantivo (adxectivo) ou substituíndoo (pronome), sempre en singular.

ADXECTIVO
- Estou pensando presentarme a unha oposición **calquera** para ter dunha vez un traballo fixo.
  (non se refire a unha oposición concreta)

PRONOME
- A ese concurso pode presentarse **calquera**.
  (poden presentarse todas as persoas)

Observa que ambas as formas se utilizan para referirse tanto a substantivos masculinos como femininos.

- Que revista queres?
- ○ É igual, pásame **calquera/unha calquera**.
  (non sinalo ningunha revista en particular)

- Que libro queres?
- ○ É igual, pásame **calquera/un calquera**.
  (non sinalo ningún libro en particular)

- Isto pode facelo **calquera**.
  (=isto poden facelo todas as persoas)

Introducir unha información nova

No tocante a	**No que se refire a**
Outro motivo aducido	**Respecto de**
En relación con	**En canto a**

- ***En canto aos** gastos da reforma, cubríronse co orzamento previsto.*
- ***No que se refire á** proposta do director xeral, ten absoluta viabilidade.*
- ***Respecto da** organización do evento, hai que mencionar que houbo graves deficiencias.*

5. INTERCAMBIOS

A. Imaxinade que a vosa clase vai participar nun programa de intercambio. Un grupo de estranxeiros que estuda galego virá á vosa escola para ter clases de conversación convosco e vós, a cambio, ides aprender un pouco do seu idioma. Debedes establecer os criterios para seleccionar esas persoas, tendo en conta os seguintes aspectos.

– a personalidade,
– o tipo de experiencias,
– as súas capacidades,
– as tarefas que deberán cumprir etc.

● *Deberían ser persoas que sigan a actualidade, non?*
○ *Si, e que poidan falar de temas moi variados...*

B. Tendes que lle enviar á axencia que organiza os intercambios as vosas condicións para admitir os candidatos para o programa. Esta información vai aparecer na súa páxina web e podedes usar os seguintes tipos de expresións:

- **Só se aceptarán aquelas persoas ás que** ....
- **Unicamente serán admitidas as persoas que** ....
- **Non seleccionaremos, baixo ningún concepto, as persoas que** ....
- **Non se admitirán aquelas persoas que** .... **agás** ....
- **Valorarase** ....
- **Seleccionaranse aquelas persoas que preferiblemente** ....
- **Será requisito indispensable** ....

6. ORGANIZAR UNHA EXPOSICIÓN

A continuación tes a convocatoria para organizar unha exposición de arte. Escríbelle unha mensaxe electrónica a un amigo que poida estar interesado nela e coméntalle os aspectos máis salientables das bases e o lugar onde poden atopar a información completa.

Premio MARCO´ 07 Novos Comisarios

Para a realización dun proxecto expositivo no Museo de Arte Contemporánea de Vigo

A proposta atenderá á creación artística contemporánea e contemplará a participación de dous ou máis artistas. A exposición do proxecto premiado contará cun orzamento de 15.000 euros e terá lugar entre setembro de 2008 e xaneiro de 2009.

BASES

Requisitos:
Poderanse presentar ao concurso os comisarios que nacesen a partir de 1969, e non poderán participar na condición de artistas.

Condicións:
Os proxectos que concorran deberán ser inéditos, contemplar a participación de dous ou máis artistas, e non se poderá presentar máis dun proxecto por autor.

Documentación:
Deberase presentar, en sobre pechado:
– Formulario de inscrición
– Currículo
– Fotocopia do DNI ou pasaporte
– Informe que inclúa título da exposición, síntese do proxecto, listaxe de artistas incluídos/as na mostra, ficha técnica e imaxe das obras, deseño expositivo axustado ás condicións da primeira planta do MARCO, e orzamento detallado do proxecto (máximo de 15.000 euros).

Xurado:
O xurado seleccionará no mes de outubro o proxecto gañador e dous finalistas. Se o estima, o premio poderá ser declarado deserto. Estará integrado por:
– Jürgen Bock, crítico de arte e comisario independente, Lisboa
– María de Corral, crítica de arte e comisaria independente, Madrid
– Alberto Ruiz de Samaniego, profesor de estética e crítico de arte
– Teresa Velázquez, responsable de contidos de Matadero Madrid
– Iñaki Martínez Antelo, director de MARCO.

A súa resolución farase pública durante o mes de novembro de 2007 e comunicaráselles a todos os participantes.

Funcións do comisario:
O comisario gañador asinará un contrato coa Fundación MARCO que o compromete a atender as funcións derivadas do comisariado dunha exposición.

Honorarios:
O comisario do proxecto gañador recibirá 5000 euros. Aboaranse en dous prazos: o 50% no momento da sinatura do contrato e o 50 % restante no momento da sinatura da inauguración da exposición.

Prazo de presentación dos proxectos:
Ata o 5 de outubro de 2007

Lugar:
A documentación entregarase persoalmente no MARCO ou enviarase por correo certificado ao seguinte enderezo:
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo - R/ Príncipe, 54 36202 Vigo

Para máis información: www.marcovigo.com

7. ASUNTO: PRIMEIRA EXPOSICIÓN DO MUSACC

Imaxina que un museo que se acaba de inaugurar che pediu que elaborases un informe sobre a súa primeira exposición, co fin de mellorar vindeiros eventos. Para facelo tomaches as seguintes notas, as cales deberás utilizar, aínda que antes de poñerte a escribir deberás pensar a estrutura que lle vas dar ao texto.

Título: "Vieiros da escultura contemporánea"

Lugar e data: MUSACC da Coruña (23 set.-14 out.)

Finalización das obras boa en xeral, algunha mellorable.

Contido interesante, actual (problemas sociais e ambientais). Ás veces dun simbolismo demasiado obvio.

Elenco de artistas arriscado: vangardistas e interesantes, pero algúns pouco significativos (afíns ao comisario?).

Estrutura da exposición pouco cómoda: a disposición das obras dificultaba o acceso para persoas con discapacidade.

Interesante acto inaugural con escasos erros de coordinación.

Lixeiramente cara para ser a primeira exposición: incidencia negativa na divulgación do museo e da arte contemporánea.


As fins de semana, excesivo barullo nas salas.


Orzamento mal distribuído: escaso para a contratación de obras e artistas.



8. UN CONCURSO PARA A CLASE

A. En grupos, tendes que escribir as bases (oito condicións como máximo) para unha das seguintes convocatorias. Pensade nas condicións que deberán cumprir os candidatos, as obras presentadas ou as tarefas que deben realizar, así como nos criterios nos que se basear á a selección das obras e dos candidatos.



















B. Cando teñades preparados os textos, podedes colgalos na clase.

C. Lede as bases das diferentes convocatorias. Tendo en conta as condicións, a cal te poderías presentar? Gustaríache facelo?

9. DESCRIBIR A ARTE

A. Mira atentamente o cadro do pintor galego Luís Seoane e tenta describilo nun texto breve. Que cres que representa?



B. A continuación presentámosche a recensión dunha exposición de Luís Seoane. En parellas, un lerá a primeira parte e o outro, a segunda. Cales son as ideas principais do texto?

C. Agora faille ao teu compañeiro un resumo da parte que liches.

D. Fuches algunha vez a unha exposición? Tenta realizar unha recensión do seu contido. Se non te lembras, podes facelo de calquera obra de arte que che guste.



Luís Seoane (1910-1979) naceu en Bos Aires, pero de neno trasladouse a Galicia e viviu alí ata a súa xuventude. Foi membro do Partido Galeguista, onde se iniciou na actividade política que non abandonaría ata a irrupción da Guerra Civil. Por mor do inicio da contenda bélica, a finais do 1936 exíliase en Bos Aires. Na capital arxentina entra en contacto con artistas galegos de renome, como Maruja Mallo ou Colmeiro, e empeza a colaborar en xornais e a debuxar. Comeza a consolidar a súa obra como artista gráfico e plástico e a súa sona adquire relevancia internacional, expoñendo en Caracas, París ou Londres. En 1994 dedicóuselle o Día das Letras Galegas.

Especialmente atractiva é a mostra que até o 29 de abril ofrece o Auditorio de Galicia en Santiago, "Luís Seoane. Da Costa de Circe á Costa da Morte", un conxunto excepcional de pinturas que permiten repasar a práctica totalidade da evolución da obra do gran creador desde a década dos corenta deica o seu falecemento en 1979.

Cómpre salientar, en primeiro lugar, a gran calidade das obras expostas, pertencentes todas á colección Alcalde Varela, que son resaltadas por unha intimista e atractiva montaxe na que a comisaria Rosa Espiñeira Pan consegue un ambiente óptimo para a contemplación dos óleos.

Comeza a mostra cun lenzo de grandes dimensións, *A costa de Circe* (1948), que, xunto con outros óleos de finais dos corenta e comezos do cincuenta, amosa as iniciais influencias picassianas en Seoane. A montaxe cronolóxica permítenos observar como o pintor acaba por singularizar o seu estilo co uso de cores planas, simplificadas ao longo das décadas dos cincuenta e sesenta.

A paisaxe, a natureza morta e a figura humana constitúen a base figurativa da pintura de Seoane, alicerces para unha construción dun intenso rigor formal, na procura dunha linguaxe singular con esteos na tradición plástica galega e na experiencia das vangardas históricas. Mais para Seoane a arte é sempre unha maneira de estar nun tempo e nun lugar, é o seu xeito de vivir e comprender o seu país, Galicia, e de ligarse a el desde un compromiso ético e estético.

Neste sentido, as repetidas figuras femininas, fantasticamente representadas na colección Alcalde Varela, convértense en emblemas de Galicia, cunha intensa natureza plástica, que desde a modernidade suxiren o valor simbólico da pintura e escultura medievais. Seoane consegue nestas figuras depurar a linguaxe até convertelas nun novo universo propio, que dalgún xeito resume a memoria gráfica do noso país.

As naturezas mortas e as paisaxes, dous xéneros fundamentais na configuración do seu estilo, locen tamén en todo o seu esplendor nesta colección. Son xéneros e obras que nos permiten un pormenorizado achegamento á evolución da súa pintura, que percorre un rigoroso camiño cara a un sintetismo que vai ser o elemento definidor dos seus logros formais.

A paisaxe é na obra de Seoane un campo de experimentación fundamental. As primeiras paisaxes delatan a influencia de Torres García (*Paisaxe urbana de Bos Aires,* 1953; *Figuras e azoteas*, 1953) na súa composición e na vontade construtiva. Son tamén interesantísimas as realizadas a comezos de 1952, nun momento decisivo da transformación do estilo de Seoane. Nas paisaxes andinas, como *Paisaxe de Neuquén* e *Paisaxe de Necochea,* percíbese o seu singular sintetismo e a forza e maxia da cor, captando nas paisaxes a esencialidade lumínica, todo froito dun proceso depurativo, que se pode observar no conxunto da súa obra desde comezos dos cincuenta, e que o vai levar a unha singular síntese dalgúns dos logros da vangarda histórica (Picasso, Matisse, Leger...). O resultado vai ser unha linguaxe propia, que fusiona as diversas influencias, que as pon en relación coa tradición galega, para atinxir unha persoal modernidade, que chega ao seu cume en obras dos anos setenta como *Mariña* (1972) ou *Preamar* (1974).

Carlos L. Bernárdez
Faro de Vigo. Faro da cultura. Xoves, 22 de marzo de 2007.


10. PREMIOS LITERARIOS


A. Presentácheste algunha vez a un premio literario? Coñeces algún dos existentes en Galicia? A continuación tes a portada de tres dos libros gañadores do Premio Xerais de Novela. Liches algún deles ou algún outro que fose premiado?

Galván en Saor, 1989
Darío Xohán Cabana

A velocidade do frío, 1996
Manuel Ameixeiras

Concubinas, 2002
Inma López Silva







B. Utilizas a miúdo as recensións para coñecer o interese dun libro? Le as recensións que a editorial realizou das tres novelas e discute co teu compañeiro con cal das tres se corresponde cada unha.

É esta unha historia de amores e de vinganzas que superan as fronteiras do espazo e do tempo e que está protagonizada polas mulleres dunha familia esquivada polo amor. A través dun estilo literario moi coidado, a novela constitúe un escaparate fantástico de personaxes e anécdotas polo que van desfilando os protagonistas e as súas vidas a partir dun escenario mítico denominado San Eirís, onde os frades non morren e o río baixa con auga vermella cada 18 de xullo. Neste libro, os espazos, as personaxes e os acontecementos forman un saboroso cóctel de olores, de sabores e colores que condimentan a novela. É un gran relato de amor en tempos de guerra e en tempos de paz, e tamén a historia daqueles que queren ser libres.

O protagonista, príncipe das terras do norte, compañeiro de Artur nos reinos da Bretaña, viaxa máis alá da xeografía e do tempo e, como aquel Merlín de Cunqueiro, aparece entre nós, pois é acaso o destino de todos aqueles señores e cabaleiros do Graal e das antigas fazañas. Novela de humor e de amor, de aventuras e de tenrura, homenaxe aos antigos mesteres da narrativa cabaleiresca e medieval que o autor tan ben coñece, tradutor de Dante, *A divina comedia*, e de Petrarca, *Cancioneiro*, entre outros textos. A palabra na súa medida xusta, o idioma en todo o seu frescor e galanura, a imaxe lírica ben medida para que non apague a historia senón que a potencie e eleve. Estas son as artes e as sabedorías do seu autor.

Esta é unha novela feita sen contemplacións, que pode tanto resultarlle aborrecible ao lector nunha primeira aproximación como doada e comprensible, pero dificilmente, en ningún dos casos, vai provocar indiferenza, porque as súas voces, as voces que se van facendo cargo do relato ao longo das 296 páxinas, sexan as dos protagonistas principais en forma de monólogo interior, ou sexa a do narrador en terceira persoa omnisciente –na segunda parte da novela– resoan todas, como di o propio escritor, dende un recanto interior, autente, visceral e, dende logo, nada frío. Esta novela foi escrita sen filtros formais, de xeito que o seu autor aborda unha historia singular, especialmente orixinal, sen preocuparse de cometer excesos nas recorrencias expresivas, procurando o cerne das accións e reflexións das súas personaxes mesmo a expensas de calquera estilo previsible ou supostamente correcto e decoroso. Aquí vaise ao directo sen miramentos. Aquí nárrase unha historia, que impregna a mente do lector con imaxes ben definidas, aínda que, por suposto, abertas á recreación personalizada. Neste relato hai moito instinto criminal e polo tanto moita culpa, porque, de partida, os seres humanos viven na frustración, atrapados polas turbias consecuencias do seu baleiro interior e dos seus impulsos irracionais. Os únicos que non sofren por darlle satisfacción ao seu instinto asasino –maquinal– son o coches, que aparecen nesta novela como seres malignos dotados dunha vontade allea a toda moral. Pero quizais os coches, inimigos dos seres humanos, non sexan outra cousa que a expresión dun estilo de vida baseado no consumo, na supervivencia individual, egoísta e insolidaria, na crúa oposición de intereses materiais, no culto ás aparencias e na falta total de sentimentos.

C. Agora pensa nun libro que liches ou nunha película que viches e elabora unha recensión seguindo os modelos vistos.



UNIDADE 4

A vida é puro teatro


Nesta unidade imos escribir unha escena para unha obra de teatro. Para iso, imos aprender:

◆ *marcadores e construcións temporais:* ***mentres***, ***mentres tanto***, ***ao + infinitivo*** ◆ *algunhas perífrases verbais:* ***volver + infinitivo, seguir + xerundio…*** ◆ *a describir accións con adxectivos, xerundios e adverbios* ◆ *verbos pronominais* ◆ *a describir os movementos e a situación de persoas e cousas* ◆ *a describir estados de ánimo* ◆ *a falar da postura corporal* ◆ *algúns usos de* ***pór/poñer***, ***botar*** *e* ***quedar*** ◆ *vocabulario do ámbito do teatro e de actividades cotiás*

1. A FIESTRA BALDEIRA

A. Le o resumo e a escena da obra *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste, que aparecen a continuación. En que cres que consiste o cadro? Que motivos pode haber para que non lles guste aos protagonistas? Coméntao cos teus compañeiros.

- Non sei, seguro que é un retrato da familia de don Miguel.



DON MIGUEL, antigo mariñeiro que fixo fortuna no Brasil encárgalle un cadro ao pintor Antonio. Conversa coa súa muller Balbina acerca do contido do cadro.

SEGUNDO LANCE

Na casa de don Miguel e na mesma sala. Vai caendo o sol e, cando rematen as escenas derradeiras, será xa anoitecido. Don Miguel e dona Balbina. Ela sentada. El, caviloso, vai dunha banda á outra.

DON MIGUEL: Eu coido que o pintor ten razón en se opoñer. Un pintor non é un xastre remendafoles.

DONA BALBINA: Faiche o retrato de balde?

DON MIGUEL: Que xeito tes de discorrer, Balbina. Non me fai o retrato de balde, pero cando llo encarguei non lle puxen esas condicións que agora se vos antollan.

DONA BALBINA: Pois que cobre o seu traballo, o que fixo e mailo que agora se quere que faga. Pero empeñarse en nos deixar un cadro que non nos guste...

DON MIGUEL: Se el non se empeña, Balbina! El, xa o dixo, está disposto a levar o cadro, mais non a emendalo, aínda que lle enchamos os petos de ouro.

DONA BALBINA: Levalo el! Para mostrarllo a quen se queira rir á nosa conta! Non. Primeiro págaselle e ráchase. Ou chámase outro pintor para que faga a emenda.

DON MIGUEL: E coidas ti topar outro pintor que, en sabendo a historia ou en vendo o cadro, queira remendalo? Mira Balbina que os artistas de hoxe poden non ter moi listas as loanzas para a obra dos demais, pero poñerlle man... Como non queiras que chame a calquera pintaportas...!

DONA BALBINA: Eu o que digo é que non fuches dabondo enérxico. Dándolle a razón en todo, como había de che facer caso? Cando veña outra vez, falo eu con el.

DON MIGUEL: (*Alarmadísimo*) Non, Balbina, non. Falareille eu do xeito máis arroutado que poida, pero ti non. (*Mira o reloxo*) Coido que xa non tardará en vir. (*Pausa*) Como non viría hoxe Baldomero? Nin onte, nin noutronte. Cantos días hai que non vén? (*Cismando*) Catro. Si, catro. A última vez que falamos non era o de sempre. Nin sequera me quixo aconsellar niso da emenda. Foise escapulindo, escapulindo, e nada me dixo.

DONA BALBINA: Que falla nos fai o seu consello? Ese Baldomero vaime parecendo máis raposo e, sobre todo, máis grusmia, do que sempre coidei.

DON MIGUEL: Grusmia! Onde se lle veu endexamais a envexa a Baldomero? Grusmia de que e de quen?

DONA BALBINA: Ben sei o que falo.

DON MIGUEL: E que diaños tería que ver iso que dis que sabes con ese cadro?

DONA BALBINA: Ben sei o que falo.

DON MIGUEL: Remataredes virándome tolo. As cousas ruíns, que non se poden dicir ben claras porque a vergoña non deixa dicilas, deixádelas abicar e agachádelas deseguida co empeño de que eu pola miña conta entenda o que non quero entender. Porque non quero ter ese entendemento, Balbina! (*Preocupadísimo*) Grusmia, grusmia...

DONA BALBINA: Xa sei que non queres entender nada. Vivir ás escuras e moi contento é o que fai a túa gloria. E mentres...

DON MIGUEL: Outra vez... Mentres, que!

DONA BALBINA: Mentres, vante rodeando os afagadores, rabuñando os grusmias e desprezando a xente soberbia.

DON MIGUEL: Coidarás que te entendín. Afagadores, grusmias, soberbios...

DONA BALBINA: Xa me dará a razón o tempo. (*Silencio longo e resentido*).

B. Agora le o seguinte fragmento e descubrirás en que consiste o cadro. Coincide con algunha das túas predicións?

PRIMEIRO LANCE

Na casa de don Miguel, vello de boa planta que foi mariñeiro na súa mocidade e fixo despois fortuna no Brasil. A súa indumentaria –traxe azul, botinas longas e esguías, camisa ocre de punto con gravata do mesmo tecido, e boina que ata na casa leva posta– recorda, o mesmo que as súas estreitas patillas wagnerianas, a moda mariñeira do seu tempo. Non lonxe dunha grande fiestra por onde se ve a ribeira, as lanchas coas velas ou as redes postas a secar, o peirao vello e os montes esvaecidos por unha brétema liviá –galope azul da outra banda do mar– parola don Miguel co señor Baldomero, antigo e sabio mariñeiro que hai moitos anos foi con el á escola.
(...)

DON MIGUEL: (*Mirando o cadro de preto, despois de obter algún convencemento íntimo*) De preto, ben. (*Afástase e repite o xogo*) De lonxe, ben. (*Como xa non se pode afastar máis mira o cadro polo anteollo do revés*) Dende máis lonxe, ben.

(*Entra dona Balbina*)

Balbina! Balbina! (*Lévaa preto do cadro. Interrogante*) De preto, ben, non?

DONA BALBINA: (*Como se non estivese moi convencida, pero compracente*) Non está mal, non.

DON MIGUEL: (*Arredando á súa muller do cadro*) E de lonxe?

Dona Balbina: Non me desgusta.

DON MIGUEL: (*Dándolle o anteollo*) Mira agora dende máis lonxe, (*Dona Balbina colle o anteollo asombrada*) si, co anteollo. (*Véndoa perplexa*) Do revés....

(*Dona Balbina rise, mais como ten algo que lle pedir ao seu home, cede con resistencia agarimosa*)

DONA BALBINA: (*Mirando polo anteollo*) Non che abonda toleares ti. Queres que os demais toleen tamén. Vaia, ségueme gustando, (*Deixa o anteollo*) pero poida que non lle viñese mal unha emenda...

DON MIGUEL: (*Entre inquedo e ledo*) Cal?

DONA BALBINA: Cal ha de ser? A que che dixo Donosiña. A que che acaba de dicir hai un pouco.

DON MIGUEL: (*Con sorpresa*) Donosiña non me falou de ningunha emenda!

DONA BALBINA: Faríaste o desentendido, que ela ben claro falou...

DON MIGUEL: Escoita, Balbina. Eu xa vos teño dito que son moi rudo de entendemento. Eu sei que dúas e dúas son catro, pero se para mo dar a entender vos contentades con chiscarme un ollo, abofé que non entendo lisca. Son moi rudo.

DONA BALBINA: Raposón! Vaia, ti queres ou non que lle quiten a fiestra ao cadro?

DON MIGUEL: Donosiña non me falou de lle quitar a fiestra.

DONA BALBINA: (*Fuxindo de preitos*) Supoñamos que non. Fáloche eu. Canto mellor non lle quedaría un fondo de xardín fidalgo ou cousa de xeito semellante! Ademais esa fiestra, véndose as lanchas, o peirao, as redes...

DON MIGUEL: Gústame moito.

DONA BALBINA: (*Seria, reconcentrada e agarimosa*) Porque tes os ollos pechados. Ninguén, non sendo ti –que se non es rudo es confiado de máis– ignora o que o pintor vén dicindo con esa fiestra.

DON MIGUEL: E que vén dicindo?

DONA BALBINA: (*Reprochadora e cariñosa*) Babián, babián... Vaia dunha vez: vén dicindo que fuches mariñeiro. Iso é.

DON MIGUEL: (*Moi abraiado pola dialéctica, pero comprendendo*) E non o fun? E non o son aínda por dentro?

DONA BALBINA: Contigo non hai quen poida. Mellor verías a casa asolagada polas bágoas de Donosiña que darlle gusto en cousa tan pequena. (*Confidencial*) Ti coidas que sería ben, cando deamos consentimento para que Mariñas entre na casa, ao lle mostrar ese retrato con esa fiestra que o está dicindo todo? Ben certo é que Mariñas está perdido pola nosa nena, pero as cousas...

DON MIGUEL: (*Serio. Serio de vez*) Abonda. Que veña Donosiña.

DONA BALBINA: (*Agradecida, pero non moi segura*) Xa sabía eu que...

DON MIGUEL: Abonda. Que veña Donosiña.

DONA BALBINA: (*Indo buscar a Adelaida*) Porque ela non o fai por ela. Faino tamén por ti. O seu triunfo ao fin é teu... O seu señorío...

DON MIGUEL: (*Furioso, conténdose*) Abonda! Que veña Donosiña!

(*Mentres desaparece dona Balbina, don Miguel pasea alporizado. Detense cando entra Adelaida coa nai*).

DON MIGUEL: Di, Donosa, o que queres.

ADELAIDA: Cantas veces quere que llo digan?

DON MIGUEL: Di Donosa, o que queres.

DONA BALBINA: Dío, rapaza.

ADELAIDA: (*Medio a cantar como por burla mimosa*) Quero que en troques desa fiestra, que xa sabemos o que vén dicindo, leve o cadro outro fondo máis señor.

(*Cun falar máis espido e cortante*)

Ter fachenda da pobreza de onte ou de hoxe é ter fachenda ben cativa. E máis cando hai outras cousas por diante...

DON MIGUEL: Non fagas frases enleadas e bonitas a conta do que me custou deixar de ser pobre para que ti aprendeses, con mestres que eu non tiven, a facer frases enleadas e bonitas. Eu non teño fachenda da pobreza. Nin sequera do esforzo que me custou saír dela. Sinto, si, un certo orgullo alá por dentro, pero bah!, ben pouco, Deus ben o sabe, e que a ninguén ofende. Escoita: ter sido mariñeiro é para min algo máis, moito máis, que ter deixado de ser pobre. Pero iso ti non o entendes, porque tampouco os teus mestres, pobre de min, o entenderon nunca. (*Vendo a Donosiña chorar*) Non chores, non chores, que iso non é ser tenra nin boíña. Se o foses, non me farías endexamais ese agravio que... Abonda! Vaite.

C. En grupos, por que non facedes unha lectura dramatizada do fragmento que aparece na sección **B**?




Rafael Dieste (Rianxo 1899 – Santiago de Compostela 1981) foi un dos grandes dramaturgos galegos, xa que tentou a renovación da escena galega. Con quince anos interrompeu os seus estudos para viaxar a México, onde vivía un irmán seu. De volta a Rianxo, iniciouse na literatura xunto co seu amigo Manuel Antonio e, da man de Vicente Risco, no federalismo e nacionalismo. Colaborou con varios xornais como o *Faro de Vigo* ou *El Pueblo Gallego* e en 1926 publicou o libro de relatos *Dos arquivos do trasno*. En 1932 trasladouse a Madrid e, durante a Guerra Civil, formou parte da Alianza de Intelectuais Antifascistas e foi director do Teatro Español. Ao final da Guerra Civil, despois de estadías en diversos países, instalouse en Bos Aires e, de 1948 ata 1952, aceptou un posto de lector de Lingua e Literatura Española na Universidade de Cambridge. En 1954 regresou a Bos Aires, onde apareceu a versión definitiva da súa obra de teatro *A fiestra valdeira* (1958). En 1961 volveu a Rianxo onde permaneceu ata a súa morte. En 1970 ingresou na Real Academia Galega.

2. FRAGMENTOS

A. Estes fragmentos pertencen a diferentes obras de teatro galegas. Fíxate nas didascalias e completa o cadro.

FRAGMENTO 1. *Don Hamlet*, de Álvaro Cunqueiro.



XORNADA PRIMEIRA

(...)

O coro baixa despacio polas escadeiras. Un fato de xentes escuras, sin idade nin sexo, que visten roupas pardais ou da color do fume e do mofo, que arrimadas ás paredes se confunden coela. A parte do Coro vana decramando, como por turno, as xentes estas, adiantándose do mesto grupo pra decila, e voltando presto a anónimo. Voces, as do Coro, súpetas unhas, apaixoadas outras, outras graves e refrexivas.


ESCENA I

O CORO

Deténdose na mitade da escadeira, apoiando as mans na varanda.

¡Benvidos a Elsinor, señores! Aquí en Elsinor todo temos pechado por mor do vento. Non hai no mundo lugar máis venteado que Elsinor.


FRAGMENTO 2. *Zardigot*, de Euloxio R. Ruibal.



Subitamente, entran o Capitán e mais o Sarxento. Póñense a "cheirar" pola casa. Logo silencio.


Xaquín: Non teñen dereito...
Capitán: Chissss... (*Nesta escena, falará sempre con voz monótona, sen subila xamais*) Hai un anaco, estivo aquí o Lagorcio...
Xaquín: Aquí non estivo ninguén.
Sabela: (*Moi medoñenta*) Que foi papá? Que queren?
Sarxento: Ti vén para aquí, bolboretiña. E cala... As rapazas estades máis boniteiras así... (*Apértalle os beizos con forza*)

FRAGMENTO 3. *Comedia bífida*, de Manuel Núñez Singala.



San Pedro: (*Rápido, sen apenas escoitar o seu interlocutor*) Non señora, isto non é unha lavandaría industrial. Tan difícil é entendelo? (...) Eu que sei, pois merque unha lavadora. (*Colga, brusco, a punto de perder os papeis.*) Ben... (*De súpeto, vendo o Arcanxo que continúa en transo.*) E ti que fas aí de xeonllos? Levanta, ho. (*Fai un par de inspiracións profundas para recuperar a calma e retomar o fío*). Ben, sendo así deixámolo visto para sentenza. A acusada pódese retirar. (*Entran un par de anxos que custodian a Diña e a acompañan ata a sala*) Agardará fóra ata que o xurado tome a súa decisión. (*Aos membros do xurado*) Advírtolles que, para axilizar os trámites, non se pronunciarán agora, senón ao final da vista, cando xa teñan pasado por esta sala todos os acusados. Iso tamén lles proporcionará tempo para a reflexión.

FRAGMENTO 4. *As actas escuras*, de Roberto Vidal Bolaño.



Entra Rosarito

Rosarito: ¡Xa está ben, Casiano! ¡Déixao tranquilo!
Don Mauro (*a Casiano*): Nen caso, sobriño. Mira se garda o que eu penso.
Rosarito: ¡Tanto sentido ten un coma o outro! *Abre a carpeta e mira o que contén. Son unha chea de papeis soltos, escritos á présa. E un fato de folios lacrado de caligrafía coidada e aliñación precisa.*

	COMO?
O coro baixa polas escaleiras	
As xentes estas van declamando a parte do coro	
O coro deténdose na metade das escaleiras	
O Capitán e mais o Sarxento entran	
O Capitán falará	
Sabela pregunta	
San Pedro contesta ao teléfono	
San Pedro colga o teléfono	
Os papeis soltos foron escritos	

B. Recolle as palabras que escribiches en **B** e clasifícaas, no teu caderno, segundo a súa categoría gramatical.


ADVERBIO/LOCUCIÓN ADVERBIAL
ADXECTIVO
XERUNDIO
PREPOSICIÓN + NOME
PREPOSICIÓN + INFINITIVO

3. CON SE, SEN SE OU CON LLE?

A. A partir dos debuxos, inventa unha continuación para cada unha das seguintes frases.



1. Susa agóchase ....
....



2. Susa agocha ....
....



3. Susa agóchalle ....
....



4. Susa érguese ....
....



5. Susa ergue ....
....




6. Susa érguelle ....
....



7. Susa tírase..
....



8. Susa tira ....
....



9. Susa tíralle ....
....

B. Lembras algún outro verbo que pode funcionar como os da actividade anterior? En parellas, creade frases nas que se evidencien os tres significados. Logo, contrastádeas coas dos demais compañeiros.

4. NO ESCENARIO

Entre estes dous momentos dunha obra teatral só pasaron uns segundos. Que cambiou? Que non?



- Poñerse de xeonllos/Axeonllar
- Arrimarse/Achegarse
- Poñer/Quitar algo
- Botar(se) a rir/chorar
- Seguir facendo algo
- Deixar de facer algo
- Erguer/Levantar



- *Na primeira escena, o home está de pé; na segunda...*

Describir accións

Para precisar como se realiza unha acción, podemos empregar varios recursos.

ADVERBIOS

- **Saíu amodiño** en canto nos viu chegar.
- Arrimouse e **bicoulle rapidamente** a cara.

ADXECTIVOS

- Sempre **volve triste** do traballo.
- Iria **miraba curiosa** a todos os invitados.
- **Impaciente, colle** o teléfono e **marca**.
- **Recolle** os folios **desconcertada** e volve poñelos no escritorio.

XERUNDIOS

- **Entra** don Camilo pola dereita **levando** varios paquetes.
- **Chorando, abandona** a escena e métese no camerino.

CON/SEN + SUBSTANTIVO

- **Con desgana, érguese** e marcha.
- **Mírao sen medo** e dille toda a verdade.

SEN + INFINITIVO

- Nunca **cruces** a rúa **sen mirar**.
- **Decidiuno sen pensar.**

Perífrases verbais

Volver + infinitivo (= facer outra vez)
- Se **volves falarme** así, marcho.

Acabar de + infinitivo (= ocorrer nun pasado moi recente)
- **Acabas de chegar** e xa pensas saír de novo?

Deixar de + infinitivo (= interromper algo)
- Dende que **deixei de fumar** síntome moito mellor.

Botar(se) a + infinitivo
Poñerse a + infinitivo (= comezar a facer algo)
- Nada máis chega á oficina, Suso **ponse a dar** ordes a todos.
- En canto lle dixen que marchaba, **botouse a chorar**.

Seguir + xerundio (= continuar cunha acción)
- Xaime **segue saíndo** con Marisol, a súa primeira moza.

Dar en + infinitivo (= coller o costume de facer algo)
- Agora Eva **deu en chamarme** todas as noites para contarme a xornada.

Andar a + infinitivo
Andar +xerundio (= prolongar unha acción no tempo)
- Filipe **anda a botar/anda botando o millo**.

Levar + xerundio (= ocorrer unha acción dende hai certo tempo)
- Antón e Ana **levaban vivindo** tres anos xuntos e decidiron casar.

Levar + participio (= indicar que unha acción ocorreu en varias ocasións ou que se trata dun proceso continuado)
- **Levo visitado** esta vila unhas cantas veces.
- Como Ana **levaba feita** só a metade dos deberes, súa nai non a deixou ir xogar.

Dar + participio (= indicar a imposibilidade ou dificultade de rematar ou cumprir unha acción)
- Non sei se **darei feito** isto antes do xantar.

Vir a + infinitivo (= indicar a solución ou o resultado final dunha acción ou proceso)
- Pois o rapaz que coñecemos naquelas vacacións en Cangas **veu a ser** un grande amigo meu.

Ter + participio (= indicar a reiteración dunha acción)
- **Téñoche dito** mil veces que non vaias a esa discoteca.

! Nas perífrases con participio, é posible que este se flexione, concordando co complemento.
- ***Levo lidas*** *trinta páxinas deste libro.*
- *Non* ***darás rematada*** *a tese antes da voda.*

Non obstante, co verbo **ter**, cando o participio concorda co complemento, non se trata dunha perífrase, senón do seu emprego como adxectivo.
- ***Teño feito*** *esta ruta outras veces. (perífrase)*
- *Xa teño* ***terminados*** *os informes. (adxectivo).*

Tampouco se consideran perífrases as construcións nas que o participio concorda co suxeito, funcionando como un predicativo deste.
- *Miña nai leva* ***ocupada*** *todo o día.*
- *Os nenos seguían* ***espertos*** *cando volvemos da festa.*

Estados de ánimo

Para expresar sentimentos ou estados de ánimo podemos empregar, entre outros, os seguintes adxectivos, que poden aparecer co verbo **estar** ou acompañando unha acción.

desolado/a	apesarado/a	nervioso/a
impaciente	alarmado/a	ledo/a
amouchado/a	contrariado/a	descomposto/a
tímido/a	sorprendido/a	entusiasmado/a
malhumorado/a	alegre	alterado/a
enfadado/a	triste	molesto/a


- ***Enfadada****, levántase e marcha.*
- *Ana estes días* ***está moi nerviosa****. Non sei o que lle pasa.*

Postura corporal

estar	sentado/a, agachado/a, deitado/a boca arriba, boca abaixo de pé, de xeonllos de crequenas

Mudanza de postura


Está sentado/a


Ponse de pé/Levanta



Séntase



Queda sentado

estar/quedar	de pé, de xeonllos, de perfil, de costas... sentado/a, deitado/a...
poñerse	de pé, de xeonllos boca arriba, boca abaixo en crequenas

Moitos verbos que expresan movemento e mudanza de postura son reflexivos, polo que se combinan cos pronomes **me/te/se/nos/vos/se**.

achegarse	arrimarse	afastarse
deitarse	poñerse de pé...	erguerse
sentarse*	tirarse	moverse
inclinarse	axeonllarse	darse a volta

* O verbo **sentar** admite o emprego con ou sen o pronome reflexivo:

- ***Sentou*(*se*)** *no sofá e botou varias horas lendo.*

Usos de pór/poñer(se)

Este verbo, entre outros usos, combínase con adxectivos para expresar mudanzas que adoitan ser temporais e referirse á saúde, ao estado de ánimo ou ao aspecto físico. Xeralmente ten un emprego reflexivo, pero nunca cando é equivalente a *vestir*.

- **Ponse** de pé e comeza a andar.
- Sempre **se pon** enfermo cando chega o outono.
- Por que non **pos** esa camisa?

Usos de botar

- Por que non **botas esa saia** no cesto? (= deixar caer algo nalgún sitio)
- A roseira do xardín acaba de **botar novos abrochos**. (= producir ou xerar unha nova parte)
- **Botárono da empresa** porque sempre se metía nalgún enleo. (= obrigar ou facer marchar dalgún lugar)
- Mañá pola tarde a nova canle **bota un concurso** que nos gusta. (= emitir algo un medio de comunicación)
- **Botou tres días** na aldea cuns parentes. (= permanecer ou investir algún tempo en algo/algún lugar)
- Terei que **botar un discurso** na festa de inauguración da tenda. (= proferir, dicir ou pronunciar)
- **Bótalle esta crema** á ferida da perna. (= aplicar)
- En canto viu que a filla corría perigo, **botouse á auga** para salvala. (= lanzarse ou precipitarse bruscamente)
- **Cantos años lle botas** a Brais? (= supoñer ou calcular)
- A vindeira semana xa comezaremos a **botar o millo**. (= plantar, sementar)
- Este ventilador **non bota moito aire**, non? (= deixar saír de si, desprender)

Dous usos de quedar

Quedar, á parte doutros valores e significados, pódese combinar con adxectivos e participios en función de adxectivos, expresando o paso a un novo estado.

- *Cando viu a serpe, Marta **quedou paralizada** de medo.*
- *Cando Xulia marchou, **quedei** moi triste.*

Polo xeral, **quedar** non se usa co pronome reflexivo, aínda cando teña o significado de "permanecer".

- *Os meteorólogos recomendan que a xente **quede** na casa debido aos fortes ventos previstos. (= permanecer nun lugar)*
- *Onte **quedei estudando** na biblioteca ata as doce. (= permanecer desenvolvendo unha actividade)*

Marcadores modais e temporais

Para indicar que unha acción se produce de maneira inesperada ou brusca, empregamos **de pronto, de repente** ou **de súpeto**.

- *Marta está lendo cando, **de súpeto**, aparece unha figura misteriosa en escena.*

Para falar de accións que ocorren simultaneamente podemos empregar **mentres**, **mentres tanto** ou **ao** + **infinitivo**.

- ***Mentres** cea, ve o telexornal.*
- *Esperei media hora na consulta do médico e, **mentres tanto**, lin o último acto da peza.*
- ***Ao saír** da oficina deime de conta de que me quedaran as chaves.*

5. E TI? QUE FAS?

Estes son algúns dos costumes de Antonio. Coincides con el en algo? Coméntao cun compañeiro.



- **O primeiro que fago ao erguerme é** poñer as lentes.
- **Lavo os dentes** mirándome ao espello.
- **Poño a cafeteira ou a teteira e, mentres tanto**, dúchome.
- **Sempre almorzo** de pé escoitando as noticias da radio.
- **Ao saír da casa**, sempre pecho a porta con chave.
- Acostumo facer pasatempos **mentres vou en tren ou en autobús á facultade.**
- **Ao chegar á clase,** sempre saúdo aos meus compañeiros dándolles a man.
- **Ceo** sentado no sofá vendo a tele.
- Cando me deito, normalmente **quedo durmido lendo un libro.**
- Adoito falar **mentres durmo.**

- *Pois eu ao erguerme, o primeiro que fago é...*


6. COMO O INTERPRETAS?

A. En parellas, interpretade por quendas as seguintes frases nas diferentes situacións que se propoñen. O compañeiro terá que adiviñar a cal corresponde a vosa interpretación.

1 Abres a ventá?

a. Estás morrendo de calor. (Irritado/a)
b. Non queres que abran a ventá porque tes frío. (Sorprendido/a)
c. Acabas de erguerte, tiveches un pesadelo e o cuarto está a escuras. (Angustiado/a)





2 Por que non marchas?

a. Acabas de pelexar cun amigo. (Enfadado/a)
b. Un amigo ten moitos problemas e aconséllasle cambiar de aires. (Amable)
c. A un amigo ofrecéronlle un traballo fantástico noutro país e non quere ir. (Estrañado/a)

3 Non me asustes!

a. Un amigo sorpréndete polas costas dando un berro. Ti odias ese tipo de bromas. (Malhumorado/a)
b. Dinche que che tocou a lotaría. (Alegre)
c. Acábaste de mudar a unha casa moi antiga e dinche que hai pantasmas. (Angustiado/a)





4 Non podo máis!

a. Acabas de comer tres pratos de callos. (Farto/a)
b. Queres divorciarte. (Desesperado/a)
c. Estiveches facendo deporte toda a tarde. (Derreado/a)



B. Agora vas escoitar as frases anteriores. A que situacións corresponden?

7. DIDASCALIAS

A. En grupos de tres, escollede un destes fragmentos da obra *Limpeza de sangue* de Rubén Ruibal e escribide as didascalias nos vosos cadernos. Dous serán os intérpretes e un o director. Preparade a escena para representala na aula.



Limpeza de sangue
Escena 1

CLEMENTE: Que pasa, neno? Viches un fantasma?
FERNANDO: Case, case. Como che vai?
CLEMENTE: Veña, colle. De balde, por ser o primeiro.
FERNANDO: Dende cando estás fóra?
CLEMENTE: Hai xa dúas semanas.
FERNANDO: E onde estiveches metido?
CLEMENTE: Aquí.
FERNANDO: Nin baixaches a dicir ola.
CLEMENTE: Nin ti subiches. E estamos á mesma distancia. Catro pisos para arriba ou catro pisos para abaixo.
FERNANDO: Non sabía que estabas fóra. Eu ademais non subo para nada.
CLEMENTE: Si que baixei, neno. Pero non estabas. Falei con Mucha. E vin a pequena. Está moi curriña.
FERNANDO: Esa tía está fodida da cabeza, non me dixo nada.
CLEMENTE: Pasaríaselle.
FERNANDO: Pasaría, si.
CLEMENTE: Onde te metes ti, a que andas?
FERNANDO: A nada. Estaría no hospital cando viñeches. Teño que ir tres veces á semana.
CLEMENTE: O bicho? Eu tamén. Pero paso de médicos. Pastillas e ao carallo. Nin penso niso. É o mellor.
FERNANDO: Non, non é o bicho. É unha historia do ril. Paso horas enganchado a un maquinucho.
CLEMENTE: Traballas?
FERNANDO: Non. Estou buscando. Así.

Limpeza de sangue
Escena 2

DON ANSELMO: O que non pode ser é que algúns esteamos arriscando o nome para sacar catro pesos. Cada vez somos máis a repartir e son menos os beneficios. E isto ten que empezar dende abaixo, evidentemente.
PANTALEÓN: Claro que si, pero eu non podo levar todos os asuntos pola miña conta, e o inspector que contrataron este trimestre non quere participar.
DON ANSELMO: Iso é pasado, díxencho por teléfono. Cando se lle acaba o contrato?
PANTALEÓN: Antes do verán.
DON ANSELMO: Pois non se lle renova, faise todos os días en centos de empresas. Non é fácil?
PANTALEÓN: Non tanto, o director da oficina foi quen o recomendou. Ademais fai falta persoal, estamos inspeccionando moi preto do límite mínimo. Se reducimos o número de parámetros controlados imos ter problemas que xa non van poder resolverse dentro da empresa.
DON ANSELMO: Coñeces alguén que se poida adaptar ao posto e, sobre todo, ás circunstancias?
PANTALEÓN: Agora mesmo non se me ocorre ninguén.
DON ANSELMO: Pois temos que aumentar a túa carga de traballo.
PANTALEÓN: Estou...!
DON ANSELMO: Déixame rematar! E tamén a túa porcentaxe. Ou tes algunha idea mellor?
PANTALEÓN. Si.
DON ANSELMO: A ver.
PANTALEÓN. Por iso lle dixen que tiñamos que vernos.
DON ANSELMO. Pois aquí me tes. Estou escoitando.

Limpeza de sangue
Escena 5


ALICIA: Ola, Carme. Moi cedo chegaches.
MUCHA: Dixéchesme que viñésemos ás oito e media e xa son as nove menos cuarto.
ALICIA: Ai, pois si. Esquecín avisarvos. E creo que don Luís non te vai atender, está con outro paciente novo e vai tardar. Pero se non queres esperar moito non te preocupes, que en canto remate isto xa che digo eu os resultados. E logo Fernando non veu?
MUCHA: Non.
ALICIA: Non estará ingresado?
MUCHA: Non
ALICIA: Estaba ocupado?
MUCHA: Non sei onde está. Supoño que na da súa nai.
ALICIA: E logo?
MUCHA: Discutimos.
ALICIA: Don Luis, está aquí a muller de Fernando... Fernando Sánchez, o... Fernando Sánchez... Ese. Quere que espere ou podo mirarlle eu as analíticas? Ahá. Non. Vale.
ALICIA: Está aberto.
MUCHA: Abrino eu.
ALICIA: Pois moi malo.
MUCHA: Que máis ten, non entendo nada.
ALICIA: Para iso está o persoal sanitario. Se todo o mundo entendese as analíticas nós estabamos no paro. Ou ti non sabes dar vez por teléfono e apuntar nunha axenda? Oh. Aquí saen algunhas cousas estrañas.
MUCHA: Si.
ALICIA: Quero dicir que hai índices que poden ser provocados pola súa doenza ou ser efecto dalgún axente externo.
ALICIA: Sabes se recaeu ultimamente?

B. Cal foi a mellor representación?

8. OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE

Aquí tes a sinopse, o primeiro acto e o final da primeira peza das tres que forman esta obra teatral de Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Tras lelos, imaxinade unha escena desta obra e escribídea en pequenos grupos. Na nota da dereita, atoparedes algunhas suxestións por se non sabedes moi ben sobre que escribir.

- Saturio, o Boticario tenta namorar con Lela, unha moza nova.
- A Morte, disfrazada de mendicante, pídelle ao boticario un remedio para curar a súa doenza: namorouse dunha rapaza nova.
- Lela e o Caribineiro namoran diante das mulleres da vila.
- Saturio morre e conversa coa Morte sobre os consellos desta.



OS VELLOS NON DEBEN DE NAMORARSE

Foi estreada en 1941 en Bos Aires e é, posiblemente, a obra teatral galega máis representada.

Sinopse: Saturio, vello boticario, dá en namorar con Lela, unha moza guapa e engaiolante. Lela, aínda que se entende co Carabineiro, dille que o ha de pensar malia que recea do que poidan pensar as irmás solteiras do boticario. A Morte, disfrazada de mendicante, visita a botica e dille a Saturio que anda con mal de amores, por ser vello e namorar unha rapaza nova. Saturio non quere entender o consello e ao final da peza morre queixándose á Morte de que non o avisase a tempo.

LANCE PRIMEIRO

Personaxes

- O BOTICARIO *Vello namoradizo, que ten, ademais, a desgracia de chamarse Saturio.*
- LELA *Moza requentada na súa propia malicia.*
- O CARABINEIRO *Catador de lupanda, disposto a unha nova vida.*
- AS IRMÁNS DO BOTICARIO *Catro ánimas do purgatorio, envrulladas en roupa negra.*
- A MORTE *O máis tirán de todos, disfrazado de mendicante.*
- MULLERES *Dez bocas con alferrón.*

Tódolos persoaxes levan careta.

ESCENA I

A escena desenrólase na botica. Cando se ergue o pano, aparece Lela debruzada no mostrador, apreixando unha botelliña na man, e o boticario –tamén debruzado– a falar con Lela. Trátase de representar un palique amoroso.

LELA Eu non sei que me dá este home... porque xa fai moito tempo que debía estar na casa.

O BOTICARIO Pois calisquera día douche un feitizo de namorar e vólvoche toliña. ¡Como me chamo Saturio que o fago!

LELA ¡Eso sería unha traiduría...!

O BOTICARIO ¡Así Deus me salve como che reviro o sentido cun bebedizo!

LELA ¡Con non tomar xaropes desta botica...!

O BOTICARIO Tamén che podo dar polvos seguidores, ou píldoras de malicia, que son máis ardentes.

LELA ¡Vaites, vaites con Don Saturio, que quer chegar polo atallo...! ¿I entón, vostede xa non atopa maneira de me namorar polas boas...?

O BOTICARIO Os peixes e as mulleres cóllense con artimañas. ¡E como eu xa vou indo algo vello...!

LELA Un vello raposo e con moita experiencia; pero a min non me colle, non. Se fose un boticario legal e honrado... veríamos.

O BOTICARIO Pois... queréndome polas boas xa non che fago a traiduría. ¡Ti escolle!

LELA Tanto como querer aínda non o dixen eu; pero, ¡quen sabe...! Desprecei moitos mozos –¡ai, eso si!– porque os amoríos gastan o corazón e chuchan o siso. A min gostaríame un home... un home...

O BOTICARIO Un home feito e dereito, con cabeza ben asisada.

LELA Para casar non me levaría ningún tulitates.

O BOTICARIO Entón eu son o tal.

ESCENA VII

(...)

TODAS ¡Ai, Saturio! ¡Saturio! ¡¡Saturio!!

A música vaise afastando. As irmáns do boticario a penas teñen folgos para choraren enroquecidas.

IRMÁN 1ª ¡Adeus para sempre, quentura do noso inverno!

IRMÁN 2ª ¡Adeus para sempre, puntal da nosa vellez!

IRMÁN 3ª ¡Adeus para sempre, pan e viño da nosa mesa!

IRMAN 4ª ¡Adeus para sempre, botica dos nosos pesares!

As catro irmás do boticario fican esmorecidas no peitoril das fiestras, saloucando as derradeiras verbas de despedida.

TODAS *En desorde.* Adeus irmán! Saturio! Saturio! Adeus para sempre! Irmanciño querido! Adeus! Adeus!

A música xa está lonxe.

Cae o pano



Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo 1886- Bos Aires 1950), fillo de mariñeiro, foi o grande intelectual de Galicia e un artista comprometido e polifacético, xa que cultivou o debuxo, a caricatura, o ensaio e a narrativa. Aínda que naceu en Rianxo en 1890, emigrou a Arxentina coa súa familia. Volveu, non obstante, a Galicia e estudou Medicina na Unviersidade de Santiago de Compostela, malia que apenas exerceu a profesión.

En 1912 adheriuse ao movemento Acción Gallega e comezou a colaborar cos xornais *El Liberal*, *El Gran Bufón* ou *La Ilustración Gallega y Asturiana* entre outros. En 1916 foi un dos fundadores das Irmandades da Fala e en 1920 fundou a revista *Nós*, xunto con Vicente Risco e Otero Pedrayo. Seis anos máis tarde foi nomeado académico da Real Academia Galega.

En 1936 foi elixido por segunda vez deputado e participou activamente na elaboración do Estatuto de autonomía de Galicia que foi aprobado ese mesmo ano. Coa chegada da ditadura exiliouse en 1940 en Bos Aires, onde morreu o 7 de xaneiro de 1950. Os seus restos mortais foron trasladados en 1984 ao Panteón de Galegos Ilustres.

Alén da súa actividade como debuxante, publicou as obras narrativas *Un ollo de vidro*, *Cousas*, *Retrincos* e *Os dous de sempre*. No teatro publicou en 1941 *Os vellos non deben namorarse*, pero fundamentalmente, é coñecido polo seu ensaio *Sempre en Galiza* (1944), texto de referencia do nacionalismo galego.

9. MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA

A. Asistiches algunha vez a algún certame teatral? Lembras ver algunha obra que che gustase moito?

B. Le o programa dun dos días da Festa Internacional de Teatro de Ribadavia. Cal das tres obras che gustaría ver? Explícallo ao teu compañeiro.

- *A min gustaríame ver a peza Sen tren, porque me gustan as obras onde se mesturan varias historias...*

C. Coñeces algunha das compañías teatrais que participan? E algunha outra que non figure neste folleto? Se queres, busca información sobre unha compañía teatral galega e fai unha presentación na clase sobre ela.

D. Agora, en grupos de tres, ides idear unha obra de teatro. Para participar no concurso debedes enviar o elenco de personaxes e o resumo da obra. O xurado decidirá cal é a obra gañadora e xustificará o seu veredicto en función dos criterios.

Ás 18:00 h na praza Maior

Teatro de Ningures - ***Bailadela da morte ditosa***

Galicia

Autor: Roberto Vidal Bolaño. Con Fran Paredes, Sonia Rúa, Mónica Camaño, Pepa Barreiro, Santiago Cortegoso, Salvador del Río, Casilda García. Dirección: Etelvino Vázquez.

Bailadela da morte ditosa presenta seis encontros coa morte noutros tantos cadros. Son citas procuradas sempre polas personaxes e por diferentes motivos: adiantar a propia morte para fuxir do sufrimento, achegarse a ela para matar a soidade ou o fracaso, abrazala para alimentar outra vida ou acabar nos seus brazos como remate natural dun camiño xa andado.

Ás 21:00 h na Igrexa da Madalena

Os Containers – ***Sen tren***

Galicia

Actores: Alba Pazos, Fran Riveiro, Fran Godón, Alda Lozano. Dirección: Alda Lozano. Texto: AlbAdA-ccAdAbrA.

Sen tren é unha obra coral, pequenas fotos anecdóticas de coincidencias, de encontros e despedidas, de destinos bloqueados, de amor ou sentimentos que se lle parecen, de medos, historias de vidas marcadas pola espera, pola busca entre vías baleiras.

Ás 23:00 h no Castelo

Centro Dramático Galego - ***Estigma***

Galicia

Autoría: Jacobo Paz, Rubén Ruibal e Vanesa Sotelo. Dirección: Dani Salgado. Elenco: Xavier Deive, Xosé Manuel Esperante, Clara Gayo, Vicente de Souza, María Tasende.

Na illa volcánica de Estigma a vida vese ameazada polas pegadas do pasado. A desconfianza aniña no seo dunha parella, dous irmáns afrontan o destino que levan marcado na pel, unha persoa acabada de chegar investiga un masacre, e do remoto continente chega un descoñecido, nunha trama chea de suspense.



10. REGUEIFANDO

A. Sabes o que é a regueifa? Le o seguinte texto e coméntao cos compañeiros.

A regueifa

A dramatización como expresión artística e como elemento lúdico ten unha tradición secular, dende os albores do teatro, ata a representación dialogada de pasaxes bíblicas ou históricas. Pero tamén a mestura de diálogo dramático con ritmos musicais se remonta a épocas pretéritas.

En Galicia son moitas as expresións deste tipo das que se ten noticia, sempre relacionadas coa cultura popular. Pero o exemplo máis singular desta conexión entre diálogo e ritmo é a regueifa. Esta modalidade dialogada é unha disputa discursiva oral na que dúas persoas improvisan as súas intervencións e acomodan o parlamento ao do adversario. Malia a súa orixe remota –cífrase nas civilizacións romanas ou incluso celtas–, sobrevive aínda hoxe en día, aínda que con diferente función social á que lle deu o esplendor, xa que a regueifa era un bo elemento para alegrar as vodas e, ante todo, para amenizar as tarefas do campo, que adoitaban terminar coas disputas dialécticas improvisadas.

Neste sentido non resulta moi diferente a outras modalidades de expresións musicais curmáns como pode ser o hip-hop ou rap ou as disputas dialécticas dos *troveros* cubanos ou andaluces. E, ao igual que estas últimas, a regueifa trascendeu o ámbito popular, para converterse nunha arte, que en Galicia se está a recuperar. Unha boa mostra disto é a iniciativa do Centro Cultural e Veciñal de Valadares, no concello de Vigo, que leva xa máis dunha década organizando o Certame Internacional de Improvisación Oral, no que lles dan cabida ás modalidades antes referidas, por suposto, cun protagonismo importante para a regueifa.

E como a regueifa é tamén un importante exercicio de creatividade, tamén en Valadares, idearon o I Certame de Regueifas para alumnos de secundaria. Os seus promotores, os coñecidos regueifeiros Luís Caruncho e Pinto de Herbón consideran que é un boa actividade para que os rapaces exerciten o enxeño e a lingua. Nin que dicir ten que todas estas iniciativas teñen como pretensión consolidar e divulgar as diferentes modalidades de improvisación oral como expresións artísticas e que teñen os referidos regueifeiros, Pinto de Herbón e Luís Caruncho, así como o polifacético musicólogo Xurxo Souto, como algunhas das personalidades máis destacadas na actualidade.

Así é que a regueifa vai ocupando cada vez máis ámbitos do espazo cultural e, sen renunciar á súa natureza autóctona e popular, a miúdo termina mesturándose con xéneros semellantes. Deste xeito, xa non adoita ser nada extraño escoitar regueifas a ritmo de rap e rap a ritmo de regueifas. Todo sexa por botarlle un pouco de teatro á vida.



B. Buscade exemplos de regueifas en Internet. Atreveríadesvos logo a improvisar unha na clase? Tamén podedes escribila antes.



UNIDADE 5

Dixeches que o farías

Nesta unidade imos reclamar por algo co que non estamos de acordo. Para iso, imos aprender:

◆ *algunhas partículas temporais:* ***ata que****,* ***cando****,* ***tan pronto como*** *+ presente/imperfecto/futuro de subxuntivo* ◆ *usos de* ***se*** *e dos pronomes* ***me/ che/lle****... para expresar a involuntariedade* ◆ *a aludir a promesas en estilo indirecto* ◆ *a reclamar o cumprimento dun compromiso* ◆ *a formar palabras: adxectivos con prefixos, sufixos e compostos* ◆ *vocabulario do ámbito dos medios de comunicación*

1. TELEGA

A. Que canles de televisión adoitas ver? Que opinión tes sobre elas? Que tipo de programas prefires? Por que? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Case sempre vexo concursos. O que máis me gusta é...*

B. Le o texto de presentación que aparece na web ficticia da nova canle galega TeleGA. Gustaríache que houbese unha canle así? Veríala? Por que?

http://www.telega.ga

Busca

Rexístrate | Contacta | TeleGA á carta

TeleGA

A TÚA CANLE, A NOSA

A partir da próxima semana, TeleGA comezará a súa emisión en todo o territorio galego, ademais dunha canle internacional que se poderá seguir en Arxentina, México e Brasil. TeleGA é un proxecto que pretende ofrecer algo diferente para todas as franxas de idade, e na que o espectador é o auténtico protagonista da oferta televisiva.

En TeleGA apostamos fundamentalmente polo telespectador e pola interacción con el. Estimularemos a súa participación: quen teña algo que contarnos (unha crónica, unha reportaxe ou o seu punto de vista sobre a actualidade informativa) poderá enviarnos o seu vídeo, que formará parte da nosa programación semanal.

Queremos tamén que a nosa televisión vaia á vangarda das novas tecnoloxías e poida chegar ao maior número de persoas posible. Para iso, a programación poderá seguirse en internet e, polo tanto, será accesible para quen prefira acompañarnos a través da rede ou para quen, lonxe de Galicia, non poida seguirnos por televisión.

A nosa programación será sometida constantemente á valoración dos espectadores. A grella televisiva está e estará pensada para eles e, por tal motivo, recollerase todo tipo de información, a través de enquisas e cuestionarios, para saber se a oferta televisiva é do agrado do público. Ademais, habilitaremos unha caixa de mensaxes do Defensor do Espectador, para que os nosos seguidores poidan realizar todas as achegas que consideren oportunas.

Apostamos tamén por unha televisión con carácter formativo, estimulando os programas de contido cultural e de información política e social. Os nosos telexornais combinarán a actualidade informativa coa valoración e o punto de vista dos nosos principais analistas políticos. Faremos unha oferta de programación variable, na que fuxiremos da monotonía e da programación estable. Procuraremos a sorpresa do público con programas novos, diferentes e creativos, que cubran contidos televisivos inexistentes no sector audiovisual. Contaremos cun comité de regulación deontolóxico, formado por personalidades importantes do mundo audiovisual, académico e científico. Eles serán a principal garantía de que todos os contidos que se ofrezan posuirán a calidade que os nosos espectadores merecen.

E, por último, TeleGA é fundamentalmente unha televisión pensada por e para os galegos, sen esquecernos, por suposto, dos galegos que viven no estranxeiro. É unha iniciativa integramente autóctona, con patrocinios e investimentos de capital galego que nos permite, ademais, unha redución considerable das pausas por publicidade. Alén diso, os contidos centraranse na nosa realidade, da que pretendemos ser testemuñas e cronistas.

Esperámosvos en TeleGA!

2. PROGRAMACIÓN SEMANAL

A. Mira a programación de TeleGA para tres días diferentes. Cres que responde ás intencións que declararon na súa presentación? Por que? E ti, baseándote na túa programación ideal, que suprimirías e que engadirías?

TeleGA

LUNS

7.00 Informativos
9.00 Vida saudable: os alimentos transxénicos
10.00 Bo día Galicia (*magazine*)
13.00 O tempo
15.00 Ilusións (cap. 64) Sabela coñece por Rosario a traizón de Xosé María
16.00 Na sobremesa (revista de actualidade)
17.00 Queixo con marmelo. Para os máis pequenos
20.00 Atrapados na cociña (concurso)



21.00 Fóra de xogo (análise da liga de fútbol)

22.00 A película
0.30 Os teus vídeos
1.30 Á lúa de Sanxenxo

MARTES

7.00 Grandes documentais ("Galegos en Chicago")
9.00 De compras
10.00 Primeira impresión: entrevista co conselleiro de Economía e Facenda



12.00 A cociña de Antón Mourelos

13.00 O tempo
13.30 Informativos
15.00 Ilusións (cap. 65) Sabela decide verse con Andrés Eduardo
17.00 Volta Ciclista do Apóstolo
20.30 Os Ferreira (comedia)
21.50 Saber e correr (concurso de cultura xeral)
23.00 A debate: a Lei de solo urbano
1.30 A mellor sintonía (programa dedicado á música clásica)

MÉRCORES

7.00 Con lupa (Andrés López fai o comentario político da semana)
10.00 Bo día Galicia (*magazine*)
12.00 O Compás (hoxe visitamos Baños de Molga)
13.00 Infomativos
13.30 O tempo
15.00 Ilusións (cap. 66) A sogra de Sabela ten unha cita con Andrés Eduardo. Será unha trampa?
16.30 O teu taller (programa sobre bricolaxe)



18.00 Concerto


20.00 Os teus vídeos
22.00 Tolos pola música (concurso)

• *Eu creo que, en principio, cumpre a filosofía, aínda que...*

B. Imaxina que TeleGA comprou un espazo nos xornais para anunciarse. En parellas, creade a páxina publicitaria da canle.

3. OS TELESPECTADORES RECLAMAN

A. Un ano despois da presentación da canle, unha espectadora escribiulle unha mensaxe ao Defensor do Espectador na que se queixa da programación de TeleGA. Logo de lela, di cales son os aspectos que máis lle molestan.



De: amaliagarcia88@mailiño.com
Para: defensordoespectador@telega.com
CC:
Asunto: primeiro aniversario teleGA

Señor Defensor do Espectador:

A semana pasada celebraron o primeiro aniversario da súa canle con todo tipo de festexos. E non quero ser eu quen amole a súa ledicia, pero, como espectadora desencantada que son da súa televisión, non podo deixar pasar a ocasión para expresarlles a miña queixa.

En primeiro lugar, porque cando vostedes dixeron e se publicitaron como unha canle galega non deixaron moi claro a que se referían con isto. Se é unicamente ao nome da televisión, non teño máis que dicir, pero, se ao que se referían era aos contidos, teño que dicirlles que non teñen nada de galegos. Non son máis ca unha mala copia dos programas convencionais das demais televisións. E, por certo, era esa a programación innovadora que tanto divulgaron? Porque nin innova nada, nin ofrece alternativas diferentes semana tras semana.

En segundo lugar, pregúntolles: todo o protagonismo que lle ían dar ao espectador é esa trapallada de vídeos caseiros cos que nos aburren a miúdo? É esa a televisión interactiva? Ou é ese ton entre desenfadado e pedante que teñen os presentadores do telexornal? Vostedes realmente seguen a información que os espectadores lles proporcionan cando preparan a grella de TeleGA? Porque non creo que un programa de manualidades á media tarde, mentres os rapaces merendan, ou o enésimo capítulo dunha comedia que non divirte nin ás ovellas teñan o apoio do público.

E, por último –e talvez o que máis me molesta–, onde está a regulación de contidos? E xa non falo só polo humor de trazo groso que invade todos os magazines e concursos, calquera que sexa a natureza, nin polo ridículo de moitos vídeos, senón pola orientación dalgúns programas que están na fronteira do eticamente tolerable. Póñolles, a modo de exemplo, os contidos machistas do programa *De compras*. Quen son os membros dese comité ético do que tanto se gaban e do que tan pouca información temos? Era esa a televisión formativa e informativa que prometían? De verdade non nos merecemos os galegos unha oferta televisiva máis digna? Espero que este ano de vida da canle non sexa paradigmático e de aquí en diante comecen a concienciarse dos seus erros e poidan reparalos. Cando cumpriren de veras todo o que prometeron no día da inauguración de TeleGA, creo que todos sairemos gañando.

Un saúdo,

Amalia García

B. As frases subliñadas expresan relacións temporais. Poderías identificar cales se refiren ao presente, ao pasado e ao futuro? Logo, en parellas, discutide se hai outras combinacións verbais posibles.

C. A mesma espectadora decidiu enviarlle a mensaxe anterior ao director xeral de TeleGA e tivo que reestruturala, tal cal aparece a continuación. Co teu compañeiro, comparádea coa versión anterior e comentade as diferenzas que atopedes.

Estimado Sr. director xeral de TeleGA:

Con motivo do primeiro aniversario da súa compañía, quero escribirlle para expresarlle a miña opinión sobre a súa televisión como espectadora que son. **Aínda que** debo dicirlle que son unha espectadora de TeleGA desencantada, dadas as expectativas que me xeraron as súas atractivas promesas. **Por conseguinte**, non podo deixar de reclamar polos deficientes contidos que, ao meu modo de ver, ten a súa programación.

Antes que nada, quero trasladarlle o meu malestar pola escasa orientación galega da súa programación. **Malia que** se publicitase como tal, agás o nome, non ten nada que a diferencie das programacións convencionais das demais televisións. **De feito**, non percibo nada innovador na programación semanal, contrariamente ao que nos prometeron.

Asemade, teño que discrepar do suposto protagonismo que lle dan ao espectador. Coido que uns vídeos caseiros escasos de interese e o ton falsamente próximo dos presentadores do telexornal non son a mellor forma de respectar o público. Ante esta situación, pregúntome se seguen a opinión dos espectadores que supostamente lles proporcionan as súas enquisas, **xa que**, na liña do expresado anteriormente, dubido moito que un programa de manualidades á media tarde e unha serie tan longa como aburrida se encontren entre as prioridades da audiencia.

Por último –e como razón principal pola que lle traslado esta reclamación–, teño que engadir a carencia de regulación dos contidos, **posto que** non entendo como non eliminan a vulgaridade que exhiben a maioría dos magazines e concursos ou discursos que están na fronteira do eticamente tolerable, como, **por exemplo**, os comentarios machistas do programa *De compras*. **Dito isto**, aproveito tamén para preguntarlle onde está o comité ético que tanto publicitan e do que tan pouco sabemos.

En conclusión, lamento dicirlle que non é esa a televisión formativa e informativa que prometeron e que esperabamos. Considero que os galegos merecemos unha oferta televisiva máis digna, e desexo que a partir de agora esta canle poida ofrecérnola.

Agradecéndolle a atención dispensada, despídome trasladándolle os meus máis sinceros desexos de que as observacións sinaladas sirvan para mellorar a programación de TeleGA. De ser así, coido que todos sairemos gañando.

Atentamente,

Amalia García

D. Os elementos que aparecen en grosa son organizadores discursivos. Sabes para que se utilizan? Poderías clasificalos no cadro de abaixo segundo a función que desempeñan na carta? Logo, compara a túa clasificación coa dun compañeiro e aclarádeo co voso profesor.

Ordenar	Expresar causa	Concluír	Expresar consecuencia
antes que nada			

Matizar	Expresar contraste	Exemplificar

4. LINGUAXE PUBLICITARIA

A. A continuación, relaciona os slogans de anuncios publicitarios do cadro amarelo cos contidos das respectivas campañas que figuran no cadro branco.

OBTÉN UN PURA SANGUE

COS PÉS NO CHAN

TODOS IGUAIS, TODOS DIFERENTES

Nas mellores mans

INTEGRACIÓN DE PERSOAS CON DISCAPACIDADES
PLAN DE PENSIÓNS
COCHE ALTO DE GAMA
UNHA MARCA DE XOIAS

B. Despois de efectuar a relación, discutide en grupo o significado de cada unha das frases e a técnica de persuasión que utilizan. Ademais, que slogan alternativo proporías en cada caso?

5. É UN FUXEFUXE!

A. Nas frases de abaixo, identifica e subliña os adxectivos que aparecen. Logo, comenta co teu compañeiro como cres que se formou cada un deles.

1. Xurxo é un cara lavada. Sempre marcha cando lle toca a el pagar a rolda.
2. Non intentes convencer a Marcos de que non ten razón. É un teimoso e nunca o vai recoñecer.
3. Sabela non ten moitos amigos e prefire a soidade. É moi insociable.

B. Algúns dos adxectivos desta lista fórmanse da mesma maneira. Podes facer diferentes grupos? Coñeces outros adxectivos que se formen igual? Intenta ampliar a lista cos teus compañeiros.

desconsiderado/a	fachendoso/a	falabarato
abusón/ona	comecartos	irresponsable
inxusto/a	altivo/a	festeiro/a
malfalado/a	desorganizado/a	fuxefuxe
mentireiro/a	impaciente	desaxeitado/a

C. Agora completa as seguintes frases cos adxectivos da lista anterior que consideres máis axeitados.

1. Sempre lle deixo libros e lle axudo cos traballos do instituto. E agora que lle pido que me faga unha tradución, dime que non ten tempo. En fin, que é unha ....
2. Que neno máis ....! Non para quieto en todo o día.
3. Dixo que nos esperaría. Atrasámonos dez minutos en chegar e resulta que xa marchara. Que ....!
4. Dixo que preparásemos nós a cea, que ela non se atopaba moi ben, pero Antonio viuna pola rúa cun amigo. É unha ....
5. Pero que .... é! Nunca está na casa os sábados pola noite, non perde un aniversario e, nas verbenas, baila mentres toca a orquestra.
6. A Fortunato con frecuencia lle desaparecen os papeis importantes na oficina e, ademais, a súa axenda pérdese a miúdo. É un ....

D. Na última frase da actividade anterior atópanse dúas formas de expresar a involuntariedade da acción indicada. Poderías identificalas? Sabes en que consisten? Coméntao co teu compañeiro e, entre os dous, intentade poñer outros exemplos.

Organizadores do discurso

MATIZAR

- Sempre apoiei o traballo social; **de feito**, colaboro con varias entidades como voluntario.

ORDENAR

- **En primeiro lugar**, quero darlles a benvida á nosa comunidade.
- ***Asemade,*** non podemos esquecer que as decisións as debemos tomar entre todos.
- **Dito isto,** quero lembrarvos que o comité está á vosa disposición para esclarecer o que faga falla.
- **Por último,** coméntolle que tampouco lles gustou o atraso na entrega dos materiais.

EXPRESAR CONTRASTE

- Non ten nada de seu, **malia** os cartos que fixo cando emigrou a América.
- Estivo estudando ata moi tarde, **malia que/aínda que** tiña/tivese que madrugar ao día seguinte.

CONCLUÍR

- **En conclusión,** debo dicir que o programa nos defraudou moitísimo.

EXPRESAR CAUSA

- Non chegaremos a tempo para a apertura, **xa que** non nos traen o coche antes das nove.
- **Posto que** non colle o teléfono, irei falar con el persoalmente.

EXPRESAR CONSECUENCIA

- A xente parecía satisfeita con todo durante o seu primeiro mandato. **Por conseguinte**, volveu presentarse ás eleccións.

Correlacións das formas verbais nas construcións temporais

Referímonos ao presente ou a algo habitual

- **Cando sae** da casa, sempre **pecha** con dous ferrollos.

Referímonos ao pasado

- **Cando saíu** da casa, **atopou** o paquete.
- Onte, **cando estaba comendo/comía** no bar da esquina, **atopou** un antigo compañeiro do colexio que non vía había vinte anos.
- Antes, **cando me erguía**, sempre **puña** a radio para escoitar as noticias.

Referímonos ao futuro

- **Cando saias/saíres** da casa, **apaga** as luces, por favor.
- **Cando saibamos/soubermos** o que ocorreu, **dicímoscho/dirémoscho**.

Ademais de **cando**, existen outros conectores temporais que seguen as mesmas regras respecto aos tempos verbais, pero con usos máis específicos.

SIMULTANEIDADE

Para indicar que unha acción ten lugar ao mesmo tempo ca outra ou que se contrapón a ela, emprégase **mentres**.

- Por que os gobernos non **fan** nada **mentres os bosques tropicais desaparecen**?
- **Mentres en Europa os homes vivían en covas**, en Exipto florecía unha sofisticada civilización.
- **Mentres puideron**, os bombeiros **evitaron** que o lume se estendese.
- **Mentres non protestemos/non protestarmos** de verdade, **seguirán** emitindo ese tipo de programa**.**

SUCESIÓN INMEDIATA

Se un feito é inmediatamente posterior a outro, úsanse frecuentemente **en canto, tan pronto como** ou **ao**.

- **En canto** me **digan** algo, **chámote**.
- **Tan pronto como saiba** algo, **dígocho**.
- **Ao chegarmos** á casa, **chamámoste/chamarémoste**.

LÍMITE TEMPORAL

Se un feito é o límite temporal de outro, emprégase **ata que**.

- Espereino **ata que veu** do traballo.
- Esperarei aquí **ata que chegue** o autobús.

❗ Nalgunhas construcións, se os suxeitos coinciden, o segundo verbo pode aparecer en infinitivo.

- *Na voda do meu irmán comín ata non **poder** máis.*
  (= ata que non puiden máis)



Formación de cualificativos

Moitos adxectivos en galego fórmanse a través dos recursos de prefixación, sufixación e composición.

PREFIXACIÓN

Consiste na colocación de elementos, denominados prefixos, diante dunha palabra ou raíz, formando unha nova palabra cun significado distinto. Coa prefixación, a nova palabra xeralmente pertence á mesma clase de palabras á que pertencía a que lle serviu de base.

desfeito = **des** + **feito** (adxectivo)
inútil = **in** + **útil** (adxectivo)
interurbano = **inter** + **urbano** (adxectivo)
extrafino = **extra** + **fino** (adxectivo)

SUFIXACIÓN

Trátase da colocación de elementos, denominados sufixos, detrás dunha palabra ou raíz para crear unha nova palabra ou modificar o significado da palabra á que se une. As palabras formadas por sufixación poden pertencer ou non á mesma clase da palabra base.

flor (substantivo) + **al** = **floral** (adxectivo)
falar (verbo) + **deiro** = fala**deiro** (adxectivo)
abus**ivo/a**
chor**ón/a**

COMPOSICIÓN

É a unión de dous ou máis elementos que xa existen na lingua como palabras, para formar unha nova.

mal + **educado/a** = **maleducado/a**
agre + **doce** = **agridoce**
cara + **de** + **pau** = **cara de pau**

Contraccións con indefinidos

O indefinido **un** (e as súas variantes), cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado: **dun**, **dunha**, **duns**, **dunhas**; **nun**, **nunha**, **nuns**, **nunhas**; **cun**, **cunha**, **cuns**, **cunhas**. Non obstante, no seu emprego pronominal, contrae con **de** e **en**, pero non coa preposición **con**.

- ***Cunhas*** *reclamacións estamos de acordo, con outras non. (= adxectivo)*
- *Cada fin de semana sae* ***con unha****, non quere volver namorarse.(= pronome)*

Asemade, **ambos** contrae coa preposición **entre**, formando **entrambos** e **entrambas**.

- ***Entrambos*** *os socios levaron a empresa á ruína.*

Os indefinidos **algún** e **outro** (e as súas variantes) contraen coas preposicións *de* e *en*, da seguinte maneira:

	algún	**outro**
de	dalgún, dalgunha dalgúns, dalgunhas	doutro, doutra doutros, doutras
en	nalgún, nalgunha nalgúns, nalgunhas	noutro, noutra noutros, noutras

Expresión da involuntariedade: uso dos pronomes **me/che/lle...**

En ocasións, expresamos a involuntariedade dunha acción por medio de oracións pronominais. Nestes casos, o suxeito gramatical non é a persoa, senón o obxecto.

ACCIÓN VOLUNTARIA

- Para entrar na casa, os ladróns **romperon** a ventá do salón.

ACCIÓN INVOLUNTARIA

- A Anxo **rompeulle** a camisa no medio da festa.
- A min unha vez **rompéronme** os pantalóns nunha voda.



Ás veces, a involuntariedade só pode expresarse cun cambio de verbo.

- *Berta* ***tirou*** *as fotos ao chan, estaba moi enfadada.*
- *A Helena* ***caéronlle*** *as fotos ao chan. (sen intención de facelo, por descoido)*

Moitos verbos aparecen co pronome **se** para presentar un proceso ou o resultado dunha acción sen aludir á intervención de ningunha persoa.

perder	**perderse**
ensuciar	**ensuciarse**
manchar	**mancharse**
mollar	**mollarse**

- *Mira como* ***se manchou*** *outra vez o mantel.*
- *Estou farto! Este ascensor* ***avaríase*** *cada dous por tres.*

6. AUDIOVISUAL GALEGO




A. Un xornalista da axencia de información Fisterra Express redactou un texto sobre o contido dunha entrevista a Antón Reixa, do programa *Diario Cultural* da Radio Galega, para divulgalo nos medios de comunicación. Logo de ler o texto, escoita a entrevista e tenta engadirlle polo menos tres informacións que non aparezan na redacción do xornalista.

O sector audiovisual galego encóntrase de parabéns esta semana. O motivo foi o acordo ao que chegaron co presidente da Xunta de Galicia para a dotación de 13 millóns de euros co fin de impulsar a produción cinematográfica nos anos 2008, 2009 e 2010.

O colectivo acolleu con enorme satisfacción a iniciativa, tal como lle expresou Antón Reixa, presidente do Clúster Audiovisual Galego, á Radio Galega. Reixa amosouse moi satisfeito polo acordo alcanzado e afirmou que axudará a garantir e potenciar a iniciativa cinematográfica galega. O polifacético artista lembrou que a dotación se circunscribía nunha normativa europea, segundo a cal as televisións públicas e privadas debían destinar o 5% dos seus ingresos para a produción cultural. Isto, segundo o ex-líder de Os Resentidos, tiña que reverter na parte da televisión que ten máis que ver coa cultura: producións de longametraxes, telefilmes ou documentais. Asemade, insistiu en que nos filmes de produción e coprodución propia é onde mellor cristaliza o valor cultural da televisión.

Reixa enmarcou o acordo nun decálogo que o sector lle fixera chegar ao presidente da Xunta de Galicia e que recollía a petición do cumprimento deste 5% e a solicitude dunha maior coordinación entre o sector audiovisual –dado o seu carácter estratéxico– e os diferentes departamentos da Xunta, para evitar, deste xeito, a actual política de dispersión relacionada coa actividade audiovisual.

Finalmente, concluíu insistindo no alivio que para o colectivo supón este acordo e animou os axentes do sector para que respondan a esta iniciativa coa elaboración de contidos culturais atractivos para o telespectador.



B. Agora fíxate nos verbos que introducen o discurso de Reixa. Poderías marcalos? Busca un sinónimo para cada un deles.


Antón Reixa naceu en Vigo en 1957 e é quizais un dos artistas máis polifacéticos e innovadores da Galicia actual. Filólogo de formación, axiña comezou a sentir inquietude pola creación poética e, en 1975, creou o Grupo de Comunicación Poética Rompente, co que publica o libro colectivo *Silabario da turbina*. Logo incrementará a súa produción co poemario *As ladillas do travestí*.

Nos oitenta participa da movida musical viguesa e lanzará en 1982 o grupo Os Resentidos que converterá a canción "Fai un sol de carallo" nun éxito de masas. Nese período comeza a compaxinar a creación coa produción de videoclips musicais e convértese nun dos personaxes máis mediáticos do país, xa que comeza a colaborar en programas de radio e televisión.

Neste medio, en 1998 estrea coa TVG e como director a serie *Mareas Vivas* que bate marcas de audiencia na canle autonómica. Un ano máis tarde funda Portozás Visión (hoxe en día Filmanova). Esta produtora realizará os dous últimos traballos como director de Reixa, os filmes *O lapis do carpinteiro* (adaptación da obra homónima de Manolo Rivas) e *Hotel Tívoli*.

7. PUBLICIDADE ENGANOSA

A. Algunhas persoas cren nas mensaxes publicitarias ao pé da letra. Le os seguintes anuncios e di que expectativas cres que se poderían ter en cada caso.











B. Elixe un dos anuncios e inventa un motivo para sentirte enganado. Cóntallo ao teu compañeiro, que tentará defender a posición da empresa.

- Eu comprei o desodorizante ZAS e, nada, saio o sábado a un concerto e...

8. A GRAN FINAL

A. Le o avance de como será a final dun concurso de televisión en TeleGA. Gustaríache participar nun programa deste tipo?



22.00 Quen cumpre, gaña.

A FINAL DE QUEN CUMPRE, GAÑA

Este venres ás 22 h, chega a hora da verdade: o desenlace en TeleGA do concurso *Quen cumpre, gaña*. Hai seis meses, dúas persoas presentáronse a un concurso para tentar darlles un cambio ás súas vidas. Un equipo formado por dous amigos dos concursantes e dous psicólogos idearon un "plan de acción", unha serie de cambios destinados a mellorar as súas vidas. Cada concursante comprometeuse a cumprir un decálogo de recomendacións que preparara o seu equipo e, ademais, a ser observado durante eses meses. A canle puido seguir parte da súa evolución a través das cámaras, pero a parte máis decisiva será a das testemuñas que participaron nesta edición: persoas que forman parte da produción e que os concursantes non identificaron. Eles explicarannos ata que punto Lois e Sonia cumpriron co seu programa e coa súa promesa. O que máis cumpra gañará un premio de 30.000 euros e un coche.

B. Le os perfís dos concursantes Lois e Sonia e, en grupos de catro persoas, escribide cinco cousas que credes que debe facer un deles para mellorar a súa vida.





LOIS

Vive só, é tradutor e traballa na casa. É moi individualista. Gústalle dar paseos solitarios, xogar moitas horas no ordenador ou estar conectado a Internet. Pasa horas lendo, algúns días non fala con ninguén. Apenas sorrí. Viste sempre de negro. Come comida pouco sa. É un pouco roñón e moi crítico. Os seus amigos de toda a vida chámano para saír, pero el acepta moi poucas veces e vaise afastando deles. Leva unha vida moi metódica.

1. Para relacionarse con máis xente, Lois ten que apuntarse a un ximnasio.
2.
3.
4.
5.





SONIA

Vive soa. Ten traballos esporádicos de produción de vídeos musicais e de publicidade que realiza a través de Internet. Non é moi sociable aínda que ten amigos. Leva unha vida moi activa e non ten (nin quere) compromisos. Sae con amigos de vez en cando e fai moitos tipos de actividades: vai ao ximnasio, a concertos, ao cine etc. O seu vestiario é pouco vistoso, sempre leva o mesmo estilo e as mesmas cores escuras. É unha persoa de poucas palabras e moi seca. Non ten horarios regulares nin saudables para nada: nin para comer nin para deitarse ou erguerse... Dorme pouco e abúrrese ao facer o mesmo durante dous días seguidos. Séntese dispersa e desorientada.

1.
2.
3.
4.
5.

9. QUEN CUMPRE, GAÑA

A. A continuación, ides ver a listaxe de propostas que fixo o equipo de psicólogos e amigos para Sonia e Lois; o problema é que están desordenadas. Co mesmo grupo no que traballaches a actividade anterior, tentade asignarlle a cada un a proposta que mellor lle acaia.

1 Fixeron que se apuntase nun grupo de excursionismo para que coñecese xente, estivese en contacto coa natureza e non puidese conectarse a Internet en toda a fin de semana.

2 Compráronlle un acuario e tres peixes tropicais aos que tiña que coidar e alimentar cada día para que se sentise responsable deles.

3 Gardaron baixo chave toda a súa roupa escura e compráronlle camisas e pantalóns de cores claras para que cambiase de humor e de imaxe e para que a xente apreciase o cambio.

4 Quedaron en que lle proporían plans imprevistos que supuxesen un parón na súa rutina diaria.

5 Fixeron que se matriculase nun curso intensivo de solfexo e música para que reforzase a disciplina e a vontade. Durante ese tempo, debía ensaiar polo menos dúas horas diarias.

6 Prepraáronlle un plan semanal no que debería saltar o seu horario fixo de actividades.


7 Compráronlle varios libros que tiña que acabar de ler en catro semanas.

8 Compráronlle a serie de *Comida sa para toda a semana* en DVD para que aprendese a preparar pratos saudables e para que se afixese a comer de forma tranquila e relaxada.

9 Fixeron unha listaxe de amigos aos que había tempo que non vía e chamáronos para que, polo menos dúas veces por semana, saíse cear ou tomar algo con algún deles.

10 Fixeron que se apuntase a un curso de salsa e merengue para que se soltase un pouco e puidese desinhibirse.

11 Ademais, comprometeuse a falar polo menos con tres ou catro persoas cada día, aínda que fosen veciños, dependentes dunha tenda etc., e a sorrirlles ás persoas coas que falase.







B. Continuade traballando nos mesmos grupos. Agora ides escoitar as testemuñas. Credes que Lois e Sonia cumpriron a maioría dos seus compromisos? De que maneira? Discutide os vosos puntos de vista sobre quen cumpriu mellor coas súas promesas. Para rematar, imos facer unha votación entre todos os grupos da clase para ver quen gaña o concurso.

C. Unha vez que xa sabes quen é o gañador, imaxina que ti es o outro concursante e non estás de acordo co resultado. Escribe unha carta de reclamación dirixida ao xurado do concurso na que expós o teu desacordo.

10. TELENOSTALXIA

A. Ves moito a Televisión de Galicia? Que sabes da súa historia? Lembras con nostalxia algún programa que xa non se emite?

B. Le agora o seguinte texto e coméntao cos teus compañeiros e co profesor.

A TVG: historia sentimental de Galicia

O 24 de xullo de 1985, véspera do Día de Galicia, a maioría dos galegos agardaban expectantes fronte ao televisor a primeira emisión da Televisión de Galicia (TVG). E, en efecto, tralos discursos institucionais, a curtametraxe do director Chano Piñeiro, *Mamasunción*, daba inicio á programación da primeira canle en galego. Deseguido, un capítulo da coñecida serie *Dallas* incrementaba aínda máis a capacidade de sorpresa dos galegos, que nunca antes viran a J.R. ou a Suellen expresarse na lingua de Castelao. Desde ese momento, a TVG entrou definitivamente nos fogares galegos como unha das actividades favoritas de lecer.

A partir de entón, a TVG foi consolidando e ampliando a súa oferta televisiva e, o 29 de setembro dese mesmo ano, comezou a súa programación regular con 39 horas de emisión á semana. Do mesmo xeito, foi integrando programas de produción autóctona, que pronto se converteron en líderes de audiencia. Estes programas –algúns deles aínda en antena– foron cimentando a memoria audiovisual dos galegos. O concurso *Supermartes* e o *Luar*, na noite dos venres, foron –e no caso do segundo aínda continúa a ser– o pasatempo preferido de moitos galegos. Por non falar do incombustible *En Xogo*, que fin de semana a fin de semana segue traendo a información deportiva aos televisores galegos.

E, se grande foi o éxito dos programas autóctonos, non o foi menos o das series de produción galega. A audiencia seguiu sen pestanexar o día a día dos veciños de Portozás, vila mariñeira imaxinaria que lle daba nome á serie. *Pratos combinados*, *Libro de familia* ou, máis recentemente, *Padre Casares* captaron e continúan a captar masivamente a audiencia galega. Con eles, persoeiros televisivos como SuperPiñeiro, Galloso, Pampín, Pemán, o home do tempo, ou Morris fan xa parte da historia da TVG.

Pero a historia da Galega tamén reflicte a proxección internacional e o interese polos galegos do exterior. Así, o 29 de decembro de 1994, coa emisión do programa *Galeguidade* foi a primeira canle autonómica do estado español que emitiu regularmente vía satélite. En 1997, no Día das Letras Galegas foi pioneira en Europa ao iniciar as emisións regulares por Internet en tempo real. Actualmente, non ficou allea ás novas tecnoloxías e comezou a operar con tecnoloxía dixital terrestre.



Televisión de Galicia

C. As dúas grellas de programación da Televisión de Galicia que vas ler a continuación correspóndense con dous momentos diferentes da canle, con vinte anos de diferenza. Cres que nestes vinte anos cambiaron os gustos televisivos dos galegos?

- Pois para min...

1988

11:30	Mira de axuste
12:00	Bos días
12:03	Adianto informativo
13:00	Vivir aquí
13:30	Adianto informativo
13:33	*Kung-Fu* "Os Hoots"
14:30	Telexornal-1
15:00	Deportes
15:15	*Amazonas.* Telenovela
16:00	Adianto Informativo
16:03	Sesión continua *O gran Gatsby* Dirección: Elliot Nugen Intérpretes: Allan Ladd, Betty Field, e Barry Sullivan (US. Cor).
17:30	*Os supersónicos.* Debuxos animados
18:00	*Batman.* "O paiaso sen gracia"
18:30	Adianto informativo
18:33	Arestora. Telerrevista do serán
20:00	*Dallas.*"O herdeiro perdido"
21:00	Telexornal-2
21:30	Venres Show
23:00	Hitchcock "Persecución de pesadelo"
23:45	Telexornal-3
00:05	O tragaluz
00:15	Remate

2008

7:30	Xabarín Club mañás. Espazo infantil e xuvenil
8:30	Bos días. Espazo conducido por Raquel Domínguez e Xaime Airas
10:00	*Walker, ranger de Texas*
10:45	*Diagnóstico asasinato.* O doutor Mark Sloan traballa no Hospital Xeral da comunidade, ademais de colaborar co departamento de policía. Gazas á súa afección por resolver casos relacionados coa morte, axúdalle ao seu fillo, o detective Steve Slogan.
12:15	Cociña para todos
12:30	A revista. Espazo informativo conducido por Xesús Peleteiro.
13:45	Galicia noticias. Presentan Irene Lamas e Raúl Quián
14:15	Natureza
14:25	Telexornal mediodía. Presentan Alfonso Hermida e Begoña Fontenla
15:25	O tempo
15:30	Cifras e letras. Concurso presentado por Paco Lodeiro.
16:00	Acompáñenos. Programa diario de actualidade presentado por Xosé Manuel Piñeiro.
18:00	Pillados
18:10	*Acurralada.* Coprodución venezolana e estadounidense. Apaixonada historia de amor, odio e vinganza.
20:00	Galicia noticias serán. Presenta Tati Moyano
20:30	Telexornal serán. Presenta Marga Pazos
21:35	O tempo
21:40	Alalá
22:15	*Padre Casares*
23:50	Hai debate. Presenta Ana Rodríguez. Espazo de análise, opinión e debate da actualidade social e política.
00:50	Telexornal noite
01:00	O tempo
01:05	Cinema de noite. *Verán sanguento*
02:40	*A sentinela*

11. XORNALISMO E LITERATURA

A. De Cunqueiro a Méndez Ferrín, son varios os escritores galegos que colaboraron con artigos na prensa escrita. A continuación tes un artigo de Carlos Casares, un dos escritores que máis destacaron por combinar ambas as facetas. Le o texto e discute co teu compañeiro que problemas actuais se tratan nel. Cal é a mensaxe do texto? Argumenta a túa opinión.



VER A TELEVISIÓN ANDANDO

Hai uns anos, os viaxeiros que chegaban en avión de Europa a Nova York, nada máis desembarcar no aeroporto quedaban asombrados da devoción enfermiza que os americanos sentían pola televisión. Nas salas de espera, nas cafeterías e nos mesmos corredores que levaban dunha parte á outra daquela inmensa terminal aérea, víanse miles de persoas botando moedas sen parar nuns pequenos televisores individuais instalados nos asentos, totalmente concentrados na pantalla para seguir os seus programas preferidos.

Hai xa tempo que se deixou de ver este espectáculo. Alguén me dixo que foi a consecuencia dunha nova moda: eses aparatos portátiles que permiten escoitar música a través dun auricular. Polo visto, atan menos porque deixan os ollos libres e permiten observar o que ocorre arredor, incluídos os movementos dos cacos.

Para loitar contra esa deserción, os fabricantes de televisores acaban de presentar un aparato que combina as vantaxes dos dous sistemas: ver a televisión mentres se pasea ou se guía un coche. As primeiras probas, segundo lin onte pola tarde, non foron aínda moi satisfactorias, non pola calidade da imaxe, que parece que é fantástica, senón porque se trata dunhas gafas que obrigan a utilizar soamente o ollo esquerdo, mentres que o outro se emprega para mirar de fronte, o cal require adestramento. Haberá cola para facer cursos de aprendizaxe. ●



Carlos Casares (1941-2002) foi un escritor e intelectual galego, que trabou amistade moi cedo co grupo de galeguistas vinculados á editorial Galaxia e con Ramón Piñeiro. Como escritor, as súas principais obras foron *Vento ferido* (1967), *Xoguetes para un tempo prohibido* (1975), *Ilustrísima* (1980) ou *Os mortos daquel verán* (1987). Compaxinou a súa actividade literaria coa xornalística, colaborando co xornal *La Voz de Galicia*, onde tiña unha columna diaria titulada “Á marxe”. Foi, dende 1996, presidente do Consello da Cultura Galega.

B. Lembras como era o teu primeiro televisor? Cales son as innovacións no terreo audiovisual que máis te sorprenderon?

- Eu lembro que na miña casa había un grande en branco e negro...



UNIDADE 6

Lugares con encanto

Nesta unidade imos redactar un texto descritivo sobre algún lugar que nos guste.
Para iso, imos aprender:

◆ *as oracións de relativo: o emprego de* ***que, quen, cuxo/a/os/as***
◆ *o participio nas oracións relativas: a voz pasiva* ◆ *algúns verbos de percepción e de opinión* ◆ *a falar de cidades: describilas e comentar as súas calidades* ◆ *a falar de crenzas e informacións previas sobre algún tema* ◆ *a expresar sentimentos positivos, negativos ou neutros sobre algo* ◆ *vocabulario para describir cidades e do ámbito das viaxes*

1. DOUS LUGARES PARA DESCUBRIR

A. Aquí tes dous textos descritivos sobre diferentes lugares da xeografía galega.Trata de identificar neles os seguintes elementos: situación, propiedades, partes, características, compoñentes e relación con outros.





1. Situadas no arquipélago das Illas Cíes, no Parque Nacional das Illas Atlánticas de Galicia, ao que pertencen tamén as illas de Ons, Sálvora e Cortegada, as Illas Cíes están localizadas na entrada da ría de Vigo, na provincia de Pontevedra. Na cara leste destas illas podemos atopar fermosísimas praias, como a de Rodas, a de Figueiras ou a cala das Cantareiras. A beleza destas praias ten tanta sona que o xornal inglés *The Guardian* considerou a praia de Rodas como unha das dez mellores do mundo, pola beleza das súas augas azuis turquesa, en contraste coa brancura do seu areal.

A súa historia remóntanse á Idade de Bronce, cando houbo o primeiro asentamento de poboación. Na época romana, foron denominadas Illas dos Deuses, xa que se consideraban lugares paradisíacos. Durante a Idade Media instaláronse dous conventos: o de San Martiño e o de Santo Estevo, mantendo unha relación feudal coa poboación, que abandonaría o territorio a mediados do XVI, debido aos ataques dos piratas, entre eles o famoso Francis Drake que asolou as Cíes e a ría de Vigo.

Mantiveron unha pequena poboación, que foi decaendo cara a mediados do XIX, e a medida que ía aumentando o interese turístico, a partir da segunda metade do século XX, o despoboamento era máis latente. Dende hai varias décadas o turismo masivo comezou a ser un problema para a protección dos valores naturais deste arquipélago, que foi declarado parque natural en 1980. Hoxe en día, as Illas Cíes teñen a entrada restrinxida a un número determinado de persoas por día para protexer o seu contorno.








2. O Parque Natural Fragas do Eume é o bosque atlántico costeiro mellor conservado de Europa. Está encaixado no profundo canón que forma o río Eume e ocupa unha superficie de 9393 hectáreas nos concellos de Cabanas, A Capela, Monfero, Pontedeume e As Pontes de García Rodríguez na provincia da Coruña.

É un dos máis prezados tesouros botánicos de Galicia, xa que alberga algunhas especies de fieitos case exclusivas, que unicamente se poden atopar en moi contados enclaves da nosa xeografía. Só por iso é merecente de ser unha zona de especial protección dos valores naturais. Está formado por un bosque de carballos, castiñeiros, abeleiras, freixos, bidueiros e érbedos, onde as ramas dificultan o paso da luz e do vento. Dese xeito manteñen unha humidade e unha temperatura case constantes no chan, dando lugar a unhas condicións idóneas para a multitude de especies de flora e de fauna.

O visitante verase abraiado polas cores que o arrodean, xa que os carballos cobren as abas que ascenden cara ao alto, e un impoñente bosque de galería acompaña o ir da auga camiño do mar. Sombra, humidade e unha exuberante vexetación: o hábitat ideal para moitos seres vivos, como a salamántiga ou o leirón. O paso do home ao longo da historia evidénciase nos restos que están repartidos polo parque: varias mámoas e castros, os mosteiros de San Xoán de Caaveiro e Santa María de Monfero, ou a Torre de Andrade.

Neste espazo natural pódense facer diversas rutas, con diferente duración e intensidade. A máis lixeira parte do refuxio de Cal Grande, dende onde se pode continuar ata o mosteiro de Caaveiro. Outra posibilidade é a ruta dos bosques, con itinerarios a través das fragas, dende o refuxio de pescadores de Cal Grande, pasando polas Neves, A Capela, a Ventureira, e polo mosteiro de Caaveiro. A excursión ten unha duración dunhas catro horas. En ambas o monitor acompaña os visitantes, explicándolles pola senda os valores naturais protexidos do parque.



B. Ponlle un título a cada un dos textos. Escríbeos nos cadros brancos.

C. Pensa nalgún lugar que coñezas e prepara unha pequena descrición. Os teus compañeiros terán que adiviñar de que lugar se trata.

- *Pois no lugar onde eu nacín hai unha muralla romana que dá a volta a toda a cidade e…*

D. Pensa no lugar de onde ti procedes. Que títulos poderían encabezar un texto descritivo sobre el? Escríbeos e coméntaos co teu compañeiro.

- *Eu son de Santiago e creo que unha guía sobre a cidade podería titularse "O camiño que construíu Europa".*


2. VILAS PINTORESCAS

A. Le as informacións extraídas dunha revista de turismo sobre Combarro e Mondoñedo, dúas vilas galegas. A partir das diferentes informacións, que adxectivos ou expresións relacionarías con cada unha?

orixinal	despoboada	ben conservada
literaria	chea de vida	un gozo para os sentidos
limpa	unha xoia	atractiva
monumental	chea de cor	illada
gastronómica	episcopal	donosa
antiga	un encanto	agropecuaria
histórica	ancorada no pasado	animada

Combarro

- Combarro, **en cuxa** postal se contempla unha impresionante beiramar de hórreos, é unha das vilas pesqueiras máis fermosas da costa galega.
- A vila, **á que** chegan turistas curiosos de todas as partes, constitúe un conxunto de interese artístico e encóntrase en perfecto estado de conservación.
- Os máis de 30 hórreos de pedra, ao longo **dos cales** se configura un belísimo paseo, delimitan a fronteira entre o mar e a principal rúa da vila.
- As casas mariñeiras, **nas cales** destacan as solainas balconadas de pedra, son de estilo barroco e datan dos séculos XVII e XVIII.
- Os bares e restaurantes de Combarro, **onde** se pode saborear un marisco moi fresco acompañado dun bo albariño, eran vellas casas mariñeiras de poucas estancias e pequenas dimensións.
- O turista, **para quen** a vila é un precioso agasallo, descobre en cada recuncho os detalles dunha poboación que soubo manter, de forma bastante fiel, a súa estrutura e o seu modo de vida.



Mondoñedo

- A vila, **na cal** aínda se conservan dolmens e petróglifos da Idade de Bronce, asséntase nun val e conserva unha importante cultura castrexa.
- A súa catedral, **cuxa** construción data dos séculos XIII e XIV, posúe trazos románicos e foi declarada monumento nacional en 1902.
- A Fonte Vella, **sobre a que** escribiu o famoso escritor Álvaro Cunqueiro, foi construída no ano 1548 e representa un dos principais atractivos do lugar.
- Carlos Folgueira García ou o *Rei das Tortas*, **quen** fixo viaxar a torta de Mondoñedo a todo o mundo, foi un dos personaxes máis curiosos nacidos nesa vila.
- Na segunda fin de semana de agosto a praza da Catedral e as principais rúas da vila convértense nun gran mercado medieval, **onde** os artesáns lles mostran ás persoas asistentes como se traballaba na Idade Media.
- Mondoñedo conta con varios monumentos, **entre os cales** destaca o Seminario Conciliar, que foi construído en 1583, sendo, entón, o terceiro de toda España.



B. Observa o que vai destacado en grosa e marca as palabras ás cales se refiren. Entendes como funcionan e por que se utilizan? Coméntao cos teus compañeiros.

3. A PARTE DO TODO

Observa estes pares de frases. Como interpretas cada unha delas? En que consiste a diferenza? Coméntao logo cun compañeiro e comparade as vosas interpretacións.


a. A igrexa que está no centro da vila é gótica.
b. A igrexa, que está no centro da vila, é gótica.

a. Os homes, que ían vestidos con traxe, non foron admitidos na festa.
b. Os homes que ían vestidos con traxe non foron admitidos na festa.

a. Os traballadores de Perru S.A., cuxos contratos se asinaron no 2000, recibirán un aumento de salario.
b. Os traballadores de Perru S.A. cuxos contratos se asinaron no 2000 recibirán un aumento de salario.

4. QUEDEI ALUCINADA

A. Nunha web sobre viaxes, algúns turistas colgaron os seus testemuños sobre as cousas que máis os sorprenderon de Lisboa. Que che parecen as súas opinións? Aínda que nunca estiveses alí, seguro que sabes moitas cousas sobre esa cidade.



B. Fíxate nas correlacións verbais destacadas en azul. Sabes por que se fixeron desta maneira? Cres que hai outras alternativas válidas? Coméntao co teu compañeiro e, logo, aclarádeo co voso profesor.

C. Poderías facer comentarios similares sobre algún lugar que visitaches?

- *Eu recordo que cando fun a... pensei que ía encontrar...*

5. PARTICIPIOS

A. Observa os fragmentos do seguinte cadro. Sabes o que teñen en común, por que e para que se empregan?

> construído na mesma boca da ría en 1577
> bañada polo río Miño
> construídos no alongamento da cidade a mediados do século vinte
> publicado por primeira vez o 3 de novembro de 1853
> situado á beira da praia homónima
> bautizada polos romanos como "a cidade de ouro"
> celebradas entre o segundo sábado e o terceiro domingo de agosto

B. As seguintes frases conteñen datos sobre diferentes cidades galegas. Fala co teu compañeiro e, entre os dous, escollede no cadro anterior o fragmento máis axeitado para completar a información que falta en cada unha.

a. O castelo de San Felipe, ..., defendía o estratéxico porto de Ferrol, impedindo o paso dos navíos hostís.

b. Lugo, ..., é a cuarta cidade galega en poboación, despois de Vigo, A Coruña e Ourense.

c. O xornal *Faro de Vigo*, ..., é o diario decano da prensa galega e española.

d. O Orzán, ..., é a denominación popular da zona de ocio nocturna por antonomasia na cidade da Coruña.

e. Ourense, ..., é unha cidade termal por excelencia, xa que alberga fontes de augas termais como as Burgas, o balneario da Chabasqueira, O Tinteiro, Muíño da Veiga e Outariz.

f. As festas da Virxe da Peregrina, ..., son as que teñen máis sona na comarca de Pontevedra.


g. Os edificios do Ensanche, ..., representan hoxe o núcleo comercial de Santiago de Compostela.

C. Agora, pensa en lugares da túa localidade ou doutra que coñezas e crea frases como as que acabas de ler.


Oracións de relativo

ORACIÓNS ESPECIFICATIVAS

As oracións de relativo permítennos conectar unha oración co substantivo ao que se refire (antecedente) e evitar así a repetición de elementos xa mencionados. Cando unha oración deste tipo permite distinguir un ou varios elementos dentro dun conxunto, denomínase oración especificativa.



As **casas** da vila **que están preto do río** teñen subministración de auga.



❗ Cando o substantivo ao que se refire a oración especificativa xa é coñecido polo contexto, pode non aparecer.

- **Os que foron ao concerto** din que foi incrible. (= as persoas que foron ao concerto)
- **Quen viu o filme** afirma que é o mellor do ano. (= calquera que viu o filme)

ORACIÓNS EXPLICATIVAS

As oracións de relativo que só engaden unha información sobre o antecedente, que non é necesaria para distinguilo, denomínanse oracións explicativas.

A cidade, **que é a máis importante do país**, conta con excelentes comunicacións e unha situación privilexiada.

Con este tipo de relativas engadimos unha información adicional que consideramos oportuno mencionar, pero que non constitúe a parte esencial da nosa mensaxe

As cidades europeas, **que teñen un alto nivel de vida**, tamén teñen problemas.

❗ As oracións de relativo explicativas poden ter como antecedentes unha oración.

- Disque **as grandes cidades poden resultar un pouco abafantes, que é certo,** pero teñen moitas outras cousas boas.
- **Non parou de chover en todo o día, o que obrigou a suspender** o concerto de Maná.

USO DO INDICATIVO/SUBXUNTIVO

Nas oracións especificativas, cando nos referimos a algo coñecido ou que sabemos que existe, o verbo vai en indicativo.

- Vouche mostrar unha foto que me **enviou** a miña irmá.

Pero cando nos referimos a algo cuxa existencia ou identidade concreta non coñecemos, o verbo vai en subxuntivo.

- Necesitamos un guía que **coñeza** moi ben a cidade.

As oracións de relativo explicativas necesitan, na inmensa maioría dos casos, un verbo en indicativo. O emprego do subxuntivo é moi pouco frecuente.

Partículas relativas

As oracións relativas poden referirse a substantivos que cumpren diferentes funcións na oración. Por iso, moitas veces as partículas relativas necesitan preposicións ou outros elementos para indicar esta función. Cando isto ocorre, os artigos **o/a/os/as** colócanse entre a preposición e o relativo.

QUE

- A **alcaldesa de Bueu**, **que ocupaba** o posto desde hai oito anos, anunciou a súa retirada da política. (que = suxeito)
- Estou buscando **un restaurante que me recomendou un amigo**. (que = obxecto directo)
- Lembras **o hotel no que quedamos** cando fomos a Lima? (que = complemento circunstancial de lugar)

❗ Recorda que o artigo concorda en xénero e número co substantivo ao que se refire.

O **rapaz** c**o** que...	Os **rapaces** c**os** que...
A **rapaza** co**a** que...	As **rapazas** co**as** que...

Moitas veces omítese o artigo coas preposicións **a**, **con**, **de** e **en**.

- Iremos a unha festa no **colexio en (o) que estudamos**.
- Este é Xoán, un dos **rapaces con (os) que traballo**.

O CAL/A CAL/OS CALES/AS CALES
Nun rexistro máis culto, é frecuente o uso de **o cal, a cal, os cales e as cales.**

- O material **co cal** foron construídas as estatuas da praza Maior é irrompible.
- A terraza do edificio, **dende a cal se pode contemplar toda a cidade,** é un dos seus maiores atractivos.
- Os motivos **polos cales marcho** non son profesionais.
- As construcións prehispánicas, **as cales visitaremos esta tarde**, teñen fama mundial.


QUEN
Este relativo tamén aparece normalmente en rexistros cultos e só pode ter un antecedente humano, en singular.

- O rapaz a **quen** vin onte coa túa nai é teu irmán?
- O presidente, **quen** ten a última palabra, decidirá en caso de empate.

Cando o antecedente está en plural, recoméndase o emprego de **os/as que** ou **os/as cales**.

- Estas son as compañeiras de traballo **das que/cales** che falara o outro día.

CUXO/CUXA/CUXOS/CUXAS
Empregamos estas formas de relativo como substitutas da combinación **de** + substantivo (con carácter posesivo ou de pertenza), principalmente no rexistro culto.



O alcalde, **cuxa** administración fora criticada polos moradores, dixo que ía dimitir.

Cuxo/a/os/as concordan en xénero e número co substantivo que acompañan, non co antecedente.

As persoas **cuxo emprego...**
cuxa vivenda...
cuxos ingresos...
cuxas ocupacións...

ONDE
Serve para expresar localización no espazo e pode ter un antecedente explícito ou non.

- Por que non volvemos á vila onde estivemos o ano pasado? A min encantoume.
- Vaias onde vaias, eu seguireite.

Onde pode ir precedido de preposicións, pero non de artigos.

- Ninguén sabe o lugar **de onde** provén unha rocha encontrada en México.

Cando o antecedente de onde é un substantivo, pode ser substituído por **no/na/nos/nas + que** ou por **no/na/nos/nas + cal/cales**.

- Esta é a casa **onde** / **na que** / **na cal** naceu Picasso.

Construcións pasivas con participios

- O hotel, (que está) **situado** fronte á praia, ten unhas vistas preciosas.
- A igrexa, (que foi) **construída** no século XII, é un exemplo típico da arquitectura románica.
- Eses edificios, (que foron) **deseñados** por Gaudí, son unha xoia do Modernismo.
- As cartas, (que foron) **enviadas** esta mañá, chegarán nun par de días.

Falar de ideas previas ou expectativas



- *A pasada fin de semana fun ao Cebreiro.*

- Eu **cría** / **pensaba** / **sabía** que me **gustaría.** / **ía gustarme**, pero é que é incrible. / **formaba** parte do camiño.
- Eu **non cría** / **non pensaba** / **non sabía** que me **gustaría** tanto. / me **ía/fose** gustar tanto. / **era/fose** tan bonita.

- **Sorprendeume moito** que **fose** tan pequena.
- **Quedei de pedra** coa cantidade de turistas.
- **Defraudoume** o restaurante onde comín.

Falar de sentimentos

- *En Bos Aires...*

... **sentinme como na casa/moi a gusto.**
... **namoreime** dalgunhas zonas dende o primeiro momento.
... **quedei alucinada** cos parques/**alucináronme** os parques.






6. A TÚA ESTRELA DAS VIAXES

En parellas, cada un de vós (A e B) ten que completar unha estrela coas informacións correspondentes ao voso compañeiro.

Ⓐ


1. Un ano en que fixeches unha viaxe importante para ti.
2. O nome da primeira persoa da que te namoraches e coa que fuches de viaxe.
3. O nome da cidade/vila na que estudaches.
4. Unha palabra relacionada coas viaxes que che guste.
5. A viaxe da túa vida que aínda está por facer.
6. O número de países que coñeces.
7. O nome dunha cidade á que nunca irías/volverías de vacacións.
8. ....



Ⓑ

1. O nome dunha persoa coa que nunca viaxarías.
2. Unha cidade na que vivirías.
3. Dúas razóns polas que che gusta/gustaría viaxar.
4. O nome dunha persoa coa que te sintas a gusto para viaxar.
5. Un produto que sempre leves na túa maleta.
6. Tres cousas sen as que non saes de viaxe.
7. O ano en que empezaches a viaxar.
8. ....

7. QUEIXAS E PROTESTAS





A. Agora vas escoitar unha viaxeira que tivo un problema no aeroporto. Comenta co teu compañeiro que farías ti na súa situación.

B. A continuación tes unha serie de informacións que deberías ter en conta á hora de viaxar. Sabías que tiñas dereito a estas compensacións? Coméntao co teu compañeiro.

Calquera deficiencia no servizo do transporte aéreo pode ser reclamada polos pasaxeiros, xa que teñen dereito a facelo.
A aeroliña que denegue un embarque, cancele un voo ou sufra un atraso de máis de dúas horas terá que facilitarlle a cada usuario un impreso coas normas sobre compensación e asistencia.
Como reclamar: cubrir a queixa na oficina da aeroliña (se é un voo combinado con máis dunha compañía entón hai que facelo na axencia de viaxes onde foi comprado o billete). Para queixas sobre a equipaxe hai que cubrir un parte de irregularidades no aeroporto.
Compensacións: se é por atraso de polo menos cinco horas, será efectuado un reembolso por parte da compañía. Se é de dúas horas ou máis en voos de entre 1500 e 3000 quilómetros, o pasaxeiro será informado das normas sobre reembolso e asistencia, ademais dun bono de comidas e refrescos. Se é por sobrereserva (*overbooking*), será compensado con ata 250 euros por voos de ata 1500 quilómetros, 400 euros en voos de entre 1500 e 3000 quilómetros e 600 euros en voos de máis quilometraxe. No caso de cancelacións por parte da compañía, será reembolsado o importe do billete e facilitado o transporte ata o destino final.

● Pois eu non pensaba que fosen reembolsar o importe do billete por cancelacións.
○ Nin eu, eu cría que...

8. FELICIDADE ALTERNATIVA

A. Unha serie de organizacións deron a coñecer una lista de países clasificados segundo o grao de felicidade dos seus habitantes. Le o texto e di se estás de acordo cos criterios. Como cres que se vive no teu país ou na túa comunidade atendendo ás ideas do texto?

Vanuatu é o paraíso

O arquipélago de Vanuatu atópase no Pacífico Sur, entre Australia e as illas Fidxi, e está formado por 83 pequenas illas. A súa poboación (uns 200 000 habitantes) vive maioritariamente da pesca, non ten reservas de petróleo e ademais dende hai pouco é o lugar máis feliz da Terra.

Ese é o resultado dun estudo baseado en tres factores para decidir o índice de felicidade: a esperanza de vida, o benestar humano e as condicións ambientais. Estas son algunhas das conclusións do dito estudo, que pode converterse nunha guía para acadar a felicidade alternativa.

Vivir nunha illa: as illas puntúan mellor o índice. Quen vive nelas mostra máis autosatisfacción, ten unha esperanza de vida maior e ocúpase máis do seu contorno.

Fuxir do G8: os oito países máis poderosos (EEUU, Rusia, Francia, Xapón, Alemaña, Italia, Reino Unido e Canadá) non son, nin moito menos, os máis felices. En parte débese ao baixo nivel de satisfacción persoal dos seus habitantes e a ansiedade polo status que confunde "ter máis" con "ser máis".

Conformarse con pouco: os dominicanos, por exemplo, cuns niveis de consumo moi baixo, acadan o posto 27 na escala da felicidade e sitúanse moi por riba doutros países nos que os niveis de consumo son moi altos.

Valorar o grupo: as sociedades onde a vida comunitaria desempeña un papel importante considéranse máis satisfeitas. Vivir en democracia e valorar máis a lealdade ou a creatividade que a riqueza axuda a ser máis feliz.

Mudarse a Centroamérica: unha esperanza de vida de 70 anos, unha actitude positiva ante a vida e un uso racional dos recursos naturais converten a esta rexión na máis feliz do planeta.


- *No lugar onde vivo tamén se consome moito, así que...*

B. Agora, en parellas, ides establecer os criterios para determinar a calidade de vida ou a satisfacción dos habitantes dunha cidade. Despois poñédeos en común co resto da clase e, finalmente, elaborade un cuestionario baseándovos nos criterios que escollestes. Logo, facédelle as preguntas á xente da rúa ou que coñezades. Está satisfeita coa cidade na que viven?

- *Eu creo que un dos criterios é o do tamaño, se a xente pensa que é moi grande ou pequena, non?*
- *Si, pero tamén é importante a cantidade de servizos. Se ten bibliotecas, ximnasios, hospitais... eu creo que poderiamos preguntar algo así como...*

9. NO VERÁN

A. Como é a cidade/vila onde vives durante a época de vacacións de verán? Cambia con respecto ao resto do ano? Coméntao con dous compañeiros.




CD 19

B. Escoita agora unha persoa que conta como eran as vacacións nunha vila de Galicia. Coincide coa túa experiencia? Que cousas cambiaron? Coméntao co teu compañeiro.

10. SABES DE QUE SITIO CHE FALO?

A. Observa estas fotos de diferentes lugares? Cal che gusta máis? Que emocións ou sensacións che provocan? Coméntao co teu compañeiro.
















B. Agora escribe un texto descritivo sobre algún dos lugares das fotos ou outro que ti coñezas. Podes buscar información sobre eles na web ou en revistas de viaxes, pero recorda que ten que ser un texto que invite o lector a visitalo.

11. QUE FACEMOS ESTE VERÁN?

A. Le o seguinte texto e ponlle un título que resuma o seu contido.



Máis da metade dos galegos enquisados afirma que non ten vacacións segundo os datos recollidos nun estudo sobre o clima social en Galicia. O máis salientable deste estudo é que o 55,5% dos galegos asegura que non vai de vacacións durante os meses de verán, neste grupo inclúense as amas de casa, os xubilados e os parados, que non cambian de hábitos durante os meses de vacacións (xullo e agosto). Ademais, hai que ter en conta que o 75% dos enquisados asegura que non gozaron das vacacións por non teren dereito a elas.

Pero as tres cuartas partes dos galegos que si teñen vacacións normalmente pásanas fóra do seu lugar de residencia: o 38,6% en Galicia, o 28,1% noutros lugares de España e o 14,6% nun lugar fixo do estranxeiro.

Os destinos favoritos dos galegos que quedan na comunidade son as zonas de costa, maioritariamente as Rías Baixas, onde vilas como Sanxenxo pode ver incrementada a súa poboación, de case 20.000 habitantes, ata os 100.000 durante os meses de verán. Outra opción para pasar as vacacións en Galicia é a das visitas ás distintas festas que hai durante todo o verán pola xeografía galega, algunhas delas con gran sona, como a Romaría Vikinga de Catoira, o Entroido de Verán de Redondela, o Apóstolo de Santiago, a Peregrina de Pontevedra, a Maruxaina de San Cibrao (Lugo), a da Historia de Ribadavia ou as do Carme en todas as vilas mariñeiras de Galicia. Todas elas fan que miles de galegos e visitantes se despracen para asistir aos diferentes eventos que os concellos propoñen para a diversión estival. Pero se hai algo que, de verdade, lles gusta aos galegos nas vacacións é "ir de festa" á casa dun familiar ou un amigo, porque en moitas vilas e aldeas celébranse festividades na honra de santos da tradición católica e nas casas agasállanse os invitados con xantares que se alongan ata a hora da cea.



B. Comenta co teu compañeiro a vosa opinión sobre o contido do texto. Estades de acordo co que se di sobre os gustos dos galegos para pasar as vacacións?

12. AURIA

A. O seguinte fragmento pertence ao conto "O Estreno", do libro de relatos *Os Biosbardos*, de Eduardo Blanco Amor. Despois da súa lectura, imaxina o seu final. Animaríaste a lelo? Se é así, comproba as túas hipóteses.


B. Auria é o nome ficticio de Ourense que o novelista Eduardo Blanco Amor emprega nas súas obras e tamén neste relato. Coñeces algún dos lugares mencionados no percorrido que realiza o protagonista? Verifica se os lugares citados son reais ou tamén ficticios e tenta trazar sobre un mapa de Ourense o percorrido realizado.

C. Os elementos subliñados no fragmento, como adoita pasar con outros textos literarios de *Aula de Galego 4*, afástanse da normativa actual. Antes de adaptalo á norma, decide se as palabras marcadas non se adecúan por motivos léxicos, gramaticais ou ortográficos.

LÉXICOS	GRAMATICAIS	ORTOGRÁFICOS



D. Escoita agora dúas persoas que leron algunha das obras de Blanco Amor e que comentan como imaxinan Auria. Ven a cidade de xeito parecido? Como a describen?



Vina na Praza Maior. Nin daquela nin dempóis, reparéi tanto en ninguén. Levaba unha grande pamela con mapoulas de raso, cereixas de vidro, longa brida. Era branca, moi loira, curta de narís, os ollos gazos; beizos grosos, pálidos.

(...)

Xa non me puiden desapartar; non puiden, non. Seguina todo o tempo, aloeado, parvo, alleo de min.

(...)

Na rúa da Paz, cruzáronse con uns sibilantes, xa maores (os da tenda de Bobillo i outros), que se deron de cóbado, como coñeándose delas, e non sei que lles dixeron ó pasar que se puxeron seriosas e buliron o paso.

Entraron na catedral, ateigada de xente, e sortiron de contado. Na praza da Verdura, detivéronse nos postos onde venden as olas i os cazolos de gis que fan en Leñoá. Tamén se pararon nos latoeiros da rúa das Tendas, nos afiadores e parafuseiros da Praza Maior, nos zapateiros de banquilla da Fonte Nova, i asimade nos degraos da fonte, onde venden os queixos de teta i as manteigas frescas en folliñas de repolo.

Arreparaban en todo o que non era de arreparar; nas casas vellas, nas fechaduras, ferrollos e chamadores das casas vellas; até nas de pallabarro, todas esfoladas, e non lle botaban nin xiquera unha ollada de paso, ós edificios novos dos comerciantes maragatos, erguidos a catro pisos nos seus bancos perpiaños, que eran a fachenda da cibdade.

Metéronse en Santa María la Madre, na Trinidade, en Santa Eufemia e ficaron moito tempo, decorrendo todo moi de vagar. A dona asinaláballe á mociña, chamándolle a atención de non se sabía qué: as paredes, os teitos, algúns santos (non todos), as lousas do chao...


Co esboirar das bombas (estabamos na eirexa de Santo Domingo) deime conta de que ía a perder a procesión, que me rifarían sin non chegaba a tempo pra véla pasar; pasaba propiamente por embaixo das nosas fiestras, i a miña irmá María del Carmen i a miña prima Obdulia, ían vestidas de *angelitos*. Pero non fun.

Logo subiron a San Francisco, entraron no camposanto. Eu xa non aturaba o calor. Baixaron de novo, metéronse pola Travesía, mercáronlle figos á tía Delfina, no remate da rúa de Alba, colleron pola carretera do Progreso. Dalle que dalle; eu abafado, elas tan campantes...

Pola pouca xente que se vía, deprocatéime que xa era hora de xantar, pro non me importóu. Seguiron pola carretera, baixaron perto da Ponte Maior, sentáronse nun penedo, quitaron as luvas, refrescaron as maus na iauga do río e puxéronse a debullar os figos, a comelos...

Víanme ben andar por alí, atoutiñado, como un abesouro, pro como si non me visen. Ríanse moito, a rapariga tiraba coíños ó río. Non ollaban pra min, debían de coidar que era un tolo. Eu seguía alleo a min, sentía dentro de min un abraiamento, un longo pasmo, un enlevo dóce que nunca sentira, e non era quén pra me desapartar, aínda que me berrasen, aínda que me tirasen pedras. Pro nin me miraban.

Dempóis botáronse a andar pola beira do río, i eu, como xa esmorecía de fame, deixéinas ir e voltéi prá miña casa.



Eduardo Blanco Amor (1897-1979) naceu en Ourense, cidade na que pasou a súa infancia e adolescencia e na que se iniciou no xornalismo, como secretario de dirección no xornal *El Diario de Orense*, e na vida cultural e literaria, xa que frecuentou os parladoiros de Vicente Risco. A cidade das Burgas tamén deixou unha importante pegada na súa obra, sendo o espazo literario -co nome ficticio de Auria- no que trascorren as súas novelas en galego. En 1919 emigrou a Bos Aires, onde continuou practicando un galeguismo activo. Tamén no eido xornalístico colaborou na fundación das revistas *Terra* e *Céltiga* e, en 1926, pasou a formar parte do xornal *La Nación*, onde coñeceu a escritores como Leopoldo Lugones, Borges ou Sábato. Asemade, na capital arxentina fundou e dirixiu o Teatro Popular Galego.

En 1928 volveu a España como correspondente de *La Nación*, actividade que repetiu entre 1933 e 1935. Nesta segunda estadía coñeceu e trabou unha grande amizade co poeta Federico García Lorca.

En canto á creación literaria, aínda que xa comezara a publicar en 1936, ata o 1959 non saíu o seu primeiro libro en galego, *A Esmorga*. Tres anos despois publicou o libro de relatos *Os biosbardos* e, en 1965, regresou a Galicia. Instalouse en Vigo e, en 1970, viu a luz a novela *Xente ao lonxe*. Tamén cultivou o teatro con dúas obras: *Farsas para Títeres* (1973) e *Teatro pra a xente* (1975).



UNIDADE 7

Antes de que sexa tarde

Nesta unidade imos crear unha campaña de concienciación social sobre algún tema de interese común.
Para iso, imos aprender:

◆ *casos especiais de flexión de xénero e número* ◆ ***o/a/os/as dito/a/os/as, o/a/os/as citado/a/os/as*** ◆ *diferentes recursos léxicos e gramaticais para cohesionar textos: uso de sinónimos, hiperónimos, hipónimos, pronomes...* ◆ *distintos procesos de formación de substantivos* ◆ *vocabulario do ámbito do medio*

1. INNOVACIÓN E CRECEMENTO SUSTENTABLE

A. O crecemento sustentable e a protección do planeta son dous dos grandes retos aos que se enfronta a humanidade neste século. Cales son para ti os principais problemas e riscos?

- Pois para min un deles é a emisión de gases que deterioran a atmosfera...

B. Agora vas ler un texto informativo, extraído da páxina web da Consellería de Innovación e Industria, acerca dunha iniciativa empresarial a prol da protección do medio. Segundo a entrada do texto a continuación, cal cres que é o seu ámbito de actuación?

> A falta de planificación de solo industrial provocou que moitas empresas galegas fosen absorbidas por núcleos urbanos. Agora, a normativa esíxelles adecuar as súas emisións sonoras á calidade necesaria nese contorno.

C. Le agora o texto e sintetiza o seu contido. Para axudarche a facelo, podes realizar un resumo de dúas ou tres liñas de cada un dos parágrafos. Logo facede unha posta en común toda a clase.



1 **Santiago de Compostela, 23 de maio de 2006.-** A calidade acústica é o grao de adecuación das características acústicas dun espazo ás actividades que se van levar adiante nese ámbito. Así a define a Lei do ruído, do 17 de novembro de 2003, desenvolvida por un regulamento do 16 de decembro do 2005. Esta definición marca o punto de partida para unha clasificación do solo en función do seu uso e para facer plans de obxectivos que terán como finalidade a adecuación á legalidade dos niveis de emisión (ruído xerado) e inmisión (ruído ambiental percibido nun lugar, nun determinado intre), empregándose para isto os índices acústicos homoxéneos que ponderan a contribución á calidade acústica das diferentes franxas horarias das 24 horas do día.

2 En Galicia, a falta de planificación do solo industrial provocou que algunhas industrias fosen absorbidas por núcleos urbanos. Agora, coa entrada en vigor da nova normativa, estas empresas deben adaptar as súas emisións sonoras á calidade necesaria do contorno urbano no que se atopan. A compañía coruñesa Servizos de Enxeñería e Montaxe Alén está a traballar no deseño e desenvolvemento dunha ferramenta informática para facilitarlles a estas empresas a súa adaptación á nova Lei do ruído. O sistema achegaralles respostas prácticas reais adecuadas a cada caso concreto e ofrecerá solucións óptimas para o desenvolvemento de parques industriais mellorando a calidade acústica co emprego de novas solucións de amortecemento. O proxecto de investigación conta co apoio económico do Plan galego de I+D+i da Consellería de Innovación e Industria, a través do Programa de tecnoloxías ambientais. Esta reportaxe forma parte dunha serie sobre proxectos de investigación nos que o investigador principal é unha muller. O obxectivo que persegue a Dirección Xeral de I+D+ i promovendo estas informacións é aumentar a visibilidade da muller no ámbito da investigación, especialmente no sector privado.

3 **MAPAS DE RUÍDO COMO SOPORTE PARA A TOMA DE DECISIÓNS ADECUADAS**

O primeiro paso de Servizos de Enxeñería e Montaxe Alén para levar adiante este proxecto de investigación foi a elaboración de mapas de ruído, traballo que acometeu no ano 2005. Estes mapas son as ferramentas que lles van permitir tomar as decisións correctas en materia de calidade acústica. Equipos de medición, como os sonómetros, os acelerómetros ou as máquinas de impacto; equipos de integración de datos como o software de análise e representación e sistemas de transmisión en liña figuran tamén como ferramentas a empregar polos investigadores na elaboración dun proxecto no que se prevé tamén estudar a posibilidade de incluír materiais atenuantes do ruído na paisaxe urbana.

Blanca Benedicto, investigadora principal do proxecto, explica tamén que esta ferramenta informática "integrará a tecnoloxía de medición coa tecnoloxía da simulación", e ofrecerá respostas sobre cal, como e onde deben empregar cada solución material.

4 **EMPRESAS E ADMINISTRACIÓNS, PRINCIPAIS DESTINATARIOS DO PRODUTO**

As empresas e as administracións públicas figuran como os principais destinatarios do produto que resulte deste proxecto de investigación, "aínda que tamén poderá utilizalo calquera particular que estea interesado en avaliar as posibilidades de redución de ruído", segundo matiza a investigadora. Polo que respecta ás empresas, Blanca Benedicto matiza que, máis que de sectores, habería que falar daquelas localidades nas que non se planificou axeitadamente o uso do solo. "Non obstante, podemos pensar en empresas que empregan maquinaria pesada, sistemas de extracción forzada ou compresores frigoríficos, entre outras". Os traballadores destas compañías deben ser atendidos nos seus dereitos, recollidos nunha lei do 10 de marzo do ano 2006 sobre a protección da saúde e da seguridade dos traballadores contra os riscos relacionados coa exposición ao ruído, "polo que a nosa experiencia no uso de materiais e construción de prevención e redución acústica será de enorme axuda para atender esta necesidade", afirma. Os empresarios, xa que logo, están obrigados

a facer unha planificación do risco á exposición sonora e deben tomar medidas no eido da atenuación e na prevención, tanto colectiva como individual. O programa informático desenvolvido por Alén axudaralles na toma das decisións máis axeitadas á súa problemática concreta.

5 UN PROBLEMA DE SAÚDE PÚBLICA CAUSADO POLA CONTAMINACIÓN ACÚSTICA

A poboación que vive preto destas empresas sofre tamén a súa contaminación acústica, o que desemboca nun "gran problema de saúde pública", como o define Blanca Benedicto, provocado polo crecemento urbano no contorno non só destas industrias, senón tamén das vías de comunicación. "Este proxecto achegará solucións óptimas para o desenvolvemento de parques industriais e de vías de comunicación mellorando a calidade acústica, ao empregar novas solucións de amortecemento e detectar aqueles lugares onde se debe actuar polo ben da cidadanía", explica a investigadora.

6 Todo isto sen esquecer as zonas de protección acústica especial, é dicir, zonas como as vías de comunicación, portos e aeroportos que fosen absorbidas por unha urbe e nas que, unha vez elaborados e postos en funcionamento os plans de actuación da Administración pública, non se conseguiu adecuar o nivel de ruído. A investigadora explica que nestes lugares "aplicaranse medidas correctoras específicas dirixidas a mellorar a calidade acústica a longo prazo". Para iso, deseñarán plans zonais específicos que melloren a acústica e a adaptación á calidade desexada. "Os plans serán adecuados a cada caso concreto e irán dende o uso de materiais atenuantes ata a modificación de trazados ou o cambio nas formas de circulación". Tras a elaboración dos mapas de ruído, os investigadores atópanse agora na fase de aplicar as solucións construtivas aos problemas atopados, solucións que esperan ter listas para finais deste ano. "Con esta ferramenta informática trataremos –afirma Blanca Benedicto– de arranxar os problemas que nos presenten as empresas e as administracións en materia de ruído, dándolles resultados en pouco tempo e cun custo axeitado".

7 Servizos de Enxeñería e Montaxe Alén, SL naceu no ano 1999 en Santiago de Compostela e desenvolve a súa actividade nos campos do medio, a industria e a enerxía. Dentro do campo ambiental, tamén desenvolveu traballos de mellora da calidade ambiental e estudos de viabilidade. A compañía conta tamén cunha experiencia de máis de cinco anos na medición e control de ruídos e está homologada pola Xunta de Galicia para a medición de contaminación acústica e vibracións. Na actualidade, conta cun cadro de vinte empregados e a súa facturación anual é de 1,2 millóns de euros.

D. A continuación tes unhas afirmacións polémicas sobre diferentes aspectos relacionados co texto anterior. En parellas, escollede unha e discutide e argumentade a vosa opinión respecto dela. Ambos tendes que chegar a un consenso e, logo, transmitirllo á clase.

> Sempre se penaliza as empresas serias e non os lugares de ocio que son os que fan realmente ruído.

> As empresas non teñen porque pagar as consecuencias da urbanización masiva.

> Este tipo de iniciativas só serve para captar diñeiro público porque, ao final, non solucionan nada.

2. ANTES DO MÓBIL

A. Le o seguinte artigo sobre a telefonía móbil. Estás de acordo coas afirmacións que nel se fan? Veste reflectido nalgún aspecto?

COMPAÑEIRO INSEPARABLE

Lémbrase vostede de como era a súa vida antes de ter móbil ou talvez é tan novo que case naceu na era do móbil? Resistiuse moito tempo e foi deses que só compraron o seu primeiro teléfono móbil despois de que todos os seus amigos e familiares tivesen un? Foi un dos primeiros adeptos? Ou para vostede é algo totalmente natural, xa que ten un dende que ten uso de razón? Tanto ten, porque seguro que vostede, resistente, adepto ou mozo da xeración móbil, ten un deses aparellos.



Son moitos os aspectos da vida cotiá que cambiaron grazas á popularización da telefonía móbil. Pero, como acontece a miúdo cos grandes inventos ou avances tecnolóxicos, os móbiles impuxéronse de tal xeito que xa case non nos lembramos de como era a vida antes de comezar a levar sempre o noso teléfono no peto.

Sen dúbida, un dos aspectos da nosa vida social que máis cambiou despois de que todo o mundo tivese un móbil é a maneira de quedar e, en certo modo, o valor das citas. Mozos e non tan mozos cítanse (para tomar algo, para ir ao cinema, para verse na casa etc.) cunha forma diferente a como se facía hai tan só dez anos e antes de, finalmente, chegar a encontrarse é frecuente que se envíen numerosas mensaxes, falen ou se fagan as populares (e aínda gratuítas) chamadas perdidas.

Pero hai un aspecto talvez máis importante da revolución móbil, e é o feito de que, en moitos países en vías de desenvolvemento, a telefonía móbil xa lle adiantou á fixa e chegou antes ca esta ás clases populares. Así, en cidades nas que a instalación dunha liña fixa estaba (polo seu elevado prezo) fóra do alcance de moitísimas persoas e nas que só se conseguía ter un teléfono na casa despois de agardar anos, os móbiles trouxeron unha solución rápida, flexible e, se non tan barata, polo menos accesible.

B. En que outros aspectos cres que a telefonía móbil cambiou a vida das persoas? Que novas cousas nos permite facer?

C. Pensa nalgún outro invento ou avance tecnolóxico que cambiase a vida das persoas. Cal? En que e de que xeito o fixo?

3. INVENTORES DE PALABRAS

A. Os nomes de moitos obxectos fórmanse xuntando dous termos xa existentes na lingua. Sabes como se chama ese tipo de palabras? Fíxate en como están formados os seguintes exemplos. Podes dicir outros que se formen igual?

Paraugas Montacargas …

B. Seguindo o mesmo proceso, utiliza os verbos do cadro da dereita para formar outras palabras.

Montar	**Abrir**	**Tirar**
Parar	**Limpar**	**Gardar**

C. Exemplos como **coche cama** ou **ferrocarril** amosan outra posibilidade de combinar palabras. En parellas, imaxinade que sodes inventores de obxectos peculiares e creade palabras para nomealos. Logo, explicádelles aos demais compañeiros a utilidade dos vosos inventos.

- *Pois nós inventamos o garfo-abano, que serve para…*

4. UN INCENDIO

A. Le a seguinte noticia sobre un incendio en Galicia. Como sabes, cada verán os incendios representan un grave problema ambiental. Viviches de cerca algún suceso similar? Coméntao cos teus compañeiros.

Churrascada con incendio en Monte Lobeira



Cara ás 12 h da noite de onte, declarouse un incendio no Monte Lobeira. O lume iniciouse cos rescaldos dun churrasco que, ao parecer, fixeron uns mozos da bisbarra, entre os que se encontraba a poetisa Carla Goldar. Os rapaces, crendo que as cinzas estaban completamente apagadas, apartáronse do lugar no que prenderan o lume e antes de que se desen conta, o lume volveu aparecer.

Afortunadamente, as chamas espalláronse despois de que o grupo xa estivese máis afastado do lugar, en boa medida pola arriscada acción dunha muller dos arredores, que aproximou o seu coche preto do foco onde se iniciou o lume, de xeito que puido evacuar rapidamente os mozos. O incendio propagouse con celeridade e alcanzou unha zona boscosa de difícil acceso. Unha patrulla de catro garda civís procurou acceder á zona e tentou dominar a extinción do lume, pero non o conseguiu. Os land rover, dotados unicamente duns bidóns de auga con mangueiras, resultaron insuficientes para apagar as lapas.

Así foi como o dispositivo do corpo municipal de bombeiros de Vilagarcía de Arousa, que xa fora alertado polos propios involucrados, se dirixiu ao lugar do sinistro, pero, antes de chegar, sufriu unha grave avaría, o que obrigou a acudir aos bombeiros de Vilanova de Arousa, a localidade máis próxima. Non obstante, as condicións meteorolóxicas foron favorables á extinción: o vento era case nulo e, pouco despois de chegar a dotación de bombeiros de Vilanova, unha forte tormenta axudou a que o lume non se propagase.

Por fortuna, non houbo que lamentar danos materiais de importancia, agás algún desperfecto nos pisos piloto da construtora Lobarnerlas, SA. Polo contrario, as consecuencias do incendio si foron devastadoras tanto para a paisaxe como para a diversa fauna da zona, tal como alertaron diversas oenegués e clubs de afeccionados á ornitoloxía, posto que o Monte Lobeira é o hábitat de especies como pombas torcaces, rulas ou paporrubios, cuxos exemplares lamentablemente puideron resultar extintos coa acción devastadora das lapas.

Esta madrugada, antes da saída do sol, deuse por extinguido o incendio e a alcaldesa, en representación do concello, estuda condecorar a Isolina Outeiro Rual, convertida na heroína da xornada ao facilitar o salvamento dos rapaces.

B. Saberías explicar os mecanismos empregados para formar o plural das palabras subliñadas no texto? Como farías o plural das que aparecen no seguinte cadro? Coñeces exemplos semellantes?

croissant	ovni
sofá cama	récord
non-fumador	moble bar
foie-gras	dvd
peme	porco teixo

C. Respecto ao xénero, podes identificar no texto algúns casos nos que a formación do feminino se fai dun xeito particular? Márcaos e comenta co teu compañeiro que outros casos especiais de flexión de xénero coñeces.

5. UN INFORME

A. Le o seguinte texto que é o comezo dun artigo sobre un tema relacionado coa auga. Coñeces algún outro lugar onde a xente teña limitacións dalgún recurso natural? Cal? Coméntao co teu compañeiro.

> Na rexión andina tradicionalmente as aldeas indíxenas xestionaron a auga e resolveron os conflitos arredor deste recurso seguindo sistemas propios, mediante o que poderiamos chamar unha "cultura da auga" indíxena. Non obstante, na actualidade os **ditos** sistemas de xestión están en grave perigo, xa que os gobernos estatais **destes** países impuxeron novas leis e regulacións que ignoran o dereito á auga do que gozaron durante séculos os pobos nativos da rexión. Os estados e as empresas privadas, ao non recoñeceren **tales** dereitos, poñen en perigo a supervivencia das comunidades indíxenas campesiñas. (...)

B. Agora fíxate nas palabras subliñadas. Son sinónimas doutras que aparecen anteriormente no texto e empregámolas xustamente para non repetir. A que palabras equivalen en cada caso?

C. As palabras en grosa serven, polo contrario, para sinalar que o substantivo que as segue se refire ao mesmo substantivo que xa se citou antes. Coñeces algún outro recurso para facer o mesmo?

6. A ESCASEZA DA PRODUCIÓN

A. A linguaxe técnica e divulgativa adoita ser moi sintéticas grazas ao uso de substantivos que, de certo xeito, poden sintetizar frases. Cales cres que resumen os substantivos en grosa destes enunciados? Fíxate no exemplo.

1. A **escaseza** de alimentos provoca unha **suba** nos prezos.
   - *Os alimentos son escasos; isto provoca que os prezos suban.*
2. O **crecemento** da poboación dificulta a **recuperación** das zonas naturais e a **reprodución** da flora.
3. A **viabilidade** do proxecto depende da **aprobación** da lei.
4. A **elaboración** do **regulamento** impedirá a **emisión** de gases contaminantes.
5. As ONG dan unha resposta máis rápida a algúns problemas grazas á súa **flexibilidade**.
6. A **rapidez** da resposta ante o lume é esencial para evitar a **queima** de grandes extensións.
7. A **realización** deste estudo será custeada por fondos europeos e axudará ao **desenvolvemento** da rexión.
8. O goberno xa demostrou a súa **incapacidade** ante estes novos fenómenos.
9. O **investimento** nas áreas afectadas polas inundacións paliará as **carencias** conxunturais ocasionadas.
10. A **reciclaxe** de residuos orgánicos axuda enormemente á **conservación** do medio.

B. Agora, completa este cadro cos substantivos, verbos e adxectivos correspondentes.

VERBO	SUBSTANTIVO DE PROCESO/ACCIÓN
actuar	
	a realización
	a perda
decidir	
restrinxir	
descubrir	
	a proba
	a compra
suprimir	
	o aumento
	a diminución
contaminar	
reciclar	
	a protección
cambiar	
ADXECTIVO	SUBSTANTIVO DE CUALIDADE/PROPIEDADE
belo/a	
	a igualdade
	a tranquilidade
sociable	
tímido/a	
escaso/a	
	a sinceridade
escuro/a	
capaz	
fino/a	
largo/a	
alto/a	
certo/a	

C. Fíxate nos sufixos que emprega o galego para crear substantivos. De que xénero son os substantivos creados desta forma? Coñeces outras palabras formadas cos mesmos sufixos?

D. As palabras do seguinte cadro fórmanse mediante a prefixación. Segundo os modelos, podes achegar outros exemplos de palabras que se forman con estes ou outros prefixos?

a) **in**disciplina	d) **co**autor	g) **pre**historia
b) **des**equilibrio	e) **ante**ollos	h) **re**caída
c) **pos**data	f) **contra**luz	i) **anti**heroe



Nominalización

NOMES DERIVADOS DE VERBOS

Estes nomes poden substituír unha frase na que a acción é a designada polo verbo de orixe. Moitos substantivos fórmanse a partir de verbos aos que se lles engaden sufixos. Os máis frecuentes son os seguintes.

-CIÓN/-CCIÓN/-SIÓN

- **A actuación dos equipos sanitarios tralo accidente** foi enormemente eficaz. (= os equipos sanitarios actuaron moi eficazmente logo do accidente)

Os substantivos terminados en **-ción**/**-cción**/**-sión** son femininos e normalmente indican o proceso ou o resultado dunha acción.

elaborar - **a elaboración** reducir - **a redución**
cocer - **a cocción** revisar - **a revisión**

-ADO/-ADA/-IDO/-IDA

- **O envasado dos produtos alimenticios** debería estar máis controlado. (= os produtos alimenticios non se envasan co suficiente control)

lavar - **o lavado** retirar - **a retirada**
roncar - **o ronquido** saír - **a saída**

-MENTO

- **O descubrimento de novas enfermidades que afectan os bosques** é un sinal da degradación do medio. (= descóbrense novas enfermidades que afectan os bosques)

investir - **o investimento** desenvolver - **o desenvolvemento**
derribar - **o derribamento** sentir - **o sentimento**

Nalgúns casos, o substantivo presenta algunha alteración con respecto ao verbo.
disolver - **a disolución** inscribir - **a inscrición**
pedir - **a petición**

-AXE

- **A reciclaxe do papel** permite aforrar grandes cantidades de auga. (= **reciclar** o papel permite aforrar grandes cantidades de auga)

drenar - **a drenaxe** almacenar - **a almacenaxe**
embalar - **a embalaxe** aterrar - **a aterraxe**

Outros substantivos emparentados con verbos non presentan os sufixos anteriores e, polo xeral, son masculinos.

consumir - **o consumo** usar - **o uso**
cultivar - **o cultivo** citar - **a cita**
transportar - **o transporte** probar - **a proba**

NOMES DERIVADOS DE ADXECTIVOS

Estes nomes poden substituír unha frase na que se expresa unha calidade (polo xeral, frases con **ser** e **estar**).

-EZ/-EZA

- Parece que as administracións non son sensibles **á beleza das nosas paisaxes naturais.** (= as nosas paisaxes naturais son belas)

-URA

- **A altura daquelas árbores** indica que o bosque é moi antigo. (= aquelas árbores son máis ou menos altas)

-IDADE

- Os nosos ríos dependen da nosa **capacidade para defendelos.** (= somos capaces de defendelos)

Palabras formadas por prefixación

Na prefixación, antepóñense elementos, denominados prefixos, a unha base para crear un novo vocábulo. Neste proceso, a nova palabra adquire un significado distinto da orixinal, manténdose na mesma categoría gramatical desta.

impaciencia (substantivo) = **im**- + **paciencia** (substantivo)
anormal (adxectivo) = **a**- + **normal** (adxectivo)
reler (verbo) = **re**- + **ler** (verbo)

Palabras formadas por composición

Son palabras que teñen máis dunha palabra como base e que poden pertencer a distintas categorías gramaticais. Presentan unha orde fixa dos elementos que as constitúen e non se poden suprimir nin substituír.

salvavidas = **salva** (verbo) + **vidas** (substantivo)
lingua de can = **lingua** (subst.) + **de** (preposición) + **can** (subst.)
tempo morto = **tempo** (substantivo) + **morto** (adxectivo)

O plural das palabras compostas

As palabras compostas compórtanse de distintas maneiras para a formación do plural. Cando se trata dun composto gráfico, que se escribe como unha soa palabra, só se fai o plural do último elemento.

beirarrúa/beirarrúas **quefacer/quefaceres**
cartafol/cartafoles **ruxerruxe/ruxerruxes**

Algúns compostos gráficos só teñen unha forma. Neste caso, sabemos se están en singular ou en plural a través dos determinantes que os acompañan: **o/os limpachemineas, o/os garda-agullas, o/os gardacostas, o/os quitamanchas, o/os sacamoas** etc.

Nas palabras compostas que se escriben con guión, só vai en plural o último elemento.

épico-lírico/épico-líricos **non-fumador/non-fumadores**

Só se fai o plural do primeiro elemento nos compostos formados por dous substantivos.

sofá cama/sofás cama **piso piloto/pisos piloto**
moble bar/mobles bar

Asemade, cando nos compostos hai un nexo entre as bases, só se flexiona o primeiro elemento.

paso a nivel/pasos a nivel **pita do monte/pitas do monte**
ferro de pasar/ferros de pasar

Faise o plural de todos os elementos cando a palabra é composta por un substantivo e un adxectivo.

porco bravo/porcos bravos **garda civil/gardas civís**
pé dereito/pés dereitos

A palabra que vai en plural faino segundo a regra de formación do plural á que pertence: **rúa/rúas, fol/foles, facer/faceres, civil/civís** etc.

Outros casos especiais na flexión de número

Hai palabras non patrimoniais, xeralmente chamadas estranxeirismos ou cultismos, que presentan a formación do plural dun modo particular. Aos estranxeirismos, palabras doutros idiomas que, a pesar do frecuente emprego, manteñen a súa forma orixinal, engádeselles –**s**: **club/clubs, pub/pubs, clip/clips, robot/robots, croissant/croissants** etc.

O mesmo ocorre cuns poucos cultismos que se conservan na lingua: **álbum/álbums**, **réquiem/réquiems**, **tándem/tándems** etc.

As marcas non se deben pluralizar, xa que son nomes propios. Algunhas pasaron a designar obxectos comúns e fan a flexión de número a través dos determinantes que as acompañan: **o land rover/os land rover**, **o kleenex/os kleenex** etc.

As siglas non se pluralizan. Non obstante, atópanse na lingua algunhas cuxo emprego está moi sistematizado, de xeito que se comportan como palabras comúns, presentando incluso algunha transformación morfolóxica (como o acento gráfico). Todas elas se escriben en letras minúsculas e admiten a flexión de plural, segundo as regras para as palabras patrimoniais: **peme/pemes**, **ovni/ovnis**, **láser/láseres**, **radar/radares** etc.

Hai tamén casos nos que o plural deste tipo de siglas presenta formas diversas, como ocorre, por exemplo, con **CD** e **DVD**: **cd/cds**; **o/os CD**; **cedé/cedés**.

Xénero: casos especiais

Hai palabras cuxas formas de feminino son moi peculiares: heroe/**heroína**, tsar/**tsarina**, sacerdote/**sacerdotisa**, profeta/**profetisa**, poeta/**poetisa**, xudeu/**xudía**, rei/**raíña**, galo/**galiña**, príncipe/**princesa**, abade/**abadesa**, barón/**baronesa**, actor/**actriz**, emperador/**emperatriz**.

Cohesionar textos

RESURSOS LÉXICOS

En moitos textos é necesario retomar partes do discurso xa mencionadas e, en numerosas ocasións, non queremos repetir coas mesmas palabras aquilo que xa diximos. Para iso, podemos empregar varios recursos.

SINÓNIMOS
O incendio propagouse rapidamente. As causas do lume son aínda descoñecidas.
NOME REFERIDO A UNHA CATEGORÍA Á QUE PERTENCE O NOME CITADO OU A UNHA CARACTERÍSTICA DESTE
O accidente estragou **o coche**. Non obstante, os ocupantes abandonaron **o vehículo** polo seu propio pé.
Irá frío **en Santiago**: as temperaturas na **capital de Galicia** non pasarán dos cero graos.
Frida Kahlo tivo unha vida difícil. **A pintora mexicana**, recluída nunha cadeira de rodas...

En textos máis formais, estes nomes poden ir acompañados de expresións como **o/a/os/as dito/a/os/as**, **o/a/os/as citado/a/os/as** ou **o/a/os/as mencionado/a/os/as**.

- *Memorias dun neno labrego*, de Neira Vilas, é un clásico da narrativa do século XX. **A dita** obra é, ademais, unha das máis vendidas...

Cando se empregan estes recursos, non é estraño repetir o mesmo nome.

- Un informe sobre o estado da rede ferroviaria desatou a polémica. No **citado** informe recóllense datos que...

Cando un nome (circunstancias, caso, condicións etc.) retoma e resume unha parte do discurso dito anteriormente, é frecuente que vaia acompañado de **tal**(**es**).

- Ides ir á montaña? Sabedes que se prevén fortes choivas?
- Si, sabémolo, pero decidimos ir igual.
- En **tal** caso, levade un móbil e baterías de reposto.

- As temperaturas seguían subindo e a humidade era moi baixa. En **tales** circunstancias, un grande incendio podía ser devastador.

Estes recursos pódense aplicar tamén a frases, a ideas ou a fragmentos completos do xa mencionado anteriormente.

As autoridades do país anunciaron que **non van renovar o tratado internacional sobre a pesca da balea**. **A citada/esta/a dita/tal decisión** xa provocou diferentes reaccións da comunidade internacional.

RECURSOS GRAMATICAIS

Como xa sabes, os pronomes persoais átonos empréganse para referirse a persoas, cousas e frases xa mencionadas que reaparecen en función de obxecto directo ou de obxecto indirecto.

- Estiven con **Eva**; encontrei**na** moi cambiada.
- Dixéronme que **estabas de vacacións en Creta**. Non **o** sabía.
- Onte vin a **Xoán** e a **Marta** e dei**lles** o teu recado.

En ocasións, empréganse os pronomes persoais tónicos para facer referencia a persoas e, con menos frecuencia (sobre todo en textos de rexistros máis cultos), a obxectos ou a enunciados.

Nunca detiveron a **Alberte Ferreiro**, a pesar de que **el** fose o único sospeitoso do crime.
As rapazas do equipo arxentino sabían que podían gañar. Ademais, o público estaba con **elas**.
Os fondos recadados usaranse con fins humanitarios: con **eles** compraranse medicamentos e alimentos que serán enviados a zonas castigadas por conflitos bélicos.

Para retomar unha frase ou un fragmento do discurso, adóitase preferir **iso**.

- *A nota mínima para entrar na Facultade de Medicina é de 8,6.* ***Iso*** *fai que moitos alumnos non escollan esta carreira.*

7. RECICLA

Unha das cuestións máis importantes para o desenvolvemento sostible é o tratamento de residuos. En parellas, escribide un texto nun rexistro culto propoñendo o problema e ofrecendo solucións. Podedes apoiarvos nos seguintes datos.

- Case un millón de toneladas de residuos ao ano en Galicia.
- Máis de 2 millóns de habitantes.
- 70% dos residuos non tratados van directamente aos vertedoiros producindo gas metano e provocando un efecto invernadoiro.
- 50% dos residuos = materia orgánica.
- Materia orgánica = utilizable para a recuperación do solo.
- Unha tonelada de papel reciclado = 15 árbores que non se cortan.
- 94% do plástico é reciclable.

8. NON ESTOU DE ACORDO

Aquí tes unha serie de afirmacións que poden resultar polémicas. Podedes discutilas toda a clase poñendo en común as informacións que teñades ao respecto.

– Cando as reservas de petróleo se esgoten, o planeta entrará nunha enorme crise enerxética e todo cambiará.

....

– Antes de que se acaben as reservas de petróleo, descubrirase a maneira de facer funcionar os motores con auga.

....

– Cando os gobernos decidan actuar realmente contra o efecto invernadoiro, será demasiado tarde e as cidades da costa de todo o mundo desaparecerán.

....

– A selva amazónica continuará desaparecendo mentres os gobernos da zona non tomen medidas serias e prohiban totalmente a corta de árbores.

....

– Debería penalizarse os consumidores que non reciclan o plástico que botan ao lixo.

9. PERIGOS E AMEAZAS

A. Os perigos que ameazan o medio son moitos e moi variados. En parellas, pensade en cales son os que afectan os seguintes ámbitos e facede unha pequena listaxe.

OS MARES

....

A contaminación. En moitos lugares os barcos verten

os residuos dos motores ao mar.

AS SELVAS TROPICAIS

....

....

....

....

....

....

OS RÍOS

....

....

....

....

....

....

O CLIMA

....

....

....

....

....

....

B. Cres que hai outros ámbitos nos cales se pode poñer en perigo o coidado do medio? Coméntao co teu compañeiro e anotádeos na vosa folla.

C. Pasádelle a vosa folla a outro grupo. Eles deberán decidir cales son as mellores ideas e solucións para cada un dos perigos nos que pensastes.

10. O XOGO DO ABECEDARIO

Que cousas se poden atopar nos lugares das fotografías? O voso profesor diravos unha letra do abecedario. Cada un deberá buscar algo que comece por esa letra e que se poida atopar neses lugares. Quen acaba primeiro?




NAS MONTAÑAS



NO MAR



NAS SELVAS E NOS MONTES



NOS RÍOS

11. UNHA CAMPAÑA



A. As campañas publicitarias de concienciación social empezan, en ocasións, cun primeiro anuncio cuxo obxectivo non é totalmente evidente. Vas escoitar un anuncio correspondente a unha campaña deste tipo. Cal cres que é o seu obxectivo? Discúteo cos teus compañeiros.



B. Escoita agora o anuncio que seguiu ao anterior. Eran acertadas as hipóteses?

12. QUE PASARÍA SE...?

En parellas, creade a cadea de causas e consecuencias máis longa que poidades a partir de cada un dos feitos propostos.

- A suba radical da temperatura do planeta.
- A destrución das selvas tropicais.
- O esgotamento das reservas de petróleo.
- O estoupido dunha guerra nuclear.

- *Se a temperatura da terra subise radicalmente, produciríase o desxeo dos polos. Se se producise o desxeo dos polos...*

13. CREAR CONCIENCIA

A. En grupos de tres ou catro, ides crear unha campaña de concienciación cidadá sobre un problema ou cuestión próxima a vós que vos pareza importante, interesante ou divertida. Podedes escoller unha destas tres posibilidades ou pensar noutra.


UNHA CIDADE OU UN BARRIO MÁIS SILENCIOSO

Como crear un contorno menos ruidoso e evitar que as persoas, os transportes, os establecementos de ocio etc. interfiran na paz acústica.




UNHA CIDADE MÁIS LIMPA, HARMONIOSA E ELEGANTE

Como conseguir unha cidade máis bonita, que cambios propoñemos, que cousas prohibimos, como incentivamos a persoas, comercios, institucións etc., para que todo sexa máis belo.



AFORRAR AUGA E/OU ENERXÍA

Que facer para gastar menos, reciclar máis e non desperdiciar. Como podemos actuar para aforrar auga nas nosas cociñas, baños, xardíns. Que poden facer as institucións e as empresas con respecto á subministración de auga, ao mantemento de parques, xardíns, á fabricación de material vinculado ao consumo de auga...



B. Decidide que tipo de campaña ides crear. Podedes darlle forma de páxina web (cunha páxina de entrada e, na seguinte, varias seccións que desenvolvan os diferentes aspectos da cuestión) ou de cartel publicitario (con textos que expliquen diferentes aspectos do problema que queredes tratar).

C. Agora, presentádelle a vosa campaña ao resto da clase.

14. AGRICULTURA RENDIBLE, AGRICULTURA SOLIDARIA

A. Unha das historias máis convulsas da Galicia actual é a do Pazo Baión. Sabes algo del? Despois da lectura do seguinte texto, saberás por que se fixo famoso.

A placidez que transmite o pequeno val onde se estenden as 22 hectáreas de viñedos do Pazo Baión e a calma que irradia contemplado dende o alto que dá lugar ao adro da igrexa de San Xoán de Baión pouco fan sospeitar a convulsa historia deste pazo. Os focos mediáticos comezaron a proxectarse sobre el cando, en 1985, foi adquirido polo, daquela, presunto narcotraficante Laureano Oubiña e moi pronto a sona e o esplendor dos terreos traspasaron o ámbito local para nutrir as novas do ámbito estatal. A fastosidade das reformas, o incremento da plantación vinícola e a escasa discreción do seu propietario non pasaban desapercibidas para ninguén que aterraba nas Rías Baixas. Por iso, non foi unha sorpresa cando, como se dun *thriller* se tratase, en 1990 unha espectacular operación policial, con helicópteros rodeando o lugar, deu con Oubiña no cárcere. A actuación da policía inscribíase na operación Nécora que, levada a cabo polo xuíz da Audiencia Nacional, Baltasar Garzón, tiña por obxecto abater as actividades relacionadas co narcotráfico.

Dende ese momento, o colectivo de nais de fillos drogodependentes, lideradas pola asociación Érguete, non deixou de manifestarse diante do pazo e de pedir que fose expropiado en beneficio da loita contra a droga. E así foi cinco anos despois da detención de Oubiña. Co propietario en prisión e xulgado, a Audiencia comisou o pazo e os beneficios orixinados pola explotación dos terreos irían en parte destinados ao Plan Nacional sobre Drogas, para plans sobre prevención de drogadicción. No ano 2001 Freixenet arrendou os terreos e comezou a traballar os viñedos. A propia empresa catalá quixo concorrer á poxa de venda do pazo que, finalmente, foi adquirido, en xullo de 2008, pola cooperativa galega Condes de Albarei, dedicada á produción de viño albariño.

Deste xeito, por fin parece que a lenda negra sobre o pazo comezou e remitir e a cooperativa Condes de Albarei xa anunciou, entre os seus proxectos, a constitución dun centro de enoturismo no pazo, coa creación dunha bodega de viños de alta gama e a construción dunha sala de congresos e un hotel. A cooperativa destinará o 5% dos ingresos que xere o pazo para a prevención e atención a drogodependentes e dará traballo a persoas que estean a se reinserir laboralmente, ata cubrir un mínimo de catrocentas xornadas de traballo ao ano. Será o modo de que o pazo chegue a ter unha finalidade máis nobre ca a que tivo no seu pasado.

B. Sabes dalgunha historia similar ou dalgún caso onde a actividade produtiva vaia destinada a accións sociais? Coméntao coa clase.

15. NATUREZA ÍNTIMA

A. A natureza é un dos elementos que máis presenza ten na literatura galega e, en moitos casos, serve para proxectar nela diversos sentimentos ou estado de ánimos. Aquí tes catro poemas de poetas de diferentes épocas. Leos e tenta captar a mensaxe que transmiten. Cal dos seguintes temas cres que se pode relacionar con cada un deles?

Soidade
Desamparo
Paso do tempo
Saudade



B. Agora escóitaos recitados. Axudouche a entender mellor o poema? Por que non recitas un dos poemas diante da clase? Leralo ou faralo de memoria?

C. No teu caderno, recrea polo menos dúas estrofas do poema que prefiras. Busca, para algunha das palabras do poema escollido, sinónimos ou expresións que expliquen o seu significado. Que che parece o resultado?

- Coas fermosas follas novas...

D. Imaxinade que traballades para unha editorial que vai publicar os catro poemas e o comité de redacción decidiu editalos segundo a norma do galego actual. En grupos, distribuídevos os poemas e verificade se se axustan á normativa vixente. Se non, facede as correccións que consideredes oportunas.



Abride, as frescas rosas
brilade, os caraveles;
do seu xardín os árbores, vestidos
cas lindas follas verdes;
parras que un tempo sombra nos prestaches,
a cubrirvos de pámpanos volvede.
Natureza fermosa,
a mesma eternamente,
dille ós mortais, de novo ós loucos dille
¡que eles nomais perecen!

Rosalía de Castro

Ei ven o tempo de mazar o liño!
COLGAN as mazorcas das solainas.
Cain as castañas nos soutos reprexados.
Chega o lonxe ruxir das augas
entre o tróupele-tróupele dos mazos...
/
SON das augas! Doado vir do lonxe!
Expostas á coor i o son do Outono
as nembranzas logo serán pouso sin nome.

Uxío Novoneyra

---

ningunha rosa
do xardín
recoñece xa
os meus pasos
que regresan
sós

Rafa Villar


QUEN ÁRBORE

cando outono te abra como un libro
e perdas folla a folla
e a seiva a rastro tronco arriba
sen azos para turrar

con todo   freixo
para ti chega con espreitar por marzo
bulir unha vez máis desenguruñar
follas brancas   tirar fóra
rebentos

quen árbore e nacer en primavera
trocar afáns por raíces
quen freixo termando do vento
sen este frío

Marilar Aleixandre



Rosalía de Castro (1837-1885) é gran poetisa das letras galegas. Foi a figura central do Rexurdimento galego, no século XIX, e unha das figuras centrais do romanticismo tardío peninsular. Casou co intelectual galego Manuel Murguía, grande impulsor da súa obra, e a súa vida contivo etapas de agudo sufrimento –tal como reflectiu nos seus poemas–, motivado pola morte de dous fillos e pola súa delicada saúde. Os seus libros máis salientables son os libros de poemas *Cantares Gallegos* (1863) e *Follas Novas* (1880).

Uxío Novoneyra (1930-1999) foi denominado o poeta do Courel pola gran pegada que esta rexión xeográfica deixou na súa obra. Viviu entre Madrid e Santiago de Compostela, onde arribou definitivamente en 1983 e alí ficou ata a súa morte. Foi o presidente da Asociación de Escritores en Lingua Galega e entre os libros de poemas máis destacados figuran *Os Eidos* (1955) ou *Elexías do Caurel* (1966).



Rafa Villar (1968) naceu en Cee e foi cofundador do Batallón Literario da Costa da Morte. Combina a súa actividade literaria coa política xa que foi portavoz da plataforma Nunca Máis. É un dos escritores novos de poesía máis laureados e coñecidos, o cal non é óbice para que non posúa unha extensa obra, na que se poden destacar libros como *A sotavento dunha singradura* (1995), *Casa ou sombra* (1997) ou *Días de Sherezade* (2000).



Marilar Aleixandre (1947) é unha poetisa polifacética, xa que, bióloga de profesión, é tamén tradutora e escritora. Ademais, na súa faceta literaria, combina a lírica coa narrativa, tanto para adultos como para rapaces e mozos. Escribiu os libros de poemas *Catálogo de velenos* (1999) e *Desmentindo a primavera* (2003).



UNIDADE 8

Vivir para traballar

Nesta unidade imos escribir unha páxina de presentación para a web dunha empresa.
Para iso, imos aprender:

◆ *a establecer distintas relacións no enunciado: oracións concesivas, causais, modais, finais e consecutivas* ◆ *casos do obxecto directo coa preposición* ***a*** ◆ *a darlle coherencia e cohesión a un texto* ◆ *a describir unha empresa* ◆ *a falar dun traballo: calidades, funcións, problemas e sentimentos* ◆ *algunhas das características dos textos escritos formais* ◆ *vocabulario do ámbito do traballo e dos sentimentos*

1. O TRABALLO É SAÚDE

A. Que profesións cres que producen máis estrés? Entre ti e un compañeiro, elaborade unha lista de posibles causas de estrés no traballo.

- *Eu creo que unha das profesións con máis estrés é a de médico, porque...*

B. Le agora o seguinte artigo sobre traballo e estrés. Compara o que se di coa lista que elaborastes na sección anterior. Hai coincidencias?

Custos laborais

Algunha vez te sentiches desmotivado polo traballo? A organización da empresa é un inimigo irreconciliable da túa realización persoal? Sénteste minusvalorado socialmente pola túa profesión? Se así é, podes estar sendo vítima dun trastorno relacionado co estrés, a primeira causa de doenza dos países industrializados.

Por Lola Seaxe.

Ensino sen brillo



As sociedades cambian e con elas as profesións. Pero as mellores condicións tecnolóxicas e as conquistas sociais foron tamén acompañadas de alteracións na posición social das diferentes ocupacións profesionais. En moitos casos a presión emocional que, ás veces, as sociedades posmodernas exercen nos individuos, tamén alterou a diferente carga psicolóxica que posúe cada profesión. Deste xeito, o incremento de baixas relacionadas co estrés xa non se vincula con profesións de risco como bombeiros ou policías, senón con aquelas relacionadas co sector servizos que están en contacto co público: traballadores sociais, enfermeiros, médicos e profesores ocupan os lugares destacados nas estatísticas de estrés ou depresión laboral.

De todos estes colectivos o máis significado é o dos docentes que pasaron a ocupar os principais índices de doenzas psíquicas relacionadas co desempeño da actividade profesional. As causas que motivaron esta situación son diversas e complexas, pero apúntase a que o ensino como institución e o papel do profesor cambiaron nos últimos anos, e non sempre para ben. Fundamentalmente o mestre, o profesor, pasou de ser unha figura valorada e estimada a decaer nos índices de valoración social. Nunha sociedade que prima o éxito rápido e a progresión económica, o status docente dificilmente pode encaixar nestes parámetros, o cal redunda nunha baixa consideración e, por conseguinte, nun incremento dos niveis de inseguridade do colectivo.


Outros dos motivos que castigan especialmente o bo cumprimento da actividade docente é a ausencia de autoridade á que están expostos os alumnos e, polo tanto, a dificultade de poder aplicala na escola. Pasouse dun exceso de autoritarismo no ensino a unha carencia de autoridade que, nalgúns casos, ten as lamentables consecuencias das, cada vez máis frecuentes, agresións a profesores por parte de alumnos ou familiares de alumnos. Sumado a isto, os docentes quéixanse, asemade, da falta de apoio que, en ocasións, senten da Administración que, a miúdo, opta por non introducir medidas que poidan ser antipopulares.

Con todo, a vocación das persoas que deciden dedicar a súa profesión a transmitir coñecemento e sabedoría, así como actitudes útiles para a formación humana das persoas, non decaeu. Fundamentalmente porque a escola segue sendo a segunda nai de todos nós.


Outras profesións con estrés



Traballadores en cadea: unha das principais causas de estrés é o traballo en cadea. Neste tipo de traballos non se esixe pensar e adoita haber unha gran desvinculación coa empresa, debido en parte ao descoñecemento sobre o produto que se realiza e a importancia do seu papel. Por iso, moitos destes traballadores séntense perdidos e cren que o seu traballo non ten sentido. Poden realizar, ademais, xornadas laborais maratonianas e acumular moitas horas, co que o desgaste físico e psicolóxico é aínda maior.
Outras profesións mecánicas e despersonalizadas: caixeiros e persoal da peaxe de autoestradas.



Percebeiros: vivir baixo a ameaza dos golpes do mar é unha das principais causas de depresión dos percebeiros. Cada vez que faenan están en estado de alerta permanente, sabendo que un descoido pode ser fatal para eles. Ademais, á inseguridade persoal engádese a angustia de quen o está esperando en terra, agardando sempre que cheguen sanos e salvos.
Outras profesións perigosas: policías e brigadas antiincendios.



Pilotos: os pilotos civís son responsables de manexar en condicións de seguridade avións de carga e pasaxeiros, coa enorme presión psicolóxica que isto leva consigo. En liñas aéreas cun gran volume de operacións, os pilotos poden chegar a facer ata cinco voos diarios de curto percorrido ou un se se trata de voos transoceánicos. Aínda que fagan escalas en lugares paradisíacos, non o viven como unhas vacacións, senón como un descanso forzoso antes de volver empezar a xornada que os devolva ás súas casas.
Outras profesións das que dependen vidas humanas: controladores aéreos e cirurxiáns.



Mariñeiros: os mariñeiros de alta mar viven o seu traballo en situacións de confinamento. Para eles non existe o concepto de xornada laboral, senón o de trimestre ou semestre de traballo. Durante ese tempo están lonxe das casas, só teñen contacto cos seus compañeiros e non teñen outro horizonte que a liña do mar. A sensación de non poder fuxir do barco, de non poder evitar a compañía dos compañeiros, de non ter espazo físico para a súa intimidade acaba por pesar no ánimo, ata poder chegar a ser vítimas dunha depresión.
Outras profesións que implican un confinamento: vixilantes e persoal de centros de risco ou de investigación.

C. A cal das profesións anteriores non poderías dedicarte? Por que? Que te estresa máis no traballo ou nos estudos? Coméntao cos teus compañeiros.

- *A min o que máis me estresa é...*

2. CONCILIACIÓN LABORAL

A. Oíches falar algunha vez de conciliación no mundo do traballo? En parellas, anotade as palabras que asociades a ese concepto. Logo, poñédeas en común co resto de compañeiros e, entre todos, intentade dar unha definición de conciliación laboral.

B. Agora, lede este texto que recolle as experiencias de empresarios e empresarias galegas no ámbito da conciliación. Que idea destacariades de cada un dos entrevistados? Por que?

- *De Ana Outes, eu destacaría o de que os homes non teñen que escoller entre traballo e familia, porque...*

Mulleres e homes conciliadores

Por Telma Barros.

As medidas de conciliación laboral (isto é, o equilibrio entre traballo e familia) demostraron ser rendibles en numerosos países. Con todo, o empresariado galego, maioritariamente masculino, aínda non ve as súas vantaxes. Son as mulleres, sobre todo as directivas, as que máis as aproveitan. Estas son algunhas experiencias.



Ana Outes: "Saber conciliar require unha certa actitude mental"

Hai uns anos dirixía unha empresa con máis de 60 empregados, pero, co nacemento do seu segundo fillo, as cousas comezaron a complicarse. "Nese momento apareceron as dificultades para equilibrar unha vida laboral plena coa familia", confesa. Así que decidiu abandonar a firma que dirixira durante máis de oito anos e, en 2004, fundou concilia@.com, unha consultora especializada en organización laboral e en deseñar plans de conciliación para outras empresas. Dende o seu actual posto, ve con satisfacción o crecemento da súa empresa e o dos seus fillos, pero quéixase da desigualdade que aínda existe entre homes e mulleres: "a eles nin se lles pasa pola cabeza ter que escoller entre traballo e familia".



Carlos Hermida: "Hai que asumir riscos"

Hai anos que na empresa que dirixe Carlos tentan ofrecerlles certa flexibilidade horaria aos traballadores. "Estamos convencidos de que é moito máis rendible traballar con xente que sabe equilibrar as súas necesidades persoais coas esixencias do seu posto. É unha reacción en cadea; é dicir, canto máis se aumenta a satisfacción persoal do traballador, máis aumenta a súa motivación e o seu compromiso co traballo. Ademais, grazas á tecnoloxía, resulta moito máis fácil organizar o traballo doutra maneira.



Raquel Davila: "Non hai garantía de que aínda que un traballe moitas horas, o seu traballo sexa mellor"

As novas xeracións empezan a cuestionarse as longas xornadas laborais. En palabras de Davila, "Por que promover a quen necesita máis horas para facer o traballo? O malo é que dende a dirección da empresa tradicional as cousas non adoitan verse así". Segundo esta empresaria nova, "moitos directivos educáronse na idea de que hai que estar aquí, na oficina para traballar, ou sexa, se non te vexo, non te creo. Tampouco serve de nada que a empresa implante unha política de conciliación se ao empregado que se vai antes á casa o seu xefe o mira mal. Vin casos de traballadores que se acollerían a medidas conciliadoras, pero o certo é que non se atreven a facelo por temor ás represalias. A mensaxe das empresas debería ser "interésasme como profesional e como persoa e interésame o que fas". Só así se pode contar con bos profesionais."



Asunción García: "Aínda que educar sexa cousa de dous, acabamos conciliando as mulleres"

"Como compaxinar traballo e familia é cousa de dous, aínda que, de feito, acabamos sendo as mulleres as que cedemos ou renunciamos a certas aspiracións profesionais para dedicarnos á familia. Malia que teñamos certo protagonismo biolóxico á hora de traer os fillos ao mundo, non creo que debamos asumir en exclusiva a tarefa de crialos: os homes saben e poden exercela tan ben coma nós. O que pasa é que, agora mesmo, o tema da conciliación non está pensado para a maioría da clase traballadora, é dicir, que está ideado de tal maneira que só o poden aproveitar os altos cargos. Deberíanse crear e potenciar máis postos con xornada parcial de catro a seis horas. Desta forma, moitos traballadores poderían sentirse laboralmente activos, independentes economicamente e satisfeitos como nais ou pais de familia, aínda que non gañasen moito diñeiro, claro".



C. Escoita as queixas de catro persoas acerca da súa situación laboral. As súas reclamacións teñen que ver cos problemas que acabas de ler. Relaciona cada intervención cos comentarios efectuados polos empresarios e empresarias do texto anterior.

D. No teu contorno, como se resolve o problema de conciliar o traballo coa vida privada? Entre todos, comentade casos que coñezades.

3. AÍNDA QUE

A. Le as frases de abaixo. En cada caso, que relación cres que establece a parte en grosa co resto do enunciado? Relaciónaa co concepto máis axeitado do cadro de máis abaixo.

1) **Aínda que estea sacando o carné,** non teño ningunha intención de conducir.
2) Terán que mudar de cidade, **porque o pai non atopa traballo aquí**.
3) Fixéronme unha proposta salarial máis xusta, **así que decidín seguir na empresa**.
4) Acatei a súa decisión **para seguirmos mantendo unha boa relación laboral.**
5) Fixen a torta **tal como me dixeches** e quedou de maravilla.

a) finalidade, propósito
b) oposición, contraste
c) causa
d) consecuencia
e) modo

- *Pois eu creo que na primeira pode haber unha relación de causa...*

B. Fíxate nas palabras subliñadas. Que función cres que desempeñan en cada un dos enunciados? Co teu compañeiro, podedes enumerar outras palabras ou expresións que as poidan substituír en cada caso? Logo, aclarádeo co voso profesor.

C. Agora, no voso caderno, xuntade cada par de frases do cadro seguinte, formando oracións complexas que indiquen relacións similares ás que aparecen na actividade **A** (empregade as palabras e expresións que sinalastes en **B**). Ao final, comparade as vosas oracións coas dos demais compañeiros. Fixéstelo moi parecido?

a) Agora está prohibido fumar nas dependencias da empresa. Agora a xente fuma menos.
b) Botei moito tempo falando co avogado. Cando volvín á oficina a reunión xa comezara.
c) Podes ter unha vida máis sa. É necesario diminuír o consumo de frituras e bebidas gasosas.
d) Merquei un novo ordenador. Teño que facer proxectos máis avanzados.
e) A recepción non debe estar moito tempo sen persoal. As recepcionistas deben participar na reunión.

4. APRENDER A ESCRIBIR



A. Un universitario está facendo un estudo sobre o proceso de escritura. Escoita a entrevista que lle fai a unha compañeira da facultade e completa o cadro.

Escribe moito ou pouco?	
Que tipo de texto?	
Resúltalle fácil ou difícil?	
Que estratexia ou técnica utiliza?	

B. E ti? Que tipo de textos escribes normalmente? Cales che resultan máis fáciles de escribir? Cales máis difíciles? Tes algunha estratexia ou técnica para facelo? Pénsao e coméntao cos teus compañeiros.



5. DE PROFESIÓN, INVENTOR

A. Le o seguinte texto. Trátase dun artigo acerca dun certame sobre inventos.

O salón dos inventos Imaginaria exhibe os seus produtos

Vilagarcía de Arousa convértese un ano máis no núcleo neurálxico da innovación enxeñosa e no centro de exposición das creacións máis imaxinativas e orixinais. O salón dos inventos Imaginaria, no recinto feiral de Fexdega, acolle a exposición e demostración de varios produtos presentados polos seus creadores, utilizando varios soportes: maquetas, sistemas informáticos ou, directamente, a mostra de como funciona o produto. Asemade, a exposición cobre unha dobre finalidade: pór en contacto os inventores con fabricantes e comercializadores e exhibir as súas descubertas a un público que tamén poderá votar e escoller os inventos que lle parecen máis creativos.

Durante a visita ao certame, non deixa de sorprender a capacidade de inventiva amosada nas patentes mostradas. Por exemplo, as solucións que se achegan para sortear as catástrofes: un lucense ideou un portón inchable que se adhire ás portas e impide a entrada de auga en caso de riada; ou un aparello cun arnés incorporado que se coloca no balcón ou na ventá e que permite a evacuación en caso de incendio.

Pola súa banda, os problemas domésticos tampouco quedaron á marxe das preocupacións dos inventores e presentáronse produtos para acabar coas fugas de gas, cunha chave intelixente que reduce o risco nun 98%. Ou o invento chegado de Ourense que consiste nunha lámpada industrial de baixo consumo que pretende realizar unha achega para evitar o dano da capa de ozono.

E, como non podía ser doutro xeito, tamén o motor tivo o seu protagonismo na feira. O máis visitado foi un artefacto que serve para quentar a auga e, deste xeito, eliminar con facilidade o xeo do parabrisas.

Pero as patentes mostradas non só proviñan do ámbito ibérico, senón que dende México viaxou unha parella para expor a súa idea. É un tipo de calzado que permite modificar a cor e a forma sen maior investimento económico, xa que o zapato ou sandalia baséase nunha sola de alta calidade e apenas desgaste, á que se lle incorporan diferentes modelos na parte superior.

En definitiva, a exposición constitúe un itinerario de interese polos inventos máis sorprendentes ideados polo maxín humano e que fai bo o dito de "a grandes males, grandes remedios". O público asistente poderá ter unha idea de cara a onde camiñan os aparellos do futuro, ademais de participar na elección dos creadores galardoados na entrega de premios, que servirá como colofón do evento.

B. Os textos cambian dependendo do interlocutor e da intención do emisor. Como expresarías as mesmas informacións que aparecen no texto se llas contases a un amigo? Ten en conta estas cuestións.

1) Empregarías o mesmo vocabulario?
2) Farías frases igual de longas?
3) Estruturarías a información de xeito tan ordenado?
4) Empregarías os mesmos conectores?

C. Volve ler o texto e contesta as seguintes preguntas.

1) Cales son os temas de cada parágrafo?
2) Cales son as palabras clave en cada parágrafo?
3) Cantas palabras ou expresións encontras no texto para referirse a invento e salón do invento? Cales?

6. DÚAS CRÓNICAS

A. As seguintes crónicas son case idénticas. Porén, presentan algunhas diferenzas respecto á información que transmiten. Sabes en que consisten? Cres que o obxectivo informativo é o mesmo nos dous textos?

Unha parella de 33 e 32 anos resultou ferida na noite de onte, con lesións de certa consideración, nunha nova convulsa xornada da movida nocturna. Os acontecementos tiveron lugar na discoteca Onda de mar, e orixináronse cando o mozo de 18 anos F.G.T. golpeou a A.S.Z. e a súa moza, ao parecer, por mollalo ao verter a súa copa. Ante a reacción violenta do agredido, F.G.T., que tamén resultou lesionado, golpeou de novo a parella e comezaron a pegarse uns aos outros, iniciándose, deste xeito, unha pelexa co resultado xa coñecido.
Segundo o parte sanitario, o mozo e a moza magoados evolucionan favorablemente das súas lesións e, polo momento, descoñécese se a policía iniciou accións legais contra o iniciador da pelexa. Interrogouse a Antonio Canido, o xerente da discoteca, sen transcender aínda o resultado deste interrogatorio. Pola súa banda, *O Expreso* tamén entrevistou o xerente, quen lamentou os acontecementos da pasada noite, aínda que salientou que non eran nin moito menos habituais no seu local, xa que non deixan entrar a calquera.

Unha nova convulsa xornada na movida nocturna acabou cun saldo de tres feridos de certa consideración. Os acontecementos tiveron lugar na discoteca Onda de Mar e orixináronse cando un dos implicados golpeou outro cliente e a súa moza, ao parecer, por mollalo ao verter a súa copa. A partir dese momento, iniciouse unha pelexa e comezaron a pegarse uns aos outros, ata que se chegou ao coñecido resultado.
O único que se sabe ata agora é que todos evolucionan favorablemente das súas lesións e ata o momento descoñécese se a policía iniciou accións legais dalgún tipo, a pesar de que interrogou o xerente da discoteca, Antonio Canido, sen transcender aínda o resultado deste interrogatorio. Pola súa banda, ao citado xerente entrevistouno *O Expreso* e salientou que o acontecido non era nin moito menos habitual no seu local, xa que non deixan entrar persoas de dubidosa reputación, e destacou o carácter pacífico da diversión nocturna da cidade.

B. Agora, co teu compañeiro e tendo en conta o que discutistes en A, poñédelle un titular a cada unha das crónicas.

C. Le de novo os dous textos e, coa axuda do teu profesor, subliña todos os complementos que funcionan como obxecto directo. Cal cres que é o criterio para a ausencia ou a presenza da preposición **a** no complemento directo?

Vínculos entre oracións

Moitos enunciados constrúense relacionando dúas oracións, onde unha delas restrinxe, completa ou modifica o significado da outra, que xeralmente achega a información principal.

Oracións concesivas

As oracións concesivas serven para expresar unha dificultade ou unha oposición que non impide o cumprimento do que se di na oración principal. **Aínda que** é o conector máis frecuente para introducir este tipo de oracións, pero tamén o fan outros como **malia que**, **a pesar de que** e **mesmo que**.

- ***Aínda que*** *obtivo unha boa puntuación nas probas, Carlos non conseguiu o traballo.*
- ***A pesar de que*** *os prezos soben, o consumo non baixa.*

Oracións causais

As oracións causais serven para enunciar a causa do que se di na oración principal. O conector que máis frecuentemente as introduce é **porque**, seguido doutros como **xa que**, **posto que**, **unha vez que**, **visto que**, **por mor de (que)**, **a causa de (que)**, **por culpa de(que)**, **debido a (que)**, **pois**, **que** e **como**.

- *Mercamos o peixe no mercado* ***porque*** *hoxe non veu a peixeira.*
- ***Como*** *non vindes agora, vou seguir estudando un pouco máis.*

Oracións finais

As oracións finais explican a finalidade da acción da oración principal. O conector máis utilizado é **para (que)**, pero hai outros posibles, como **a que**, **co gallo de**, **a fin de (que)**, **co propósito de (que)**, **co obxecto de (que)**, **con tal de (que)**...

- *Vounos chamar* ***para que*** *me digan o resultado.*
- *Atrasamos o comezo do evento* ***co propósito de que*** *todos estivesen na apertura.*

Oracións consecutivas

As oracións consecutivas expresan o resultado ou a consecuencia dos feitos narrados na oración principal. Os conectores máis frecuentes para introducilas son: **así que**, **logo**, **por tanto**, **por conseguinte**, **en consecuencia**, **de modo/maneira que**, **de aí que**, **que** (xeralmente combinado con **tanto**(**s**)/**tanta**(**s**) ou **tal/tales**).

- *Dixérame que só non traballaba as fins de semana,* ***así que*** *planeei a visita para a mañá do sábado.*
- ***Tal*** *foi a dor que sentiu* ***que*** *se agarrou ao primeiro que pasaba para non esvaecerse.*

Oracións modais

As oracións modais serven para establecer o modo como se realiza a acción expresada na oración principal. O conector máis característico para introducilas é **como**, pero tamén se emprega o xerundio, ademais doutros conectores: **así como, tal como, ben como, como se, sen que, conforme, segundo, consonte** e **tal cal**.

- *Comportouse na entrevista* ***como*** *llo dixeran no curso.*
- *Podes axudarme* ***buscando*** *no dicionario estas palabras.*

O obxecto directo coa preposición a

Por regra xeral, o obxecto directo non leva preposición, aínda que se refira a persoas. Non obstante, hai algúns casos nos que se debe colocar a preposición **a**.

Se o núcleo do obxecto directo é un nome de persoa ou un pronome persoal.

- Chamei **a Xoana**, pero non estaba na casa.
- Feliciteinos **a eles** polo aniversario.

Cando o complemento directo antecede o suxeito (orde non habitual) ou se pode confundir con el.

- **Ao equipo do barrio** derrotárono aqueles rapaciños.
- A rapaza bicou **á avoa**.

Con un **como pronome de indeterminación e co pronome** todos/as **referido a persoas.**

- Miran **a un** como se fose culpable.
- Coñecerás **a todos** no meu aniversario.

Co identificador calquera **sen antecedente.**

- É unha cerimonia moi familiar. Non vou invitar **a calquera**.

Na construción de reciprocidade un a(o) outro**.**

- Insultábanse mutuamente un **ao outro**.

Nas estruturas de comparación entre OD, para evitar confusión co suxeito (neste caso, a colocación da preposición é opcional no primeiro elemento da comparación, pero obrigatorio no segundo).

- Querían tanto a/á nai coma **ao pai**.


O pronome de solidariedade

Familiar	**che**	**vos**
Cortesía	**lle**	**lles**

O pronome de solidariedade corresponde á forma de pronome persoal de obxecto indirecto e emprégase cando se

lle quere dar ao interlocutor unha participación afectiva ou un trato familiar especial. A presenza destes pronomes non produce ningunha alteración na información que transmite o enunciado.

- *Évos unha situación ben delicada.*
- *Pois xa non **che** sei nada.*
- *Vai**lle** un frío que arrepía.*



Cando na oración aparece un pronome de OI, o de solidariedade sempre vai diante del.

- *Non **che lle** darei este desgusto.*

Darlle coherencia e cohesión a un texto

Como xa sabes, un texto é algo máis que unha sucesión de frases. Para escribir un bo texto, debemos ter en conta unha serie de aspectos.

A COHESIÓN LÉXICA

Con frecuencia precisamos retomar un mesmo concepto, polo que, en moitas ocasións, é conveniente empregar sinónimos ou palabras dun mesmo campo semántico.

BAIXAN AS TEMPERATURAS

Este ano os termómetros van rexistrar as temperaturas máis baixas dos últimos 10 anos. Este descenso débese a unha onda de frío polar que nos visitará ata o próximo mes de febreiro, cando...

A COHESIÓN GRAMATICAL

Nun texto ben cohesionado, aparecen diversos mecanismos que permiten facer referencia a elementos que xa apareceron antes ou que aparecerán despois.

ARTIGOS (determinados ou indeterminados)
SUBSTITUCIÓN MEDIANTE PRONOMES
ELIPSES (palabras que se omiten porque aínda permanecen presentes no contexto inmediato do texto)

Ademais, é necesario establecer relacións entre as diferentes partes do texto mediante conectores, que poden ser dos seguintes tipos:

CAUSAIS (**porque**, **por iso**, **como**...)
TEMPORAIS (**primeiro**, **logo**...)
CONCESIVOS (**aínda que**, **a pesar de (que)**, **malia (que)**...)
CONSECUTIVOS (da información ou da argumentación: **é por iso que**, **así que**, **por tanto**...)
etc.

MARADINHO LESIONADO

Un xogador clave do Brasas F.C., Maradinho, lesionouse no partido de onte ante o Atlético Dridma. Miles de espectadores viron caer o dianteiro despois de loitar por un balón alto contra Rufia Ness, o defensa do equipo contrario. Ao parecer, a cabeza de Maradinho chocou de forma brusca contra o ombro do seu adversario. O astro brasileiro permaneceu inconsciente durante máis dun minuto e, posteriormente, dado que non mostraba sinais de recuperación, os padioleiros saíron á herba collelo. "Non me dei de conta de que Maradinho viña cara a min, senón intentaría evitalo", comentou Rufia Ness, moi afectado, na rolda de prensa posterior ao partido. O equipo médico que atendeu a estrela do Brasas F.C. dará esta tarde un parte (médico). Ao peche desta edición, o xogador, a pesar do aparatoso do choque, xa abandonara o hospital. Paco López, adestrador do Brasas, declarou que, moi probablemente, Maradinho deberá quedar fóra da convocatoria do próximo domingo. Así pois, López non terá máis remedio que incluír no once inicial a Lupetti, que leva seis partidos sen xogar.

7. ENTREVISTA DE TRABALLO


CD 33 Escoita o audio no que se fala de Marisa e Pedro, dúas persoas que se presentaron a unha entrevista de traballo para un posto de directivo nunha empresa editorial. Quen cres que obterá o traballo? Tomade notas e, en parellas, comentade cal dos dous credes que pode ter máis posibilidades de conseguir o posto.




PILAR	IGNACIO

8. EMPRENDEDORES

A. Imaxinade que ides crear unha empresa e que ides contratar algúns compañeiros para traballar nela. Primeiro, para saber de que recursos humanos dispoñedes na clase, cada un de vós vai escribir nunha folla a súa vida laboral (os traballos que fixo ata agora), expoñendo a información do xeito máis atractivo posible. Despois, colgade os textos na parede.

- Traballei dous anos en Inglaterra no sector da sanidade pública.
- Estiven empregado na rama da hostalaría en contacto con clientes estranxeiros durante varios anos.

B. Buscade unha parella e, como socios, decidide cal das seguintes empresas queredes dirixir, aínda que tamén podedes crear outras diferentes.

- Empresa de servizo de restauración para acontecementos internacionais.
- Empresa de dinamización de zonas rurais abandonadas ou pouco desenvolvidas.
- Empresa de ocupación de tempo libre para centros de acollida de adolescentes.
- ....

C. Agora, tedes que ler as vidas laborais dos compañeiros e discutir a quen contrataredes en función das necesidades da vosa empresa.

D. Por último, facede unha exposición na clase sobre a vosa empresa e os vosos traballadores xustificando a selección que fixestes.

9. XEFES


CD 34-35 **A.** Rosa e Xan comentan as súas experiencias laborais cos seus xefes. Escoita e anota no teu caderno as respostas de cada un a estas preguntas.



Como era o xefe ou a xefa?
Aprenderon algo deles?
Teñen un bo ou mal recordo?

B. E ti, tes bos ou malos recordos dos teus xefes ou profesores? Pensa nun e coméntao cos teus compañeiros. Quen tivo o xefe/profesor máis liberal, próximo, agradable..?

- Eu lembro un xefe moi simpático que nos invitaba cada día a tomar algo despois do traballo. Supoño que era unha compensación polo noso esforzo.

C. En pequenos grupos, elaborade unha listaxe coas seis características máis importantes dun bo xefe. As expresións do cadro pódenvos axudar, pero podedes engadir outras.

SER	SABER	TER
Accesible Organizado/a Emprendedor/a Tolerante/a Dinámico/a Creativo/a Seguro/a	Transmitir mensaxes de forma positiva Traballar de forma autónoma Tomar decisións Dar a cara Delegar Dar/Inspirar confianza Transmitir entusiasmo/seguridade Recoñecer os seus erros	Capacidade de análise Moita experiencia Unha boa formación académica Capacidade de mando Capacidade de identificarse coa empresa/equipo/proxecto Capacidade de traballar en equipo Moita seguridade nun/nunha mesmo/a ....

- Eu creo que un xefe non ten que ser unha persoa moi próxima aos seus traballadores porque ten que marcar as distancias, senón a xente non o toma en serio.
- Pois eu creo que non, un xefe debe...

10. ESTÁ BEN ESCRITO?

Agora ides escribir unha carta de presentación para un traballo.
Que che parece a que escribiu unha alumna? Que nota lle porías?
Estás de acordo co que marca e comenta a profesora? Detectas outros erros? Fai as correccións que consideres necesarias e reescribe o texto.

Demasiado informal.

Ola señores:

Reformular.

Como vin o seu anuncio o pasado venres 9 deste mes no xornal *O correo galego*, decidín escribirlles para solicitar o posto de relacións públicas na súa empresa.

Demasiado directo.

No meu currículo verán que teño a formación e a experiencia que piden. Gústame o dinamismo e son capaz de afrontar os retos dun traballo como o que vostedes ofrecen e son moi sociable. Gústame o traballo en equipo e son capaz de integrarme en calquera contorno de traballo. Responsabilidade e iniciativa son outras das aptitudes que me caracterizan, así como a capacidade de planificación e organización das miñas tarefas.

Dende que me licenciei en Psicoloxía en 1999, traballei no departamento de recursos humanos en diferentes empresas. Dende 2006 traballo para INFOCIT. Non obstante, sinto que o traballo me parece rutineiro e creo que chegou a hora de idear novos obxectivos.


(Reformular. Dá a impresión de que es unha persoa inconstante, apática. Di o mesmo de forma positiva).

(Con que idea da frase anterior se contrapón a información que introduce "non obstante"? Non se entende a oposición)

Escríbolles o meu teléfono persoal e o meu enderezo de correo electrónico por se queren preguntar algo. En caso de que o meu currículo sexa do seu interese, estarei encantada de defender a miña candidatura nunha entrevista persoal.

Agardo as súas novas.

Ata pronto,
Elvira Díaz



+++ Ben explicar que queres no primeiro parágrafo.

Este parágrafo encaixa aquí? Que información ofrece? É máis importante que a experiencia?

Hai pouca información sobre INFOCIT.



Tenta atopar expresións máis axeitadas para este tipo de texto.



11. TRABALLO TEMPORAL

A. A empresa de traballo temporal TT LABOR está construíndo a súa páxina web para darse a coñecer entre os seus posibles clientes: as empresas que precisan cubrir un posto e os candidatos que buscan traballo. En grupos, decidide a parte da páxina que vos gustaría desenvolver (a que vai dirixida a empresas ou a candidatos) e escribide o texto de promoción. Debaixo tedes algunhas ideas, pero podedes pensar noutras.

B. Cando acabedes de redactar o texto, facede unha primeira revisión e entregádello a outro grupo. Vós tamén ides recibir un texto: analizade a corrección gramatical e a distribución da información e incluíde as notas que vos parezan convenientes para que o outro grupo poida melloralo. Cando recibades as correccións do texto que escribistes, reelaborádeo e escribide a versión definitiva.

http://www.ttlabor.gal

Páxina principal | Presenza | Oficinas | Quen somos | Contacto

Quen somos

TT Labor

Benvidos a TT LABOR, a compañía líder en traballo temporal de ámbito autonómico. Cada día case 300 persoas son contratadas a través das nosas 24 oficinas situadas noutras tantas cidades e vilas da xeografía galega.
Avalados por máis de 10 anos no sector dos recursos humanos, prestamos servizos en todos os sectores. Máis de 400 empresas en toda Galicia confían nos nosos profesionais altamente cualificados e nos nosos exclusivos métodos de selección e asignación de persoal.
O noso maior obxectivo é estar sempre preto dos nosos clientes.

Candidatos

- Historia
- Traballar connosco é doado
- Que vantaxes tes como colaborador de TT LABOR
- Coidamos da túa seguridade no traballo
- Asumimos a túa formación

Empresas

- Historia
- Entendemos mellor ca ninguén as túas necesidades
- Como traballamos: formamos e identificamos habilidades dos nosos candidatos
- Orzamentos e pedidos sen compromiso

12. UN MUNDO QUE SE VAI

A. Coñeces algunha profesión que xa non se desempeñe? Le o seguinte texto acerca dalgúns traballos que xa se extinguiron ou que apenas se exercen. Coñecíalos todos?



Afiadores: eran as persoas encargadas de afiar calquera ferramenta cortante (tesoiras, coitelos...) e a miúdo exercían tamén de paraugueiros. Curiosamente, aínda que estenderon o seu labor por toda a península Ibérica a súa procedencia estaba moi localizada xeograficamente, xa que case todos proviñan da provincia de Ourense e, en concreto, do concello de Nogueira de Ramuín. Era unha profesión nómade e o seu instrumento de traballo era unha roda inserida nunha estrutura de madeira. Foron un colectivo moi solidario que incluso chegou a desenvolver unha xerga propia: o barallete. Eran inconfundibles cando chegaban a unha vila polo característico son do seu chifre, feito de madeira de buxo.



Naseiros: son as persoas que se dedican á fabricación de nasas ou que pescan con elas e, polo tanto, é unha ocupación propia das zonas marítimas. As nasas son instrumentos asociados á pesca de baixura e son moi aptas para a pesca do marisco, como as nécoras ou o polbo. Tanto quen faena con elas como quen as constrúe debe ter unha especial destreza. Para a construción de nasas é preciso ter unha grande habilidade artesanal, xa que son construídas con vimbio, barrotes de madeira ou arame. Son de forma cilíndrica e nunha base teñen unha abertura en forma de funil e na outra unha tapadeira para pechar.



Feirantes: coa perda de vigor das feiras, a ocupación de feirante tamén foi desaparecendo pouco a pouco, e foi substituída polos modernos gandeiros. Os feirantes dedicábanse á compravenda de gando nas feiras, aínda que por extensión o nome pasou a denominar a todos aqueles que comercializaban algún produto nas feiras. Os feirantes normalmente criaban o gando nas súas casas; con todo, os de maior potencial económico tiñan criadores aos que lles compraban as reses e, dado que estes se ocupaban da alimentación do animal, compartían os beneficios cando era vendido na feira.




Tecelás: en Galicia o labor de tecer era desempeñado exclusivamente por mulleres e, aínda que hoxe o seu traballo continúa en concellos da comarca de Bergantiños ou noutros como Chantada ou Viana do Bolo, o certo é que está case extinto. As tecelás traballaban o liño ou a la que inicialmente se dividía nunha serie de fíos paralelos entre si que ían ao longo do tear ata constituír un lenzo de 260 fíos. A partir de aí, a materia prima para a elaboración de colchas ou mantas xa estaba lista.

B. Agora comentade en parellas se coñecedes outras profesións que xa non se exerzan ou que apenas se desempeñen na actualidade.

13. A LINGUA DAS BOLBORETAS

A. A continuación vas ler uns fragmentos de *A lingua das bolboretas*, un relato de Manuel Rivas onde se recrea a Galicia de 1936. No seguinte fragmento vas descubrir como foi a experiencia na escola de Pardal, o protagonista do conto, e a relación co seu mestre. Gardas lembranzas parecidas sobre os teus días de escola? Algún dos profesores que tiveches lémbrache a don Gregorio?

"O mestre dixo hoxe que as bolboretas tamén teñen lingua, unha lingua finiña e moi longa, que levan enrolada como o resorte dun reloxo. Váinola ensinar cun aparello que lle teñen que mandar de Madrid. ¿A que parece mentira iso de que as bolboretas teñan lingua?"
"Se el o di, é certo. Hai moitas cousas que parecen mentira e son verdade. ¿Gustouche a escola?"
"Moito. E non pega. O mestre non pega".
Non, o mestre don Gregorio non pegaba. Pola contra, case sempre sorría coa súa cara de sapo. Cando dous pelexaban no recreo, el chamábaos, "parecedes carneiros", e facía que se desen a man. Logo, sentábaos no mesmo pupitre. Así foi como fixen o meu mellor amigo, Dombodán, grande, bondadoso e torpe. Había outro rapaz, Eladio, que tiña un lunar na meixela, no que mallaría con gusto, mais nunca o fixen por medo a que o mestre me mandase darlle a man e que me cambiase de xunto a Dombodán. O xeito que tiña don Gregorio de mostrar un grande enfado era o silencio.
"Se vós non calades, terei que calar eu".
E ía cara ao ventanal, coa mirada ausente, perdida no Sinaí. Era un silencio prolongado, desacougante, como se nos deixase abandonados nun estraño país. Sentín pronto que o silencio do mestre era o peor castigo imaxinable. Porque todo o que tocaba era un conto engaiolante. O conto podía comezar cunha folla de papel, despois de pasar polo Amazonas e a sístole e a diástole do corazón. Todo enfiaba, todo tiña sentido. A herba, a ovella, a la, a miña friaxe. Cando o mestre se dirixía ao mapamundi, ficabamos atentos como se se iluminase a pantalla do cine Rex. Sentiamos o medo dos indios cando escoitaron por vez primeira o rincho dos cabalos e o estoupido do arcabuz. Iamos ao lombo dos elefantes de Aníbal de Cartago polas neves dos Alpes, camiño de Roma. Loitamos con paus e pedras en Ponte Sampaio contra as tropas de Napoleón. Pero non todo eran guerras. Faciamos fouces e rellas de arado nas ferrerías do Incio. Escribimos cancioneiros de amor en Provenza e no mar de Vigo. Construímos o Pórtico da Gloria. Plantamos as patacas que viñeran de América. E a América emigramos cando veu a peste da pataca.



B. No texto da actividade 1 desta unidade fálase das dificultades que atinxen o desempeño laboral dos profesores hoxe en día. Lede, a continuación, o fragmento seguinte de *A lingua das bolboretas* e comprobade cales eran os problemas que tiñan os mestres da época na que está ambientado o conto. A partir do lido, discutide en parellas, como credes que a situación das respectivas sociedades afecta a educación e o labor dos docentes.

Para os meus pais, esas atencións do mestre eran unha honra. Aqueles días de excursión, a miña nai preparaba a merenda para os dous. "Non fai falta, señora, eu xa vou comido" insistía don Gregorio. Pero á volta, dicía: "Grazas, señora, exquisita a merenda".
"Estou segura de que pasa necesidades", dicía a miña nai pola noite.
"Os mestres non gañan o que tiñan que gañar", sentenciaba, con sentida solemnidade, o meu pai. "Eles son as luces da República".
"¡A República, a República! ¡Xa veremos onde vai parar a República!"
O meu pai era republicano. A miña nai, non. Quero dicir que a miña nai era de misa diaria e os republicanos aparecían como inimigos da Igrexa. Procuraban non discutir cando eu estaba diante, mais ás veces sorprendíaos.
"¿Que tes ti contra Azaña? Esa é cousa do cura que vos anda quentando a cabeza".
"Eu á misa vou rezar", dicía a miña nai.
"Ti, si, mais o cura non".
Un día que don Gregorio veu recollerme para ir buscar bolboretas, o meu pai díxolle que, se non tiñan inconveniente, lle gustaría tomarlle as medidas para un traxe.
"¿Un traxe?"
"Don Gregorio, non o tome a mal. Quixera ter unha atención con vostede. E o que sei facer son traxes".
O mestre mirou arredor con desconcerto.
"É o meu oficio", dixo o meu pai cun sorriso.
"Respecto moito os oficios", dixo por fin o mestre.
Don Gregorio levou posto aquel traxe durante un ano e levábao tamén aquel día de xullo de 1936 cando se cruzou comigo na alameda, camiño do concello.
"¿Que hai, Pardal? A ver se este ano podemos verlles por fin a lingua ás bolboretas".
Algo estraño estaba a suceder. Todo o mundo parecía ter présa, mais non se movía. Os que miraban cara adiante, daban a volta. Os que miraban para a dereita, viraban cara á esquerda. Cordeiro, o recolledor de lixo e follas secas, estaba sentado nun banco, preto do palco da música. Eu nunca vira sentado nun banco a Cordeiro. Mirou cara arriba coa man de viseira. Cando Cordeiro miraba así e calaban os paxaros era que viña unha treboada.

C. No último parágrafo, fálase dunha "tormenta" que vai vir. Que cres que vai pasar? Fai hipóteses sobre o final da obra se non o coñeces.

Manuel Rivas (A Coruña 1957), xornalista, novelista, ensaísta e poeta, é un dos escritores de maior relevancia do panorama galego contemporáneo. Foi socio fundador de Greenpeace en España e, tras a catástrofe do *Prestige*, participou na creación da plataforma Nunca Máis.

A súa obra narrativa obtivo diferentes premios e recoñecementos: o Premio da Crítica por *Un millón de vacas* (1990), o Premio Nacional de Narrativa por *Que me queres amor?* (1996). Outras novelas de alcance importante foron *O lapis do carpinteiro* (1998) ou *Os libros arden mal* (2006)



Máis exercicios

UNIDADE 1
E foi así como cho conto...

1. Volve aos textos da páxina 10 e reflexiona sobre os seguintes aspectos. Podedes traballar con dicionarios ou buscadores de Internet.

Texto A

1. Que palabras se usan para facer referencia a Xosé Manuel Budiño. Habería outras que poderías empregar?
2. Había moitos ou poucos espectadores?
3. Cal é o sinónimo empregado para **canción**. Poderías pensar noutros sinónimos?
4. Botas de menos algunha información que esperarías atopar na crónica dun concerto?

Texto B

1. Que palabras se empregan como sinónimo de **portaría**? Que outras poderían aparecer co mesmo valor?
2. Que palabras fan referencia a **marcar un gol**? Cales outras poderías empregar no mesmo lugar?
3. Como dirías doutra maneira as seguintes expresións?
   – *Desde o primeiro minuto tentou impor o seu dominio.*
   – *Cabeceou maxistralmente.*
   – *O bombardeo seguiu polas bandas.*
   – *O Dépor lograba unha remontada decisiva e inesquecible*.

Texto C

1. Mediante que palabras se fai referencia ao evento?
2. De que maneira se citan as persoas relacionadas co mundo do teatro?
3. Botas de menos algunha información que esperarías atopar na crónica dunha entrega de premios?

2. Escribe tres pequenos textos que acaben coa información que che damos en cada caso.

Aquela xornada foi para moitos o momento social máis importante da historia recente do país.

Naquel preciso intre, Xavier decatouse de que se equivocara.

Foi entón cando os seareiros se levantaron dos asentos e comezou unha ovación que durou máis de cinco minutos.

3. Conecta os pares das frases con algún dos seguintes marcadores temporais. Nalgúns casos pode haber varias opcións.

naqueles anos
estar a punto de
daquela
xusto nese momento
entón

1. O barco empezou a afundirse tralo choque. A xente púxose histérica e comezou a correr.
   ....
   ....
   ....
2. Despois da Guerra Civil, a situación de España non era nada doada. Moitos galegos víronse obrigados a emigrar.
   ....
   ....
   ....
3. Xan e Marta eran superamigos ata que comezaron a traballar xuntos. A súa relación foise deteriorando.
   ....
   ....
   ....
4. Os equipos galegos enfrontáronse na final da copa da liga por primeira vez en 1997. O equipo coruñés gañou por 1-0.
   ....
   ....
   ....

4. A. Le os seguintes substantivos e adxectivos que aparecen no texto "Desastre ecolóxico en Galicia" na actividade 2. Cales combinarías entre si? Trata de formular enunciados onde aparezan e anótaos no teu caderno.

Substantivos	Adxectivos
tristeza	dubidoso/a
augas	viscoso/a
navegación	grande
drama	ecolóxico/a
chapapote	macabro
reputación	difícil
marea	negro/a
estela	impropio/a
ira	tremendo/a
escenas	

B. Volve aos textos da catástrofe do *Prestige*, marca onde apareceron os substantivos e os adxectivos anteriores e contesta estas preguntas.

1. Os adxectivos aparecen antes ou despois do substantivo?
2. Cres que hai casos nos que se podería inverter a colocación?
3. En que casos pensas que é imposible alterar a orde?



C. De cales dos adxectivos que aparecen na actividade A son sinónimos os seguintes?

xigante
complicado
espeso
cuestionable
escuro
forte
inadecuado
magnífico

D. Aínda que dúas palabras sexan sinónimas, non sempre se poden usar indistintamente. Intercambia os adxectivos anteriores e os seus sinónimos nos exemplos dos textos e nos que pensaches ti. Funcionan? Observas diferenzas de uso? Toma notas para comentalo na clase.

5. Nas seguintes frases, a palabra **xente** pode substituírse por palabras máis específicas. No teu caderno, escribe as frases coas palabras adecuadas facendo os cambios oportunos cando sexa necesario.

1. O avión comezou a moverse bruscamente por culpa da treboada e, claro, a **xente** púxose histérica e empezou a gritar.
2. Cando Carlos Núñez anunciou a última canción da noite, a **xente** púxose a asubiar e a berrar que quería máis.
3. Cada vez hai máis concursos de televisión nos que a **xente** decide quen gaña, non?
4. O novo presidente seica prometeu mellorar a calidade de vida da **xente** nun prazo de dous anos.
5. Durante a comida, os noivos aproveitaron para agradecerlle á **xente** a súa asistencia á cerimonia.

6. A. Agora, como se foses un reporteiro, crea ti o contido da seguinte nova inventada a partir da introdución do presentador. Ten en conta todo o que sabes sobre este tipo de novas e emprega o dicionario.

Presentador: *e agora, no ámbito cultural, destacamos a entrega, onte, dos premios do festival de cine máis importante do noso país.*

B. Na clase, compara a túa versión coa de dous compañeiros. Xuntos, reflexionade sobre as seguintes cuestións.

– Usastes as mesmas palabras ou outras novas?

– Descubristes vocabulario novo?

– Usastes ben os tempos verbais de pasado? Empregastes algún copretérito? Co valor que se lle dá nas novas xornalísticas ou con outro?

C. Agora, podedes redactar un único texto a partir dos que elaborastes individualmente?

UNIDADE 2
E ti, que opinas?

1. Unhas persoas fixéronlles unha serie de peticións a outras. Imaxina que lles puideron dicir para que llelas aceptasen con condicións ou para que llelas rexeitasen.

Sara, 22 anos. Dependenta.
Pediulle o coche á súa nai para marchar fóra a fin de semana cos seus amigos (ten o carné de conducir dende hai unha semana).

A súa nai
Acepta con condicións:

Rexeita:

Ana, 26 anos. Deseñadora gráfica.
Pediulle a Alfredo, o seu mellor amigo, que lle deixe o piso para celebrar a súa festa de aniversario. O ano pasado deixoullo e rompéronlle varias cousas.

Alfredo
Acepta con condicións:

Rexeita:

Santiago, 34 anos. Profesor.
Pediulle a Marta, a súa cuñada, que lle empreste 2000 euros para investir en bolsa. Santiago aínda lle debe 500 euros que lle prestara hai uns meses.

Marta
Acepta con condicións:

Rexeita:

Euxenio, 43 anos. Construtor.
Nunha reunión co alcalde da súa vila propúxolle construír 200 vivendas de baixo custo para xente nova, pero para facelo teñen que ocupar unha parte dun parque.

O alcalde
Acepta con condicións:

Rexeita:

Abel, 40 anos. Empresario.
Reuniuse cos veciños dunha praza para que cheguen a un acordo para a apertura dunha discoteca.

O voceiro dos veciños
Acepta con condicións:

Rexeita:

Helena, 22 anos. Estudante de Enxeñaría.
Pediulle permiso á súa comunidade de veciños para poder facer unha festa no seu piso o martes da semana que vén.

Estela. Presidenta da comunidade.
Acepta con condicións:

Rexeita:

2. A. Que substantivos ou verbos lles corresponden ás seguintes palabras?

preservar ....
protexer ....
organización ....
convivir ....
apoio ....
usar ....
adscrición ....
recuperar ....
promoción ....
construír ....

coidar .... **crecemento** ....

gozar .... **consumir** ....

B. Agora, utiliza as palabras anteriores para completar as declaracións aparecidas nun diario local dunha cidade galega (ás veces é posible máis dunha opción).

Carlos Suárez, presidente da asociación Unha Cidade para Todos.

- Tentamos favorecer a..................................entre os novos e a xente maior. Pensamos que non é bo que as novas xeracións esquezan certos valores e, ao tempo, cremos que os maiores poden..................................do contacto cos novos e sentirse moito máis útiles.O noso traballo consiste basicamente en.................................. actividades e eventos para promover o contacto entre as distintas xeracións.

Mónica Martínez, concelleira de Medio.

- Estamos traballando para concienciar a cidadanía da importancia de facer un .... razoable dos recursos dos que dispoñemos: o..................................de auga e electricidade disparouse e por iso é moi importante crear plans axeitados de sustentabilidade. En moitas ocasións, trátase simplemente de ter un pouco de ....: non deixar billas abertas, apagar a luz cando non a precisamos.

Francisco López, novo director do museo da cidade.

- Entre os obxectivos que nos propuxemos levar adiante atópase un plan de .... do patrimonio artístico da cidade e a creación dun departamento para.......................... .... a novos artistas, aos que ata agora lles custaba atopar unha saída para o seu traballo. A ....do antigo e a ....do moderno son claves para que a vida artística da cidade goce de boa saúde.

Margarita Crespo, empresaria.

- Os empresarios estamos moi preocupados pola política do concello: a ....do medio está moi ben, pero a nosa cidade necesita medrar e para iso é necesaria a .... de novas vivendas. É así de simple, por iso non vemos con bos ollos a proposta de .... ao movemento de cidades tranquilas.

3. Le as anotacións dun experto sobre como deben ser as cidades do futuro e decide cales serían as vantaxes e desvantaxes de cada unha delas.

As cidades deberían ter un sistema de transporte funcionando de maneira continua e abranguendo toda a cidade. Isto permitiría que as persoas non tivesen que empregar os seus automóbiles.
O perímetro exterior das cidades debe estar dedicado ao cultivo agrícola de carácter hidropónico (que non precise de solo), para poder abastecer as necesidades de mercado de produtos frescos das cidades mediante a modificación e produción de células vivas e sen ocupar grandes extensións de terreos.
O concepto de cidade tal e como o entendemos hoxe desaparecerá e dará lugar a asentamentos urbanos unidos entre si por medio dun corredor viario de comunicación, sen un perímetro urbano definido e sen un centro tal e como o concibimos na actualidade.
Aproveitaranse ao máximo as enerxías alternativas, como o sol, o vento, o gas, en detrimento do uso de enerxía eléctrica e nuclear.
A domótica será o mecanismo empregado para controlar e aforrar na iluminación, climatización e seguridade nas vivendas, que serán auténticos edificios intelixentes.
As vivendas estarán construídas con materiais renovables e reciclables que permitan un desenvolvemento sustentable sen destruír a natureza. Os novos materiais, como o titanio, as fibras de carbono e o poliestireno, deixarán atrás a pedra, a madeira e os ladrillos de arxila cocida como elementos básicos da construción.

4. Substitúe as formas en grosa pola forma máis axeitada do infinitivo conxugado.

1. **Cando saiamos** de casa, chamámoste para que xa baixes ao portal.

   ....

2. **Se sae** a convocatoria, presentámonos ao concurso de contratación.

   ....

3. Hai que saber moi ben cales son as vías que están menos transitadas **para que poidamos** saír máis rápido da cidade.

   ....

4. **Cando falaron** con ela decatáronse de que non dicía toda a verdade.

   ....

5. Aquí tes os apuntamentos que tomou o secretario da comunidade de veciños. Redáctaos dun xeito máis formal, segundo o modelo de acta que tes na actividade 3 da unidade.

1. En Lalín , ás 20 h do 12 de novembro de 2008, reunímonos no local social do edificio Cooperativa Deza, que está na rúa do Alcalde Ferreiro nº 5, baixo a presidencia de don Gonzalo Chamorro González. Actúa como secretario don Antonio Arturo Díaz.
2. Aprobamos a acta anterior.
3. Estudamos o cambio da porta do garaxe por outra electrónica para evitar accidentes como o que aconteceu hai uns días.
4. Escoitamos as peticións dos veciños do portal n.º 3 que se queixan de que a porta do portal sempre está aberta por culpa do salón de peiteado e da clínica que están nese portal.
5. Unha vez que acordamos a data para a seguinte reunión, levantamos a sesión.

6. Agora, co teu compañeiro, opinade se estades de acordo ou non coas seguintes declaracións.

- *Pois mira, a min iso de que só porque teñas un fillo teñas máis vantaxes ca min na flexibilidade do teu horario laboral paréceme inxusto. E que pasa cos que non queremos ou non podemos ter fillos? Que temos menos dereito ca vós? Ou é que non temos vida persoal por non ter fillos? Pois non creo que se estean respectando os meus dereitos persoais, eh?*

- *A min paréceme unha tolería o dos minipisos, porque é que xa parece que vivimos coma as pombas, metidos en gaiolas, que non temos dereito a un espazo mínimo. É que nos tratan como se fósemos animais, a verdade.*

- *Eu creo que debería existir unha lexislación moi clara sobre o deseño das casas. É que non é normal que ti no medio dunha aldea galega, se queres, podes facer unha casa con deseño xaponés. Estase acabando coa arquitectura patrimonial.*

UNIDADE 3
Valorarase a experiencia

1. A. Conxuga os seguintes verbos en futuro de subxuntivo.

ser	entregar	poñer	solicitar

estar	poder	querer	facer

B. Serías quen de construír algunha frase na que aparecese o futuro de subxuntivo? Na sección de Consultar tes axuda ou tamén podes pedirlla ao teu profesor.

2. Coloca a forma verbal correspondente.

1. Só poderán optar á adxudicación das prazas aquelas persoas que non (**vivir**)...................... nunca na Arxentina.
2. As bolsas van dirixidas ao estudantado que demostre (**vivir**)...................... na actualidade na UE.
3. Todas aquelas persoas que (**presentarse**)...................... ao concurso en edicións anteriores deberán volver achegar toda a documentación requirida.
4. Esta convocatoria vai dirixida a todos aqueles que (**terminar**)...................... os seus estudos superiores nos últimos dous anos.
5. Todos aqueles que decidan (**presentarse**)...................... ao exame poden deixar os seus datos na conserxaría.

3. Completa cada unha das seguintes oracións con algún destes tres elementos.

aquelas persoas **quen** **aqueles**

1. A convocatoria vai dirixida a .... nacidas entre 1980 e 1985
2. .... non teña experiencia recibirá formación a cargo da empresa.
3. ....que pasen as tres primeiras fases da selección deberán desprazarse ás nosas oficinas centrais de Santiago de Compostela para realizar a derradeira proba.
4. Só poderán acceder á selección final.............................. que superen todas as probas cunha media superior a 8'5.
5. ....que fosen premiadas en edicións anteriores do concurso non poderán presentarse.
6. ....que pasen a primeira fase serán entrevistados por un tribunal de expertos.

4. A. Para que cres que se poden esixir os seguintes requisitos?

REQUISITOS	TRABALLOS
Experiencia en condución de furgonetas	
Capacidade de relación	
Dotes de venda	
Coñecemento de ofimática	
Boa condición física	
Boa presenza	
Dispoñibilidade para traballar as fins de semana	
Capacidade de comunicación	
Vehículo propio	

B. Como serían os anuncios de traballo para os seguintes postos? O último decídeo ti.

Precísase condutor

Precísase relacións públicas

Precísase dependenta

Precísase...

5. Escribe o substantivo relacionado con cada un dos verbos que aparece entre paréntese.

1. O (**servir**).............................. de atención aos usuarios estará restrinxido nos próximos días ao seguinte horario.
2. Unha vez que a (**sentenciar**) .... foi ditada polo xuíz, debe ser executada.
3. Os (**producir**) .... orgánicos que se obteñen no agro galego aínda non teñen moita saída nos mercados diarios.
4. Quero darlle as (**agradecer**).............................. polo ben que se portou comigo.
5. Mañá non podo ir contigo. Teño que facer unha (**substituír**) .... no instituto.

6. Transforma as seguintes frases noutras impersoais.

1. Durante o partido a policía tomará medidas preventivas para evitar que os seareiros máis exaltados poidan provocar disturbios.

2. Para resolver este caso, os investigadores levarán a cabo unha serie de investigacións que permitan reconstruír todo o proceso.

3. Para todos aqueles que precisen dun xustificante de asistencia a esta convocatoria, o presidente do tribunal expedirá as certificacións correspondentes.

4. Non serán admitidas aquelas persoas que non presentaren o DNI ou calquera documento que permita a súa identificación.

7. Cres que as formas verbais subliñadas teñen todas o mesmo valor? Coméntao co teu compañeiro.

1. Ola, ti es Pablo, non? Xa te teño visto moitas veces pola cafetaría da escola, eu son Maruxa, a irmá de Xacobe.
2. Cando teñas estudada toda a lección podes xogar coa *play*.
3. Canto máis llo teño dito, menos caso me fai este rapaz, vai acabar comigo!
4. Quen leva emigrado moitos anos sabe o que é botar de menos a terra.

8. A. A continuación tes o informe que elaborou a coordinadora dun congreso sobre arte contemporánea. Reordénao segundo a lóxica da información que presenta.

Asunto: Congreso Internacional Reorientacións da Arte Contemporânea

Conseguido o obxectivo da participación, no que se refire ao desenvolvemento das sesións, todas elas (conferencias, comunicacións e talleres) responderon ás expectativas xeradas, en canto á calidade científica e artística, e ao clima de debate, discusión e intercambio de ideas que se orixinaron nos tres días de duración. Todo isto foi posible debido á excelente predisposición de relatores e asistentes. Ademais, por ser considerados os relatorios do máximo interese, propúxose a súa publicación na revista *Arte Crítica*, cuxo consello de redacción xa lle deu o seu visto e prace á proposta.

En resumo, o resultado do congreso foi positivo, aínda que hai marxe de mellora para futuras edicións, para o cal conviña ter en conta algunhas observacións. En primeiro lugar, cómpre establecer unha taxa de inscrición mínima para saber con exactitude o número de asistentes cos que se conta, xa que, ao ser de asistencia libre, moitas persoas cubriron a ficha de inscrición, pero logo non participaron no evento. E, en segundo lugar, reducir o tempo dos seminarios e aumentar o das mesas redondas, así como o número de comunicacións, posto que lle dan máis versatilidade e axilidade ao evento. De todos os modos, para incidir neste aspecto abrirase un espazo para suxestións no sitio web do congreso, que continuará activo, polo menos, durante os próximos doce meses.

A consecución dos obxectivos adquire maior importancia ao tratarse dun congreso inédito e non contar con antecedentes previos neste formato. Neste sentido, un dos factores que inicialmente causaba maior incerteza era a asistencia do público, dado o carácter minoritario da arte contemporánea, pois o congreso non ía dirixido só a especialistas, senón tamén a alumnado universitario ou a calquera persoa que puidese estar interesada. Con todo, é preciso destacar que a asistencia foi considerable no total da programación, incrementándose incluso a medida que avanzaba o evento.

O Congreso Internacional Reorientacións da Arte Contemporánea tivo lugar o 23, 24 e 25 de maio no Pazo Internacional de Congresos de Ferrol e a comisión organizadora estivo composta por profesorado universitario, directores de museos de arte contemporánea e comisarios. O balance do congreso permite unha valoración positiva, por canto se desenvolveu con absoluta normalidade e se conseguiron os obxectivos inicialmente propostos.

Respecto á viabilidade económica do congreso, cubriuse o orzamento previsto que quedou estipulado nas cantidades que se indican no anexo. O conxunto dos gastos cubriuse coas axudas da Fundación Imaxe&Arte e as universidades e centros de arte contemporánea que participaban no comité de organización. Tamén se contou coa axuda das administracións públicas e da Imprenta Carabela, que realizou de forma gratuíta os carteis e os folletos divulgativos do congreso.

A coordinadora do congreso
Mercedes Alonso Cancela

Ferrol, 30 de maio de 2008

B. Marca agora no texto os elementos que che axudaron a ordenar a información.

UNIDADE 4
A vida é puro teatro

1. Con que persoa de cada parella te identificas máis? Xustifícao.



– Paco cociña **de vicio**.
– A Andrea a cociña **dáselle fatal**.

– A Ana encántalle estar **ás escuras**.
– Carlos pasa o día **vendo filmes a esgalla**.

– Mónica sempre come **devagar**.
– Marcos sempre come **á presa**.

– Carme sempre fala **aos berros**.
– Toni fala moi **baixiño**, custa entendelo.

– A Alicia gústalle conducir **amodo**.
– Breixo sempre conduce **como unha bala**.

– Cristina traballa **arreo**.
– Xaime sempre traballa **a ralentí**.

2. Decide cal é o mellor final para cada frase.

1. A semana pasada a canle autonómica **botou**
2. Meu pai non descansou ata **botar**
3. Estaba inspirado e, ante todos os asistentes, **botei**
4. Esa porta está **botando**
5. Está afeito a non estar na casa, xa que **botou**
6. Vístete mellor e **bota**
7. Protestou e **botárono**

a. un aire frío que me xea as costas.
b. todo o millo.
c. do campo.
d. capítulos antigos da serie *Mareas Vivas*.
e. dunha vez esa roupa no lixo.
f. o mellor discurso da miña vida.
g. un ano enteiro navegando polo mar do Norte.

3. Agora, reescribe as frases anteriores substituíndo as construcións co verbo **botar** por un destes verbos.

EXPULSAR SEMENTAR REPOÑER DESPRENDER PERMANECER TIRAR PROFERIR

4. Completa as conversas coas palabras adecuadas do cadro.

ledo/a resgardado/a fino/a abraiado/a estudando

1. ● Que lle pasa? Que raro anda hoxe?
   ○ Coa reprimenda que lle caeu hoxe do director quedou .... Non creo que volva facer outra.

2. ● Realmente estas sorpresas só poden pasarche unha vez na vida. Quedei totalmente ...., non esperaba isto del.
   ○ Pero tampouco deberías facerlle tanto caso.

3. ● Parece ser que mañá se interromperán as clases, non?
   ○ Si, si. No telexornal aconsellaron que a xente quede .... na casa, por mor de posibles temporais.

4. ● E que é de Marta que xa hai que non a vexo?
   ○ Pois hoxe tamén quedou .... A verdade que leva un mes pechada na casa cos exames.

5. ● Que marabilla! Quedei moi .... coas noticias túas que me foron chegando! Parabéns!
   ○ Grazas. Veña, convídote a unha cervexa!

5. A. No teu caderno, redacta doutra maneira as ideas expresadas coas perífrases en grosa.

1. ● Que lle pasou a María o outro día? Quedei preocupado.
   ○ Pois non o sei, de súpeto **púxose a chorar** e ninguén soubo a razón. Non o estará a pasar ben.

2. ● Estou farto das reaccións de Modesto. Non o entendo.
   ○ Eu tampouco. Sen mediar palabra, **botou a andar**. Esperemos que nos dea algunha explicación.

3. ● Que cambio o de Carlos, non?
   ○ Si, menos mal que lle baixaron os fumes. Desde que **deu en comportarse** como un tipo normal é outra persoa, agora xa se pode falar con el.

4. ● E Uxía que é dela?
   ○ Pois coma sempre. **Anda a latricar** todo o día, pero non fai nada de proveito.

5. ● E ti non te aburres da túa cidade?
   ○ Pois ás veces un pouco, pero **levo vivindo** nela toda a vida e agora xa non sei se podo ou se quero cambiar.

6. ● Que tal che foi nos exames Antón?
   ○ Pois non moi ben e non mo explico. Co que **levo estudado** todo o ano.

7. ● Ultimamente vexo moi triste a Andrés. Que lle pasa?
   ○ Pois anda moi preocupado porque non **dá terminado** a casa e xa queren ir vivir para alí.

8. ● Ao final compraches o coche, Iria?
   ○ Comprei, dubidei moito porque, ao final, cos complementos **viña a custar** bastante máis do estipulado no prezo de saída.

9. ● Eu non consigo entender a Pedro, e ti?
   ○ Eu tampouco. Mira que **volver saír** con Adela, co mal que sempre lles foi.

10. ● Non o vas crer!, **acabo de ver** a Luís saíndo da fábrica.
    ○ Pero non dixo que o deixara, que nunca máis ía entrar nela.

11. ● Marcos, **deixa de molestar** a túa irmá!
    ○ Foi ela a que primeiro se meteu comigo. E eu non lle fixera nada.

12. • Viches ultimamente a teu primo? Sabes se aínda ten a máquina de embotellar que lle deixei?
   ○ Pois ao mellor si, porque falei con el a fin de semana e díxome que **seguía embotellando**.

B. Agora, expresa as ideas que aparecen en grosa utilizando adecuadamente as perífrases que saíron na actividade A.

1. • Parece que agora Antía non lles fala aos pais.
   ○ Iso parece. E é algo inexplicable porque con **todas as cousas que fixeron** por ela.

2. • Estou moi indignado. O televisor que comprei **finalmente foi** tan malo como me dixeran. Non sei porque non fixen caso.
   ○ Non te lamentes tanto, que ás veces nin todo o que se di é certo.

3. • Que tal onte no parque? Pasástelo ben?
   ○ Si, moito. Está moi ben pensado para rapaces. Os nosos divertíronse moito ata que o pequeno comezou a ter sono e **comezou a chorar por todo** e xa non parou.

4. • Oes, mándalle saúdos a Camilo cando o vexas, eh!
   ○ Por suposto, ademais agora véxoo a miúdo porque **xoga outra vez** con nós, no noso equipo de fútbol sala.

5. • Que triste vexo a Andrés estes días.
   ○ Xa cho creo, **hai pouco deixouno** a moza depois de varios anos.

6. • Que raro verte a ti por aquí!
   ○ Si. Estou esperando a Alicia para dar un paseo, pero non **acaba máis** as tarefas da casa. E xa levo media hora.

7. • Onte díxome Sara que xa hai moito tempo que non a chamas.
   ○ Nin penso. Porque **fala todo o día** de min e sempre ás costas. Estou esperando toparme con ela para ver se é quen de dicirme esas cousas á cara.

8. • Empezamos a comer xa?
   ○ Si, porque Xoán **durmiu toda a mañá e aínda segue** e non creo que se levante, porque onte saíu ata as 8.

9. • Chegamos todos xuntos ao monte Castrove, menos María. De súpeto **comezou a andar máis rápido** e xa non a vimos máis ata chegarmos.
   ○ Si, e co lixeira que anda, non creo que fósedes capaces de atrapala.

10. • Que ben vexo a teu pai!
   ○ Si, dende que **xa non fuma**, é outro home.

11. • Que histérico o meniño de Sabela e Xurxo! Por nada, **comezou a berrar** como un tolo e non deu tregua.
   ○ Va. Son cousas de bebés. Hai que ter paciencia con eles.

12. • E ti **aínda saes** por Muros? Ou cambiaches de zona para andar de marcha?
   ○ Non, por alí sigo. Xa sabes que son un incombustible.

6. A. Escribe cada un dos substantivos da lista ao lado da súa definición. Logo, escribe o adxectivo correspondente para describir a unha persoa.

desgana	timidez	angustia	tranquilidade
enfado	estrañeza	ledicia	relax
tristura	agarimo	sorpresa	nerviosismo
desacougo	desolación	inquedanza	afervoamento
fastidio	ansiedade		

	Substantivo	Adxectivo
– Estado de repouso	Relax	relaxado/a
– Efecto provocado por algo que se sae do normal ou do esperado.		
– Estado de angustia extrema.		
– Medo a falar ou a actuar, sobre todo en presenza de estraños.		
– Alteración do ánimo acompañada de ira.		
– Desgusto provocado por un contratempo.		
– Exaltación positiva do ánimo.		
– Incapacidade para saber esperar.		
– Estado de excitación provocado pola falta de tranquilidade.		
– Sensación opresiva de medo ou padecemento.		
– Impresión provocada por algo que non se espera.		
– Sensación que provoca un suceso favorable.		
– Sensación que deprime o ánimo, provocada normalmente por un suceso negativo.		
– Calidade que implica a ausencia de nerviosismo, inquedanza ou excitación.		
– Estado de axitación que pode ir acompañado dun movemento físico que a reflicte.		
– Estado de ánimo no que a unha persoa non lle apetece facer nada ou ningunha actividade en concreto.		
– Preocupación ou impaciencia provocadas por algo que vai ocorrer.		
– Sentimento de amor ou afecto cara a alguén ou algo.		

B. Que relacións podes establecer entre os substantivos anteriores? Completa os cadros.

Ideas contrarias
tranquilidade/inquedanza
Ideas similares
Causa-efecto

7. A. Completa coas palabras da lista esta descrición do inicio dunha obra teatral. Non te esquezas de conxugar os verbos.

senta	chea	de súpeto	escuro
a eito	paseniño	aceno	ensimesmada
abanea	císcaas	abraiada	
maceira	escenario	arredor	

O .... representa un campo cunha árbore .... de froitos. Unha muller dorme e .... esperta. Entre asustada e ...., mira .... de si e logo contempla a .... o tronco e as mazás comezan a caer a .... Vainas recollendo ...., como .... Cando as ten todas no regazo, ... por todo o escenario, igual que se as estivese sementando de novo. .... nunha esquina, mira para un lateral e fai un .... De alí a pouco entra un home, todo vestido de ....

B. Que cres que pasa despois? Continúa a descrición indicando con detalle como e cando suceden as cousas. Se queres, podes empregar algunhas das palabras ou expresións que che suxerimos a continuación.

levantarse	reconecer
aperta	temor
lentamente	fuxidío
aproximarse	esvaecer
sen dubidalo	inesperadamente

8. Que situacións ou feitos concretos cres que poden provocar que unha persoa quede das seguintes maneiras?

tranquila

derrubada

sen fala

durmida

queda

preocupada

de pedra

nos ósos

9. Que problemas relacionados coas posturas nas que traballan e cos movementos que realizan cres que poden ter os seguintes profesionais? Se se che ocorren outros, escribe os seus posibles problemas no teu caderno.

Camareiros: os camareiros pasan moito tempo de pé e iso non é bo para...

Albaneis: ....

Deseñadores gráficos: ....


Condutores de autobuses: ....

Profesionais da limpeza: ....

Azafatas de congresos: ....

UNIDADE 5
Dixeches que o farías

1. A. Aquí tes unha serie de palabras relacionadas co ámbito da televisión. Trata de enlazalas mediante un diagrama (axudámosche a comezalo).



B. As seguintes palabras poden ter significados similares ou diferentes en contextos non relacionados co ámbito da televisión. Completa as fichas con outros significados.

Emisión

Podería aparecer nun texto escrito ou nunha conversa sobre a contaminación ambiental para referirse a...

Concurso

Espectador

Programación

Grella

Espazo

Exposición do problema

Exemplos do problema

Conclusión

2. A. Aquí tes un fragmento dunha carta de reclamación escrita por un cidadán ao Defensor do Telespectador. Resume o contido de cada parágrafo nunha idea e clasifícaas no cadro que está a continuación.

A semana pasada celebrouse o primeiro aniversario da Canle 10 e festexárono con moito entusiasmo. A min paréceme que a cadea non ten ningún motivo de celebración, xa que moitas das grandes promesas que fixeron na súa presentación aos medios agora soan a verdadeira tomadura de pelo.

En primeiro lugar, dixeron que os seus programas estarían cargados de humor, pero de que tipo de humor? Do máis vulgar e ordinario e, ademais, estendido de xeito esaxerado a calquera tipo de programa. Un programa de cociña ten que estar presentado con humor? E un informativo de actualidade, cando as novas non dan ningún motivo para a gargallada? O humor vulgar da cadea é unha ofensa contra o bo gusto.

En segundo lugar, as tan prometidas e gabadas producións do público, que son? Aseguraron que pasarían por un comité que se encargaría de seleccionar as mellores, pero... con que criterios actúa o comité? A maioría son verdadeiras trapalladas e, o que é peor, en moitas delas faise publicidade explícita de certos produtos malia estar prohibido. Canto cobra a cadea por emitir eses supostos documentos reais? Quen os gravou e con que intención? De feito, non son máis que anuncios publicitarios da peor calidade, publicidade encuberta que dubido moito de que sexa legal.

En conclusión, anunciaron unha programación variable coa intención de que o espectador quedase abraiado semana tras semana. Pois ben, conseguírono: imos de sorpresa en sorpresa e a cada cal peor, isto é, podemos "sorprendernos" con programas de contido violento ou adulto na franxa da tarde cando os rapaces volven da escola.

Onde está o prometido código de regulación? É esa a televisión de calidade que desexamos todos? Espero que de aquí en diante consideren os seus erros e tenten cumprir as súas promesas. Non necesitamos telelixo, grazas.

B. Agora busca no texto as expresións ou palabras segundo as seguintes funcións que realizan.

- Ordenar ideas:
- Presentar unha opinión persoal:
- Explicar con máis detalle:
- Matizar:
- Expresar contraste:
- Xustificar:
- Concluír:

C. Poderíaslles atopar algún sinónimo a esas palabras e expresións? Consulta algún dicionario ou pídelle axuda ao teu profesor.

D. Como expresarías as seguintes ideas cun ton diferente ao do texto? Compara as túas ideas coas do teu compañeiro.

1. Moitas das grandes promesas que fixeron na súa presentación aos medios agora soan a verdadeira tomadura de pelo.
2. O humor vulgar da cadea é unha ofensa contra o bo gusto.
3. A maioría das producións do público son verdadeiras trapalladas.
4. Non son máis que anuncios publicitarios da peor calidade.

3. A. Le os seguintes anuncios publicitarios. Que produtos poderían anunciar? A que público cres que podería ir dirixido cada un? Completa as fichas.

1. Para que ti e os teus sintades a calor do inverno.
Produtos:
Público:

2. Para mimar o que máis che importa.
Produtos:
Público:

3. Para que a túa música vaia onde ti vas.
Produtos:
Público:

4. Para facer da túa xubilación unhas vacacións.
Produtos:
Público:

5. Para que os anos pasen máis devagar.
Produtos:
Público:

6. Para levar sempre un bo recordo.
Produtos:
Público:

B. Pensa en tres anuncios máis seguindo a mesma fórmula dos anteriores. Podes xogar ás adiviñas cos teus compañeiros para saber de que produto se trata.

4. Agora fai con estes adxectivos e os prefixos **des-** , **im-**, **in-** e **i-** o maior número de combinacións posíbles.



5. A partir das seguintes palabras, constrúe todos adxectivos que se che ocorran empregando os seguintes sufixos: **-eiro/a**, **-ón/-ona**,**-ado/a**, **-ido/a**,**-án**, **-axe**, **-ante**. Nalgúns casos pode haber máis dunha combinación.

chorar chorón ____________
falar ____________
comer ____________
mentir ____________
festa ____________
durmir ____________
lamber ____________

UNIDADE 6
Lugares con encanto

1. A. Cales das seguintes palabras podes relacionar co lugar onde vives? Sublíñaas.

costa	**museo**
campo de fútbol	**balcón**
pazo	**capela**
torre	**restaurante**
merendeiro	**paseo**
mercado	**beirarrúa**
fortaleza	**templo**
contedores de lixo	**porto**
catedral	**igrexa**
convento	**tráfico**
parque	**edificio**
transporte público	**hotel**
avenida	**xardín**
fachada	

B. Compara con algún compañeiro se tedes as mesmas ou non. Comentade se considerades que hai algunha deficiencia ou falla dalgún deses elementos.

- *Pois, por exemplo, na miña vila hai un pazo cunha fachada preciosa que está sen limpar.*

2. Completa as frases cos elementos necesarios do cadro. Nalgúns casos hai varias posibilidades.

con	**o**	**que**
de	**a**	**cal**
dende	**os**	**cales**
en	**as**	
por		

1. Ninguén sabe os motivos .... dimitiu o alcalde.
2. Na cidade atópase unha das fábricas dunha coñecida marca de coches, ... dá traballo a miles de persoas.
3. Viches o último anuncio de TeleGA?
   Cal? Ese .... sae un can falando?
4. A antiga muralla romana, ... se atopa en moi bo estado de conservación, atrae numerosos turistas na cidade galega de Lugo.
5. Hai algúns riscos .... o viaxeiro debe ser consciente antes de visitar certos lugares.
6. Nunca me atopei nunha situación .... a miña vida correse perigo.
7. A Torre de Hércules, ... hai unha vista fantástica da Coruña, é visitada por miles de turistas.
8. Na actualidade hai moitas compañías de baixo custo, ... favoreceu que a xente viaxe máis.
9. Recordas todo .... che dixen onte sobre Marcos e Ana? Pois resulta que era mentira.
10. Cando fun a Alemaña, os da compañía aérea perdéronme a maleta e claro, como non tiña nada .... abrigarme, comprei un montón de roupa.

3. A. Aquí tes algunhas intervencións nun foro de viaxeiros nas que as persoas piden consello. Xunto co teu compañeiro escribide as respostas que consideredes oportunas.

1. Non sei a onde ir de lúa de mel. Gustaríame algo exótico e paradisíaco, pero, ao mesmo tempo, un lugar onde ver algunha cidade bonita e interesante. O idioma non importa, porque tanto a miña parella coma min falamos inglés. Miguel.

2. Espero que me poidades axudar, porque estou farta de mirar páxinas e páxinas de Internet e non atopo nada que acaia co que busco. Caso dentro de dous meses, concretamente o 12 de novembro, e aínda non sabemos a onde imos de lúa de mel. Preocúpannos dúas cousas: a primeira é a cuestión económica; a segunda é o idioma, porque ningún dos dous falamos moi ben o inglés. En fin… a ver se alguén me dá un consello. Grazas a todos. Bea.

3. Somos unha parella de mozos que casamos no mes de decembro. Que lugar nos recomendariades para ir nesas datas de lúa de mel? Preocúpanos o clima e que poidamos facer cousas variadas. Paco.

B. Estes son algúns consellos para escribir un diario de viaxes. Podes completalos cos elementos relativos que faltan.

Como escribir un diario de viaxe

1. Facer unha breve presentación _____________ fales da historia do lugar, da súa xeografía e da situación político-económica.
2. Explicar a razón ou razóns _____________ decidiches visitar ese lugar.
3. Propoñer os lugares _____________ consideres "parada obrigatoria", é dicir, aqueles _____________ un viaxeiro non debería perderse ao visitar ese lugar.
4. Falar dos lugares _____________ quedaches a durmir (recomendaríalos?) e doutros _____________ fuches (restaurantes, museos etc.) Se o recordas, poderías falar dos prezos e dar os enderezos e os teléfonos dalgúns dos lugares.
5. Explicar como fuches: tren, avión, autobús… Podes falar dos custos e facer advertencias ou recomendacións _____________ creas oportunas.
6. Facer recomendacións de tipo xeral como, por exemplo, se hai que levar algo en particular (algún obxecto _____________ che resultará moi útil ou _____________ te arrepentiches de non levar contigo, como repelente de mosquitos , algún medicamento…).
7. Comentar a experiencia da viaxe: cambioute nalgún sentido? Aprendiches algo novo? Que te sorprendeu máis? Sufriches algunha decepción?

C. Agora, seguindo as pautas anteriores, escribe un diario dalgunha viaxe que fixeches. Se non recordas todos os detalles ou se non queres falar dunha viaxe túa, podes inventala.

4. A. Aquí tes información moi esquemática sobre un concello de Galicia que consta de seis parroquias, algunhas delas moi coñecidas polos seus produtos ou polas súas festas. Tenta construír un pequeno texto descritivo do concello. Trata de empregar construcións de relativo, pasivas e con participio.

Provincia: Lugo. Comarca: Mariña occidental. Concello: Cervo. Parroquias: Castelo, Cervo, Lieiro, Rúa, San Román de Vilaestrofe e Sargadelos.

A San Cibrao (lugar da parroquia de Lieiro) chámanlle península da Paz. Ten arredor finos e brancos areais, como as praias do Torno e Cubelas (bandeiras azuis da UE).

O Parque Natural de Sargadelos está na parroquia de Sargadelos . Dende Cervo pódese chegar a Sargadelos polo Camiño Real, bordeando o río Xunco onde hai fervenzas.

No Parque Natural de Sargadelos está o conxunto histórico patrimonial cos restos das antigas fundicións e fábricas de louza (propiedade de Antonio Raimundo Ibáñez, marqués de Sargadelos, século XVIII).

No Parque Natural de Sargadelos pódese camiñar polo Paseo dos Namorados ata o final, onde hai unha fervenza.

Maruxaina é o nome da protagonista da lenda máis famosa desta vila. A festa na súa honra celébrase dende o 1985 e, no 2002, proclamouse de interese turístico.

A lenda conta que nas illas dos Farallóns, fronte a San Cibrao, vive unha serea que toca o corno. Algúns veciños pensan que o fai con boas intencións (avisalos da proximidade dun temporal) e outros pensan que o fai por mal (para tolealos e que embarranquen nos Farallóns).

A celebración comeza pola mañá do segundo sábado do mes de agosto co seguinte itinerario:

Mañá: todos os veciños na praza da vila vestidos ao xeito dos mariñeiros antigos e percorrido polas rúas da vila co son das gaitas e dos cornos.

Tarde: comida na praia e xogos populares.

Noite: apáganse todas as luces da vila e báixase á praia, onde chega a Maruxaina dende os Farallóns nas chalanas. Lévase á praza e represéntase un xuízo para decidir queimala ou indultala; indúltase todos os anos e para celebralo iníciase unha gran festa, na que se reparten miles de litros de queimada.

UNIDADE 7
Antes de que sexa tarde

1. Escribe os conceptos sinónimos das palabras subliñadas nos seguintes contextos. Ten en conta que nalgúns casos hai varias posibilidades.

1. Existen enerxías alternativas que provocan un impacto mínimo no medio.
2. O quecemento global da Terra pode ter graves consecuencias.
3. Debemos xestionar eficientemente o uso da auga.
4. As necesidades de auga son cada vez maiores.
5. A demanda de enerxía continúa a medrar.
6. Deberíase impulsar o uso de certos materiais na construción.
7. Todos debemos tomar en serio os problemas do medio, tamén as grandes potencias.

2. Aquí tes unha serie de expresións que pertencen a un rexistro coloquial. Cámbiaas a un rexistro máis formal.


1. O efecto invernadoiro é por culpa dun gas que lle chaman CO_2.
2. O quecemento da Terra é por culpa do efecto invernadoiro.
3. Hai que buscar outras fontes de enerxía antes de que se acabe o petróleo.
4. Máis de mil millóns de persoas teñen problemas porque cada vez hai menos auga que se poida beber.
5. O plástico que botamos ao lixo cada día en todo o mundo é un problema ben gordo.
6. Hai que reciclar nas casas todo o lixo para que as cousas non empeoren no medio.

3. A partir dos seguintes verbos, constrúe o substantivo correspondente.

Elaborar	
Fabricar	
Xustificar	
Reducir	
Derribar	
Amontoar	
Reciclar	
Aprender	
Inscribir	
Transvasar	
Acabar	
Seguir	
Restablecer/ restabelecer	
Producir	
Conducir	
Construír	
Destruír	

4. Crea redes de palabras ou expresións que asocies aos conceptos do cadro (repara no modelo). Compáraas coas que fixeron os teus compañeiros e xustificade as relacións que establecestes.

reservas de petróleo
impacto ambiental
modelo de vida
fontes de enerxía
suba de prezos
corta de árbores
investigación e desenvolvemento



5. A. Le cada unha destas frases. Podes dicir o mesmo con outras palabras? Para facelo, emprega os substantivos correspondentes aos adxectivos subliñados. Se cómpre, terás que facer algún cambio de estrutura, de orde, de léxico…

1. Moitos turistas viaxan ao Caribe para bañarse nas súas **cálidas** augas.
2. A comunidade internacional está preocupada porque as reservas enerxéticas son moi **escasas.**
3. Os estados deben ser **firmes** nas súas actuacións para castigar os atentados contra o medio.
4. Algunhas das mellores ideas para evitar a contaminación sorprenden polo **sinxelas** que son.
5. As árbores da Amazonia son moi **altas.**

B. Fai agora o mesmo, pero empregando os adxectivos correspondentes aos substantivos que están en grosa.

1. A rolda de prensa que ofreceu o presidente destacou pola súa **brevidade**.
2. Os últimos estudos indican que a **delgadeza** esixida debido á presión social pode provocar nas persoas adolescentes numerosos trastornos da alimentación.
3. O seguimento dos protocolos na **reciclaxe** é fundamental para conseguir un medio equilibrado co desenvolvemento industrial.
4. Un dos puntos fortes deste proxecto de reciclaxe é a **rigorosidade** no seu desenvolvemento.
5. A **redución** das emisións de CO_2 sería unha das metas que teriamos que acadar.
6. As vítimas do **clima** irán aumentando nos próximos anos.
7. Para evitar máis **desastres** na natureza deberiamos ter unha conduta responsable.


6. A. No seguinte texto, sinala os elementos léxicos e gramaticais que permiten cohesionar o texto. Recorda a axuda que tes na sección Consultar desta unidade.

ACCIDENTE CON INCENDIO EN ALDÁN

Contra as tres horas da madrugada declarouse un incendio en Aldán (Pontevedra). Polo que parece, o lume iniciouse nun coche que sufriu un accidente na estrada PO-551. O vehículo chocou contra unha árbore e, antes de que o condutor puidera evitalo, o motor prendeu lume. Afortunadamente, as lapas comezaron despois de que o único ocupante do turismo lograse saír polo seu propio pé do interior do automóbil. O citado accidente provocou un incendio que se propagou rapidamente e alcanzou unha zona boscosa de difícil acceso. Un dispositivo do corpo de bombeiros de Pontevedra, alertado polo propio accidentado, dirixiuse ao lugar do sinistro, pero antes de chegar alí sufriu unha grave avaría, o que obrigou a que acudisen no seu auxilio os bombeiros da próxima localidade de Cangas. Estes, alertados polos seus compañeiros de Pontevedra, puxeron en acción un dispositivo de actuación que, xunto coas condicións meteorolóxicas –vento frouxo e unha repentina treboada–, axudaron a unha rápida extinción. As ditas condicións impediron que o lume se propagase. Esta madrugada, antes da saída do sol, deuse por extinguido o incendio.

B. Agora que xa sinalaches todos os elementos que fan que un texto estea cohesionado, poderías reescribilo cambiando aqueles elementos léxicos fundamentais como **accidente**, **incendio**, **coche**… por sinónimos ?

Contra as tres horas da madrugada declarouse un **incendio** en Aldán (Pontevedra)…
Contra as tres horas da madrugada declarouse un **lume** en Aldán (Pontevedra)



7. No seguinte cadro hai vinte palabras. En parellas, tentade unilas adecuadamente e obteredes como resultado dez palabras compostas cun significado diferente. Sabedes o significado de todas elas?

porta	borda	mol
lambe	lava	monas
tira	fora	pinta
ruxe	cruz	cús
vaga	(r)ruxe	fol
carta	croios	lume
louza	ollo	

8. Escribe de forma adecuada o plural das seguintes palabras.

1. ▸ Hoxe tiven que quentar o leite nunha cazola porque tiña os dous (**microondas**) .... avariados.

2. ▸ No accidente víronse involucrados dous (**golf**) .... e un camión dunha empresa de transporte.

3. ▸ Os (**gardamontes**) .... evitaron que o lume fose a máis.

4. ▸ É unha zona moi animada, está chea de (**pub**) ....

5. ▸ Ceamos uns (**peixe sapo**) .... que estaban riquísimos.

6. ▸ Eramos tantos na viaxe que ocupamos dous (**coche cama**) ....

7. ▸ É unha superficie para pasatempos espectacular, incluso teñen dúas (**pista americana**) .... para nenos.

8. ▸ Participou en varios (**cásting**) .... para presentador de televisión, pero non tivo éxito.

9. ▸ Non fixo dous (**stop**) .... e sacáronlle catro puntos do carné.

10. ▸ Tiña tanta sede que bebín dous (**Nestea**) .... seguidos.

UNIDADE 8
Vivir para traballar

1. A. Clasifica as seguintes palabras ou expresións relacionadas co mundo do traballo en columnas segundo teñan para ti unha connotación positiva, negativa ou neutra.

	Positiva	Nin positiva nin negativa	Negativa
o soldo			
as vacacións			
as horas extras			
os colegas			
o xefe			
o horario flexible			
as comisións			
a formación			
o contrato fixo			
a promoción profesional			
as axudas de custo			
a competitividade			
o estrés			
un ascenso			
o despedimento			
a conciliación			
o aumento do soldo			
a desigualdade laboral			
a paga extra			

B. Ocórrenseche outras palabras relacionadas co mundo do traballo? Clasifícaas na columna correspondente.

2. Escribe todas as profesións que se che ocorran para completar cada unha das categorías

Profesións en vías de extinción	**Profesións perigosas**
zapateiro	
Profesións moi ben pagadas	**Novas profesións**
Profesións do futuro	**Profesións solidarias**

3. Tenta definir as seguintes aptitudes. Despois, compara as túas definicións coas dun dicionario.

a. autoritario/a	d. comprensivo/a	g. dinámico/a
b. accesible	e. flexible	h. creativo/a
c. tolerante	f. organizado/a	i. emprendedor/ra

Autoritario/a: persoa á que lle gusta mandar e impoñer sempre o seu criterio.

4. Pensa en tres profesións que coñezas ben. Escribe unha lista das aptitudes máis importantes para desempeñalas.

	Ser	**Ter**	**Saber**
Profesión 1			
Profesión 2			
Profesión 3			

5. A. Tenta descubrir a que profesión se refire cada unha das diferentes testemuñas. Subliña as palabras clave que che axuden a descubrilo.

1. Nesta profesión, ás veces sénteste con pesadume polos continuos cambios de horario. Ademais, o contacto directo coa xente, as súas esixencias e os temores por voar fan que sintas unha gran presión. Durante unhas horas estamos a tope de traballo pero ao chegar ao destino podemos descansar un ou dous días.

2. O feito de que unha vida humana dependa de ti faiche sentir unha gran presión e unha gran responsabilidade. Pero tamén fai que te sintas moi motivado. Aínda que ás veces esteamos a tope, tentamos que a xente sinta que está en boas mans.

3. A maioría dos que facemos este traballo pensamos que facemos algo que está por debaixo das nosas capacidades, é un traballo de subsistencia. Ademais, cando chamas á xente, sentes que invadiches a súa intimidade. E cando che colgan sen escoitarte, sénteste frustrado. Ás veces, nin eu mesmo me creo que o que lle conto á xente para vender o produto. Síntome moi pouco identificado co que fago.

B. Agora inventa dous testemuños de persoas que se dediquen a profesións diferentes. Podes levalos á clase para que os teus compañeiros adiviñen cal é a profesión desas persoas.

1. ....

....

....

2. ....

....

....

6. A. Neste fragmento dun artigo sobre Figgle, unha empresa ficticia, faltan algunhas palabras ou expresións. Cales cres que poden ser? Anota as túas hipóteses para cada caso.

PARA OS TRABALLADORES DE FIGGLE non hai xefes nin empregados. “Requírese un perfil determinado para traballar aquí. Se non (1) cos outros, podes pasalo bastante mal porque a relación é moi estreita”. Aos traballadores de Figgle non lles gusta dicir canto (2), aínda que confesen que están ben pagados. Tampouco lles gusta que os artigos sobre Figgle falen dos “luxos” dos que dispoñen na empresa: billares, masaxes, xoguetes e ata patinetes para ir polos corredores. Eses cren que non dan unha boa (3) deles ante o mundo, pero o certo é que esas comodidades contribúen a rebaixar o nivel de (4). “A verdade é que en Figgle non te sentes angustiado nin tes a sensación de estar facendo algo por encima das túas (5). Non vivimos o traballo como unha condena, senón que nos implicamos para sacar adiante un proxecto. Non hai horarios de traballo, cada cal entra e sae cando se lle (6)”. Poden vestir como lles pareza, incluso en pixama ou bermudas. E todos os venres, a empresa, incluídos os fundadores, se reúne para comer ou facer algunha actividade xuntos. Figgle é unha empresa esixente, pero á vez sabe ser (7) e xenerosa cos seus cerebros. Teñen claro que a xente (8) máis nun contorno laboral no que se sente cómoda.

1. ______________________________
2. ______________________________
3. ______________________________
4. ______________________________
5. ______________________________
6. ______________________________
7. ______________________________
8. ______________________________

B. Compara co teu compañeiro se coincidistes coas mesmas palabras. Se é así, tentade buscar sinónimos para cada unha delas.

7. Cal destas dúas persoas cres que soubo “venderse” mellor para conseguir o mesmo traballo? Compara a maneira en que presentan as súas respectivas experiencias.



Elsa. Teño certa experiencia coidando nenos de entre 1 e 6 anos. Encárgome de todo o referente ao seu coidado e manutención, aínda que tamén podo darlles clases de reforzo das materias escolares e organizarlles xogos, entretemento e saídas culturais. No meu último traballo conseguín que os dous nenos ao meu cargo aprobasen o curso sen problemas.



Rocío. Teño unha amplísima experiencia como asesora pedagóxica infantil. As miñas funcións non só se limitan ao coidado e manutención dos nenos, senón que, grazas á miña formación académica, podo impartir clases de reforzo de todas e cada unha das materias do currículo español. Realicei cursos de psicoloxía infantil, polo que entre as miñas tarefas tamén se inclúe a de organizar xogos, entretementos e actividades que favorecen a socialización e a motricidade dos nenos. No meu último traballo, nunha familia de dous nenos hiperactivos, logrei incrementar as habilidades cognitivas dos meus alumnos nun 50% e ambos conseguiron superar as probas de final de curso con excelentes resultados.

8. Nas seguintes frases decide se o obxecto directo debe levar a preposición **a** ou non. Non esquezas realizar a contracción co artigo cando sexa conveniente.

1. • Detestaba tanto .... o curmán como .... súa muller.
2. • Bañou .... o neno, peiteouno, durmiuno e logo xa puido saír.
3. • Chamei .... Ánxela por teléfono, xa que estaba de aniversario.
4. • Atopou .... o home que tanto desexaba.
5. • Non ten ningún sentido, imita .... calquera.
6. • É unha persoa moi educada, cumprimentou .... todos e logo deu un magnífico discurso.
7. • Entrevistou .... a cantante de rock máis coñecida do momento.
8. • Levaron .... os cans todo o día de caza.

9. • .... o neno de Xoán, castigárono xa dúas veces no colexio.

10. • O alcalde acusou .... os veciños de teren reivindicacións demagóxicas.

9. Imaxina que queres ir de vacacións a Cuba cun compañeiro ou compañeira da clase que, cando llo propós, non para de poñer inconvenientes. No teu caderno, escribe posibles argumentos para rebatelos.

1. • Vai moita calor
   Xa, pero aínda que vai moita calor, as praias son incribles e estase moi ben.
2. • Pódennos picar os mosquitos.
   ....
   ....
3. • Temos que sacar un visado.
   ....
   ....
4. • Hai moitísimos turistas.
   ....
   ....
5. • A gasolina alí é moi cara.
   ....
   ....
6. • É moi caro alugar un coche.
   ....
   ....
7. • Sempre hai furacáns nesa zona.
   ....
   ....

10. Coloca nas seguintes frases os conectores que che presentamos no cadro que está a continuación.

para	aínda que	porque	como	así que

1. Fixen todas as probas atléticas .... me indicou o meu adestrador.
2. Realicei un bo traballo,.......................... non seguín as indicacións do meu profesor.
3. Obtiven unha mala valoración na entrevista .... non lle fixen caso aos consellos do meu antigo xefe.
4. Pasei o verán traballando e aforrei bastantes cartos, ... no mes que vén xa poderei facer a viaxe que sempre soñei.
5. Esforceime moito na carreira .... contentar a meus pais.

11. A. Despois de ler este titular, trata de imaxinar que palabras ou expresións cres que vas encontrar na noticia que vas ler despois. Fai unha lista no teu caderno.

"Unha de cada dez parellas fórmase no traballo"

namorarse
pasar moito tempo xuntos

B. Le agora a noticia. Encontras moitas das palabras que hai na túa lista? Hai palabras ou expresións sinónimas das que pensaras?

Aínda que o traballo poida non parecer o lugar ideal para namorarse, o certo é que entre asistir a reunións, redactar informes e facer orzamentos, hai quen encontra tempo para iniciar unha relación sentimental. Segundo un recente estudo, o 13% da poboación activa coñeceu a súa parella no lugar de traballo ou estudo. No 67% dos casos, a atracción xurdiu ao ir coñecéndose. Nas profesións liberais, onde o traballo é realizado por equipos mixtos de xente nova, aumentan as probabilidades de idilio. Compartir intereses, asistir a festas e comidas de empresa ou compartir viaxes de negocios favorece o acercamento. Aínda que en moitas ocasións estas relacións poden evolucionar de forma positiva, non son poucos os casos nos que xorden graves problemas, sobre todo cando se trata de traballadores de diferente categoría profesional. Non é estraño que, tras a fin dunha relación, un dos membros denuncie ao outro (o seu superior) por acoso sexual.

12. A. Este é o anuncio dun dos produtos estrela dunha cadea de comida rápida. Poderías transformalo nunha entrada de dicionario para definir bocadillo de hamburguesa?

Bocadillo O Tixolazo
"O rei de Baguette"

Hamburguesas da mellor carne, feitas a fogo de leña e aliñadas con aceite de oliva virxe. Cubertas con finas láminas de queixo fundido, toradas de zumarentos tomates verdes e aros de cebolas tenras acabadas de cortar. E todo dentro dun par de deliciosas rebandas de pan crocante e aderezado coas mellores salsas que Baguette pon á túa disposición.

B. Agora, transforma nun anuncio a seguinte definición.

Barra de labios.
Cosmético usado para colorear os labios, en forma de barra, que se garda nun estoxo.

13. Imaxina que estás buscando algún profesional para realizar unha actividade (podes elixir un na lista ou pensar outro). Elabora un anuncio para poñelo na prensa.

Posibles postos.

- Un guía turístico para visitar Galicia.
- Un animador cultural que organice actividades para coñecer a cultura galega.

REQUÍRESE

....

....

VALORARASE

....


....

OFRÉCESE

....

....





Resumo gramatical

Procesos de formación de palabras

Derivación

- A derivación consiste na creación de novas palabras a través da colocación de afixos nunha base. Pode ser por prefixación (cando o afixo se coloca antes da raíz) ou por sufixación (cando o afixo se coloca detrás da raíz). Estes afixos denomínanse, respectivamente, prefixo e sufixo.

Prefixación

- Os prefixos poden pasarlles ás bases os máis variados significados. Xeralmente a nova palabra pertence á mesma clase gramatical da base. Os máis frecuentes son os seguintes:

– negación, carencia, privación, ausencia: **in**decisión, **in**capaz, **in**cumprir, **a**moral **di**simetría, **de**formar...
– simultaneidade, compañía, unión: **co**autoría, **co**existente, **sin**cronizar...
– contrariedade, oposición: **contra**ataque, **contra**dicir, **re**accionar, **anti**natural...
– (movemento para) fóra de: **ex**comuñón, **ex**clamar...
– exterioridade, intensidade elevada: **extra**versión, **extra**fino...
– por riba de, superioridade, intensidade elevada: **hiper**mercado, **hiper**sensible, s**obre**voo, **sobr**epoñer...
– posición intermedia, participación conxunta: **inter**lingua, **inter**urbano...
– posterioridade: **pos**parto, **pos**verbal, **pos**datar...
– anterioridade: **pre**escolar, **pre**dicir...
– repetición: **re**conto, **re**adaptable, **re**facer...
– posición inferior ou secundaria: **sub**clase, **sub**titular...

Sufixación

- É o proceso máis común de formación de palabras e, ao contrario da prefixación, a palabra creada por este modo pode ter unha categoría gramatical distinta da que lle serviu de base. Os sufixos máis frecuentes son:

Substantivos e adxectivos derivados de verbos
-**ado**/-**ada**/-**ido**/-**ida**: aglomerado, partida, saída, resultado, chamada...
-**axe**: reciclaxe, hospedaxe, almacenaxe, aterraxe, abordaxe, drenaxe...
-**ble**: abarcable, apetecible, adquirible...
-**ción**/-**cción**/-**sión**/-**zón**/-**ión**: elaboración, actuación, redución, redacción, revisión, doazón, opinión...
-**deiro**/**a**: duradeiro, sabedeiro, faladeiro, regadeira, fiadeiro…
-**doiro**/**a**: pagadoiro, abrigadoiro, sumidoiro, apartadoiro, vertedoiro…
-**dor**/-**dora**: falador, vendedor, cumpridor, secadora, produtora, abridor…
-**dura**/-**tura**: roedura, mordedura, cocedura, apertura…
-**ivo**/**a**: consultivo, impulsivo, abusivo...
-**mento**: nomeamento, ofrecemento, impedimento...
-**ncia**/-**nza**: militancia, asistencia, doenza...
-**ón**/-**ona**: abusón, respondón, chorón, durmiñón...
-**or**/**ora**: revisor, clamor, fervor, delator...
-**tivo**/**a**: narrativo, cualificativo, negativo, estimativa, tentativa…
-**torio**/**a**: satisfactorio, circulatorio, reformatorio, dormitorio…
-**tura**: lexislatura, abreviatura…
-**ura**: fervura, untura...



ATENCIÓN
Os substantivos terminados cos sufixos -**axe**, -**ción**/-**cción**/-**sión**/-**zón**/-**ión**, -**ez**/-**eza**, -**idade**/-**edade**, -**ura**, **dura**/-**tura** e -**uxe** son femininos: **a hospedaxe**, **a sección**, **a doazón**, **a timidez**, **a acuosidade**, **a dozura**, **a lanuxe**...

– Nalgúns casos, a raíz do verbo sofre cambios:
disolver/**a disolución** **pedir**/**a petición**
inscribir/**a inscrición** **elixir**/**a elección**

Substantivos e adxectivos derivados doutros substantivos e adxectivos
-**al**/-**ar**: floral, fenomenal, xenial, mortal, bestial, espectacular...
-**án**/-**á**, -**ana**: livián, aldeán, compostelá, ourensá...
-**ario**/**a**, -**itario**/**a**: utilitario, falsario...
-**axe**: follaxe, ancoraxe, bandidaxe, linguaxe, plumaxe, estiaxe, barcaxe, equipaxe...
-**eiro**/**a**: careiro, neneiro, obreiro, pasteleiro, pataqueiro, agasalleiro, aduaneiro...
-**aría** (-**ería**): tolaría, libraría, reloxaría, cafetaría, bruxaría, bicharía...
-**és**/-**esa**: burgués, xaponés, francés, vigués...
-**ez**/-**eza**: riqueza, beleza, natureza, acidez, timidez, altivez...
-**idade**/-**edade**: acridade, abortividade, acuosidade, notoriedade...
-**ivo**/**a**: altivo, festivo, instintivo...
-**ía**: melloría, alegría, burguesía, valentía, reitoría...
-**ismo**: individualismo, culturismo, absentismo, xornalismo, africanismo...
-**ista**: accionista, abolicionista, trapecista, especialista, artista...
-**on**/-**ona**: solteirón, cabezón, narigón, barracón, cuón, abaneón...
-**oso**/-**osa**: custoso, perigoso, cariñoso, bondadoso, poderoso, desexoso...
-**udo**/-**uda**: rabudo, cabezudo, orelludo, forzudo, veludo...
-**ume**: agrume, arume, cerume...
-**ura**: negrura, dozura, brandura, espesura, candidatura, amargura...
-**uxe**: ferruxe, peluxe, lanuxe...



ATENCIÓN
Aínda que a norma prefira -**aría**, o sufixo -**ería** é tamén correcto e moi frecuente en galego: **tolería**, **librería**, **reloxería** etc. Ademais, hai palabras, como **batería** e **galantería**, que non admiten o sufixo -**aría**.

Verbos a partir de adxectivos e substantivos
-**ear**: mornear, fermosear, tolear, escasear, barbear, follear, varear,...
-**ecer**: madurecer, palidecer, favorecer...
-**exar**: branquexar, clarexar, negrexar, festexar, formiguexar, pestanexar, lagrimexar...
-**ificar**: clarificar, amplificar, certificar, exemplificar, pacificar...
-**itar**: capacitar, debilitar, habilitar, levitar, felicitar...
-**izar**: contabilizar, europeizar, paganizar, socializar, caricaturizar, aromatizar, sintetizar...

Composición

- As palabras formadas por composición teñen máis dun radical ou palabra como base, que poden ser de distintas clases gramaticais (substantivos, verbos, adxectivos, preposición, conxunción...). As palabras que constitúen un composto forman xuntas unha unidade sintáctica e léxica, cun único significado. Así, a orde na que se dispoñen é fixa. Tampouco se poden substituír nin suprimir estes elementos, nin intercalarse outros entre eles. As palabras compostas poden ser gráficas (cando os elementos se funden nunha soa palabra) ou sintagmáticos (cando presenta dúas ou máis palabras separadas). Algúns exemplos dos tipos de combinacións máis frecuentes son os seguintes:

Compostos gráficos
vagalume = **vagar** (verbo) + **lume** (subst.)
cabodano = **cabo** (subst.) + **de** (prep.) + **ano** (subst.)
malnacido = **mal** (adv.) + **nacido** (adx.)
mediodía = **medio** (num.) + **día** (subst.)
bocanoite = **boca** (subst.) + **noite** (subst.)

Compostos sintagmáticos
sala de estar = **sala** (subst.) + **de** (prep.) + **estar** (verbo)
porco bravo = **porco** (substantivo) + **bravo** (adxectivo)
arco da vella = **arco** (subst.) + **da** (prep.+ art.) + **vella** (subst.)
capitán xeneral = **capitán** (subst.) + **xeneral** (subst.)
paso a nivel = **paso** (subst.) + **a** (prep.) + **nivel** (subst.)

Xénero

- En galego só hai dous xéneros: masculino e feminino. En xeral, son masculinos os substantivos rematados en **-o** e femininos os rematados en **-a**, pero hai excepcións: **o fantasma**, **a moto**, **o diadema**, **a tribo** etc.
- Os substantivos que terminan en -**ista** ou -**e** teñen a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a artista, o/a dentista, o/a estudante, o/a cantante**, **o/a intérprete** etc.
- Os adxectivos que rematan en -**ista**, -**e** ou -**z** tamén teñen a mesma forma para os dous xéneros: **optimista, individualista, intelixente, alegre, feliz, capaz, perspicaz** etc.
- Son **masculinos**: os nomes das letras (**o xe**, **o hache**); os substantivos de orixe grega terminados en **-ema** e **-oma** (**o problema**, **o cromosoma**); os nomes que acaban en **-me** (**o acedume**, **o abdome**... agás **a servidume, a mansedume, a negrume e a pesadume**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é masculina (**o plataneiro, o marmeleiro**... agás **a figueira**).
- Son **femininos**: os nomes acabados en **-axe** (**a mensaxe**, **a viaxe**, **a equipaxe**... agás **o traxe**, **o paxe**, **o garaxe**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é feminina (**a maceira**, **a laranxeira**... agás **o castiñeiro**).

Formación do feminino

- En xeral, fórmase o feminino dos substantivos e adxectivos cambiando o -**o** final por un -**a** ou engadindo un -**a** ás terminacións -**r**, -**ín**, -**z** (no caso de substantivos) e vogal tónica: **alto/alta**, **traballador/traballadora**, **bailarín/bailarina**, **rapaz/rapaza**, **xuíz/xuíza**, **nu/núa**, **cru/crúa** etc.
- Os substantivos e adxectivos rematados en -**án** forman o feminino en -**á** (**curmán/curmá**, **irmán/irmá**, **compostelán/compostelá**, **catalán/catalá**, **cidadán/cidadá**, **san/sa**, **truán/truá**); ou en -**ana** (**folgazán/folgazana**, **larpán/larpana**, **paspán/paspana**, **papán/papana** etc.).
- Os rematados en **-és** fano en -**esa**: **fregués/freguesa, vigués/viguesa**, **chinés/chinesa**; agás **cortés**, que é invariable.
- Dos substantivos rematados en -**ón**, algúns fan o feminino en -**oa**, pero tamén poden presentar outras formas: **anglosaxón/anglosaxoa**, **león/leoa**, **patrón/patroa**, **ladrón/ladroa** ou **ladra** etc.; e algúns substantivos e adxectivos fano en -**ona**: **lambón/lambona**, **chorón/chorona**, **papaleisón/papaleisona**, **pasmón/pasmona** etc.
- Os adxectivos xentilicios rematados en vogal tónica presentan a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a marroquí**, **o/a somalí**, **o/a israelí**, **o/a hindú** etc.

Formas especiais de xénero

- Hai palabras cuxas formas de feminino son moi peculiares: **heroe**/**heroína**, **tsar**/**tsarina**, **sacerdote**/**sacerdotisa**, **profeta**/**profetisa**, **poeta**/**poetisa**, **xudeu**/**xudía**, **rei**/**raíña**, **galo**/**galiña**, **príncipe**/**princesa**, **abade**/**abadesa**, **barón**/**baronesa**, **actor**/**actriz**, **emperador**/**emperatriz**.
- Asemade, hai casos nos que o cambio de xénero implica un cambio de significado, aínda que algunhas veces moi sutil: **o río**/**a ría**, **o bolso**/**a bolsa**, **o prato**/**a prata**, **o pozo**/**a poza**, **o caldeiro**/**a caldeira**, **o horto**/**a horta**, **o leiro**/**a leira**, **o saco**/**a saca**, **o manto**/**a manta**, **o coitelo**/**a coitela**, **o peto**/**a peta** etc.

Número: regras de formación do plural

- Palabras rematadas en vogal, ditongo ou -**n**, engádeselles -**s**: **cadeira/cadeiras**, **marroquí/marroquís**, **xersei/xerseis**, **limón/limóns** etc.
- Palabras rematadas en -**r** e -**z**: engádelles -**es**: **muller**/**mulleres**, **fogar**/**fogares** etc. No caso de -**z**, este cámbiase por -**c** antes de facer o plural: **vez**/**veces**, **luz**/**luces**, **capaz**/**capaces** etc.
- Palabras agudas rematadas en -**s**: forman o plural engadindo -**s**: **deus/deuses**, **autobús/autobuses** etc.
- Palabras rematadas en -**s** ou -**x**, ben sexa grave, esdrúxula ou que formen grupo consonántico, permanecen invariables á hora de formar o plural: **mércores**, **lapis**, **lux**, **unisex**, **luns**...
- Palabras rematadas en -**l**: se son graves ou monosilábicas, forman o plural engadindo -**es**: **sol**/**soles**, **difícil**/**difíciles**, **túnel**/**túneles** etc. Se son agudas, con máis dunha sílaba, forman o plural substituíndo o -**l** por -**is**: **papel**/**papeis**, **español**/**españois**, **civil**/**civís**, **caracol**/**caracois** etc.

Casos especiais de flexión de número

- Hai palabras non patrimoniais, xeralmente denominadas estranxeirismos ou cultismos, que presentan a formación do plural dun modo particular.
- A algunhas palabras estranxeiras, cuxa grafía pode estar ou non adaptada ao galego, engádelles -**s** para formar o plural: **club**/**clubs**, **pub**/**pubs**, **clip**/**clips**, **robot**/**robots**, **álbum**/**álbums**, **récord**/**récords** etc.
- Noutras, recoñécese a forma de plural polos determinantes que as acompañan: **o land rover**/**os land rover**, **o kleenex**/**os kleenex** etc.

O plural nas palabras compostas

- Nos compostos gráficos, que forman unha soa palabra, a flexión de plural só se fai no último elemento: **socioeconómico**/**socioeconómicos**, **cartafol**/**cartafoles**, **mapamundi**/**mapamundis**, **pasatempo**/**pasatempos**, **lavalouza**/**lavalouzas**, **beirarrúa**/**beirarrúas**, **benvida**/**benvidas**, **benfalado**/**benfalados**, **branquiazul**/**branquiazuis**, **quefacer**/**quefaceres** etc.



ATENCIÓN
Algunhas palabras compostas presentan unha única forma (co segundo elemento en plural): **tirapedras**, **altibaixos**, **limpabotas**, **trabalinguas**, **abrelatas**, **gardarríos** etc. Nestes casos, só sabemos se están no singular ou no plural polo contexto, ou polos determinantes que as acompañan: **o paraugas**/**os paraugas**, **o portafolios**/**os portafolios**, **o microondas**/**os microondas** etc.

- Nos compostos sintagmáticos formados por substantivo + substantivo, onde o segundo elemento funciona como un modificador do primeiro, só recibe flexión de número o primeiro elemento: **home araña**/**homes araña**, **neno prodixio**/**nenos prodixio**, **palabra clave**/**palabras clave**, **café teatro**/**cafés teatro**, **porco espiño**/**porcos espiño, moble bar**/**mobles bar** etc.
- Tamén só flexiona o primeiro elemento dos compostos sintagmáticos que teñen un nexo entre as dúas bases: **sala de estar**/**salas de estar**, **ferro de pasar**/**ferros de pasar**, **paso a nivel**/**pasos a nivel**, **mesa de levante**/**mesas de levante** etc.
- Nas palabras que se escriben con guións, só recibe flexión de plural o segundo elemento: **non-fumador**/**non-fumadores**, **político-económica**/**político-económicas**, **maníaco-depresivo**/**maníaco-depresivos** etc.
- Nos compostos sintagmáticos formados por substantivo + adxectivo, as dúas bases fan a flexión de plural: **garda civil**/**gardas civís**, **porco bravo**/**porcos bravos**, **pomba torcaza**/**pombas torcaces**, **pé dereito**/**pés dereitos** etc.



ATENCIÓN
A palabra que vai en plural faino segundo a regra de formación do plural á que pertence: **rúa**/**rúas**, **fol**, **foles**, **facer**/**faceres**, **civil**/**civís** etc.

Outros casos especiais na flexión de número

- Hai palabras non patrimoniais que presentan a formación do plural dun modo particular.
- Aos estranxeirismos, palabras doutros idiomas que, a pesar do frecuente emprego, manteñen a súa forma orixinal, engadímoslles -**s**: **club**/**clubs**, **pub**/**pubs**, **clip**/**clips**, **robot**/**robots**, **croissant**/**croissants** etc. O mesmo ocorre cos poucos cultismos que se conservan na lingua: **álbum**/**álbums**, **réquiem**/**réquiem**, **tándem**/**tándems** etc.
- As marcas non se deben pluralizar, xa que son nomes propios. Algunhas pasaron a designar obxectos comúns e fan a flexión de número a través dos determinantes que as acompañan: **o land rover**/**os land rover**, **o kleenex**/**os kleenex** etc.
- Sobre as siglas, cómpre indicar que estas tampouco se pluralizan. Non obstante, atópanse na lingua algunhas siglas cuxo emprego está moi sistematizado, de xeito que se comportan como palabras comúns, presentando incluso algunha transformación morfolóxica (como o acento gráfico). Todas elas se escriben en letras minúsculas e admiten a flexión de plural, segundo as regras para as palabras patrimoniais: **peme**/**peme**, **ovni**/**ovnis**, **láser**/**láseres**, **radar**/**radares** etc.
- Hai tamén casos nos que a formación do plural deste tipo de siglas presenta opinións encontradas, como o que ocorre, por exemplo, con **CD** e **DVD**: **cd**/**cds**, **o**/**os CD**, **cedé**/**cedés**.

Acentuación

- De acordo coa posición da sílaba tónica, as palabras que teñen máis dunha sílaba clasifícanse en **agudas**, **graves** e **esdrúxulas** e a súa acentuación faise da seguinte forma:

  – **Agudas**: son as palabras nas que a sílaba tónica é a última. Levan acento gráfico, chamado acento agudo, cando rematan en vogal, vogal + **n**, vogal + **s** e vogal + **ns**: **mañá**, **paté**, **refén**, **francés**, **composteláns**...
  – **Graves**: son palabras nas que a sílaba tónica é a penúltima. Levan acento cando rematan en consoante que non sexa -**n** ou -**s** ou en grupo consonántico distinto de -**ns**: **difícil**, **álbum**, **carácter**, **tórax**...
  – **Esdrúxulas**: son palabras nas que a sílaba tónica é a antepenúltima; sempre levan acento: **médico**, **bágoa**, **cónxuxe**, **ávido**, **sílaba**...

Outras regras de acentuación

– Os **estranxeirismos** máis correntes en galego seguen as devanditas regras de acentuación: **popurrí**, **xampús**, **accésit**, **cámping**, **párkinson**, **cárdigan** etc.
– Os **monosílabos** non se acentúan, agás nos casos do acento diacrítico: **da**, **das** (contracción preposición + artigo)/**dá**, **dás** (formas do presente indicativo do verbo dar); **pe** (nome da letra)/**pé** (parte do corpo) etc.
– Cando un verbo leva pronomes complemento ou a segunda forma do artigo, o conxunto que forman considérase unha única palabra para fins de acentuación: **vímolos** no parque, **fixémo-la** cea, **deixóullelos** aos fillos...
– Acentúanse as vogais **i**, **u** tónicas, se estas van precedidas ou seguidas doutra vogal, para indicar que forman parte de sílabas distintas: **ruído**, **saúde**, **oír**, **inclúe**, **día**...



ATENCIÓN

En galego **NON** se acentúan:
- Os monosílabos, salvo nos casos que leven acento diacrítico ou diferencial: **son**, **voz**, **po**, **nu**, **cru**...
- As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente, seguidas ou non de **s**: **falou**, **cantei**, **metais**, **aneis**, **anzois**...
- Os adverbios en -mente: **tranquilamente**, **rapidamente**, **facilmente**, **habilmente**...
- Os interrogativos e exclamativos: **Que** queres? **Cantos** somos? **Que** sorpresa!

Principais casos de acentuación diacrítica ou diferencial

á (*a* prep. + *a* artigo)	**a** (artigo; pron.; prep.)
bóla ('esfera')	**bola** (peza de pan)
cá (*ca + a*)	**ca** (conx.)
có (*ca + o*)	**co** (*con + o*)
cómpre ('é mester')	**compre** ('merque')
dá (pres. e imp. de *dar*)	**da** (*de + a*)
dó ('compaixón')	**do** (*de + o*)
é (pres. de *ser*)	**e** (conx.)
fóra (adv.)	**fora** (antepret. de *ser* e *ir*)
má ('ruín')	**ma** (*me + a*)
máis (adv. e. pron.)	**mais** (conx.)
nó (subst.)	**no** (*en + o*)
nós (pron. tónico; pl. de *nó*)	**nos** (*en+ os*; pron. átono)
ó (*a + o*)	**o** (artigo; pron.)
óso (do corpo)	**oso** (animal)
pé (parte do corpo)	**pe** (letra)
pór (poñer)	**por** (prep.)
présa (apuro)	**presa** (prendida; presada)
sé (sede eclesiástica; imp. de *ser*)	**se** (conx.; pron.)
só (adv. e adx.)	**so** (prep.)
té (infusión)	**te** (pron.; letra)
vén (pres. de *vir*)	**ven** (pres. de ver; imp. de *vir*)
vés (pres. de *vir*)	**ves** (pres. de *ver*)
vós (pron. tónico)	**vos** (pron. átono)

Pronomes persoais

- A forma dos pronomes persoais cambia segundo a súa función na oración.

Suxeito	COD	COI	Reflexivo	Con preposición
eu	**me**	**min**	**me**	**min (comigo)**
ti	**te**	**che**	**te**	**ti (contigo)**
vostede	**o/a**	**lle**	**se**	**vostede (consigo)**
el/ela	**o/a**	**lle**	**se**	**el/ela, si (consigo)**
nós	**nos**	**nos**	**nos**	**nós (connosco)**
vós	**vos**	**vos**	**vos**	**vós (convosco)**
vostedes	**os/as**	**lles**	**se**	**vostedes (consigo)**
eles/elas	**os/as**	**lles**	**se**	**eles/elas, si (consigo)**

- Os pronomes suxeito empréganse para resaltar a persoa por oposición a outras ou cando a súa elisión pode levar a algunha confusión.
  - ***Vós*** *estudades Dereito, non?*
  - ***Ela*** *si, pero* ***eu*** *estou en cuarto de Bioloxía.*
- Coas preposicións **agás, ata, entre, excepto, fóra, incluso, menos, salvo e segundo** úsanse os pronomes suxeito.
  - *Segundo* ***ela****, todos estabamos convocados á reunión.*
  - *Entre* ***ti*** *e* ***eu*** *terminaremos o traballo esta tarde.*
- A forma **o**, ademais de complemento directo (CD) masculino singular, pode substituír partes enteiras dun texto ou predicativos dos verbos **ser**, **estar** e **parecer**.
  - ● *Administrar unha casa non é tan difícil.*
  - ○ *Si que* ***o*** *é!*
  - ● *Está enfadada María?*
  - ○ *Non, non* ***o*** *está. É que é un pouco seria.*
  - ● *Suso parece moi boa persoa, non?*
  - ○ *Pois a verdade é que non* ***o*** *é.*
  - ● *Ao final, aprobaches os exames?*
  - ○ *Aínda non* ***o*** *sei porque as notas só saen para a semana.*
- A serie de pronomes reflexivos ten varios empregos.
  - Cando o suxeito e o complemento directo coinciden:
    - *Paula esta****se*** *mirando no espello todo o día.*
  - Con suxeitos inanimados o uso dos reflexivos indica moitas veces a ausencia dun suxeito animado coñecido.
    - *A porta* ***pechouse*** *de golpe e deume un tremendo susto.*
    - *Mira como* ***se mollou*** *o coche durante a noite.*
  - Tamén se utilizan, nas formas de plural, coas accións recíprocas.
    - *Malia as súas diferenzas, Ana e Suso* ***quérense*** *moito.(ela a el e el a ela)*
    - *Os dous condutores baixaron dos coches e comezaron a* ***insultarse****. (un ao outro)*

Pronomes en construcións valorativas

- En galego moitos verbos combínanse cos pronomes de CI en construcións cuxo suxeito é o que provoca o sentimento ou a valoración (subliñado nos exemplos). Igual que pasa co pronome suxeito, se queremos marcar o contraste con outras persoas ou evitar a ambigüidade, usamos tamén as formas cos pronomes tónicos **a min**, **a ti**, **a vostede**, **a el/ela**, **a nós**, **a vós**, **a vostedes**, **a eles/elas**.
  - ***Moléstame*** *que non me digas a verdade.*
  - ***Fascínanche*** *os espectáculos en vivo, verdade?*
  - ***A vostede interésalle*** *a arte****?***
  - ***A Elisa*** *os avións* ***danlle pánico****, pero a min non.*
  - ***Horrorízannos*** *os grandes almacéns.*
  - ***A vós*** *non* ***vos molesta*** *este barullo?*
  - ***A vostedes apeteceralles*** *descansar un pouco, non?*
  - ***A elas*** *non* ***lles importa*** *esperar que cheguemos tarde.*

Contraccións dos pronomes CI e CD

CI	CD	CONTRACCIÓNS
me	o, a, os, as	**mo**, **ma**, **mos**, **mas**
che	o, a, os, as	**cho**, **cha**, **chos**, **chas**
lle	o, a, os, as	**llo**, **lla**, **llos**, **llas**
nos	o, a, os, as	**nolo**, **nola**, **nolos**, **nolas**
vos	o, a, os, as	**volo**, **vola**, **volos**, **volas**
lles	o, a, os, as	**llelo**, **llela**, **llelos**, **llelas**

Posición dos pronomes obxeto

- Por regra xeral, a orde de colocación dos pronomes átonos é: verbo + CI + CD. Os pronomes colócanse sempre despois do verbo e unidos a el.
  *Tróuxo**me** todo o que lle pedira.*
- Non obstante, hai determinados contextos nos que o pronome se coloca diante do verbo e separado deste.

  – Despois de palabras que marcan subordinación (**que**, **aínda que**, **sempre que**, **xa que**, **posto que**, **se**...):
  - *Dixo que **me** deixaría todos os apuntamentos.*
  - *Déixoche a moto se **me** fas este traballo.*

  – Despois de adverbios ou expresións que indican negación (**non**, **nunca**, **xamais**, **tampouco**...) e dúbida (**quizais**, **talvez**, **seica**, **disque**):
  - *Nunca **o** vin por esta zona.*
  - *Xamais **che** dirá a verdade.*
  - *Seica **lle** deron un premio de poesía.*

  – Despois dalgúns outros adverbios (**xa**, **aínda**, **mentres**, **tamén**, **sempre**, **ben**, **mal**, **só**, **axiña**, **logo**, **máis**, **menos**, **aquí**, **aí**, **alí**...):
  - *Sempre **me** ducho pola noite.*
  - *Querías este libro? Pois aquí **o** tes.*
  - *Xa **lle** dixen que non dispoño deste material.*

  – Despois dalgúns pronomes indefinidos (**algo**, **nada**, **ninguén**, **alguén**, **calquera**, **mesmo**, **bastante**...):
  - *Ninguén **me** deu a resposta correcta.*
  - *Algo **me** di que isto non está ben.*

  – Despois de interrogativos (**que**, **por que**, **como**, **quen**, **onde**, **cando**, **canto**, **como**...), exclamativos (**que**, **como**, **canto**...), ou frases desiderativas:
  - *Quen **che** dixo esta barbaridade?*
  - *Cando **lle** daremos o regalo?*
  - *Canto **me** alegro por ti!*
  - *Deus **me** valla!*

- Hai casos nos que a posición do pronome é variable:

  – Diante de preposicións, o pronome pode ir despois da preposición ou despois do verbo:
  - *Os profesores temos o compromiso de **lles** axudar aos alumnos./Os profesores temos o compromiso de axudar**lles** aos alumnos.*

  – Nas perífrases verbais os pronomes poden colocarse despois do verbo principal, despois da conxunción ou preposición que forma parte da perífrase ou detrás do infinitivo:
  - *Tes**me** que facer un favor.*
  - *Tes que **me** facer un favor.*
  - *Tes que facer**me** un favor.*
  - *Estiven chamándo**te** toda a mañá.*
  - *Estíven**te** chamando toda a mañá.*

  – Nas perífrases de participio, o pronome só se coloca despois do verbo auxiliar (ou conxugado), agás nos casos de excepcións mencionados anteriormente:
  - *Téño**o** visitado alí algunhas veces.*
  - *Non **che** dou feito isto ata mañá.*

Cuantificadores

Cuantificadores + substantivos non contables

demasiado sal/**demasiada** comida
moito sal/**moita** comida
bastante sal/comida
un pouco de sal/comida*
pouco sal/**pouca** comida*
nada de sal/comida

* Con **un pouco (de)** enunciamos a existencia de algo; con **pouco** subliñamos a súa escaseza.
- *Queda café?*
- *Si, aínda hai **un pouco** na despensa.*
- *Queda **pouco** café. Temos que ir mercar máis.*

Cuantificadores + substantivos contables

demasiados coches/**demasiadas** horas
moitos coches/**moitas** horas
bastantes coches/horas
algún coche/**algunha** hora
algúns coches/**algunhas** horas
ningún coche/ **ningunha** hora
ningúns coches/**ningunhas** horas

- *Marta sempre leva **moitas** xoias.*
- *Necesitamos **algúns** libros novos.*
- *Non teño **ningún** DVD desta banda.*

Cuantificadores + adxectivo

demasiado alegre/alegres
moi alto/alta/altos/altas
bastante tímido/tímida/tímidos/tímidas
un pouco caro/cara/caros/caras
pouco atraente/atraentes
nada simpático/simpática/simpáticos/simpáticas

- *Esa casa é **demasiado** grande.*
- *Breixo é **moi** alto.*
- *A miña curmá é **bastante** tímida.*
- *Este chapeu é **un pouco** caro, non che parece?*
- *O home dela **non** é **nada** simpático.*

Verbo + cuantificadores

traballa	**demasiado**
traballa	**moito**
traballa	**bastante**
traballa	**un pouco**
traballa	**pouco**
non traballa	**nada**

- *Comes **demasiado**.*
- *Augusto fala **moito**.*
- *A miña filla **non** fai **nada**.*





RECORDA


– **Demasiado** úsase para expresar un exceso, polo que ten sempre un matiz negativo.
- *Esta casa é* ***demasiado*** *vella.*
- *Non me gusta ese rapaz: fala* ***demasiado****.*


– Utilizamos **un pouco** diante de adxectivos que expresan calidades negativas. Cos que expresan calidades positivas, podemos empregar **pouco**, co sentido de “non suficiente”.
- *Este dicionario é* ***un pouco*** *caro, non?*
- *Si, ademais é moi* ***pouco*** *práctico.*



debaixo do moble



sobre o moble
enriba do moble



detrás do moble


diante do moble


en fronte do moble


ao lado do moble


dentro do moble


fóra do moble

Preposicións e locucións preposicionais/adverbiais

Referencias espaciais

a: destino, distancia.	• *Imos* ***a*** *Rianxo.* • *Allariz está* ***a*** *dez quilómetros.*
ante: diante de	• *Atopámonos* **ante** *o Palacio Real.*
ata/até/deica: punto de chegada. (*deica* precisa o punto de partida = *de aquí/alí*).	• *Camiñamos* ***ata***/***até*** *a entrada da catedral.* • *Imos* ***deica*** *Santiago.*
baixo: posición inferior.	• *Coloca as botellas* ***baixo*** *a mesa.*
contra: contacto; dirección contraria.	• *Apoiouse* ***contra*** *a parede para evitar a caída.* • *Ía* ***contra*** *o vento.*
de: procedencia (**lonxe/preto de**)	• *Somos* ***de*** *Celanova.* • *Barrantes está* ***preto de*** *Vilanova de Arousa.*
dende/desde: punto de partida.	• *Veu andando* ***dende*** *o centro.*
en: localización, medio de transporte.	• *Ribadeo está* ***en*** *Lugo.* • *Iremos* ***en*** *tren.*
entre: localización no medio de dúas ou máis cousas.	• *Encontrei unha postal* ***entre*** *os meus libros.*
onda: proximidade; o mesmo lugar.	• *O salón de peiteados está* ***onda*** *a parada de autobús.* • *Foi* ***onda*** *as fillas e aínda non volveu.*
para: dirección.	• *Marchou* ***para*** *Suíza cando era moi novo.*
por: movemento dentro ou a través do espazo.	• *Gústame pasear* ***por*** *esta alameda.* • *O ladrón entrou* ***por*** *un burato no teito.*
sobre: localización nun espazo superior.	• *Estenda a masa* ***sobre*** *unha superficie fría.*
tras: detrás de, máis aló de.	• *A súa aldea está* ***tras*** *aquela montaña.*
xunta: ao lado de, preto de.	• *Deixei a carteira* ***xunta*** *o ordenador.*

Referencias tamporais

a + hora.	• *Levántome* ***ás*** *oito.*
ata + punto límite no tempo.	• *Espérote* ***ata*** *as cinco.*
antes/despois de	• *Sempre chamo a miña nai* ***antes*** *de deitarme.*
contra + hora imprecisa.	• *Din que chegan* ***contra*** *o mediodía.*
de + día/noite. **de** + inicio **a** + fin.	• *Prefiro descansar* ***de*** *día e estudar* ***de*** *noite.* • *Traballamos* ***das**** *9.00* ***ás*** *15.00 h.*
desde/dende + punto no tempo.	• *Non vexo a Xavier* ***dende*** *o inverno pasado.*
durante + tempo que dura ou no que transcorre algo.	• ***Durante*** *o curso académico case non vén por aquí.*
en + mes/estación/ano.	• *O aniversario dela é* ***en*** *xullo.*
entre + dous puntos de referencia temporal que determinan un intervalo.	• *Estarei na casa* ***entre*** *as dúas e as sete da tarde.*
para + tempo exacto ou aproximado; duración.	• ***Para*** *Nadal xa estaremos de volta.* • *Temos conversa* ***para*** *toda a tarde.*
por + parte do día.	• *Nunca traballo* ***pola**** *tarde.*
sobre + hora aproximada.	• *Chegou* ***sobre*** *as dúas da madrugada.*

Outros usos

A Modo: *filete **á** prancha, linguado **ao** forno, fun **a** cabalo.*
AGÁS/EXCEPTO/FÓRA/MENOS/SALVO Exclusión: *Todos xa tiñamos algunha noción do tema, **agás** esa parella.*
ANTE En presenza de: ***Ante** tantas dificultades decidiu regresar ao seu país.*
BAIXO Influencia ou dependencia: *Non lle fagas caso porque está **baixo** os efectos do alcohol.*
CANDA Coincidencia temporal e compaña: *Iremos **canda** os outros rapaces.*
CON Compaña: *Fun ao cine **con** Mauricio.* Acompañamento: *Polo **con** patacas.* Instrumento: *Cortei as fichas **con** aquelas tesoiras.* Compoñentes: *unha casa **con** moitos cuartos, unha cadeira **con** repousabrazos.* Modo: *Ábreo **con** coidado.*
CONTRA En oposición a: *Non faremos nada contra a súa vontade.*
DE Material: *un abrigo **de** la.* Xénero, especie: *un libro **de** xeografía, un álbum **de** fotos.* Pertenza ou posesión: *Esta é a casa **de** Adolfo.* Finalidade/utilidade: *máquina **de** escribir.* Causa: *Chorou **de** susto.* Modo: *Fíxoo **de** malas maneiras.*
ENTRE Cooperación: ***Entre** todos acabaremos todo antes do previsto.* Relación ou comparación: *Non atopo ningunha diferenza **entre** un e outro.*
PARA/POR Para + finalidade: *Necesito diñeiro **para** o alugamento deste mes.* Para + destinatario: *Este paquete é **para** o teu irmán.* Por + causa: *Viaxa moito **polo** seu traballo.*
SEGUNDO Concordancia, opinión: ***Segundo** as leis, isto é un delito.* Simultaneidade: ***Segundo** escoita a gravación, anota no caderno os puntos máis interesantes.*
SEN Ausencia: *Eu prefiro o café **sen** azucre.*
SOBRE Tema: *Estiven nunha mesa redonda **sobre** a situación dos minusválidos.* Valoración aproximada: *O cativo tería **sobre** catro anos.*

Indefinidos

- Son palabras que expresan conceptos como cantidade, intensidade, identidade, existencia ou distribución dun xeito vago e impreciso.
- Os indefinidos son invariables cando só teñen unha forma: **alguén**, **ninguén**, **algo**, **nada**, **cada**, **cadaquén**, **calquera**, **demais** etc.; e variables cando admiten flexión de xénero e/ou número: **todo**/**toda**/**todos**/**todas**; **outro**/**outra**/**outros**/**outras**; **certo**/**certa**/**certos**/**certas**; **un**/**unha**/**uns**/**unhas**; **algún**/**algunha**/**algúns**/**algunhas**; **ningún**/**ningunha**/**ningúns**/**ningunhas**; **pouco**/**pouca**/**poucos**/**poucas**; **demasiado**/**demasiada**/**demasiados**/**demasiadas**; **abondo**/**abonda**/**abondos**/**abondas**; **varios**/**varias**; **tal**/**tales**; **ambos**/**ambas** etc.
- Poden funcionar como pronomes, cando substitúen o substantivo, ou como adxectivos, cando o modifican.
  - *Se chama **alguén**, dígalle que volvo axiña.* (= pronome)
  - *Podes deixarme **calquera** libro de poesía?* (= adxectivo)

Contraccións

- O indefinido **un** (e as súas variantes), cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado: **dun**, **dunha**, **duns**, **dunhas**; **nun**, **nunha**, **nuns**, **nunhas**; **cun**, **cunha**, **cuns**, **cunhas**. Non obstante, no seu emprego pronominal, contrae con **de** e **en**, pero non coa preposición **con**.
  - *Cunhas reclamacións estamos de acordo, con outras non.* (= adxectivo)
  - *Cada fin de semana sae con unha, non quere volver namorarse.*(= pronome)
- Asemade, **ambos** contrae coa preposición **entre**, formando **entrambos** e **entrambas**.
- Os indefinidos **algún** e **outro** (e as súas variantes) contraen coas preposicións **de** e **en**, da seguinte maneira:

	algún	outro
de	dalgún, dalgunha dalgúns, dalgunhas	doutro, doutra doutros, doutras
en	nalgún, nalgunha nalgúns, nalgunhas	noutro, noutra noutros, noutras

Conectores e organizadores do discurso

Informar sobre causas e razóns

Porque + oración
- Foi vivir a Inglaterra **porque** a súa parella é de alí.

Por + substantivo/infinitivo
- Este director recibiu moitos premios **polas** súas obras.
- Nos meus tempos, castigábannos **por** non facer os deberes.

Como + oración
- **Como** ninguén me avisou, non souben que Carlos facía unha festa para celebrar o seu ascenso.

Debido a + substantivo/**Debido a que** + oración
- **Debido a** un error informático, as actividades nas oficinas de Facenda estiveron paralizadas durante dúas horas.
- As compañías telefónicas están baixando as súas tarifas, **debido a que** a competencia é cada vez maior.

A causa de/Por causa de/Por mor de + substantivo
- Moitos animais sufriron mutacións **a/por causa da** contaminación.
- **Por mor das** clases do fillo, non poden viaxar fóra do período de vacacións escolares.

- Se a causa presenta efectos positivos:

Grazas a substantivo/**Grazas a que** + oración
- A calidade de vida de moita xente pode verse mellorada **grazas á** práctica habitual dalgún deporte.
- Non quedaban entradas para o concerto, pero puidemos entrar **grazas a que** Ana coñecía o rapaz da portaría.

- Se a causa presenta efectos negativos:

Por culpa/mor de + substantivo/**Por culpa/mor de que** + oración
- As discográficas afirman que os seus beneficios diminuíron **por culpa/mor da** piratería.
- Chegamos moi tarde á reunión **por culpa/mor de** que había retencións na estrada.

Retomar causas coñecidas

- Cando unha causa é unha información coñecida polos interlocutores, adoitamos expresala antes da consecuencia cos conectores **como, ao + infinitivo, dado que, xa que, posto que**.

– **Como**
- O uso de como obriga normalmente a colocar a causa antes da consecuencia.
  - ***Como*** *aos nenos non lles gusta nada a praia, normalmente imos de vacacións á montaña.*



ATENCIÓN
Na lingua oral, é frecuente engadir a causa de algo con **como** despois dunha información. Neste caso, a entoación da oración causal queda en suspenso.
- *Ui! Non reservei cuarto para ti. Como non sabía que ías vir...*

Cando **como** introduce unha oración cun verbo en subxuntivo, esta ten un valor condicional (a miúdo cun matiz de ameaza).
- *Como me volvas levantar a voz, xúroche que marcho.*

– **Ao + infinitivo**
- Esta construción ten un valor similar ao das construcións con como.
Á miña irmá facíalle moita ilusión participar na carreira, pero, claro, ***ao poñerse*** *enferma, non puido ir. (= como se puxo enferma...)*

– **Xa que, posto que, dado que...**
- Estes tres conectores introducen exclusivamente causas que se presupoñen coñecidas polo interlocutor.
  - ***Xa que*** *non che caen ben, deberías rexeitar a invitación que nos fixeron, non?*
- Nun rexistro máis formal (prensa, informes etc.) é frecuente o emprego de **dado que** e **posto que**.
  - ***Dado que*** *parece difícil que as dúas partes cheguen a un acordo, o goberno decidiu actuar de mediador.*
  - ***Posto que*** *aínda hai moitas incógnitas sobre o caso, o tribunal aprazou o xuízo para intentar xuntar máis probas.*

Construcións enfáticas con valor causal/consecutivo

- Cando a causa se asocia á intensidade de algo, dispomos de varios recursos para expresala.

Tan + adxectivo + que
- A proposta era **tan** absurda **que** todo o comité a rexeitou de seguida.

Tanto/a/os/as + substantivo + que
- Cando xubilei, tiña **tanto** tempo libre **que** non sabía que facer.
- Preparei tantas xudías **que** seguro que sobra unha chea.
- Tiven **tantos** bos profesores na carreira **que** non podía dicirche cal era o mellor.
- Poñen **tantas** series na televisión **que** xa non sabes cal seguir.

Verbo + tanto + que
- Habitueime **tanto** a vivir só **que** non sei se podería compartir o meu espazo con outra persoa.

Con/de
- **Co caro que están os pisos,** é imposible mercalos ultimamente.
- **Co pouco inglés que falo**, non me van dar o traballo.
- **Con todo o que fixeches por ela**, non entendo como puido tratarte tan mal.
- **Con tanta calor**, o que máis me apetece é estar na praia.
- **Do rápido que pasou todo**, a verdade é que non me fixei na cara do ladrón.
- **Do frío que facía**, non podía mover os dedos.
- Tiña os ollos vermellos **de tanto chorar**.

A SUBORDINACIÓN

- Moitos enunciados constrúense relacionando dúas oracións, onde unha delas restrinxe, completa ou modifica o significado da outra, que xeralmente achega a información principal.

Oracións de relativo

Oracións especificativas

- As oracións de relativo permítennos conectar unha oración co substantivo ao que se refiren (antecedente), para evitar, deste xeito, a repetición de elementos xa mencionados. Cando unha oración deste tipo permite distinguir un ou varios elementos dentro dun conxunto, denomínase oración especificativa.

oración 1	*oración 2*
Algúns pescadores foron condecorados polas autoridades locais.	Algúns pescadores participaron no rescate do barco afundido.
oración de relativo Os pescadores **<u>que</u> participaron no rescate do barco afundido** foron condecorados polas autoridades locais.	



ATENCIÓN
Cando o substantivo ao que se refire a oración especificativa xa se presupón polo contexto, pode non aparecer.
- *Para o posto de comercial van contratar soamente* **os que** *falen, como mínimo, inglés, francés, alemán e italiano. (= as persoas que falen...)*
- **Quen** *xa traballou nun restaurante sabe perfectamente o duro que é. (= calquera persoa que traballou...)*

Oracións explicativas

- Son explicativas as oracións de relativo que só engaden unha información sobre o antecedente, sen ser necesaria para distinguilo. Na lingua escrita, van sempre entre comas e, na oral, márcanse con pequenas pausas.
  - *O museo,* ***que se encontra ente os máis importantes do mundo****, é o principal atractivo turístico da cidade.*
- Con este tipo de relativas engadimos unha información adicional que consideramos oportuno mencionar, pero que non constitúe a parte esencial da nosa mensaxe.
  - *O Celta,* ***que onte volvía xogar na primeira división****, derrotou de maneira clara o seu rival.*



ATENCIÓN
As oracións de relativo explicativas poden ter como antecedente unha oración.
- *Algúns dos manifestantes comezaron a provocar disturbios,* **o que** *obrigou a intervir a policía.*

Uso do indicativo/subxuntivo

- Nas oracións especificativas, cando nos referimos a algo coñecido ou que sabemos que existe, o verbo vai en indicativo.
  - *Queres ver o vestido* ***que merquei****?*
- Pero cando nos referimos a algo cuxa existencia ou identidade concreta descoñecemos, o verbo vai en subxuntivo.
  - *Necesitamos unha persoa* ***que fale ruso e chinés****.*
- As oracións de relativo explicativas necesitan, na maioría dos casos, un verbo en indicativo. O emprego do subxuntivo é moi pouco frecuente.

Correlación temporal nas oracións de relativo

- Cando o verbo da frase está no presente de indicativo, o tempo do verbo da oración relativa pode variar en función do que queremos dicir.

Presente de indicativo → verbo en indicativo (presente, pretérito, copretérito, antepretérito)
- **Estou lendo** un libro que **está** moi ben.*
- **Estou buscando** un libro que **deixei** onte nesta mesiña.*
- **Quero** o libro que **estaba** na mochila de Lúa.*
- **Procuro** o libro que me **regalaran** os compañeiros da empresa.*

* En todos os casos sei de que libro se trata.

Presente de indicativo → verbo en indicativo (pretérito) e subxuntivo (presente, imperfecto, futuro...)
- **Quero falar** coa persoa que **estea/estiver** ao mando.*
- **Necesito entrevistar** alguén que xa **estivo** en Bolivia. É para un traballo de clase.*
- Este xornalista **busca** alguén que **vivise** aquí a principios dos anos sesenta.*

* En ningún dos casos se coñece a identidade da persoa.

- Se o verbo da oración principal aparece en pasado, o da relativa vai, normalmente, en antepretérito de indicativo ou imperfecto de subxuntivo.

Verbo en pasado → verbo en antepretérito de indicativo ou imperfecto de subxuntivo
- **Intentei localizar** a familia que **vivira** antes nesa casa, pero foime imposible.
- **Busquei** alguén que me **axudase** coa mudanza, pero todos os meus amigos estaban ocupados.



ATENCIÓN
Se o expresado pola oración de relativo aínda segue vixente, o verbo aparecerá no tempo necesario: presente de indicativo/subxuntivo, condicional, futuro...
- ***Estiven buscando*** *alguén que me* ***poida*** *substituír, pero non o atopei.*

Verbo en condicional → verbo en presente/imperfecto de subxuntivo
- **Gustaríame encontrar** alguén que me **dea** o cariño que merezo. (= non coñezo a súa identidade, pero vexo posible o cumprimento da situación)
- **Gustaríame encontrar** alguén que me **mimase** moito. (= vexo pouco probable ou imposible que suceda)

- Se o verbo da oración principal está en futuro de indicativo, o da relativa vai en presente ou futuro de subxuntivo.

Verbo en futuro → verbo en presente/futuro de subxuntivo
- **Serán premiados** todos os espectadores que **chamen/chamaren** ao número indicado.
- O director da empresa **recibirá** persoalmente os traballadores que **queiran/quixeren** aclarar a súa situación.



ATENCIÓN
En todos os casos anteriores, o verbo da oración relativa pode ir en infinitivo se o seu suxeito coincide co da oración principal ou o inclúe.
- *Necesito algo co que* ***axeitar*** *a billa.*
- *Necesitaba un amigo con quen* ***falar****.*
- *Gustaríame atopar alguén con quen* ***compartir*** *uns bos intres.*

Partículas relativas

- As oracións relativas poden referirse a substantivos que cumpren diferentes funcións na oración. Por iso, moitas veces, as partículas relativas necesitan preposicións ou outros elementos para indicar a dita función. Cando isto ocorre, os artigos **o/a/os/as** colócanse entre a preposición e o relativo.

Que

- O petróleo, **que** xa **se estendeu** por boa parte da costa, ameaza a supervivencia de numerosas especies mariñas. (**que** = suxeito)
- Necesito o desaparafusador **que che emprestei** onte. (**que** = obxecto directo)
- Lembras da casa **na que viviamos** cando eramos nenos? (**que** = complemento circunstancial de lugar)

- Recorda que o artigo concorda en xénero e número co substantivo ao que se refire.

*O **edificio** n**o** que...*
*A **casa** n**a** que...*
*Os **edificios** n**os** que...*
*As **casas** n**as** que...*

- Moitas veces, omítese o artigo coas preposicións **a**, **con**, **de** e **en**.
  - *Mira, este é o libro **a(ao) que me refería**.*
  - *Este é Xan, un dos rapaces **con (cos) que traballo**.*
  - *Recordas o lugar **de(do)que che falei o outro día**?*
  - *Gustaríame volver algún día á vila **en(na) que me criei**.*

O cal/a cal/os cales/as cales

- Nun rexistro máis culto, é frecuente o uso de **o cal**, **a cal**, **os cales e as cales**.
  - *O material **co cal** foron construídas as estatuas da praza Maior é irrompible.*
  - *A terraza do edificio, **dende a cal se pode contemplar toda a cidade,** é un dos seus maiores atractivos.*
  - *Os motivos **polos cales marcho** non son profesionais.*
  - ***As construcións prehispánicas, as cales visitaremos esta tarde**, teñen sona mundial.*



ATENCIÓN
O cal/a cal/os cales/as cales nunca aparecen nunha oración de relativo especificativa sen preposición. Neste caso, débese empregar **que**.
- *Coñeces alguén **que dea** clases de piano? É que me gustaría aprender a tocar.*

Quen

- Este relativo tamén aparece normalmente en rexistros cultos e só pode ter un antecedente humano en singular.
  - *O presidente, quen decide en caso de empate, votou en contra da proposta.*
  - *Esta é a escritora sobre **quen** fixen unha biografía comentada.*
- Cando o antecedente está en plural, recoméndase o emprego de **que** ou **os/as cales**.
  - *Estas son as compañeiras de traballo **das que**/**cales** che falara o outro día.*
- Nas oracións especificativas, **quen** sempre vai precedido de preposición, pero sen artigo.
  - *O rapaz **a quen** detivo onte a policía xa quedou en liberdade.*
- Cando funciona como suxeito, vai sempre sen preposición
  - ***Quen** non estiver de acordo coas normas establecidas pode marchar.*



RECORDA
A pesar de ser unha partícula invariable, **quen** admite formas verbais en plural, pero só co verbo **ser**, nalgunhas interrogativas.
- *Quen **sodes** vós para dicirme isto?*
- *Quen **eran** estes que preguntaban por ti?*

É tamén moi frecuente na lingua o emprego da expresión **ser quen de**, co valor de **ser capaz de**:
- *Pois aquí están os paquetes que deixaron. A ver se **es quen de** levalos só.*

Cuxo/cuxa/cuxos/cuxas

- Empregamos estas formas de relativo como substitutas da combinación **de** + substantivo (con carácter posesivo ou de pertenza), principalmente no rexistro culto.

oración 1	*oración 2*
O concurso será en xuño.	A convocatoria do concurso xa foi publicada.
oración de relativo	
O concurso, **cuxa** convocatoria xa foi publicada, será en xuño.	



ATENCIÓN
Cuxo/a/os/as concordan en xénero e número co substantivo que acompañan, non co antecedente.

As persoas **cuxo emprego**... / **cuxa vivenda**... / **cuxos ingresos**... / **cuxas ocupacións**...

Onde

- Serve para expresar localización no espazo e pode ter un antecedente explícito ou non.
  - *Por que non volvemos á vila **onde** estivemos o ano pasado? A min encantoume.*
  - *Vaias **onde** vaias, eu seguireite.*
- Pode ir precedido de preposicións, pero non de artigos.
  - *Ninguén sabe o lugar **de onde** provén unha rocha encontrada en México.*
- Cando o antecedente de onde é un substantivo, pode ser substituído por **no/na/nos/nas + que** ou por **no/na/nos/nas + cal/cales**.

- *Esta é a casa **onde** / **na que** / **na cal** naceu Picasso.*

Oracións subordinadas substantivas

- Existe un grupo de oracións subordinadas nas que o suxeito do verbo principal expresa algún tipo de influencia sobre o suxeito da frase subordinada: emítese un xuízo, exprésase un sentimento ou unha orde, manifféstase un desexo ou unha prohibición etc. Nestes casos, o verbo da oración subordinada vai en subxuntivo.
  - *O meu pai **quere que estude** (eu) Medicina.*
  - ***Prohíboche** (eu) **que sigas vendo** (ti) ese rapaz.*
  - *A algunhas persoas **moléstalles que teñamos** (nós) éxito.*
  - *Ao ministro **non lle importou que** miles de familias **perdesen** a súa única fonte de ingresos.*
- Pero cando o suxeito de ambas as accións é o mesmo, empregamos o infinitivo.
  - ***Quero** (eu) **estudar** (eu) Filosofía.*
  - *A moitos homes **moléstalles** (a eles) **ter**(eles) que **ocuparse** (eles) das tarefas domésticas.*
  - *Non **me importa perder** (eu) este posto de traballo, **prefiro** (eu) **durmir** (eu) tranquilo.*
- Cando na oración principal se emite un xuízo ou unha valoración impersoal sobre unha acción que realiza un suxeito determinado, o verbo da subordinada tamén vai en subxuntivo.
  - ***É normal que esteades** un pouco nerviosos.*
  - ***É lóxico que** a xente **espere** un cambio positivo.*
  - ***É probable que volvan** gañar as eleccións.*
  - ***Non parecía posible que** a xente **aceptase** semellantes medidas.*
- Pero cando na oración principal se emite un xuízo válido para calquera individuo, o segundo verbo vai en infinitivo.
  - ***É normal non querer** quedar sen traballo. (= é normal para todo o mundo)*
  - ***É triste ter que emigrar** por razóns económicas. (= é triste para todo o mundo)*
- Cando na oración principal afirmamos que un feito é verdade, na oración subordinada utilizamos o indicativo.
  - ***Creo que** os animais **teñen** sentimentos.*
  - ***Din que** algo **vai** cambiar.*
  - ***Estou convencido de que aprobará** o exame.*
  - *Perdoa, **pensaba que eras** outra persoa.*
- En cambio, cando na oración principal negamos ou cuestionamos a veracidade do expresado, na oración subordinada empregamos o subxuntivo.
  - ***Non creo que** Xavier **queira** vir connosco.*
  - ***Dubido que aprobe** o exame.*
  - ***Non vexo que esteas** preparado para ocupar ese cargo.*
  - *Eu **non dixen que** a situación **fose** cambiar.*

Expresar condicións e consecuencias

- En galego, para falar dunha condición cuxo cumprimento é posible ou probable, empregamos o presente de indicativo e o futuro de subxuntivo. Para falar das consecuencias deste tipo de condición, podemos usar o presente e o futuro de indicativo e tamén o imperativo.

1) Se te **ergues** cedo,
2) Se te **ergueres** cedo,
3) Se **fas** o que che digo,
4) Se **fixeres** o que che digo,
5) Se **pasas/pasares** pola botica,

1) **aproveitas/aproveitarás** mellor o día.
2) **aproveitarás** mellor o día.
3) **consegues/conseguirás** o ascenso na empresa.
4) **conseguirás** o ascenso na empresa.
5) **merca** o xarope do neno.

- Para falar dunha condición cuxo cumprimento é imposible ou consideramos pouco probable, emprégase o pretérito imperfecto do subxuntivo. Para falar das consecuencias desa condición, úsase o pospretérito ou o condicional.

1) Se **tivese** máis tempo,
2) Se me **desen** un aumento de soldo,

1) **iría** ao ximnasio todos os días.
2) **pediría** a hipoteca do piso.

- Ademais de **se**, o nexo máis frecuente para introducir a oración condicional, hai outros nexos que tamén o poden facer, como, por exemplo: **a menos que**, **a non ser que**, **a condición de que**, **con tal que**, **con tal de que**, **(no) caso de que**, **salvo que**, **salvo se**, **sempre que**.
  - ***No caso de que** non consiga un traballo nas próximas semanas, terei que regresar á aldea.*
- A condición tamén se pode expresar co verbo en infinitivo, introducido por **de**, **caso de** ou **con**. Neste caso, a consecuencia pode aludirse en presente ou futuro de indicativo, imperativo e pospretérito.

1) **Caso de faceren** a festa o mércores,
2) **Con saírmos** de casa ás nove e media,
3) **De chegares** antes ca min,
4) **De casarmos** daquela,

1) non **poderemos** ir.
2) **chegamos** a tempo para o comezo da peza.
3) **comeza** a facer o xantar.
4) agora **seriamos** unha parella feliz.

Oracións concesivas

- As oracións concesivas serven para expresar unha dificultade, oposición ou contraste que non impide o cumprimento do que se di na oración principal. **Aínda que** é o conector máis frecuente para introducir este tipo de oracións, pero tamén o fan outros como **malia que**, **a pesar de (que)** e **mesmo que**.
  - ***Aínda que** o coche lles funcione fatal, non pensan cambialo.*
  - ***A pesar de que** teñen moito traballo, van encargarse do noso caso.*
  - ***Malia que** fixese moitos cartos en América, non ten nada de seu.*
- **A pesar de** emprégase cando o suxeito é o mesmo nas dúas oracións. Neste caso, o verbo da oración concesiva vai en infinitivo.
  - ***A pesar de non ter** (eu) un traballo estable, nunca tiven(eu) problemas económicos.*

- En canto ao modo verbal deste tipo de oración, temos o seguinte esquema:
  – Para introducir feitos cos que queremos informar o noso interlocutor, o verbo vai en indicativo.
    - *Merquei unha casa preciosa, **aínda que está** un pouco lonxe do centro.*
    - ***Malia que** lle **dixen** que era un segredo, contouno a todo o mundo.*
    - *Non puiden falar con Xaime, **a pesar de que** o **chamei** varias veces.*
  – Se consideramos moi probable o cumprimento futuro dun feito, normalmente empregamos o futuro ou **ir** + infinitivo.
    - ***Aínda que** mañá **estarei/vou estar** esgotada, hoxe vou traballar ata bastante máis tarde.*
  – Cando queremos presentar feitos que non sabemos se se cumprirán ou se cumpriron, empregamos, respectivamente, o presente e o imperfecto de subxuntivo.
    - ***Aínda que** mañá **vaia** frío, iremos de excursión.*
    - ***Aínda que dixese** a verdade, non parecía nada sincero.*
  – Para falar de feitos que consideramos moi pouco probables no futuro ou no presente, empregamos o imperfecto de subxuntivo.
    - ***Aínda que** Eva se **opuxese**, aprobariamos o novo orzamento.*
    - ***Aínda que tivese** moitos cartos, non mercaría un coche*

Oracións causais

- As oracións causais enuncian a causa do que se di na oración principal. O conector que máis frecuentemente as introduce é **porque**, seguido doutros como **xa que**, **posto que**, **unha vez que**, **visto que**, **por mor de (que)**, **a causa de (que)**, **por culpa de (que)**, **debido a (que)**, **pois**, **que** e **como**.
  - *Mercamos a tele pequena **porque** a grande pareceunos moi cara.*
  - ***Como** non están os nenos, imos saír cear fóra.*

- Tamén podes atopar máis información sobre este tipo de oracións consultando o ítem "Informar sobre causas e razóns", na sección Conectores e organizadores do discurso.

Oracións finais

- As oracións finais explican a finalidade da acción da oración principal. O conector máis utilizado é **para (que),** pero hai outros posibles, como **a que**, **co gallo de**, **co fin de (que)**, **co propósito de (que)**, **co obxecto de (que)**, **con tal de (que)**...
  - *Vounos chamar **para que** me digan o resultado.*
  - *Atrasamos o comezo do evento **co propósito de que** todos estivesen na apertura.*

Oracións consecutivas

- As oracións consecutivas expresan o resultado ou a consecuencia dos feitos narrados na oración principal. Os conectores máis frecuentes para introducilas son: **así que**, **logo**, **polo tanto**, **por conseguinte**, **en consecuencia**, **de modo/maneira que**, **de aí que**, **que** (xeralmente combinado con **tanto(s)/tanta(s)** ou **tal/tales**).
  - *Só sairemos despois do xantar, **así que** non chegamos antes das seis.*
  - *Padeceu dunha enfermidade moi grave, **de aí que** agora leva unha vida moi sa.*

Oracións modais

- As oracións modais serven para establecer o modo como se realiza a acción expresada na oración principal. O conector máis característico para introducilas é **como**, pero tamén se empregan outros conectores: **así como**, **tal como**, **ben como**, **como se**, **sen que**, **conforme**, **segundo**, **consoante** e **tal cal**.
  - *Atendeunos **como se** xa nos coñecese.*
  - *Seguín as instrucións **conforme** viñan no manual.*
- A oración modal tamén pode presentarse sen ningún conector. Neste caso, leva o verbo en xerundio.
  - *Non resolvemos nada **escondéndolle** a verdade.*

Discurso referido

- O discurso referido, tamén chamado estilo indirecto, é a transmisión, polo xeral nun novo contexto espacial e temporal, das palabras ditas por outros ou por nós mesmos.
  - *Teño moito sono.*
  - ○ *Perdoa, que dixeches?*
  - ***Que teño moito sono.***

  - *Chámame o xoves pola mañá.*
  - ➔ ***Díxome que o chame o xoves pola mañá.***
- Se o que referimos indirectamente é unha pregunta introducida por unha partícula interrogativa, esta volve aparecer no discurso referido.
  - *Onde mercaches este colete?*
  - ➔ ***Preguntoume onde** mercara o colete.*
- Pero cando se trata dunha pregunta de resposta pechada (si/non), introducímola con **se** no estilo indirecto.
  - *Tes o enderezo de Eulalia?*
  - ➔ ***Preguntoume se** tiña o enderezo de Eulalia.*
- As accións que se expresan en presente en estilo directo, transmítense, en moitas ocasións, en copretérito.

luns ás 14 h Alba: Agora estou xantando.	o día seguinte ás 10 h **Alba díxome que estaba comendo naquel momento.** (= xa non está comendo)
luns ás 14 h Ramón: Estudo chinés.	o día seguinte ás 10 h **Ramón díxome que estuda chinés.** (= aínda estuda chinés)

- Cando referimos accións que se expresan en pretérito, empregamos o antepretérito.
  - *Preparei o material para a reunión.*
  - ➔ ***Díxome que preparara** o material para a reunión.*
- Nos relatos de feitos pasados, as peticións, ordes, instrucións, invitacións etc., adoitan referirse en imperfecto de subxuntivo.
  - *Dádeme outra oportunidade.*
  - ➔ ***Pediunos que lle désemos** outra oportunidade.*
  - *Deixen espazo para os novos estantes.*
  - ➔ ***Ordenounos que deixásemos** espazo para os novos estantes.*
- Cando transmitimos o dito por alguén, non sempre repetimos exactamente as súas mesmas palabras, senón que comunicamos o esencial da mensaxe, a intención.

Enunciado orixinal	**Discurso referido**
• Tráesme a correspondencia? • Podes traerme a correspondencia? • Tráeme a correspondencia, por favor. • Necesito que me traias a correspondencia. • Importaríache traerme a correspondencia?	• Pediume **que** lle **levase** a correspondencia.

- Aínda que o verbo máis frecuente para introducir o discurso referido sexa **dicir**, dispoñemos de moitos outros para facelo.

aclarar	afirmar	asegurar
comentar	contar	declarar
destacar	explicar	expoñer
expresar	insistir	convidar
manifestar	negar	ordenar
pedir	precisar	preguntar
propoñer	rexeitar	recomendar
lembrar	repetir	suxerir

- *O presidente **asegurou** que o goberno intentaría darlle unha solución ao problema dos artilleiros.*
- *Os representantes sindicais **manifestaron** abertamente o seu desacordo coas medidas adoptadas polo goberno.*

- Ademais da forma e modo verbais, no discurso referido numerosos elementos deben cambiar cando o contexto espazo-temporal é diferente ao do momento no que se dixo o texto orixinal.
  - ***Ven** sobre as oito e media.*
  - ➔ *Díxome que **fose** sobre as oito e media.*
  - ***Trae** un pouco de pan. **Eu** porei o demais.*
  - ➔ *Díxome que **levase** un pouco de pan, que **ela** poría o demais.*
  - *Gústa**che** vivir **aquí**?*
  - ➔ *Preguntou**lle** se lle gustaba vivir **alí**.*

Expresión da conxetura

- Existen varios recursos para facer suposicións.

– **supoñer que** + indicativo
– **quizais/tal vez** + indicativo/subxuntivo
– **ao mellor/igual** + indicativo
– **é probable que/é posible que/pode (ser) que** + subxuntivo
– **o máis seguro/o máis posible é que** + subxuntivo
– **seguramente/probablemente/posiblemente** + indicativo
– **seguro que/estou seguro de que** + indicativo

- Tamén podemos empregar o futuro de indicativo para facer suposicións sobre o presente.
  - • *Sabes onde está Paula? Non a vin en todo o día.*
  - ○ *Estará traballando, como sempre. (= supoño que está traballando.)*
- Do mesmo xeito, utilizamos o condicional para facer suposicións sobre o pasado.
  - • *O outro día non vin a Mario no partido.*
  - ○ *Ah, non? Pois estaría enfermo, porque non adoita perder ningún.*
- A correspondencia entre os tempos verbais é a seguinte:

O que sei	**O que supoño**
Presente	Futuro de indicativo
Pretérito	Condicional
Copretérito	Condcional



ATENCIÓN
Coa forma interrogativa convidamos o noso interlocutor a especular.
- Que lle **pasará** a Amanda?
- Onde **aprendería** Carlos a bailar tan ben?

O VERBO

Formas nominais

- Os verbos teñen tres formas nominais, tamén chamadas non persoais, porque son formas que non se conxugan: o infinitivo, o participio e o xerundio. Estas formas combínanse con outros verbos conxugados para formar as perífrases verbais. Por si soas, teñen as máis diversas funcións.

Infinitivo

- Funciona como substantivo e, polo tanto, pode ser suxeito ou complemento directo dunha oración.
  - ***Fumar** é malo para a saúde.*
  - *Odio **estudar** pola noite.*
- Tamén nestes casos, pode ter complementos propios do verbo.
  - ***Estudar idiomas** é moi necesario hoxe en día. (CD)*
  - *É fundamental **explicarlles claramente as cousas aos nenos**. (Complemento de modo, CD e CI)*

Participio

- Funciona como adxectivo e concorda en xénero e número co substantivo ao que se refire. Cando queremos presentar este adxectivo como o resultado dunha acción, empregámolo co verbo **estar**.
  - *A impresora **está quebrada**. (= alguén a quebrou)*
  - *Por que **están** todas as ventás **abertas**? (=alguén as abriu)*
- Nun discurso formal, é frecuente o uso do participio para substituír toda unha construción verbal pasiva.

(Foron) **Detidas** seis persoas por un delito de piratería.
O vehículo, (que foi) **roubado** hai uns meses en Vilalba, fora utilizado polos ladróns noutros delitos.
A obra, (que foi) **composta** a principios do século XX, reflicte uns valores que aínda seguen vixentes.
Estes xardíns, (que son) **coñecidos** como "o viveiro", foron unha encomenda dunha das familias máis podentes da cidade.
As ventás, (que están) **orientadas** cara ao leste e ao oeste, permiten a entrada de luz durante todo o día.

Xerundio

- Expresa o modo en que alguén fai algo ou a simultaneidade de dúas accións.
  - *Marchou **chorando**.*
  - *Adoito traballar **oíndo** música.*
- Nesta función de adverbio, o xerundio tamén admite complementos.

- *Entrou **falando moi alto** para chamar a atención dos asistentes.*



ATENCIÓN
O xerundio non se emprega na forma negativa. Nestes casos, úsase sempre **sen + infinitivo.**
- *Fíxoo **sen querer**.*

O infinitivo conxugado

- Tamén denominado infinitivo persoal ou flexionado, esta forma verbal representa unha das principais peculiaridades da lingua galega. Fórmase engadíndolle ao infinitivo impersoal as seguintes desinencias.

ANDAR	BEBER	PARTIR
andar	beber	partir
andar**es**	beber**es**	partir**es**
andar	beber	partir
andar**mos**	beber**mos**	partir**mos**
andar**des**	beber**des**	partir**des**
andar**en**	beber**en**	partir**en**

- A pesar de non ter un emprego obrigatorio, recoméndase o seu uso principalmente nos seguintes casos:
  – Cando a forma de infinitivo ten un suxeito distinto ao do verbo principal:
  - *De **aceptaren** (eles) as nosas condicións, asinaremos (nós) o contrato cando queiran.*

  – Cando, tendo o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, a oración de infinitivo vai anteposta:
  - *Para **facermos** (nós) máis rapidamente este traballo, necesitamos (nós) unhas ferramentas máis axeitadas.*

  – Cando, coa oración de infinitivo posposta e tendo o verbo principal e o infinitivo o mesmo suxeito, o infinitivo vai distanciado do verbo principal:
  - *Temos que ler moi ben as instrucións que acompañan estes mobles, para **podermos** montalos.*

  – Cando o infinitivo indica a indeterminación do suxeito. Neste caso vai na terceira persoa do plural.
  - *A pesar de todo, o xuíz non permitiu **entrevistaren** os acusados.*



ATENCIÓN
Na maioría dos casos, o infinitivo conxugado aparece despois dunha preposición, pero tamén pode encontrarse fóra dese contexto.
- *Convén **esclarecermos** todas as dúbidas antes de asinarmos o contrato.*
- *Lamentas non **conseguires** un traballo, pero tampouco te empeñas tanto en buscalo.*
- *Cómpre **recordardes** o amable que sempre foron convosco.*

TEMPOS DO MODO INDICATIVO

Presente

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	and**o**	beb**o**	viv**o**
(ti)	and**as**	beb**es**	viv**es**
(el/ela/vostede)	and**a**	beb**e**	viv**e**
(nós)	and**amos**	beb**emos**	viv**imos**
(vós)	and**ades**	beb**edes**	viv**ides**
(eles/elas/vostedes)	and**an**	beb**en**	viv**en**

Empregamos o presente de indicativo para:

– facer afirmacións atemporais: *A auga **é** H_2O.*
– falar de feitos habituais: ***Vexo** os meus pais todas as fins de semana.*
– falar do presente cronolóxico: ***Vai** moito frío hoxe, verdade?*
– pedir cousas e accións en preguntas: ***Déixasme** cinco euros?*
– falar de accións futuras relacionadas con intencións firmes: *Esta noite **chámote** e **dígoche** algo.*
– relatar en presente histórico: *Logo da invasión napoleónica, as colonias de ultramar **independízanse**.*
– dar instrucións: *Primeiro **refogas** a cebola, logo **botas** a carne e o viño branco.*

Copretérito

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	and**aba**	beb**ía**	viv**ía**
(ti)	and**abas**	beb**ías**	viv**ías**
(el/ela/vostede)	and**aba**	beb**ía**	viv**ía**
(nós)	and**abamos**	beb**iamos**	viv**iamos**
(vós)	and**abades**	beb**iades**	viv**iades**
(eles/elas/vostedes)	and**aban**	beb**ían**	viv**ían**



ATENCIÓN
Na primeira e na segunda persoas do plural, prodúcese un cambio de sílaba tónica.

- Algúns verbos presentan formas irregulares no copretérito:

	SER	PÓR	TER	VIR
(eu)	**era**	**puña**	**tiña**	**viña**
(ti)	**eras**	**puñas**	**tiñas**	**viñas**
(el/ela/vostede)	**era**	**puña**	**tiña**	**viña**
(nós)	**eramos**	**puñamos**	**tiñamos**	**viñamos**
(vós)	**erades**	**puñades**	**tiñades**	**viñades**
(eles/elas/vostedes)	**eran**	**puñan**	**tiñan**	**viñan**



ATENCIÓN
Os verbos derivados dos anteriores tamén presentan as mesmas irregularidades: *repor, compor, supor, recompor, sobrepor, antepor, ater, reter, conter, previr, intervir, sobrevir* etc.

- Os principais usos do copretérito son:
  – describir calidades en pasado.
  - *Antes, miña nai **levaba** o pelo moito máis longo.*

  – presentar accións habituais nunha etapa do pasado.
  - *De neno, **agachábame** cando viña algunha visita.*

  – describir a situación en torno a uns acontecementos que relatamos (normalmente en pretérito). Adoitamos escribir cousas como a data, a hora, o lugar, o estado ou o aspecto das persoas etc.
  - ***Estaba** mirando pola ventá cando vin pasar o meu irmán. **Levaba** unha roupa un pouco rara...*
  - *Esta mañá **apetecíanme** tanto uns churros que fun almorzar ao bar de abaixo.*
- Tamén empregamos o copretérito para referirnos a accións que se interrompen ou se modifican durante o seu inicio ou o seu desenvolvemento.
  - ***Ía** á casa de Iolanda, pero topeime cun amigo e fomos tomar algo.(= non fun á casa de Iolanda)*
- Noutros casos, mediante verbos como **pensar**, **querer** ou **ir**, o copretérito serve para expresar a nosa intención de levar a cabo unha acción que finalmente non chega a ter lugar.
  - ***Pensaba** quedar na biblioteca, pero ao final marchei.*
  - ***Ía** pasar as vacacións cuns amigos, pero enfadámonos e ao final decidín ir de viaxe só.*
  - *A semana pasada **queriamos** pintar toda a casa, pero chegaron uns amigos por sorpresa e, claro, non puidemos.*

Pretérito

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	and**ei**	beb**ín**	viv**ín**
(ti)	and**aches**	beb**iches**	viv**iches**
(el/ela/vostede)	and**ou**	beb**eu**	viv**iu**
(nós)	and**amos**	beb**emos**	viv**imos**
(vós)	and**astes**	beb**estes**	viv**istes**
(eles/elas/vostedes)	and**aron**	beb**eron**	viv**iron**

- O pretérito emprégase para relatar accións pasadas, relacionadas ou non co presente.
  - *Esta semana **coñecín** moita xente interesante.*
  - *O mes pasado **descubrín** un restaurante xenial.*

Verbos con terminacións irregulares

- Os seguintes verbos presentan irregularidades propias na raíz e teñen unhas terminacións especiais no pretérito, independentemente da conxugación á que pertenzan.

estar	**estiv-**	
dicir	**dix-**	**-en**
facer	**fix-**	**-eches**
ter	**tiv-**	**-o**
poder	**puid-**	**-emos**
poñer	**pux-**	**-estes**
querer	**quix-**	**-eron**
traer	**troux-**	
saber	**soub-**	



ATENCIÓN
Na primeira e na terceira persoas do singular dos verbos regulares, a última sílaba é tónica; nos irregulares, en cambio, a sílaba tónica é a penúltima.

- Os verbos **ir** e **ser** teñen a mesma forma no pretérito: **fun**, **fuches**, **foi**, **fomos**, **fostes**, **foron**.

Antepretérito

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	and**ara**	beb**era**	viv**ira**
(ti)	and**aras**	beb**eras**	viv**iras**
(el/ela/vostede)	and**ara**	com**era**	viv**ira**
(nós)	and**aramos**	beb**eramos**	viv**iramos**
(vós)	and**arades**	beb**erades**	viv**irades**
(eles/elas/vostedes)	and**aran**	beb**eran**	viv**iran**

Algúns verbos irregulares

DICIR	ESTAR	FACER	IR/SER	TER
dixera	**estivera**	**fixera**	**fora**	**tivera**
dixeras	**estiveras**	**fixeras**	**foras**	**tiveras**
dixera	**estivera**	**fixera**	**fora**	**tivera**
dixeramos	**estiveramos**	**fixeramos**	**foramos**	**tiveramos**
dixerades	**estiverades**	**fixerades**	**forades**	**tiverades**
dixeran	**estiveran**	**fixeran**	**foran**	**tiveras**

- Empregamos este tempo para marcar que unha acción pasada é anterior a outra acción tamén pasada, xa mencionada.
  - *Cando Alfredo chegou ao hospital, a súa muller xa **dera** a luz.* (= a segunda acción é anterior á primeira: Alfredo non estaba cando naceu o bebé)

Alternancia dos tempos do pasado no relato

- Nun relato podemos utilizar varios tempos do pasado. Facemos avanzar a historia con cada novo feito que presentamos en pretérito.
  - *Aquel día Xan non **oíu** o espertador e **espertou** media hora tarde. **Saíu** da casa sen almorzar e **colleu** un taxi. Por sorte, **conseguiu** chegar a tempo ao aeroporto.*
- En cada feito podemos "deter a acción" e "mirar" as circunstancias que a rodean. Para isto, usamos o copretérito.
  - *Aquel día Xan **estaba** moi canso e non oíu o espertador, así que espertou media hora tarde. Como non **tiña** tempo, saíu de casa sen almorzar e colleu un taxi. Por sorte, non **había** moito tráfico e conseguiu chegar ao aeroporto a tempo.*
- A elección que facemos entre pretérito e copretérito non depende da duración das accións, senón da maneira na que queremos presentalas e da súa función no relato.
  - *Onte, como **estaba chovendo**, non **saín**. (Non interesa o fin da chuvia: presentámola como unha circunstancia de "non saír")*
  - *Onte **estivo chovendo** todo o día e non **saín**. (Informo da duración da chuvia e do feito de "non saír")*
- Co antepretérito marcamos que unha acción é anterior a outra xa mencionada. De novo, o relato non avanza: damos un salto atrás, en xeral para explicar algunha circunstancia pasada.

- *Aquel día Xan estaba moi canso porque **estivera estudando** ata a madrugada e non oíu o espertador, así que espertou media hora tarde...*

Futuro

- O futuro fórmase engadíndolle ao infinitivo as terminacións -**ei**, -**ás**, -**á**, -**emos**, -**edes** e -**án**.

	ANDAR	**BEBER**	**VIVIR**
(eu)	andar**ei**	beber**ei**	vivir**ei**
(ti)	andar**ás**	beber**ás**	vivir**ás**
(el/ela/vostede)	andar**á**	beber**á**	vivir**á**
(nós)	andar**emos**	beber**emos**	vivir**emos**
(vós)	andar**edes**	beber**edes**	vivir**edes**
(eles/elas/vostedes)	andar**án**	beber**án**	vivir**án**

- Hai moi poucos verbos irregulares. Estes presentan un cambio na raíz, pero teñen as mesmas terminacións cós verbos regulares.

DICIR	**FACER**
dir**ei**	far**ei**
dir**ás**	far**ás**
dir**á**	far**á**
dir**emos**	far**emos**
dir**edes**	far**edes**
dir**án**	far**án**

ATENCIÓN
Todos os verbos compostos dos anteriores tamén teñen formas irregulares de futuro: *desfacer, predicir, refacer...*

- Empregamos o futuro para referirnos ao futuro cronolóxico dunha maneira neutra. Utilizámolo para facer predicións ou para expresar que algo ocorrerá inexorablemente.
  - *Mañá **fará** sol en todo o país.*
  - *As cartas din que **terás** moitos fillos.*
  - *O sol **sairá** mañá ás 6.42 h.*

- Tamén usamos este tempo para formular hipóteses sobre o futuro ou o presente, algunhas veces acompañado por marcadores como **seguramente**, **probablemente**, **posiblemente** etc.
  - *Non sei onde deixei as chaves do coche.*
  - ○ *Pois **estarán** sobre o moble da entrada, coma sempre.*

  - *Que vas facer esta noite?*
  - ○ *Pois seguramente **quedarei** na casa. E ti?*
  - *Eu creo que **sairei** tomar algo por aí.*

ATENCIÓN
Para falar de plans, intencións e accións futuras emprégase máis frecuentemente o presente de indicativo ou a perífrase **ir** + infinitivo.
- *Mañá **temos** a comida na casa. **Axúdasme**?*
- ○ *Pois non **podo**. **Vou falar** co propietario do piso ás 12 h e non sei a que hora **volvo.***

Pospretérito

- Obtense o pospretérito engadíndolle ao infinitivo as terminacións -**ía**, -**ías**, -**ía**, -**iamos**, -**iades** e **ían**.

	ANDAR	**BEBER**	**VIVIR**
(eu)	andar**ía**	beber**ía**	vivir**ía**
(ti)	andar**ías**	beber**ías**	vivir**ías**
(el/ela/vostede)	andar**ía**	beber**ía**	vivir**ía**
(nós)	andar**iamos**	beber**iamos**	vivir**iamos**
(vós)	andar**iades**	beber**iades**	vivir**iades**
(eles/elas/vostedes)	andar**ían**	beber**ían**	vivir**ían**

- Son irregulares os mesmos verbos que en futuro, tamén cunha irregularidade que afecta á raíz.

DICIR	**FACER**
dir**ía**	far**ía**
dir**ías**	far**ías**
dir**ía**	far**ía**
dir**iamos**	far**iamos**
dir**iades**	far**iades**
dir**ían**	far**ían**

- Usamos o pospretérito para expresar desexos difíciles ou imposibles de realizar.
  - *Que sono! **Iría** durmir agora mesmo se puidese.*
- Para aconsellar:
  - ***Deberías** empezar a estudar. Falta moi pouco para os exames.*
- Para pedir cortesmente que alguén faga algo.
  - ***Importaríache** axudarme cos deberes?*
  - ***Poderías** suxeitar isto un momento, por favor?*
- Para evocar situacións imaxinarias.
  - *Se soubese tocar un instrumento, **tocaría** nun grupo.*
- Para opinar sobre accións e condutas.
  - *Eu nunca **me casaría** por diñeiro.*

Imperativo

Imperativo afirmativo

- O imperativo afirmativo en galego ten catro formas: **ti** e **vós** (informal); **vostede** e **vostedes** (formal).

	ANDAR	**BEBER**	**VIVIR**
(ti)	and**a**	beb**e**	viv**e**
(vós)	anda**de**	bebe**de**	vivi**de**
(vostede)	and**e**	beb**a**	viv**a**
(vostedes)	and**en**	beb**an**	viv**an**

- As formas para **ti** e **vós** obtéñense eliminando o -**s** final da forma correspondente en presente.

estudas = **estuda** estudades = **estudade**
comes = **come** comedes = **comede**



ATENCIÓN
Algúns verbos irregulares non seguen esta regra para a segunda persoa do singular.

poñer/pór = **pon**	facer = **fai**
vir = **ven**	ter = **ten**

As formas para vostede e vostedes obtéñense cambiando a vogal temática da forma correspondente do presente.

estud**a** = estud**e**	estud**an** = estud**en**
com**e** = com**a**	com**en** = com**an**



ATENCIÓN
Os verbos que son irregulares na primeira persoa do presente teñen, no imperativo afirmativo de vostede e vostedes, a mesma raíz irregular.

poño = **poña/n**	saio = **saia/n**	fago = **faga/n**
veño = **veña/n**	vexo = **vexa/n**	teño = **teña/n**
oio = **oia/n**	digo = **diga/n**	traio = **traia/n**

- Os verbos **ser** e **ir** presentan formas especiais no imperativo afirmativo:

	SER	IR
(ti)	**sé**	**vai**
(vós)	**sede**	**ide**
(vostede)	**sexa**	**vaia**
(vostedes)	**sexan**	**vaian**

Imperativo negativo

- As formas do imperativo negativo son as mesmas do presente de subxuntivo para todas as persoas.

ANDAR	BEBER	VIVIR
non and**es**	non beb**as**	non viv**as**
non and**e**	non beb**a**	non viv**a**
non and**edes**	non beb**ades**	non viv**ades**
non and**en**	non beb**an**	non viv**an**

- Recorda que co imperativo negativo os pronomes van diante do verbo, agás nas perífrases onde a súa posición pode variar.
  - *Non **me esperes** para cear. Vou chegar moi tarde.*
  - *Non **te vaias esquecer** da reunión!/Non **vaias esquecer-te** da reunión!*
- Empregamos o imperativo para:
  - Dar instrucións.
    - ***Retire** o plástico protector e **coloque** o aparato sobre unha superficie estable.*
  - Conceder permiso.
    - *Podo entrar un momento?*
    - ○ *Si, claro. **Pasa**, **pasa**.*
  - Ofrecer algo.
    - ***Toma**, **proba** estas galletas. Están boísimas.*
  - Aconsellar.
    - *Non sei que poñer para a cea de traballo de mañá.*
    - ○ ***Pon** o vestido azul, non? Quédache moi ben.*



ATENCIÓN
Ás veces empregamos o imperativo para dar ordes ou pedir accións, pero só en situacións moi xerarquizadas ou de moita confianza. Adoitamos suavizar este emprego con elementos como **por favor**, **veña** etc., ou xustificando a petición.
- ***Por favor**, Francisco, **fágame** dez copias destes documentos.*
- ***Ven** comigo de compras... **veña**, que logo non podo con todas as bolsas.*

O SUBXUNTIVO

- No modo subxuntivo, a noción temporal de presente, pasado ou futuro non depende da forma verbal como tal, senón, en moitos casos, da estrutura na que aparece. Por exemplo, o presente de subxuntivo pode referirse ao presente ou ao futuro; o imperfecto, ao pasado, ao presente e ao futuro; e o futuro, ao presente e ao futuro.
  - *Cando **veñas**, falaremos.* (Sucederá no futuro)
  - *Non quero que o **tomes** mal.* (Agora)
  - *Díxome que **calase**.* (Pasado)
  - *Se **puidese**, mañá mesmo iría verte.* (Pode suceder no futuro)
  - *E se procurásemos outro avogado?* (Agora)
  - *Chámame cando **chegaren** os teus pais.* (Futuro)
  - *Se **quixermos** gañar o premio, temos que ser os mellores.* (Agora)

Presente de subxuntivo

- A conxugación é case idéntica á do presente de indicativo: só se inverte a vogal temática.

-ar	-	e
-er/-ir	-	a

	ANDAR	COMER	ESCRIBIR
(eu)	and**e**	com**a**	escrib**a**
(ti)	and**es**	com**as**	escrib**as**
(el/ela/vostede)	and**e**	com**a**	escrib**a**
(nós)	and**emos**	com**amos**	escrib**amos**
(vós)	and**edes**	com**ades**	escrib**ades**
(eles/elas/vostedes)	and**en**	com**an**	escrib**an**

- Algúns verbos irregulares

DAR	DICIR	ESTAR	FACER
dea	diga	estea	faga
deas	digas	esteas	fagas
dea	diga	estea	faga
deamos	digamos	esteamos	fagamos
deades	digades	esteades	fagades
dean	digan	estean	fagan

IR	TER	SER	VIR
vaia	teña	sexa	veña
vaias	teñas	sexas	veñas
vaia	teña	sexa	veña
vaiamos	teñamos	sexamos	veñamos
vaiades	teñades	sexades	veñades
vaian	teñan	sexan	veñan

- Fíxate en que moitos verbos que presentan unha irregularidade na primeira persoa do presente de indicativo teñen esa mesma irregularidade no presente de subxuntivo. É o caso, por exemplo, dos verbos **pór**, **facer**, **ver**, **ter** e **ir**.
- Sobre o emprego do presente de subxuntivo, podes atopar máis información na sección A subordinación.

Pretérito imperfeto de subxuntivo

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	anda**se**	bebe**se**	vivi**se**
(ti)	anda**ses**	bebe**ses**	vivi**ses**
(el/ela/vostede)	anda**se**	bebe**se**	vivi**se**
(nós)	andá**semos**	bebé**semos**	viví**semos**
(vós)	andá**sedes**	bebé**sedes**	viví**sedes**
(eles/elas/vostedes)	anda**sen**	bebe**sen**	vivi**sen**

- Algúns verbos irregulares:

ESTAR	DICIR	FACER	IR/SER
estive**se**	dixe**se**	fixe**se**	fo**se**
estive**ses**	dixe**ses**	fixe**ses**	fo**ses**
estive**se**	dixe**se**	fixe**se**	fo**se**
estivé**semos**	dixé**semos**	fixé**semos**	fó**semos**
estivé**sedes**	dixé**sedes**	fixé**sedes**	fó**sedes**
estive**sen**	dixe**sen**	fixe**sen**	fo**sen**

PÓR/POÑER	QUERER	TER	VIR
puxe**se**	quixe**se**	tive**se**	viñe**se**
puxe**ses**	quixe**ses**	tive**ses**	viñe**ses**
puxe**se**	quixe**se**	tive**se**	viñe**se**
puxé**semos**	quixé**semos**	tivé**semos**	viñé**semos**
puxé**sedes**	quixé**sedes**	tivé**sedes**	viñé**sedes**
puxe**sen**	quixe**sen**	tive**sen**	viñe**sen**

- Observa que, na maioría dos casos, a irregularidade que presenta a raíz é a mesma das formas irregulares do pretérito de indicativo.

Pretérito indicativo		Imperfecto subxuntivo
estivo	→	**estiv**ese
dixo	→	**dix**ese
fixo	→	**fix**ese
etc.		

- O imperfecto de subxuntivo emprégase nas construcións condicionais para falar dunha acción cuxo cumprimento consideramos imposible ou pouco probable.
  - *Se **estudases** un pouco máis, non che sería difícil aprobar o curso.*
- Tamén o utilizamos no estilo indirecto para referir accións pasadas que no seu momento estaban nun plano futuro (en presente ou futuro de subxuntivo e infinitivo conxugado).
  - *Insistirei ata que me **solucionen** este problema.*
  - *Onte prometeu que insistiría ata que lle **solucionasen** o problema.*
  - *Cando **saíren** os resultados do balance, volveremos falar.*
  - *A semana pasada dixo que, cando **saísen** os resultados do balance, volveriamos falar.*
  - *Os que **quixeren** un xustificante de asistencia, deberán pedilo na secretaría.*
  - *Informou que os que **quixesen** un xustificante de asistencia, deberían pedilo na secretaría.*
- Asemade, empregamos este tempo verbal para referir peticións, ordes, instrucións e invitacións, nos relatos de feitos pasados.
  - ***Non abrades** a porta a ningún descoñecido.*
  - *Díxonos que non **abrísemos** a porta a ningún descoñecido.*
  - ***Tráeme** os documentos para asinar.*
  - *Pediume que lle **levase** os documentos para asinar.*
- Nas oracións subordinadas finais (introducidas, por exemplo, con **para que**), o verbo vai en imperfecto de subxuntivo cando se alude a un momento pasado.
  - *De pequeno, meus pais leváronme a Arxentina para que **coñecese** o lugar no que nacera.*
- Recorda que, en galego, as únicas terminacións válidas para o imperfecto do subxuntivo son -**ase**, -**ese** e -**ise**, para as conxugacións -**ar**, -**er** e -**ir**, respectivamente.

Futuro de subxuntivo

- O futuro do subxuntivo fórmase engadíndolle ao infinitivo impersoal, ou ás raíces das formas irregulares, as mesmas desinencias do infinitivo conxugado.

ANDAR	BEBER	VIVIR
andar	beber	partir
andar**es**	beber**es**	partir**es**
andar	beber	partir
andar**mos**	beber**mos**	partir**mos**
andar**des**	beber**des**	partir**des**
andar**en**	beber**en**	partir**en**

- Fíxate na coincidencia destas formas regulares coas do infinitivo conxugado.

Algúns verbos irregulares

DICIR	ESTAR	FACER	IR/SER	PODER
dixer	estiver	fixer	for	puider
dixer**es**	estiver**es**	fixer**es**	for**es**	puider**es**
dixer	estiver	fixer	for	puider
dixer**mos**	estiver**mos**	fixer**mos**	for**mos**	puider**mos**
dixer**des**	estiver**des**	fixer**des**	for**des**	puider**des**
dixer**en**	estiver**en**	fixer**en**	for**en**	puider**en**

POÑER	QUERER	TER	SABER
puxer	quixer	tiver	souber
puxer**es**	quixer**es**	tiver**es**	souber**es**
puxer	quixer	tiver	souber
puxer**mos**	quixer**mos**	tiver**mos**	souber**mos**
puxer**des**	quixer**des**	tiver**des**	souber**des**
puxer**en**	quixer**en**	tiver**en**	souber**en**



ATENCIÓN
Un truco para facer a forma irregular do futuro do subxuntivo é coller a mesma raíz das formas irregulares do pretérito de indicativo.

Pretérito indicativo		Futuro subxuntivo
estivo	→	**estiv**er
dixo	→	**dix**er
fixo	→	**fix**er
etc.		

- O futuro do subxuntivo emprégase con máis frecuencia en oracións temporais e condicionais, xeralmente para falar de hipóteses ou de previsións relacionadas co futuro. É máis común na lingua escrita, principalmente na literaria e nalgúns rexistros formais como a documentación xurídica e administrativa.
  - *Os que aínda non **estiveren** matriculados non poderán presentarse aos exames.*
  - *Cando **quixeres** de min saber, lembra que tiven que te esquecer.*
  - *Se as reclamacións presentadas **foren** denegadas, seguirán válidos os actuais resultados.*

*Cando as pedras **deren** gritos*
*e o sol **parar** de andar*
*e o mar non **tiver** auga*
heime de ti apartar

Perífrases verbais

- As perífrases verbais son construcións que se forman con dous ou máis verbos: un conxugado (cuxo significado se ve modificado) e outro na forma nominal ou non persoal (infinitivo, participio ou xerundio). Nalgunhas perífrases, estes verbos están conectados por algún elemento de relación (preposición ou conxunción).
  - *Aínda que xa cumpriu setenta anos, **segue traballando**.*
  - *Este verán **imos matricularnos** nun dos cursos que ofrece o centro social do barrio.*
  - ***Teño que falar** cos pais dos rapaces sobre a próxima excursión.*
- As perífrases poden encadearse:
  - *Di que **está deixando de fumar**.* (**estar** + xerundio/**deixar de** + infinitivo)
  - ***Vas seguir indo** a ese restaurante despois do que pasou?* (**ir** + infinitivo/**seguir** + xerundio)
- A continuación, lístanse as principais perífrases verbais do galego e a relación do que poden indicar.

Acabar de/Rematar de + infinitivo
- Indica o remate dunha acción.

- ***Acabas de chegar** e xa pensas saír de novo?*
- *Por fin **rematei de poñer** o pavimento!*

Andar + xerundio/a + infinitivo
- Indica que a acción está en proceso, é reiterativa ou prolongada no tempo.

- ***Anda buscando/a buscar** un piso no centro.*

Botar(se) a/Comezar a/Empezar a/Poñerse a + infinitivo
- Empréganse para indicar o comezo dunha acción.

- *Cada vez que vexo ese filme, **bótome a chorar** coma unha tola.*
- *O partido suspendeuse porque **comezou/empezou a nevar**.*
- *Nada máis chega á oficina, **ponse a dar** ordes a todos.*

Dar + participio
- En frases negativas e interrogativas, indica a imposibilidade ou a dificultade de rematar ou cumprir unha acción. Con frases afirmativas, indica a capacidade de realizar algo, pero é pouco frecuente neste tipo de contextos.

- *Non **darán chegado** antes das nove.*
- *Cres que **dás feito** todo o traballo ata mañá?*

Dar en + infinitivo
- Expresa o comezo dunha nova acción, hábito ou costume.

- *Agora **deu en chamarme** todas as noites para contarme a xornada.*
- *Nada máis tiveron o neno, **deron en pasar** as fins de semana na aldea.*
- ***Dará en chover** en calquera momento. Colle o paraugas.*

Deber (de) + infinitivo.
- Pode indicar, por unha banda, obrigatoriedade ou deber e, por outra, hipótese ou probabilidade.

- ***Debedes visitar** os vosos avós máis a miúdo.*
- ***Debeu (de) conseguir** un ascenso no traballo porque dixo que nos invitará a unha copa.*

Deixar de + infinitivo
- Indica a interrupción da acción expresada polo infinitivo.

- ***Deixei de fumar** cando quedei embarazada.*

Estar + para + infinitivo
- Indica que unha acción está a piques de ocorrer:

- ***Estaba para saír** cando chegaron os meus tíos.*

Estar + xerundio/a + infinitivo
- Utilízase para indicar que unha acción está en proceso.

- ***Estaba rematando/a rematar** a cea cando soou o teléfono.*

Haber (de) + infinitivo
- Indica obrigatoriedade, cun matiz de futuridade, e probabilidade.

- ***Has (de) facer*** *o que che digan.*
- *Aínda* ***hei de mercarche*** *un cabaliño.*
- *Os nenos* ***han (de) estar*** *na eira xogando.*

Hai que/Ter que (de) + infinitivo
- Utilízanse para indicar a obrigación ou a necesidade de facer algo. **Hai que** expresa a obrigatoriedade dunha forma máis xeral e impersoal, mentres que **ter que** o fai de xeito máis persoal.

- ***Hai que baixar*** *o lixo, quen pode facelo?*
- ***Teño que/de axudar*** *ao meu irmán cos deberes.*
- ***Teño que/de conseguir*** *unha parella para as clases de baile.*

Ir + infinitivo
- Utilízase para falar de accións futuras vinculadas ao momento presente ou de algo que planificamos como unha intención.

- *Para a semana* ***imos ter*** *outra reunión.*
- ***Vou chamalo*** *hoxe mesmo e* ***(vou) contarlle*** *todo o que ocorreu.*

Ir/Vir + xerundio
- Empréganse para indicar o desenvolvemento progresivo ou gradual dunha acción.

- ***Fun lendo*** *estes libros ata rematar toda a colección.*
- ***Veñen traballando*** *niso dende hai seis anos.*

Levar + participio
- Indica que a acción expresada polo infinitivo ocorreu en varias ocasións ou que se trata dun proceso continuado.

- ***Levo ido*** *alí moitas veces e nunca o vin.*
- *Xa* ***levaba escritos*** *varios folios cando nos mandaron cambiar o tema do traballo.*

Levar + xerundio (+ cantidade de tempo)
- Expresa o tempo transcorrido dende o comezo dunha acción.

- ***Levaban vivindo*** *tres anos na casa da aldea.*
- ***Levan*** *máis dunha semana* ***preparando*** *o exame.*

Poder + infinitivo
- Emprégase para expresar probabilidade ou hipótese.

- *Como aínda non conseguiron os billetes,* ***pode ser*** *que non veñan para o Nadal.*

Seguir + xerundio
- Indica que unha acción non se interrompeu.

- *Suso* ***segue saíndo*** *con Marisol, a súa primeira moza.*

Ter + participio
- Expresa a reiteración dunha acción.

- ***Ten colaborado*** *coa comisión de festas da localidade en varias ocasións.*

Vir (a)/Acabar por/Chegar a + infinitivo
- Indican a solución ou o resultado final dun proceso ou dunha acción.

- *Apenas se relacionaban de mozos, e logo* ***viñeron (a) ser*** *moi bos amigos.*
- *Despois de mirar en varias tendas,* ***acabou por mercar*** *o primeiro coche que vira.*
- *Fixo moitos cartos en América, aínda que non* ***chegou a ser*** *millonario.*

Volver + infinitivo
- Indica a repetición da acción expresada no infinitivo.

- *Se* ***volves saír*** *con eses rapaces, poderás ter serios problemas.*
- *Cando me xubile,* ***volverei estudar*** *idiomas.*


ATENCIÓN
Nas perífrases con participio, é posible que este se flexione, concordando co complemento.

- ***Levo lidas*** *trinta páxinas deste libro.*
- *Non* ***darás rematada*** *a tese antes da voda.*

Non obstante, co verbo **ter**, cando o participio concorda co complemento, non se trata dunha perífrase, senón do seu emprego como adxectivo.

- ***Teño feito*** *esta ruta outras veces. (perífrase)*
- *Xa teño* ***terminados*** *os informes. (adxectivo).*

Tampouco se consideran perífrases as construcións nas que o participio concorda co suxeito, funcionando como un predicativo deste.

- *Miña nai leva* ***ocupada*** *todo o día.*
- *Os nenos seguían* ***espertos*** *cando volvemos da festa.*

Impersonalidade

- A impersonalidade pódese expresar de varias maneiras.

Se + verbo en terceira persoa do singular/plural

- Adoitamos empregar esta forma cando damos instrucións ou cando nos referimos a cousas que son válidas para todo o mundo.
  - *Primeiro,* ***frítense*** *as patacas.*
  - ***Débese*** *pedir permiso antes de entrar.*

Verbo en terceria persoa do plural

- Trátase de accións realizadas por unha persoa concreta (ou varias), cuxa identidade non ten importancia para o que fala: a atención céntrase na acción e non no axente.
  - *Que partido* ***botan*** *hoxe na nova canle?*
  - ***Abriron*** *un supermercado de gran superficie no noso barrio.*
  - ***Din*** *que haberá eleccións anticipadas.*

Verbo en segunda persoa do singular

- Trátase de accións que afectan a todo o mundo, incluídos os interlocutores. Non obstante, aínda que empregamos a forma **ti**, non nos referimos ao noso interlocutor. É unha forma moi característica da lingua oral que equivale a **un/unha** + terceira persoa do singular.
  - *Con este tráfico,* ***sabes*** *a que hora saes, pero non a que hora* ***chegas****.*
  - *Con este tráfico,* ***un/unha sabe*** *a que hora* ***sae****, pero non a que hora* ***chega****.*

Modelos de conxugación verbal

Conxugación verbal
Paradigma dos verbos regulares

ANDAR

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
ando	andaba	andei	andara	andarei	andaría
andas	andabas	andaches	andaras	andarás	andarías
anda	andaba	andou	andara	andará	andaría
andamos	andabamos	andamos	andaramos	andaremos	andariamos
andades	andabades	andastes	andarades	andaredes	andariades
andan	andaban	andaron	andaron	andarán	andarían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**			
ande	andase	andar	anda	andar	**Infinitivo**: andar
andes	andasen	andares	ande	andares	**Xerundio**: andando
ande	andase	andar		andar	**Participio**: andado
andemos	andásemos	andarmos	andade	andarmos	
andedes	andásedes	andardes	anden	andardes	
anden	andasen	andaren		andaren	

BEBER

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
ando	bebía	bebín	bebera	beberei	bebería
andas	bebías	bebiches	beberas	beberás	beberías
anda	bebía	bebeu	bebera	beberá	bebería
andamos	bebiamos	bebemos	beberamos	beberemos	beberiamos
andades	bebiades	bebestes	beberades	beberedes	beberiades
andan	bebían	beberon	beberan	beberán	beberían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**			
beba	bebese	beber	bebe	beber	**Infinitivo**: beber
bebas	bebeses	beberes	beba	beberes	**Xerundio**: bebendo
beba	bebese	beber		beber	**Participio**: bebido
bebamos	bebésemos	bebermos	bebede	bebermos	
bebades	bebésedes	beberdes	beban	beberdes	
beban	bebesen	beberen		beberen	

PARTIR

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
parto	partía	partín	partira	partirei	partiría
partes	partías	partiches	partiras	partirás	partirías
parte	partía	partiu	partira	partirá	partiría
partimos	partiamos	partimos	partiramos	partiremos	partiriamos
partides	partiades	partistes	partirades	partiredes	partiriades
parten	partían	partiron	partiran	partirán	partirían

SUBXUNTIVO

Presente	Imperfecto	Futuro
parta	partise	partir
partas	partises	partires
parta	partise	partir
partamos	partísemos	partirmos
partades	partísedes	partirdes
partan	partisen	partiren

IMPERATIVO AFIRMATIVO

parte
parta
partide
partan

INF. CONXUGADO

partir
partires
partir
partirmos
partirdes
partiren

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo: partir

Xerundio: partindo

Participio: partido



Principais verbos irregulares

DICIR

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
digo	dicía	dixen	dixera	direi	diría
dis	dicías	dixeches	dixeras	dirás	dirías
di	dicía	dixo	dixera	dirá	diría
dicimos	diciamos	diximos	dixeramos	diremos	diriamos
dicides	diciades	dixestes	dixerades	diredes	diriades
din	dicían	dixeron	dixeran	dirán	dirían

SUBXUNTIVO Presente	SUBXUNTIVO Imperfecto	SUBXUNTIVO Futuro	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO
diga	dixese	dixer	di	dicir
digas	dixeses	dixeres	diga	dicires
diga	dixese	dixer		dicir
digamos	dixésemos	dixermos	dicide	dicirmos
digades	dixésedes	dixerdes	digan	dicirdes
digan	dixesen	dixeres		diciren

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo: dicir

Xerundio: dicindo

Participio: dito

ESTAR

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
estou	estaba	estiven	estivera	estarei	estaría
estás	estabas	estiveches	estiveras	estarás	estarías
está	estaba	estivo	estivera	estará	estaría
estamos	estabamos	estivemos	estiveramos	estaremos	estariamos
estades	estabades	estivestes	estiverades	estaredes	estariades
estamos	estaban	estiveron	estiveran	estarán	estarían

SUBXUNTIVO Presente	SUBXUNTIVO Imperfecto	SUBXUNTIVO Futuro	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO
estea	estivese	estiver	está	estar
esteas	estiveses	estiveres	estea	estares
estea	estivese	estiver		estar
esteamos	estivésemos	estivermos	estade	estarmos
esteades	estivésedes	estiverdes	estean	estardes
estean	estivesen	estiveren		estaren

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo: estar

Xerundio: estando

Participio: estado

FACER

INDICATIVO					
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Antepretérito**	**Futuro**	**Pospretérito**
fago fas fai facemos facedes fan	facía facías facía faciamos faciades facían	fixen fixeches fixo fixemos fixestes fixeron	fixera fixeras fixera fixeramos fixerades fixeran	farei farás fará faremos faredes farán	faría farías faría fariamos fariades farían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**			
faga fagas faga fagamos fagades fagan	fixese fixeses fixese fixésemos fixésedes fixesen	fixer fixeres fixer fixermos fixerdes fixeres	fai faga facede fagan	facer faceres facer facermos facerdes faceren	**Infinitivo**: facer **Xerundio**: facendo **Participio**: feito

HABER

INDICATIVO					
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Antepretérito**	**Futuro**	**Pospretérito**
hei has ha, hai habemos habedes han	había habías había habiamos habiades habían	houben houbeches houbo houbemos houbestes houberon	houbera houberas houbera houberamos houberades houberan	haberei haberás haberá haberemos haberedes haberán	habería haberías habería haberiamos haberiades haberían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**			
haxa haxas haxa haxamos haxades haxan	houbese houbeses houbese houbésemos houbésedes houbesen	houber houberes houber houbermos houberdes houberen	-- -- -- --	haber haberes haber habermos haberdes haberen	**Infinitivo**: haber **Xerundio**: habendo **Participio**: habido

IR

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
vou	ía	fun	fora	irei	iría
vas	ías	fuches	foras	irás	irías
vai	ía	foi	fora	irá	iría
imos	iamos	fomos	foramos	iremos	iriamos
ides	iades	fostes	forades	iredes	iriades
van	ían	foron	foran	irán	irían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**		
vaia	fose	for	vai	ir
vaias	foses	fores	vaia	ires
vaia	fose	for	**vamos**	ir
vaiamos	fósemos	formos	ide	irmos
vaiades	fósedes	fordes	vaian	irdes
vaian	fosen	foren		iren

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo: ir

Xerundio: indo

Participio: ido

PODER

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
podo	podía	puiden	puidera	poderei	podería
podes	podías	puideches	puideras	poderás	poderías
pode	podía	puido	puidera	poderá	podería
podemos	podiamos	puidemos	puideramos	poderemos	poderiamos
podedes	podiades	puidestes	puiderades	poderedes	poderiades
poden	podían	puideron	puideran	poderán	poderían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**		
poida	puidese	puider	pode	poder
poidas	puideses	puideres	poida	poderes
poida	puidese	puider		poder
poidamos	puidésemos	puidermos	podede	podermos
poidades	puidésedes	puiderdes	poidan	poderdes
poidan	puidesen	puideren		poderen

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo: poder

Xerundio: podendo

Participio: podido

POÑER/PÓR

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
poño/poño	poñía/puña	puxen	puxera	poñerei/porei	poñería/poría
pos/pos	poñías/puña	puxeches	puxeras	poñerás/porás	poñerías/porías
pon/pon	poñía/puña	puxo	puxera	poñerá/porá	poñería/poría
poñemos/pomos	poñiamos/puñamos	puxemos	puxeramos	poñeremos/poremos	poñeriamos/poriamos
poñedes/pondes	poñiades/puñades	puxestes	puxerades	poñeredes/poredes	poñeriades/poriades
poñen/pon	poñían/puñan	puxeron	puxeran	poñerán/porán	poñerían/porían

SUBXUNTIVO Presente	SUBXUNTIVO Imperfecto	SUBXUNTIVO Futuro	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
poña	puxese	puxer	pon	poñer/pór	**Infinitivo**: poñer/pór
poñas	puxeses	puxeres	poña	poñeres/pores	**Xerundio**: poñendo/pondo
poña	puxese	puxer		poñer/pór	**Participio**: posto
poñamos	puxésemos	puxermos	poñede/ponde	poñermos/pormos	
poñades	puxésedes	puxerdes	poñan	poñerdes/pordes	
poñan	puxesen	puxeren		poñeren/poren	

QUERER

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
quero	quería	quixen	quixera	quererei	querería
queres	querías	quixeches	quixeras	quererás	quererías
quere	quería	quixo	quixera	quererá	querería
queremos	queriamos	quixemos	quixeramos	quereremos	quereriamos
queredes	queriades	quixestes	quixerades	quereredes	quereriades
queren	querían	quixeron	quixeran	quererán	quererían

SUBXUNTIVO Presente	SUBXUNTIVO Imperfecto	SUBXUNTIVO Futuro	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
queira	quixese	quixer	quere	querer	**Infinitivo**: querer
queiras	quixeses	quixeres	queira	quereres	**Xerundio**: querendo
queira	quixese	quixer		querer	**Participio**:querido
queiramos	quixésemos	quixermos	querede	querermos	
queirades	quixésedes	quixerdes	queiran	quererdes	
queiran	quixesen	quixeren		quereren	

SABER

INDICATIVO					
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Antepretérito**	**Futuro**	**Pospretérito**
sei sabes sabe sabemos sabedes saben	sabía sabías sabía sabiamos sabiades sabían	souben soubeches soubo soubemos soubestes souberon	soubera souberas soubera souberamos souberades souberan	saberei saberás saberá saberemos saberedes saberán	sabería saberías sabería saberiamos saberiades saberían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**			
saiba saibas saiba saibamos saibades saiban	soubese soubeses soubese soubésemos soubésedes soubesen	souber souberes souber soubermos souberdes souberen	sabe saiban sabede saiban	saber saberes saber sabermos saberdes saberen	**Infinitivo**: saber **Xerundio**: sabendo **Participio**: sabido

SER

INDICATIVO					
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Antepretérito**	**Futuro**	**Pospretérito**
son es é somos sodes son	era eras era eramos erades eran	fun fuches foi fomos fostes foron	fora foras fora foramos forades foran	serei serás será seremos seredes serán	sería serías sería seriamos seriades serían

SUBXUNTIVO			IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
Presente	**Imperfecto**	**Futuro**			
sexa sexas sexa sexamos sexades sexan	fose foses fose fósemos fósedes fosen	for fores for formos fordes foren	sé sexa sede sexan	ser seres ser sermos serdes seren	**Infinitivo**: ser **Xerundio**: sendo **Participio**: sendo

TER

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
teño	tiña	tiven	tivera	terei	tería
tes	tiñas	tiveches	tiveras	terás	terías
ten	tiña	tivo	tivera	terá	tería
temos	tiñamos	tivemos	tiveramos	teremos	teriamos
tendes/tedes	tiñades	tivestes	tiverades	teredes	teriades
teñen	tiñan	tiveron	tiveran	terán	terían

SUBXUNTIVO

Presente	Imperfecto	Futuro
teña	tivese	tiver
teñas	tiveses	tiveres
teña	tivese	tiver
teñamos	tivésemos	tivermos
teñades	tivésedes	tiverdes
teñan	tivesen	tiveren

IMPERATIVO AFIRMATIVO

ten
teña

tende
teñan

INF. CONXUGADO

ter
teres
ter
termos
terdes
teren

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo: ter

Xerundio: tendo

Participio: tido

TRAER

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
traio	traía	trouxen	trouxera	traerei	traería
traes	traías	trouxeches	trouxeras	traerás	traerías
trae	traía	trouxo	trouxera	traerá	traería
traemos	traiamos	trouxemos	trouxeramos	traeremos	traeriamos
traedes	traiades	trouxestes	trouxerades	traeredes	traeriades
traen	traían	trouxeron	trouxeran	traerán	traerían

SUBXUNTIVO

Presente	Imperfecto	Futuro
traia	trouxese	trouxer
traias	trouxeses	trouxeres
traia	trouxese	trouxer
traiamos	trouxésemos	trouxermos
traiades	trouxésedes	trouxerdes
traian	trouxesen	trouxeren

IMPERATIVO AFIRMATIVO

trae
traia

traede
traian

INF. CONXUGADO

traer
traeres
traer
traermos
traerdes
traeren

FORMAS NOMINAIS

Infinitivo: traer

Xerundio: traendo

Participio: traído

,

VIR

INDICATIVO

Presente	Copretérito	Pretérito	Antepretérito	Futuro	Pospretérito
veño	viña	vin	viñera	virei	viría
vés	viñas	viñeches	viñeras	virás	virías
vén	viña	veu	viñera	virá	viría
vimos	viñamos	viñemos	viñeramos	viremos	viriamos
vindes/vides	viñades	viñestes	viñerades	viredes	viriades
veñen	viñan	viñeron	viñeran	virán	virían

SUBXUNTIVO Presente	SUBXUNTIVO Imperfecto	SUBXUNTIVO Futuro	IMPERATIVO AFIRMATIVO	INF. CONXUGADO	FORMAS NOMINAIS
veña	viñese	viñer	ven	vir	**Infinitivo**: vir
veñas	viñeses	viñeres	veña	vires	**Xerundio**: vindo
veña	viñese	viñer		vir	**Participio**: vido
veñamos	viñésemos	viñermos	vinde/vide	virmos	
veñades	viñésedes	viñerdes	veñan	virdes	
veñan	viñesen	viñeren		viren	





Nivel C1 en lingua galega

Habilidades e contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

Os contidos lingüísticos e gramaticais presentados e traballados neste libro atenden ao compromiso de fornecer os recursos necesarios para que unha persoa acade un nivel C1 en lingua galega, segundo a descrición do Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponde coas esixencias establecidas no Celga 4. Malia isto, e como xa se dixo na introdución, este libro non dispensa a orientación dun profesor que acompañe o alumno no traballo cotián e compartido que esixe cada unha das unidades, e así facer a aprendizaxe máis completa e dinámica.


Segundo a descrición xeral deste nivel de competencia, as persoas que o superen deben posuír un alto dominio da lingua, de xeito que lle permita desenvolverse en distintos contextos comunicativos (persoal, público e académico), sen mostrar moitas dificultades para encontrar as expresións máis axeitadas. Así, será capaz de comprender textos máis extensos e cun alto grao de dificultade, tanto orais coma escritos. Asemade, poderá producilos cun uso correcto da norma ortográfica e morfosintáctica e dos mecanismos máis comúns de organización e cohesión textual.

Entre outras cousas, poderá, logo de acadar este nivel, falar de cambios e transformacións e tamén valorar experiencias propias e alleas, poderá expresar distintos graos de coñecemento e certeza e será capaz de transmitir desexos e preferencias, desilusión, fastío, nostalxia, rexeitamento ou indignación. Ademais, será quen de facer invitacións e suxestións e de dar instrucións con bastante precisión, así como de argumentar e negociar. En canto ao control da comunicación será capaz de valorar a capacidade comunicativa propia e allea e, respecto á interacción oral, poderá indicar que a intervención está sendo mal interpretada e saberá pedir un cambio de tema ou empregar os mecanismos lingüísticos pertinentes para o control da quenda de palabra.

De xeito máis pormenorizado, un falante que posúa o nivel **C1** terá as seguintes habilidades:

Comprensión oral

- Será capaz de seguir sen apenas dificultades un discurso extenso sobre temas moi diversos e terá poucas dificultades para entender e seguir os discursos descontextualizados e pouco estruturados.
- Poderá comprender mensaxes relacionadas coa vida cotiá, académica e laboral como conversas, interaccións e debates, textos informativos con pouca calidade acústica, explicacións sobre o funcionamento de aparellos, discursos televisivos e radiofónicos de diversos tipos e presentacións, conferencias e debates sobre temas de actualidade.



Comprensión escrita

- Posuirá capacidade para ler e entender textos escritos extensos e de bastante complexidade que traten temas xerais ou da súa especialidade, aínda que algunhas veces teña que volver sobre as partes máis difíciles.
- Será quen de extraer a información máis relevante de textos expositivos e a tese e argumentos de textos de opinión e poderá, en todos eles, identificar a estrutura e as partes en que están organizados.
- Estará tamén en condicións de entender correspondencia persoal e profesional especializada, instrucións extensas e complexas sobre o funcionamento de aparellos domésticos, textos literarios cun nivel medio de complexidade lingüística, estrutural e temática e textos xornalísticos de tipoloxía diversa.

Expresión oral

- Utilizará oralmente a lingua de maneira correcta, ben estruturada e fluída e demostrará o dominio dunha serie de recursos lingüísticos que lle permiten expresarse con claridade sobre unha gran variedade de temas xerais, profesionais e académicos.
- Saberá defender o seu punto de vista e argumentar con convencemento e participar nunha entrevista como entrevistado e como entrevistador. Saberá tamén poñer as súas opinións en relación coas expresadas por outras persoas.
- Será quen de manter unha conversa con fluidez, espontaneidade e adecuación, mostrando algunha dificultade unicamente nos temas que lle resulten alleos.
- Poderá realizar presentacións claras e detalladas sobre temas diversos, negociar unha solución de conflitos (desculparse, reclamar, pedir responsabilidades etc.) e intervir en debates nos que se traten temas de certa complexidade e pouco coñecidos.

Churrascada con incendio en Monte Lobeira



Cara ás 12 h da noite de onte, declarouse un incendio no Monte Lobeira. O lume iniciouse cos rescaldos dun churrasco que, ao parecer, fixeron uns mozos da bisbarra, entre os que se encontraba a poetisa Carla Goldar. Os rapaces, crendo que as cinzas estaban completamente apagadas, apartáronse do lugar no que prenderan o lume e antes de que se desen conta, o lume volveu aparecer.

Afortunadamente, as chamas espalláronse despois de que o grupo xa estivese máis afastado do lugar, en boa medida pola arriscada acción dunha muller dos arredores, que aproximou o seu coche preto do foco onde se iniciou o lume, de xeito que puido evacuar rapidamente os mozos. O incendio propagouse con celeridade e alcanzou unha zona boscosa de difícil acceso. Unha patrulla de catro garda civís procurou acceder á zona e tentou dominar a extinción do lume, pero non o conseguiu. Os land rover dotados unicamente duns bidóns de auga con mangueiras resultaron insuficientes para apagar as lapas.

Así foi como o dispositivo do corpo municipal de bombeiros de Vilagarcía de Arousa, que xa fora alertado polos propios involucrados, se dirixiu ao lugar do sinistro, pero, antes de chegar, sufriu unha grave avaría, o que obrigou a acudir aos bombeiros de Vilanova de Arousa, a localidade máis próxima. Non obstante, as condicións meteorolóxicas foron favorables á extinción: o vento era case nulo e, pouco despois de chegar a dotación de bombeiros de Vilanova, unha forte tormenta axudou a que o lume non se propagase.

Por fortuna, non houbo que lamentar danos materiais de importancia, agás algún desperfecto nos pisos piloto da construtora Lobarnerlas S.A. Polo contrario, as consecuencias do incendio si foron devastadoras tanto para a paisaxe como para a diversa fauna da zona, tal como alertaron diversas oenegués e *clubs* de afeccionados á ornitoloxía, posto que o Monte Lobeira é o hábitat de especies como pombas torcaces, rulas ou paporrubios, cuxos exemplares lamentablemente puideron resultar extintos coa acción devastadora das lapas.

Esta madrugada, antes da saída do sol, deuse por extinguido o incendio e a alcaldesa, en representación do concello, estuda condecorar a Isolina Outeiro Rual, convertida na heroína da xornada ao facilitar o salvamento dos rapaces.

Expresión escrita


- Posuirá capacidade para escribir textos de certa complexidade de forma correcta, clara, fluída e adecuada ao interlocutor e á finalidade do discurso.
- Non terá dificultade para destacar as ideas principais dun texto e para expoñer axeitadamente as súas opinións, así como para describir con precisión obxectos, persoas e situacións e expresar experiencias e sentimentos nun estilo adecuado á finalidade e ao destinatario.
- Será quen de redactar notas, cartas, mensaxes electrónicas dirixidos a distintos destinatarios e con diferente finalidade, redactar exames e traballos académicos de distinta natureza e elaborar resumos, paráfrases e comentarios críticos de textos informativos e expositivos.

Lingua e sistema: coñecemento do código

- Os contidos relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de xeito satisfactorio as devanditas funcións comunicativas son os que se atopan nas seccións de gramática distribuídas ao longo das unidades do libro e no resumo gramatical.

Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

- Os contidos culturais cumpren a función de servir como soporte para a comprensión do universo sociocultural no que se desenvolve a lingua galega. Polo tanto, neste nivel realizarase un achegamento a algúns aspectos da historia ou da actualidade de Galicia, a través da indagación sobre acontecementos relevantes de tipo social, cultural, ambiental, deportivo etc. Esta aproximación apoiarase en fontes diversas e en informacións fornecidas en diferentes modalidades de lingua e en formatos variados: textos impresos, imaxes, gráficos, material audiovisual etc.



ACTA DA XUNTA DIRECTIVA DE PROPIETARIOS

En Padrón, cando son as 18:00 horas do día 14 de abril de 2008, no local social do edificio Cavinsa, da rúa de Martínez Alba, nº 40, reunidos os membros da Xunta Directiva de Propietarios, baixo a presidencia de D. Leandro Gómez Xusto e actuando como secretario D. Álvaro Vélez García, desenvolveuse a reunión, segundo o previsto na orde do día:

1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.
2. Estudadas as ofertas de reparación, acordouse, por unanimidade, renovar os ascensores e solicitarlle un orzamento á compañía que ofreceu a mellor relación calidade-prezo.
3. Oídos os argumentos do interesado, desestimouse a petición de D. Marcelino Arias Louxo de ampliar nun andar os edificios da rúa Marcelle.
4. Acordouse, por maioría, instalar calefacción centralizada e redistribuír os gastos proporcionalmente, en función do tamaño das vivendas.
5. Decidiuse someter á consideración do gabinete xurídico a posibilidade de habilitar ventás nos áticos e levar a súa aprobación á Asemblea Xeral de Propietarios.

Fóra da orde do día, foron deliberados os seguintes puntos:

6. Dada a quebra da empresa que se dedicaba á limpeza dos garaxes, aprobouse pedir orzamentos a outras compañías coa máxima urxencia, para que xa se poida levar a cabo o mantemento dos garaxes do mes de maio.
7. Propúxose para cada vivenda unha cota de 20 € para festexar o San Xoán.
8. Nomeouse a D. Xosé Méndez Díez como organizador dos preparativos da festa.

Ao non haber máis asuntos para tratar, e lidos os acordos tomados, asinan os asistentes e levántase a sesión ás 20:00 horas.

O presidente,

O secretario,

Padrón, 14 de abril de 2008.

VERBO	SUBSTANTIVO DE PROCESO/ACCIÓN
actuar	
	a realización
	a perda
decidir	
restrinxir	
descubrir	
	a proba
	a compra
suprimir	
	o aumento
	a diminución
contaminar	
reciclar	
	a protección
cambiar	
ADXECTIVO	SUBSTANTIVO DE CUALIDADE/PROPIEDADE
belo/a	
	a igualdade
	a tranquilidade
sociable	
tímido/a	
escaso/a	
	a sinceridade
escuro/a	
capaz	
fino/a	
largo/a	
alto/a	
certo/a	



Transcricións

UNIDADE 1

E foi así como cho conto…

2. UNHA MAREA NEGRA

PISTA 1

1.

● Noticias de última hora. Seguimos cubrindo as noticias que nos chegan desde Fisterra. Para iso, imos conectar co noso correspondente na zona, Xurxo Ares. Xurxo, hoxe, vinte de novembro, confirmáronse os peores presaxios. Onte, finalmente, rompeu o *Prestige* fronte á costa, como se vive a noticia aí en Fisterra?

○ Pois con desolación, con tristura e con moita rabia. Levabamos seis días expectantes observando o percorrido do barco á deriva e onte, realmente, ocorreu o peor. E a rabia aumenta a medida que se coñecen máis datos do petroleiro: por exemplo, que era un barco moi vello, que fora construído en 1976, e que xa tivera algún accidente anterior, como un en Italia en 1991. Segundo os técnicos, era un barco que non reunía as condicións para viaxar.

● Xurxo, como comentas, foron seis días de incerteza ata este desenlace. Podes resumir os feitos máis salientables destas xornadas de tensión?

○ Si. Todo comezou o día 13 de novembro cando se recibiu unha chamada de socorro do barco. A media tarde, os helicópteros de Pesca de Galicia rescataron a 24 dos 27 tripulantes que viaxaban alí. O capitán e dous técnicos quixeron ficar a bordo. Ao día seguinte, os remolcadores comezaron a levar o barco cara a dentro do mar, lonxe da costa, e, nese punto, as condicións do barco ían empeorando porque xa tiña unha rotura nos tanques. O día 15 desaloxaron os tripulantes que quedaban. O capitán, en concreto, foi arrestado porque non colaborara nos labores de rescate. Despois, outros barcos fórono remolcando ata o sur, cara a Portugal, e xa ía perdendo fuel. Finalmente, o día 19, onte, o barco partiu en dous polos tanques centrais.

PISTA 2

2.

● Noticias de última hora. Estamos informando sobre o desastre do *Prestige* e temos ao teléfono a Nuria, unha voluntaria que está na zona para axudar nos labores de limpeza da costa. Ola, bo día, Nuria. De onde es?

○ Eu son de Silleda.

● Como estades traballando? Hai algún tipo de organización?

○ Ben... Pois imos facendo como podemos. Déronnos uns traxes e tamén máscaras, por sorte!, porque o olor é insoportable, o olor do chapapote. E algúns tamén traballan con luvas, pero non hai para todo o mundo. Seica están a piques de solucionalo. O problema é nas rochas, que hai que coller o chapapote coas mans. E na praia, aínda, con palas, pois imos limpando... o que podemos.

● E onde estades aloxados?

○ Estamos durmindo no pavillón municipal. Trouxemos sacos de durmir e alí estamos. Polo menos estase ao quente, porque vai un frío estes días... E a xente está colaborando moito. A xente da vila está moi pendente de nós. Encárgase de preparar a comida para os voluntarios, tamén trouxeron toda a louza das súas casas: pratos, cubertos... E a verdade é que cando chegas despois dun día así de traballo e topas o prato de lentellas quentiño, agradécese.

● Canto tempo vos quedaredes pola zona?

○ Temos que irnos xa dentro de dous días porque traballamos xa... e non sei como vai quedar isto. Disque as autoridades están tomando cartas no asunto, pero de momento non sei de que tipo...

● Hai algo que creas que se pode facer para mellorar a situación?

○ Home, o que hai que facer sobre todo é parar, parar o fuel, porque limpamos de día, a praia queda ben pola noite, pero é desalentador: chegamos pola mañá e encontrámolo todo igual. Hai que pór unha barreira no mar e paralo dunha vez e... Xa. Dalgunha maneira hai que parar isto.

● Moitas grazas, Nuria, e moita sorte.

6. QUE EXPERIENCIA!

PISTA 3

● Como foi o maratón?

○ Vaia maratón! Mira, apuntáranse unhas 10.000 persoas, creo que o dobre do que esperaba a organización, e claro, xuntámonos todos á mesma hora na saída. Un descontrol!

● Claro, xa imaxino...

○ Igual pensaron que a xente iría chegando de forma graduada, pero, se din que empeza ás 12, é normal que a xente chegue ás 12. Non sei que esperaban!

● Pois claro...

○ En fin..., ademais outros anos ían dando botellas de auga durante todo o percorrido, e agradecíalo moito, a verdade, e este ano, nada. E mira, o peor foi ao final, que xa estabamos chegando e aquilo non se movía, formouse un tapón impresionante porque a xente de atrás seguía chegando, e algunhas persoas coa calor e a presión, e non sei se a deshidratación, o caso é que empezaron a caer coma mos-

cas, desmaios, de todo, e as ambulancias aínda por riba non podían chegar ata alí.

- Pero que desastre, non?
- ○ Eu pensei que iamos morrer todos esmagados, que medo! Ao final tiveron que chamar a policía local, que empezou a indicarlle á xente que collese unha rúa alternativa.
- Home, normal!
- ○ E ata vimos un helicóptero tentando seguir o percorrido. Por sorte foron freando os que viñan cara á meta e ao final aquilo non acabou tan mal como podería acabar, pero creo que houbo varios feridos.
- Aínda ben que non foi tan grave.

9. EXCURSIONISTAS PERDIDOS

PISTA 4

1.

- Bos días. Estamos cubrindo a nova dos excursionistas perdidos no Courel. Agora imos entrevistar a Xosé González. Vostede forma parte do equipo de rescate, non si?
- ○ Si, efectivamente, eu estou no equipo.
- E a busca comezou onte á tarde, non?
- ○ Si, pero durante a noite non atopamos nada, e agora xa estamos a mediodía e seguimos sen atopar nada.
- E que se sabe do rescate?
- ○ Pois a cousa está mal. Os servizos meteorolóxicos avisaron de que había risco de temporal, pero a xente, nada, non fai caso ningún, arrisca demasiado e pasa o que pasa. Ademais, esta zona é moi perigosa, non é para novatos, o cambio de tempo foi moi rápido e tivemos que atender varias hipotermias. A xente é moi imprudente, aínda non sabemos cal é a magnitude do accidente.
- Xa pero, os veciños de alí din que é outra cousa...
- ○ Si, pois o que pasa é que ultimamente se atoparon unhas pegadas na neve como dun animal descoñecido que non podemos identificar ou que non é desta zona. Non quixemos dicilo antes para non alarmar a xente, pero xa é hora de que se saiba. Hai quen di que poden ser criaturas doutro planeta, extraterrestres e tal, non sei... Hai quen di que viron naves e luces e que incluso son as causas destes temporais, non sei, a xente fala...

PISTA 5

2.

- Seguimos coa nova dos tres desaparecidos no Courel. Temos connosco a persoa que conseguiu volver e avisar o servizo de rescate: é Tareixa Neira, compañeira dos montañeiros perdidos. Ola, Tareixa, como se atopa?
- ○ Ben, eu ben, un pouco cansada e asustada, claro. O que me preocupa é como estarán eles. Eu puiden volver onte, cheguei á vila ás catro da tarde e avisei o servizo de rescate. E saíron enseguidiña cara a alá, pero non tivemos noticias en toda a noite.
- Pero como foi, que pasou?
- ○ Pois... perdémonos e o vento era moi forte e estabamos moi cansos. E a verdade é que xa non tiñamos folgos para seguir e o que pasou foi que o estado da neve era moi malo. Parecía que non podiamos nin dar un paso máis e Xesús, un compañeiro, tivo unha escordadura de nocello e non podía camiñar da dor. E, claro, asustámonos porque non viamos nada nin a dez metros, e por sorte levabamos mantas e puidemos protexernos durante a treboada. E estabamos asustados porque escoitamos uns ruídos que parecían dun animal, pero non sei, era algo moi raro, é que non eran lobos, non sei..
- E logo a que se parecía?
- ○ A nada, era un son moi forte e co eco da montaña aínda peor.
- E que fixeron?
- ○ Pois eu que son a máis nova do grupo agarrei o compás e marchei. Dixen que ía buscar axuda e arranquei. Tardei tres horas en chegar á vila e avisei para que os rescatasen.
- E teñen os seus compañeiros comida para aguantar moitas horas?
- ○ Pois levabamos o imprescindible, pero si, teñen chocolate, barras enerxéticas e algunhas mantas co que poden tirar un par de días máis, pero espero que os atopen antes.

UNIDADE 2

E ti, que opinas?

1. PROBLEMAS DE ESPAZO

PISTA 6

1.

- Paréceme un absurdo que teñas un terreo ou un xardín e non poderte ocupar del. Para iso, é mellor vivires nunha urbanización.
- ○ Ah, pois eu penso que non, porque aínda que non poidas coidalo sempre, non deixa de ser un espazo teu, que o tes como queres. Ademais, haille que dar un peso a gañar á xente que se dedica a iso.

PISTA 7

2.
● Iso de facer investimentos para conservar o medio está moi ben, pero a ver quen se pode permitir os custos.

PISTA 8

3.
● A verdade é que, co ritmo de vida que levamos, fainos falla alguén que nos bote unha man coas cousas da casa.
○ Pois eu creo que todo é cuestión de organizarse. Podemos ter tempo para todo, incluso para deixarmos as tarefas feitas e termos momentos para o ocio.

PISTA 9

4.
● Para min, iso dos mobles montables é un conto. Moi bonitos por fóra, pero o material é pésimo e terminan gastándose moi pronto. Ao final gastas máis diñeiro que se encargases mobles bos á medida.

PISTA 10

5.
● A min o da cinta andadora paréceme unha marabilla, eh? Gáñase moito tempo facéndoo todo na casa. E, por exemplo, podes ler ou escoitar música mentres andas.

4. NEGOCIAMOS?

PISTA 11

● E vós, como vedes iso do horario flexible?
○ Pois eu só vexo vantaxes, xa que traballas as mesmas horas á semana, pero podes organizar mellor os teus horarios e...
■ É verdade, e segundo ás túas necesidades persoais, por exemplo, de acordo cos horarios do colexio dos nenos ou se queres facer calquera curso ou ir ao ximnasio...
● Claro, e, ao final, seguro que lle sacas máis proveito ao teu tempo.
○ Xa, iso si. Pero a min o que me preocupa é a organización no traballo. Isto vai ser un enredo se cada un vén á hora que quere, pois nunca vas saber con quen podes contar. E como moitas cousas aquí temos que decidilas en equipo... Non sei, que vos parece?
■ Ben, creo que podemos organizarnos entre todos; e ademais, se non nos poñemos todos de acordo, isto non vai ser posible. Non van facer uns horarios flexibles e outros non. Iso si que sería un verdadeiro caos.
□ Pois eu creo que poderiamos negociar entre todos unha franxa horaria na que todos coincidísemos, quero dicir, que nos fose ben a todos. Así si que estaría ben a proposta de horario flexible.
■ Iso poderiamos falalo, digo eu. Outra cousa que podemos facer é negociar uns días concretos nos que todos esteamos aquí para coordinación e consultas.
● Si, tamén podería ser, pero...
□ Eu quería propoñer algo. Mirade, flexibilidade só no horario de entrada e de saída. Se en vez de entrar ás nove, alguén entra ás once, pois logo sae dúas horas máis tarde, pero polo menos estariamos parte da mañá ou da tarde todos xuntos. Que opinades?
● Home, eu nese caso estaría de acordo.
○ Si, si, si, eu tamén.
■ Pois eu aínda non o vexo moi claro. É que non vai haber ningún control... eu creo que haberá xente que vai facer menos horas das que debería. Quen se vai poñer a controlar o tempo que traballa cada un?
● Xa, iso tamén é certo. Se hai xente que chega tarde agora ou que sae tomar un café cando quere... se ademais ten horario flexible, uf! A ver o que fará.
■ Claro, aí quería eu chegar. É que, enriba, esa xente é a que pide o horario flexible. Eu non acabo de ver nada claro, eh?
○ Eu tampouco.

10. VILARIZ: UNHA VILA DE CULTURA E TRADICIÓN

PISTA 12

● Nos seguintes días vaise realizar na nosa vila unha asemblea veciñal na que se decidirá se a proposta de construción dun hotel con campo de golf preto do castelo, que chegará ata o Penedo da Fraga, será unha realidade ou non nos próximos anos no noso concello. A empresa construtora considera que é unha boa maneira de activar un turismo de nivel medio alto na zona, que dará pé á creación de moitos postos de traballo e que deixará na vila moitos ingresos. Por outra banda, a asociación Amigos do Castelo considera que a proposta o único que fará será danar o patrimonio histórico en beneficio da construtora e dos propietarios da instalación deportiva e do hotel. A asemblea, de carácter multitudinario, terá lugar o vindeiro mércores ás 9 da noite no auditorio da Casa da Xuventude.

UNIDADE 3

Valorarase a experiencia

1. ARTE CONTEMPORÁNEA

PISTA 13

● A min paréceme unha barbaridade que as institucións públicas anden a financiar este tipo de iniciativas que só lles interesan a uns poucos. Coa de cousas que hai que facer na cidade, podían gastalo en transporte público, en parques... Ou en máis bibliotecas se queren facer algo cultural, algo que poida estar á disposición de todos.
○ Pois eu creo que foi unha boa decisión. É o que lle facía falla a esta cidade, algo que non sei, que de repente se fale dela. E a xente vén vela. E se vén máis turismo, pois mellorará a imaxe da cidade. Haberá máis diñeiro e poderanse construír máis bibliotecas desas que dis.
● Non sei, non sei... É que ademais é feísimo. Se ata foi un cárcere!
○ Home, ao principio pode resultar un pouco estraño. Pero a min gústame agora. Ademais encántame a combinación da arquitectura antiga coa moderna. E está moi ben que se recuperen edificios antigos nas cidades.
● Xa, é un xeito de velo. Pero ti cres que á xente lle gusta a arte moderna? Se non se entende!
○ Mira, non sei se lle gusta ou non, pero queren coñecela. As visitas aos museos aumentan cada ano e os museos cada vez son máis accesibles para todo o mundo. E ademais, necesitamos a arte. Os humanos somos creativos, necesitamos crear. En serio, eu creo que acabará gustándoche.

4. DIFERENTES FORMAS DE DICIR O MESMO

PISTA 14

● Viches o anuncio de Solplan?
○ Pois non. Para que é?
● Para prazas de animadores de tempo libre.
○ Mm... e cantas?
● Non sei. Non o poñen.
○ Buf, pero se saíu o anuncio no xornal presentarase unha chea de xente.
● Non estou seguro, pero creo que só saíu no xornal local.
○ E imaxino que piden experiencia, non?
● Pois, máis que experiencia, tes que ter feitas prácticas nalgunha empresa, é dicir, nun hotel. Puña algo así.
○ E que estudos piden?
● O curso de animador de tempo libre, pero poden presentarse os que aínda non o remataron.
○ Bah! Pero ao final o que máis conta é se falas idiomas e iso...
● Si, claro... o único que piden é o inglés, pero se falas outro, moito mellor.
○ Si, iso seguro.
● De feito, no anuncio poñen que terán puntos para obter as prazas os que falen alemán e francés, á parte do inglés, claro está.
○ Pois eu creo que me vou presentar.
● Si, eu tamén. Total, por probar... Pero non te despistes, porque me parece que admitirán solicitudes só ata o día 25.
○ Ah, si. Se podo, xa o fago mañá.
● Ah, espera! Agora que lembro, os que non teñan carné de conducir non se poden presentar.
○ Pero se eu o teño.
● Ai, si? E dende cando?
○ Pois aprobeino en febreiro. Á terceira, pero aprobei.
● Que ben. Non o sabía.

UNIDADE 4

A vida é puro teatro

6. COMO O INTERPRETAS?

PISTA 15

1. Abres a ventá?
2. Por que non marchas?
3. Non me asustes!
4. Non podo máis!

UNIDADE 5

Dixeches que o farías

6. AUDIOVISUAL GALEGO

PISTA 16

- ● Trece millóns de euros, con esa cantidade dótase o plan de apoio e potenciación da produción cinematográfica, que acaba de presentar o presidente da Xunta. Un plan para os anos 2008, 9 e 10 que garante un marco estable para o sector, segundo declaracións do titular do goberno galego. Díxoo, trala reunión con representantes do sector audiovisual, entre eles o presidente do Clúster do Audiovisual Galego: Antón Reixa. Moi boas tardes.
- ○ Ola, boas tardes.
- ● E así, garante a estabilidade do sector nese período, o plan?
- ○ É un elemento que dende logo vai garantir e potenciar a continuidade dunha actividade. Refírese fundamentalmente ao que se chama o 5% e é que existe unha normativa europea que tanto as televisións públicas como privadas deben investir en produción europea o 5% dos seus ingresos. E había unha certa alarma no sector en Galicia polo cumprimento que disto estaba facendo a Televisión de Galicia. Con estes fondos adicionais se garante o cumprimento dese 5%. E explicarlle aos oíntes que fundamentalmente iso se refire á parte da televisión que máis ten que ver coa cultura, que é a produción de películas e longamentraxes, de telefilmes e documentais. Ese tipo de producións que para as cadenas supoñen unha programación a medio prazo, porque normalmente existen ademais uns tempos que hai que respectar, de estrea en salas, distribución en DVD e, despois, emisión en televisión. E ese tipo de produción, que, digamos, é un pouco a Fórmula 1 da nosa actividade e o que se ve positivamente afectado por esta decisión do Goberno de Galicia.
- ● Daquela, vai incidir moi directamente no desenvolvemento de proxectos concretos, non?
- ○ Si, si, si. Porque, xa digo, fundamentalmente, a inquietude do sector viña por separar o cumprimento deste 5%, que é unha obriga legal, separado, digamos dos orzamentos ordinarios de explotación da tele. É dicir, todos sabemos discernir na programación dunha televisión o que son os informativos, os programas de entretemento. E outra cousa son as películas, non as películas de produción allea que se emiten dobradas, senón as películas que se producen e coproducen en Galicia e que iso, obviamente, é onde maiormente de forma máis clara cristaliza o valor cultural que ten a televisión.
- ● No pasado mes de maio as asociacións empresariais e profesionais do sector audiovisual presentaran ao presidente da Xunta un decálogo de prioridades. En que medida este plan responde a ese decálogo?
- ○ Nese decálogo recollíase precisamente a necesidade do cumprimento do 5% e a necesidade de coordinar a política audiovisual na Televisión de Galicia, e isto incide aí. Incide directamente nese aspecto. Había que darlle unha forma técnica que ten que ver con xestión financeira e con procedementos lexislativos e administrativos, e logrouse unha moi boa solución. O que pasa é que se dicía onte dicía na reunión que esperemos que este sexa o inicio dun bo camiño que necesariamente haberá que percorrer, e esperamos percorrer todos xuntos.
- ● Claro, porque nese decálogo falábase, por exemplo, dunha política audiovisual única. E da segunda canle...
- ○ Pouco a pouco, por exemplo, a segunda canle eu creo que este ano si entrará en funcionamento. E máis que dunha política única falábase dunha coordinación, é dicir, hai que ter en conta que o sector audiovisual é un sector estratéxico e, polo tanto, debe ter un apoio transversal dos departamentos da Xunta e, neste momento, hai unha certa disparidade na xestión destas competencias. É importante que converxan nunha política máis sistémica.
- ● E trala presentación do plan, onte, como contempla o sector os vindeiros anos, con respecto xa non só a concreción destes presupostos?
- ○ O sector contempla con alivio porque realmente era un problema que ademais estaba empezando a afectar á actividade. Eu creo que a dotación incluso supera ese mínimo legal do 5% e eu creo que ademais agora a pelota está no tellado dos axentes do sector, dos produtores de Televisión de Galicia en identificar contidos que realmente alimenten esa obrigatoriedade legal e a convertan no disfrute e culturalización dos espectadores da Televisión de Galicia.
- ● Moi ben, pois Antón Reixa, presidente do Clúster do Audiovisual Galego. Moitísimas gracias.
- ○ Gracias.

9. QUEN CUMPRE GAÑA

PISTA 17

- ● Pasamos agora ás testemuñas do concurso. A través dos seus testemuños poderemos valorar mellor ata que punto Lois e Sonia levaron a cabo o plan co que se comprometeron. Por favor, a testemuña de Lois: Patricia.
- ○ Si, a ver, como testemuña de Lois, pódovos resumir o que observamos entre todos. Algunhas cousas ben, pero ou-

tras non tanto. Por exemplo, eu fun no grupo de Lois ás excursións, e parecía que quería relacionarse pero sempre acababa só, debaixo dun piñeiro, e supoño que xogando co móbil. E sobre as clases de baile… pois a verdade é que si, que foi dúas veces por semana, que se esforzou moito, pero non sei… se cadra é que non ten demasiado ritmo. E o da roupa pois…

- ● Si, por certo. O da roupa que tal foi?
- ○ Pois mira, o da roupa bastante ben, porque xa sabemos que Lois acostumaba vestir de negro. Pois puxémoslle un vestiario de cores que lle campaba moito, a xente di que está mellor, máis guapo, é un cambio de estilo que lle sentou de marabilla. E o de sorrir é o que non acaba de facer ben, a verdade é que a xente o ve tan serio que deixa de falarlle, pero mira, xa demos un paso.
- ● Mm… E que máis? Que máis?
- ○ Pois outra cousa que compre valorar é que saíu máis cos amigos, que foi moito máis ao cine… e aínda que a verdade o do cine non sei se é o mellor para relacionarse cos amigos, pero mira, xa cambiou as relacións porque coa xente da rúa ten máis contacto, co da libraría, co da panadaría…
- ● Que forte, pero que foi o peor de Lois?
- ○ Pois mira, o peor foi o de romper a rutina. É que é unha cousa que non ten xeito, mira que o chamamos, que lle propoñemos plans, pero nada, el sempre dando escusas: que se estaba enfermo, ou que se tiña traballo, e así. O caso é que esta parte non a cumpriu.
- ● Mm, ben Patricia, grazas, agora dámoslle paso á persoa que fala en nome das testemuñas de Sonia, que é Roi.
- ○ Pois a ver, nós tamén observamos que Sonia cumpriu algúns compromisos, ou case todos, o que pasa é que a forma en que os cumpriu… pois, ás veces, non sei… eu expóñoo e a xente ten que valoralo.
- ● Claro, claro.
- ○ Pois mira, en acordeón fixo bastantes progresos, pero falando coa profesora díxome que ás veces se notaba que practicara moito e outras nada, pero foi á clase tres veces á semana e non fallou nunca.
- ● Ah, iso está ben.
- ○ Si, e cos peixes, pois, sobreviviron, coidounos e están ben. E o que puidemos observar é que pasa o tempo enteiro colgada do móbil falando cos seus amigos. E eu non sei como puido ler os libros, porque cada dúas páxinas paraba e poñía música ou chamaba a un amigo…
- ● Que forte, que forte, o dos móbiles é moi forte. Ai, tanto móvil e tan pouco libro!
- ○ Parece que os acabou, pero non sei se os leu moi superficialmente. Co de comer, vale, preparou pratos sans e seguiu o curso de *Comida sa*, pero é que comía de pé e facendo cousas mentres tanto. De relaxarse nada.
- ○ Nin nós, que estamos moi nerviosos por saber quen vai gañar esta gran final!

UNIDADE 6

Lugares con encanto

7. QUEIXAS E PROTESTAS

PISTA 18

- ● Pois o que pasou foi que eu tiña previsto voar de Santiago a Madrid, porque tiña que realizar varios trámites legais. Entón pensei en saír con tempo para dedicarlles toda a mañá. Ademais tiña unha cita marcada cun avogado, así que comprei un billete para o voo das 7 da mañá. E total para nada, porque o avión saíu con catro horas de atraso. Toda a mañá perdida! Entón decidín queixarme e aí empezou todo o problema: primeiro porque os folletos cos dereitos para os pasaxeiros non están á vista e tes que solicitarllos ao persoal e non che poñen moi boa cara. Despois pedín un vale para a comida, que é algo que a compañía está obrigada a ofrecer, pero que é moi reticente a facilitarlles aos pasaxeiros. Despois cubrín a reclamación e, aos poucos días, coa resposta da compañía quedei de pedra: respóndenme que, segundo o regulamento, non teño dereito a unha indemnización, pero que a cambio me van recompensar con puntos na miña tarxeta de viaxeiro frecuente. Así que decidín facer outra reclamación porque xa me parece unha tomadura de pelo, vaia!

9. NO VERÁN

PISTA 19

- ● Pois cando eu era así un mozo, nos anos oitenta, por aí, na miña vila, que é de interior, durante o verán, pois o que pasaba era que se enchía cos emigrantes que viñan pasar as vacacións. E na miña terra viñan sobre todo de Venezuela e de Arxentina, e as rapazas que viñan de Venezuela parecíannos moi boas mozas porque vestían dun xeito moi diferente ao das rapazas de aquí. Viñan así coa roupa moi axustada e tal, e falaban daquela maneira. E eses emigrantes, que eran fillos ou netos dos galegos que emigraran, pois estaban durante os meses de verán e era unha nota moi exótica na nosa vila. E o que faciamos era pois… durante o día ir á piscina e polas noites pois ir ás festas, que as había case cada día. Ías así facendo a ruta polas aldeas de festa en festa, e había moita xente, estaba todo moi animado. E agora o que se ve nesta vila e que mudou a xente que vén pasar o verán: xa case non veñen de Arxentina ou

de Venezuela, e os que veñen fano para quedar, pero non veñen de vacacións. E agora os que si veñen no verán pois son todos os emigrantes que están en distintas partes de España: moitos do País Vasco, de Cataluña, de Madrid e tal. E a xente xa non vai tanto ás festas, agora sáese máis na vila, nos bares, nas terrazas e tal, e van ao centro comercial facer as compras... Non sei, mudou todo.

12. AURIA

PISTA 20

1.

- ● Élida, ti liches *Xente ao lonxe*, non?
- ○ Si, lina, lina.
- ● E gustouche?
- ○ Pois non sei que dicirche. A verdade é que cando comecei deume algo de preguiza, unha novela longa, ambientada noutra época, con tantas personaxes. Ademais ás veces ten un ritmo narrativo un pouco lento.
- ● Xa...
- ○ E despois que, ás veces, os contidos son un pouco desagradables dá a entender que a madurez dunha persoa só se cumpre cando ten relacións sexuais plenas. E, aínda por riba pagando. Ademais, imaxineime unha cidade con excesivos prexuízos, aínda moi dominada pola igrexa, cos rituais relixiosos dominando a vida da cidade.
- ● Ben, pero era talvez a mentalidade da época, non?
- ○ Si, pode ser, pero, claro, unha vese xa un pouco afastada de todo iso. E cando les tamén buscas algo máis propio do teu tempo. Logo, tamén me pareceu moi maniquea: os señoritos, moi señoritos, o proletariado moi proletariado, coido que debería haber moita máis diversidade.
- ● Entón, non che gustaría vivir en Auria, non?
- ○ De ningún xeito, ese clima social tan abafante. Afortunadamente, creo que as sociedades de hoxe son moito máis abertas e moito máis plurais.

PISTA 21

2.

- ● Xaime, a ti gústache Blanco Amor?
- ○ Encántame. Lin case todas as súas obras.
- ● E iso?
- ○ Pois porque creo que fai de Auria todo un espazo literario. Como consegue ser un cronista da cidade e do seu tempo. Os baixos fondos que aparecen en *A esmorga*, os conflitos sociais en *Xente ao lonxe*: o inicio do movemento obreiro, o poder da Igrexa nunha cidade episcopal como Ourense. E algúns dos relatos de *Os biosbardos*, con ese recendo a cidade provinciana. É unha gozada, incluso as personaxes están moi ben caracterizadas. Parece que es ti tamén o que anda por alí, o que vai andando pola cidade. E por non falar do estilo narrativo tan innovador.
- ● Si, ademais descríbense moi ben as relacións sociais, verdade?
- ○ Por suposto, non podías dar un paso adiante sen que ninguén o soubese, era moi difícil manter o anonimato e, xa non digamos, a clandestinidade. Supoño que sería moi difícil vivir e relacionarse con esa vixilancia continua sobre o que facías.
- ● Menos mal que hoxe se cambiou un pouco.
- ○ Nin tanto, eh! Aínda continúa a haber bastante hipocrisía nas sociedades de hoxe, e as desigualdades sociais cada vez acentúanse máis. É certo que en cousas avanzamos bastante, pero noutras...
- ● Aínda ben!

UNIDADE 7

Antes de que sexa tarde

11. UNHA CAMPAÑA

PISTA 22

A.

(Este partido ímolo gañar...)

- ● Moi boas tardes a todos, hoxe imos xogar unha final a morte, comeza o partido.

PISTA 23

B.

(Este partido ímolo gañar...)

- ● Gañar o partido depende da puntaría de todos. Recorda depositar envases de plástico, latas e envases tipo brick no contedor amarelo, os envases de cartón e o papel no azul, e as botellas de vidro, frascos e tarros no verde. Separa para reciclar.

15. NATUREZA ÍNTIMA

PISTA 24

1.
Abride, as frescas rosas
brilade, os caraveles;
do seu xardín os árbores, vestidos
cas lindas follas verdes;
parras que un tempo sombra nos prestaches,
a cubrirvos de pámpanos volvede.
Natureza fermosa,
a mesma eternamente,
dille ós mortais, de novo ós loucos dille
¡que eles nomais perecen!

PISTA 25

2.
Ei ven o tempo de mazar o liño!
COLGAN as mazorcas das solainas.
Cain as castañas nos soutos reprexados.
Chega o lonxe ruxir das augas
entre o tróupele-tróupele dos mazos...
/
SON das augas! Doado vir do lonxe!
Expostas á coor i o son do Outono

as nembranzas logo serán pouso sin nome.

PISTA 26

3.
ningunha rosa
do xardín
recoñece xa
os meus pasos
que regresan
sós

PISTA 27

4.
quen árbore

cando outono te abra como un libro
e perdas folla a folla
e a seiva a rastro tronco arriba
sen azos para turrar

con todo freixo
para ti chega con espreitar por marzo
bulir unha vez máis desenguruñar
follas brancas tirar fóra
rebentos

quen árbore e nacer en primavera
trocar afáns por raíces
quen freixo termando do vento
sen este frío

UNIDADE 8

Vivir para traballar

2. CONCILIACIÓN LABORAL

PISTA 28

1.
- Pois estouche moi descontenta. Traballo por quendas nunha conserveira e resúltame moi difícil compaxinar o traballo co coidado da miña nena de tres anos. Menos mal que che teño a meus pais que me botan unha man, pero ao non ter un horario regular, non sei, dáme a sensación de que algo do seu crecemento se me escapa. Non me importaría traballar menos horas ou ter as mañás ou as tardes libres, pero non son as normas da empresa...

PISTA 29

2.
- Co primeiro fillo conseguiamos ir tirando, pero co segundo as cousas fóronse complicando, sempre tiñamos que depender de terceiros. E unha persoa para coidalos levábanos todo o salario dun. Houbo que optar e a miña muller, aínda que levaba máis tempo no traballo ca min, terminouno deixando.

PISTA 30

3.
- Eu estou moi decepcionado coa empresa. Despois de tantos anos de servizo e aínda que por antigüidade e formación me tocaba a min, ascenderon a outro compañeiro. A razón é que el está horas e horas no traballo, aínda que non faga nada. Pero como non ten nada mellor que facer, o director pensa que está moito máis implicado.

PISTA 31

4.

- A verdade é que para min non sei se cambiar de empresa foi unha boa decisión. Na anterior o xefe confiaba moito en min, tiña un horario flexible, porque sabía que terminaba o traballo na casa. Con Internet, o que resolvía na oficina tamén o podía resolver na casa, e iso permitíame, por exemplo, dar un paseo e aproveitar a tarde. Ademais, a min gústacheme ben traballar pola noite. O xefe que teño agora é moito máis estrito cos horarios e, francamente, vexo que renunciei a unha boa parte da miña liberdade.

4. APRENDER A ESCRIBIR

PISTA 32

● Ola, perdoa. Estou facendo un traballo sobre a composición de textos para a materia de Lingua. Podería facerche unhas preguntas?
○ Si, claro.
● Pois parece que, polo xeral, a xente escribe cada vez menos. Ti escribes moito ou pouco?
○ Pois a verdade é que escribo máis agora ca antes, porque co do correo electrónico, pois, claro, agora temos máis correspondencia, non?
● Mm.
○ E, á parte de escribir varias mensaxes ao mesmo tempo, tamén participo en foros e, ben, xa sabes. Ademais, como estudante, en cada materia temos que entregar traballos escritos: resumos dalgúns artigos, presentacións de proxectos...
● Mm. E resúltache fácil ou difícil escribir?
○ Pois, depende do texto: as mensaxes electrónicas, non, claro; escribir resumos, tampouco moito; e os textos que teñen unha estrutura moi marcada, como un currículo, por exemplo, tampouco me resultan difíciles, porque teñen moitas fórmulas e o que hai que facer é copialas e conectalas coa túa información.
● Claro, claro.
○ Por exemplo, un texto informativo resúltame moi fácil. O que de verdade me resulta difícil é queixarme ou protestar a través dun texto. Un día tiven que escribirlle unha carta á compañía telefónica para reclamar e non souben atopar o ton. A verdade é que ese tipo de texto mátame.
● Ah, si? E como escribes: prefires facer unha primeira versión e logo revisala, ou falo doutro xeito?
○ Non, non. Eu son moi ordenado en todo. Para escribir sigo unha serie de pasos: fago un esquema, penso as ideas xerais que quero explicar e logo penso posibles subtemas ou ideas asociadas. Logo, comezo a escribir e vou visualizando como pode quedar.
● Mm.
○ Despois, fago algunhas modificacións sobre a estrutura e reviso ou corrixo se hai erros ou repeticións, ou tamén vou cambiando pequenos detalles...

7. ENTREVISTA DE TRABALLO

PISTA 33

● Buf! A verdade é que despois de entrevistar a tanta xente, aínda que pareza doada a cousa, non o é.
○ Si, falamos con xente moi válida. Para min, por exemplo, os dous últimos son os mellores, ela... como se chamaba ela...? Pilar, pareceume moi espelida e unha persoa con moita iniciativa.
● Si, si... A min o que me pareceu máis interesante é que estivo a traballar no departamento de recursos humanos, ou sexa que ten moitísima experiencia nese sector.
○ Si, ademais tiña que ser moi boa porque en moi pouco tempo pasou a dirixir o departamento: en menos de dous anos!
● Si, si, é que non me estraña. Fíxate nestas referencias que ten: os seus antigos xefes destacan que, grazas á súa xestión, a empresa incrementou ous seus beneficios e chegou a ser a primeira no sector. Así que parece unha persoa moi válida.
○ Si, desde logo, notábaselle na entrevista que lle pon ganas ao traballo e que se esforza moito, non si?
● Si, si.
○ Ademais ten un currículo brillante.
● Si, si, pero non sei... o problema é que ten pouca experiencia no sector das editoriais.
○ Boh!, pero dixo que aínda que tiña pouca experiencia no ramo, que lle interesaba moito o traballo. E dá a ver que aprende rápido.
● Xa, xa. E como se chamaba o mozo?
○ Ignacio.
● Iso, Ignacio. Pois a min gustoume, e ten de bo que traballou nunha editorial.
○ Si, pero pensa que era unha editorial pequena, cunha facturación de menos de dous millóns de euros.
● Si, pero aínda que fose unha empresa pequena tamén me parece moi capaz e ademais formouse no mundo editorial desde abaixo.
○ Si, iso si.
● Se te fixas no seu currículo, a pesar de empezar promovendo as novidades editoriais, aos tres meses de estar na empresa subiu ata xefe de proxectos. Isto é que está afeito a emprender proxectos; de feito, entre as

súas tarefas está o coordinar a todo o equipo, ou sexa, que sabe dirixir equipos. Aínda que… non falaba inglés, non si?
- ○ Non, non o fala. Creo que os idiomas eran o seu punto feble, aínda que ten unha formación excelente: máster en edición, varios cursos e seminarios… Se a súa formación é boa, pero o seu punto feble... É que o inglés... E non sei... E non che pareceu un pouco prepotente?
- ● Mm... Non sei...
- ○ Si, como demasiado seguro de si mesmo.
- ● Pois non. Pareceume un rapaz ambicioso e que sabe o que quere. E a rapaza, Pilar, pareceume máis fría e distante, non sei se encaixará na empresa.

9. XEFES

PISTA 34

1.
- ● E ti, Rosa, tes algún recordo dalgún xefe en especial que tiveses?
- ○ Pois si, sobre todo do meu xefe, mellor dito, da miña xefa, que era a dona dun bar onde comecei a traballar.
- ● Ah! Nun bar traballaches?
- ○ Si, pois o típico, para pagarme os estudos.
- ● Xa.
- ○ Pero é que era unha señora moi riquiña, moi boa, que te deixaba ao teu. E valoraba o traballo, a verdade e que lle teño moito aprecio. E que era moi noviña e axudoume moito a crer en min mesma, a valorar as miñas capacidades.
- ● Dirías que iso foi o que che ensinou, o que aprendiches desa xefa?
- ○ Si, si, pois agora, eu, cando estou nun traballo e non dou feito, digo: “non, teño que facelo” ou “son quen de facelo”. E iso débollo a ela.

PISTA 35

2.
- ● E ti Xan, tes algún recordo dalgún xefe que tiveches?
- ○ Pois si, tiven un xefe que era un señor moi serio e moi distante que, a pesar de que todos sabiamos que era moi boa persoa, nunca se achegou a nós.
- ● E era máis vello ca ti?
- ○ Si, tería uns dez anos máis ca min. E era moi distante. Ese é o recordo máis grande que teño del.
- ● E custáballe comunicarse?
- ○ Si, e que eu creo que o noso traballo sería máis efectivo se el deixase aberta unha posibilidade de comunicación.
- ● E ao longo desa experiencia hai algo que che ensinase?
- ○ Pois si, por casualidade tiven que substituílo, fun eu quen o substituíu cando deixou o cargo. E decateime de que era básico o establecer ese nexo de unión entre o traballador e o xefe para facer máis efectivo o seu traballo.
- ● Ou sexa, que ao final aprendiches dos erros doutra persoa?
- ○ Si, si. Foi unha gran lección.
- ● E, ao final, que dirías que tes: un bo ou un mal recordo desa persoa?
- ○ Pois un bo recordo, porque era moi boa persoa.